




BARBANTIA

ANUARIO DE ESTUDOS DO BARBANZA

ANO 2024 - Nº 20

UN SOS CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO

A CULTURA DESENVOLVE UN ROL CRUCIAL COMO MOTOR DE CAMBIO NA LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO. A TRAVÉS DA ARTE, DA EDUCACIÓN E DOS MASS MEDIA PODEMOS XERAR VALORES PROACTIVOS E UNHA CONCIENCIA AMBIENTAL E SOCIAL QUE INSPIRE ACCIÓNS EN PRO DA PRESERVACIÓN, DO MANTEMENTO E DA MELLORA DO MEDIO. A CULTURA MOLDEA COMPORTAMENTOS E CRENZAS PONDO EN VALOR PRÁCTICAS ECOLÓXICAS QUE HAN DE INFLUÍR NAS DECIÓNS POLÍTICAS E ECONÓMICAS. ESTE ENFOQUE CULTURAL FOMENTA UNHA VISIÓN DE RESPECTO E DE RESPONSABILIDADE CARA AO PLANETA. DENDE BARBANTIA ALZAMOS A VOZ E O PUÑO CONTRA O PENSAMENTO NEGACIONISTA QUE TANTA DOR ESTÁ XA A CAUSAR. TEMOS ENTRE NÓS O PEOR EXEMPLO INDA ABERTO EN CANAL: AS DANAS MATAN!



Coordinación

Manuel Cartea

Xoán Pastor Rodríguez Santamaría

Revisión Lingüística

Manuel Cartea

Consello directivo

Presidenta: María Xesús Blanco López

Vicepresidenta: María Isabel Santos Davila

Vicepresidenta: Encarna Pego Paz

Secretaria: Milagros Torrado Cespón

Tesoureira: Daniela Martínez Somoza

Vogal: María Dolores Arxóns Álvarez

Vogal: Manuel Cartea Gómez

Vogal: Xesús Laíño Briones Arén

Vogal: Xosé R. Losada Vicente

Vogal: Manuel Mariño del Río

Vogal: Adolfo Muíños Sánchez

Vogal: Antón Riveiro Coello

Vogal: Pilar Sampedro Martínez

Vogal: María Teresa Villaverde Pais

Administración

Xoán Pastor Rodríguez Santamaría

Deseño e maquetaxe

 vexota

Edita

A. C. Barbantia®

Rúa Poeta Manuel María, s/n

Centro Social

15930 Boiro (A Coruña)

Tlfn.: 981 84 26 35 Fax: 981 84 27 25

http: www.barbantia.gal

www.barbantia.org

www.barbantia.es

Blog: www.cafebarbantia.barbantia.org

www.cafebarbantia.barbantia.es

correo: barbantia@barbantia.es



@barbantia



Asociación Cultural Barbantia



acbarbantia

Imprime

Gráficas Garabal, S.L.

ISSN

1889-0946

Depósito Legal

C-2792-05

5 LIMIAR*X. Ricardo Losada***I SEMANA DA HISTORIA DE MUROS**

- 11 Cartaz e díptico I Semana da Historia de Muros**
- 13 Prólogo á I Semana da Historia de Muros**
Iria Caamaño Franco. Universidade da Coruña
- 19 A historia de Muros a través do Arquivo Municipal**
María Mayo. Pepa Fernández
- 27 A vila medieval de Muros**
Pedro García Vidal. Doutor en xeografía humana pola USC
- 55 Arquitectura do ocio en Muros: Teatro Mercedes, Cine Paris e Avenida**
Margarita Novo Malvárez. Profesora de Historia da Arte da UIB
- 73 A vila de Muros: Toponimia dun pasado**
Alfonso Blanco Quintela. Profesor IES Fontexería. Muros
- 85 A parroquia de Cespón no cancionero popular**
Milagros Torrado Cespón. Profesora titular en Ciencias da Educación. UNIR
- 93 Os traballadores galegos na emigración**
Encarna Pego. Profesora xubilada de ES
- 107 Canóns da Armada na contorna de Corrubedo**
Alberto González López. Graduado en Historia UNED
- 127 Antecedentes das Asembleas da Cruz Vermella no Barbanza**
Miguel Ángel Sánchez del Río. Mestre de primaria
- 137 A Cruz dos Caídos de Ribeira**
Jesús Pérez Besada. Catedrático de Historia xubilado
- 143 Os espazos da Memoria en Boiro**
Rocío L. Yáñez. Estudante de Grao. UDC
- 153 Defendendo o pasado, construíndo o futuro: Loita democrática e compromiso colectivo no Barbanza**
Néstor Sieira. Secretario da CRMH do Barbanza

**161 No segundo centenario da morte de Lord Byron.
Notas dun lector común**

Román Arén. Profesor xubilado de ES

181 Os camiños do mar

María Xesús Blanco. Profesora ES

221 Fábulas garcianas

Emilio García Portosín

237 Arredor de Luísa Villalta, cun significativo limiar

Esperanza L. Mariño Davila. Catedrática ES

**249 No centenario da morte de Kafka. Os galegos e o
autor da Metamorfose**

Pastor Rodríguez. Licenciado e director do Museo do Gravado de Artes

**263 DO LIXG (Libro Infantil e Xuvenil Galego) NA
COMARCA do BARBANZA**

Pilar Sampedro. Profesora xubilada de ES

AIRES DE FÓRA

285 Unha achega aos versos de Horacio

Margot Fernández. Profesora no IES Espiñeira de Boiro

BARBANTIA ANO XX

301 BARBANTIA. BALANCE ANUAL

Pastor Rodríguez

349 RELACIÓN DE SOCIAS/SOCIOS



*L*imiar

X. Ricardo Losada

En novembro pasado cumpríronse vinte anos da reunión fundacional de Barbantia. Este anuario que tedes nas mans é o número 20. Non creo que vos estrañe que, cando me puxen a escribir este limiar, recordase *Veinte años*, unha canción que me gusta moito na voz de Silvia Pérez Cruz: *Si las cosas que uno quiere / se pudieran alcanzar / tú me quisieras lo mismo / que veinte años atrás*.

Si. Eu quero o mesmo a Barbantia que vinte anos atrás e creo que todos os socios fundadores senten o mesmo. Pero tamén é certo que nestes vinte anos, aínda que a miña vida cambiou pouco, o mundo cambiou moito. Máis que amor sinto unha enorme vertixe, non con eses profundos cambios (aos que me adaptei con relativa facilidade), senón con todas as implicacións que se derivan deles. Da intelixencia artificial, da biotecnoloxía, da emerxencia climática. As promesas de progreso que me traía a segunda revolución industrial cando nacín, están morrendo, e xa temos novas promesas en nome dunha segunda revolución dixital, sen termos asimilada a primeira, pois veunos enriba como un maremoto.

É habitual nos profesores de Filosofía coma min buscar o contrapeso a esa homoxeneidade tecnocientifista niso que algúns chaman Letras, xa sexa a filosofía, a literatura ou a arte. Non vou negar que é unha saída necesaria. Pero estes días recordo con frecuencia un pensamento de Simone Weil que teño moi en conta desde que estudaba filosofía da ciencia: se queremos un humanismo que non supoña a alienación do ser humano debemos apoiarnos na historia da ciencia, pois é a única forma de converter a ciencia en algo humano para os alumnos, e non nun dogma que se acaba apoderando da súa vontade e mesmo da súa capacidade de análise e percepción da realidade.

Entro o primeiro día en clase e os alumnos recíbenme entusiasmados. Teñen un novo encerado dixital. Mentres me contan as marabillas que nos vai traer, asocio o seu entusiasmo coa idolatría e penso que cando rematen o seu grao non serán nin mellores nin peores alumnos do que fomos hai cincuenta anos os da miña xeración: a boa educación, tal e como eu a entendo, depende no esencial doutro tipo de factores, eses que Natalia Ginzburg chamaba grandes virtudes. E penso o marabilloso que sería que soubesen a historia dese encerado. A moi grande cantidade de erros que se tiveron que cometer. (Si, erros, habería que teimarlles, habituados a oír só o final feliz das investigacións). As múltiples circunstancias políticas, filosóficas, familiares, etcétera etcétera... que o fixeron posible. (Si, etcétera etcétera, habería que teimarlles, habituados a ver os científicos só con bata branca nun laboratorio). As técnicas de manipulación conscientemente planificadas que usan para facernos adictos aos produtos das multinacionais que lles pagan. (Si, técnicas de manipulación, habería que teimarlles, habituados a que lles describan a ciencia como un ente neutro). E finalmente, mentres eles me mostran como aquel taumatúrxico encerado converte a súa pésima letra en letra lexible, especulo co marabilloso que sería que a novidade que ese encerado lles trouxese fose unha concepción da educación baseada na nova tecnoloxía, nunca ben asimilada, que inventou Sócrates hai máis de dous mil cincocentos anos: aprender a pasar publicamente da soberbia do *Seino todo* á humildade do *Só sei que non sei nada* para, deseguido, construír un coñecemento lento, dialogado e sen prexuízos, guiado por mestres bos e xenerosos (e por iso represaliados tantas veces), que os leven a un coñecemento seguro que poidamos compartir co resto dos nosos conxéneres.

Porque a miña desesperanza non vén só dos avances tecnocientíficos impostos sen reflexión pública. Nin dos científicos incapaces de alzar a mirada máis alá das súas probetas. Vén tamén do mundo das Humanidades. George Orwell dicía que os intelectuais son máis propensos ao totalitarismo que a xente ordinaria. Preocupados polo enorme prestixio e o enorme éxito que están a ter as ciencias naturais e formais e as tecnoloxías en aspectos que antes eran patrimonio das Humanidades (música, literatura, fotografía, pintura), mesmo na explicación das profundidades da natureza humana, moitos intelectuais están disfrazando a súa envexa do pene científico con teorías que perden pé (moi significativamente no ámbito educativo) pois carecen do máis mínimo soporte na realidade dos datos, negando incluso que exista unha realidade obxectiva científica cando todos os días falan por teléfono coa absoluta seguridade de que ao outro lado da liña está a persoa á que se dirixen. E así como os científicos que renuncian ás Humanidades, profundando no desencantamento do mundo, só deixan como alternativa a superstición, os reflexos conspiranoicos e os libros de autoaxuda, os intelectuais que renuncian a un soporte científico, creando novas mitoloxías posmodernas, non deixan máis alternativa que os debates bizantinos sobre o prepucio de Xesús sen saber nin sequera que é un prepucio. Uns e outros coinciden inexorablemente, como comprobamos acotío nesaas novas tecnoloxías que son as redes sociais, nesa ancestral tecnoloxía que percorre de novo o mundo: o populismo baseado nos máis baixos instintos.

Mentres escribo este limiar estean en TVE un documental titulado *Colón ADN. Su verdadero origen*. Un catedrático de Medicina legal e un historiador chegan á conclusión de que Colón era un xudeu sefardí. Calquera persoa ben educada sabe que este tipo

de estudos debe publicarse nunha revista científica sólida para que o analicen outros científicos, e sempre deben ir acompañados das probas pertinentes. Non é o caso. A pesar de que empregaron novas tecnoloxías bastante máis sofisticadas que un encerado dixital, o científico e o historiador só buscaban impacto mediático e rendemento económico. Ángel Carracedo, tamén catedrático de Medicina legal, tras ver o documental, dixo: *Non me vale. Para min unha rolda de prensa ou un documental en televisión non é forma de dalo a coñecer. Creo no método científico, nun artigo que poida ser avaliado por pares con datos accesibles, sobre o que se poida aportar ou discutir. Así eu non teño opinión*". Non cabe dúbida de que Carracedo é un deses poucos humanos que asimilou a nova tecnoloxía do método socrático.

Hai vinte anos creamos Barbantia co espírito daquela mítica frase de Albert Camus: "Non camiñes detrás de min, non te guiarei; non camiñes diante de min, non te seguirei. Camiña ao meu lado e sé meu amigo". É o que desexaba Sócrates, e o que desexa agora Carracedo, e o que pretenden todos os artigos deste anuario. Camiñar ao noso lado e falarnos como un amigo. Un amigo cheo das grandes virtudes de Natalia Ginzburg. A esixencia e os esforzo cotiás máis alá dos *likes* e as fotos de Instagram, a discreta xenerosidade e a discreta coraxe, o respecto á intelixencia dos demais, a obxectividade dos datos e o espírito crítico do filósofo, a frialdade da análise e o entusiasmo dun bo relato.

Como vinte anos atrás, non o desexo de ter éxito a calquera prezo, senón o desexo de ser e de saber.

I

*Semana
da Historia
de Muros*

ALEXANDER EPISCOPV

I

SEMANA DA HISTORIA DE MUROS

10-13 Setembro 2024

Lugar: Fábrica de Sel

ORGANIZA:



Concello de
MUROS

COLABORA:



Deputación
DA CORUÑA

get 
| servizo de información
| de turismo

Patrocin:

Rúda do Papa Alexandre VI
Arquivo Municipal de Muros

ALEXANDRE PISCV

I SEMANA DA HISTORIA DE MUROS

MARTES, 10 DE SETEMBRO 20:00H

- Acto institucional de presentación das xornadas
- A historia de Muros a través do Arquivo Municipal
 - María Mayo, Licenciada en Historia da Arte (USC)
 - Pepa Fernández Fernández, Licenciada en Historia (USC)

MÉRCORES, 11 DE SETEMBRO 20:00H

- A vila medieval de Muros: claves para interpretar unha paisaxe urbana de séculos
 - Pedro García Vidal, Doutor en Xeografía Humana (USC)

XOVES, 12 DE SETEMBRO 20:00H

- Arquitectura do ocio en Muros: Teatro Mercedes, Cine París e Cine Avenida
 - Margarita Novo Malvárez, Doutora en Historia da Arte (UIB)

VENRES, 13 DE SETEMBRO 20:00H

- Retrospectiva e Prospectiva: Un Debate entre A Historia e o Futuro de Muros
 - Modera: Iria Caamaño Franco, Doutora en Turismo (UDC)
 - Isidro Dubert García, Catedrático en Historia Moderna (USC)
 - Alfonso Blanco Quintela, Licenciado en Filoloxía (USC)
- Cine París en Concerto: Melodías dunha Época (Escola Municipal de Música de Muros)
- Clausura institucional



*L*imiar: a I semana
da historia de Muros

Iria Caamaño Franco

Universidade da Coruña



AI SEMANA DA HISTORIA DE MUROS, celebrada entre os días 11 e 13 de setembro de 2024, marcou un fito importante no recoñecemento e divulgación do pasado da nosa vila. Muros amosa a pegada dun pasado no que a vila soubo manter a súa identidade a pesar das mudanzas. A súa historia, tal como a doutras vilas galegas, foi tecida sobre a base da resistencia, a adaptación e a evolución. Ao longo de catro xornadas, a comunidade local, historiadores/as e expertos/as de diferentes áreas profundaron no estudo de cuestións particulares da historia e do patrimonio da vila.

Na inauguración estiveron presentes a alcaldesa, María Lago Lestón, e a Concelleira de Cultura e Turismo, Caridad González Cerviño, así como as coordinadoras Iria Caamaño Franco e Margarita Novo Malvárez. A importancia de coñecer e comprender a nosa historia foi o fio condutor que guiou estas xornadas desde o primeiro momento onde se puxo de manifesto

a relevancia de apoiar os investigadores locais, posto que, sen o seu traballo minucioso e a súa paixón pola historia, moitas das achegas aquí recollidas nunca terían visto a luz. Ao longo desta I SEMANA DA HISTORIA DE MUROS contouse con intervencións de expertos que abordaron diferentes aspectos da historia, a arquitectura e a cultura da nosa vila, axudando a construír unha narrativa sólida sobre o noso pasado.

A xornada inaugural comezou coa conferencia titulada *A historia de Muros a través do Arquivo Municipal*, a cargo de María Mayo (Licenciada en Historia da Arte, USC) e Pepa Fernández Fernández (Licenciada en Historia, USC). As dúas investigadoras revisaron a historia de Muros dende a Idade Media, e amosaron e explicaron varios documentos orixinais do Arquivo Municipal para ofrecer unha perspectiva única sobre os acontecementos máis destacados da vila.

Na segunda xornada, tivemos a oportunidade de asistir á conferencia de Pedro García Vidal, doutor en Xeografía Humana pola USC, titulada *A vila medieval de Muros: claves para interpretar unha paisaxe urbana de séculos*. Nela explicouse como o trazado da vila medieval aínda se mantén en moitos aspectos, ofrecendo claves para interpretar a paisaxe urbana histórica.

A terceira xornada foi desenvolvida por Margarita Novo Malvárez (Doutora en Historia da Arte, UIB), quen presentou a súa conferencia *Arquitectura do ocio en Muros: Teatro Mercedes, Cine París e Cine Avenida*. A investigadora fixo un percorrido pola vida destes espazos emblemáticos para o lecer dos habitantes de Muros, reflectindo como estes edificios formaron parte do tecido social e cultural da vila.

A clausura chegou coa mesa redonda titulada *Retrospectiva e Prospectiva: Un Debate entre A Historia e o Futuro de Muros*, moderada por Iria Caamaño Franco (Doutora en Turismo, UDC) e coa participación de Isidro Dubert García (Catedrático en Historia Moderna, USC) e Alfonso Blanco Quintela (Licenciado en Filoloxía, USC). Durante este debate, analizáronse os retos e oportunidades de futuro para a vila, facendo fincapé na importancia de preservar o patrimonio material e inmaterial, e propoñendo estratexias para un desenvolvemento sustentable. Isidro Dubert proporcionou unha análise profunda sobre as transformacións sociais e económicas da vila durante a Idade Moderna, mentres que Alfonso Blanco destacou a importancia do patrimonio inmaterial, a lingua e as tradicións orais que conforman a identidade da nosa comunidade. Estas reflexións apuntan á importancia de atopar un equilibrio entre o desenvolvemento



económico, especialmente o turismo, e a preservación da esencia e autenticidade da vila.

Esta I SEMANA DA HISTORIA DE MUROS non tería acadado tal éxito sen a implicación dos veciños e veciñas do concello. Ao longo das xornadas, a participación activa dunhas 120-150 persoas demostra que o interese sobre a historia non é só un campo académico, senón unha parte viva da nosa identidade colectiva. As lembranzas compartidas, as vivencias persoais e as reflexións sobre o futuro foron integradas nas nosas sesións, e a súa importancia queda reflectida nas páxinas seguintes.

En definitiva, a I SEMANA DA HISTORIA DE MUROS puxo de manifesto a importancia de coñecer e preservar o noso pasado, pero tamén de seguir investigando e traballando por un futuro que respecte a nosa identidade e, ao mesmo tempo, abrace os retos do século

XXI. Así, esta semana non foi só unha ollada ao pasado, senón tamén unha oportunidade para reflexionar sobre o presente e proxectar o futuro de Muros. Agardamos que esta primeira edición fose só o comezo pois sabemos que aínda quedan moitas cousas por facer, moitas historias e curiosidades por descubrir e retos por afrontar. Pero o máis importante é que seguimos a traballar polo que nos apaixona: investigar, coñecer e configurar a historia da nosa vila. É un traballo que nos enriquece e que nos permite entender mellor quen somos.

Grazas ás institucións e persoas que fixeron posible esta celebración. Grazas a todos por compartir este camiño connosco, e espero que esta non sexa a última vez que nos atopemos para seguir construíndo, entre todos, a historia de Muros.

Grazas tamén á Asociación Cultural Barbantia. A tarefa de reunir e publicar estas



achegas non só garante que o coñecemento adquirido durante as xornadas chegue a un público máis amplo, senón que tamén consolide a SEMANA DA HISTORIA DE MUROS como un evento de referencia no estudo e difusión do noso pasado. Un primeiro chanzo para recoller todo o traballo desenvolvido e asegurar que quede rexistrado para as futuras xeracións que comparten a historia da nosa comarca.



A historia de Muros
a través do arquivo municipal

María Mayo. Pepa Fernández

QUE É UN ARQUIVO MUNICIPAL? QUE GARDA UN ARQUIVO MUNICIPAL?

O **arquivo municipal** está constituído polo conxunto organizado de documentos producidos e recibidos polo concello no exercicio das súas competencias e o servizo da xestión administrativa, da información, da investigación e da cultura.

Do anterior desprendese que podemos considerar como documentos constitutivos do arquivo municipal todos os elaborados e recibidos polos concellos desde a súa creación ata a actualidade.

Durante o Antigo Réxime os concellos tiñan, en xeral, bastante autonomía. Tamén tiñan que asumir responsabilidades como:

Garantiren o abasto de artigos de primeira necesidade, manteren hospitais e facérense cargo da ensinanza e das obras públicas, alistaren soldados e aloxalos se pasaban polas vilas, administraren xustiza, manteren o cárcere e a orde pública, e facérense cargo dos pagos da xente que traballaba para o concello.

Para facer fronte a todo isto, administraban importantes bens propios e recadaban os arbitrios.

A partir do Real Decreto de 23 de xullo de 1835 é cando se inicia o proceso para que os concellos vaian perdendo autonomía. Fosen cales fosen as diferenzas entre os distintos concellos, estarían regulados por normas xerais para todos. Todo isto, ao longo do século XIX e XX, coas distintas leis que foron promulgándose, levou a unha uniformidade organizativa e de competencias que se reflicte nos documentos que se van xerando nos concellos.

No ano 2018, a Axencia de Modernización Tecnolóxica da Xunta de Galicia (AMTEGA)



saca unha subvención para a dixitalización de arquivos e bibliotecas. O obxectivo primordial é almacenar a documentación nun soporte informático que permita difundir a documentación dixitalizada, e que o público poida acceder aos documentos con facilidade a través da plataforma Galiciana da Xunta de Galicia.

O criterio que se segue na selección de documentos para dixitalizar foi cronolóxico. Dende a máis antiga, foise avanzando segundo se contaban as follas, literalmente.

Contáronse 22.528 páxinas. E contáronse, medíronse e fíxose a descrición dos documentos seleccionados.

QUE DOCUMENTACIÓN FOI SELECCIONADA?

Dende o documento máis antigo, que data do ano 1490, ata finais do século XIX. Non se

conserva documentación do século XVIII, agás algúns documentos soltos. Isto débese ao incendio de marzo de 1809, cando a vila é arrasada polas tropas francesas. Sabemos por documentos que fan alusión a este feito que se queimaron 186 casas, entre elas a do escribán.

ACTAS CAPITULARES (1650-1895)

Esta serie é fundamental para coñecer a estrutura político-administrativa do concello, xa que reflicten o propio goberno do concello, as formulacións globais do municipio ante a problemática da vila e, por outra parte, permítennos un achegamento ás distintas facetas da actividade urbana e ás necesidades da poboación.

As actas capitulares constitúen a documentación máis representativa da xestión e administración dos concellos. Eran expedidas polos órganos de goberno local, e nelas recóllense as decisións e actuacións dos concelleiros das épocas dos plenos que celebraban.

Son unha fonte inestimable para a reconstrución dos diversos aspectos da vida dunha vila ou cidade; en definitiva, supón unha achega única para a elaboración dunha rigorosa historia local.

BULA PAPAL DE ALEXANDRO VI

Bula Papal de fundación da Colexiata de Muros, concedida polo Papa Alexandre VI, de inicios do século XVI. O soporte documental é o pergameo, e está escrita en latín.

Trátase dun documento de gran valor histórico, que marca un fito na historia da Vila, xa que o Pontífice lle concede o privilexio de converter a igrexa en colexiata, e o que é máis importante, outórgalle certa autonomía con respecto á Sede compostelá, tendo en conta que a Vila de Muros pertencía ao arcebispado.



É unha copia do 19 de xuño do 1616. En pergameo grosso, con viñetas na súa contorna, da que certifica Antonio de Sanmiguel, Notario Apostólico. A letra A coa que comeza o documento é a primeira do orixinal.

Xeralmente, coñécense como bulas aqueles documentos pontificios que son expedidos pola Chancelería Apostólica Papal sobre determinados asuntos de importancia dentro da administración clerical, e incluso civil.

Levaba un selo de chumbo cunha cruz no centro e unha representación de San Pedro e San Paulo, mentres que no reverso se consignaba o nome do papa, do momento da súa publicación, e o ano do pontificado.

A CARTA DE CONFIRMACIÓN DO PRIVILEXIO OUTORGADO POR FELIPE II (1571)

Trátase dun documento en pergameo, con rica ornamentación. Destacan as súas miniaturas e a letra capital. Consérvanse restos

de seda. Polo seu contido sabemos que estaba selada cun selo real de chumbo pendente, aínda que non se conserva.

Considérase, xunto coa Bula Papal, un dos documentos máis importantes do fondo, pola súa antigüidade e polo seu valor histórico e documental. Achega unha información valiosísima, xa que non se refire unicamente á data en que se escribe, senón que se retrotrae ata o século XIII, data da primeira Carta de Privilexio, outorgada por Sancho IV. Este pergameo tamén nos permite identificar a confirmación de privilexio dos Reis Católicos, que tamén se conserva no fondo histórico, aínda que a súa lectura resulta máis complicada, dado o seu estado de conservación.

Este tipo de documentos xorden dentro do contexto do proceso reconquistador da Península, co fin de obter a repoboación de certas zonas de interese económico ou es-

tratéxico durante a Reconquista. Constituíu a primeira manifestación de dereito local que aparece durante dito proceso.

Debido a que a súa finalidade primordial era atraer poboadores, estas cartas limitábanse, en xeral, a fixar as condicións xurídicas da ocupación do territorio e do asentamento neste, así como as relacións entre os repoboadores e o señor da terra.

Foron empregadas fundamentalmente na repoboación da zona norte e centro da Península Ibérica, áreas polo xeral deshabitadas ou con escasa poboación residente.

Todo aquel que teña interese en ler o documento orixinal, pode descargalo en galiciana, xa que é de fácil lectura.

TÍTULO DE OFICIOS E RENDAS. A CESTARÍA E DO PESO MAIOR. (1617)

Trátase dun imposto de cestería que consistía no monopolio das cestas usadas para transportar o peixe, sobre todo sardiñas, a outras partes do territorio español. Ningún

mercador nin tratante en sardiña podía comprar outras cestas que non fosen as do concello. Este requisaba todas aquelas que estivesen sen a correspondente marca. Era pois, un gravame da industria da pesca, que foi durante moitos anos unha das actividades máis importantes da vila.

A vida económica dependía en boa parte dos recursos do mar. A sardiña era a que representaba a maior riqueza produtiva e atraía un importante número de mercadores de moi distintas partes.

O tipo de cesta que usaban era grande, de figura prolongada e con tapa, feita de listas de madeira entrelazadas, preferiblemente



de castiñeiro por ser madeira máis flexible e menos pesada que a do carballo.

Nalgúns dos documentos deste imposto fálase da forma e tipo das cestas e do control que se exercía para que se cumprisen os requisitos necesarios na súa construción.

O Concello facía os contratos aos ces-teiros dos arredores, que se comprometían a entregaren un número determinado delas.

Actualmente non queda nin lembranza deste imposto.

PRIVILEXIO DA FEIRA DE MUROS. (1780)

O rei Carlos III outórgalle a Muros o Privi-lexio de Feira mensual, a imitación das demais cidades e vilas do Reino, sendo dita vila dun crecido número de veciños, dedicados ao comercio, que levan e traen por mar doutras



partes. Varios dos xéneros non poden beneficiarse, nin darlles a correspondente saída, por falta de Feira.

"A Vila de Noia tiña unha Feira Mensual, e un mercado cada semana. Dista da Vila de Muros 4 leguas intransitables por terra, e tres por mar, non sendo de menos consideración dito pobo. En atención a todo, suplícaselle ao rei lle conceda licenza, e Real Facultade para establecer Feira Mensual, e que se celebre no primeiro Domingo de cada mes, en cuxo día non hai en todo aquel partido, e nas súas inmediacións, polo que non se seguiría o menor prexuízo a terceiros, aínda que non franca de dereitos".

A Carta comeza: "*El Rey*

Por cuanto la Justicia, Regimiento, y vecinos de la Villa y Puerto de Muro en el Reino de Galicia, me representó la urgente necesidad en que se hallaba de celebrar un Feria mensual a imitación de las más ciudades y villas del Reino....."

E remata: "...Dada en Madrid a veinte y uno de diciembre, de mil setecientos y ochenta.

YO EL REY ...".

INTERROGATORIO FEITO Á VILA DE MUROS (1753)

-Catastro do Marqués de Ensenada

Entre 1750 e 1754 todas as poboacións de Castela foron sometidos a un interrogatorio constituído por corenta preguntas, do que se conserva copia no Arquivo Municipal. Forma parte do Catastro do Marqués de Ensenada, e trátase dun proxecto innovador para uniformar a fiscalidade, como paso previo a unha reforma fiscal, que substituirá as complexas rendas

provinciais por un só imposto, unha única contribución. O que pretendía era impoñer un imposto único, directo e proporcional aos ingresos de cada persoa.

Aínda que as circunstancias impediron a consecución do obxectivo principal do imposto único, iso permitiu recoller unha valiosísima documentación que permite analizar a economía, a sociedade...

Nese momento, a vila de Muros contaba con 460 veciños. Tamén se nos di que a vila tiña tantas casas como familias as habitaban, e ningunha desas casas estaba arruinada ou deshabitada.

Polas mesmas Respostas Xerais sabemos que en 1753 a vila contaba con 18 barcos mercantes e 71 embarcacións (lanchas) de cerco e pesca.

En canto ás actividades industriais, tan só se menciona a existencia de catro muíños de fariña. Tamén se fai mención dos dous hospitais, o de pobres, e outro de leprosos.

Entre as propiedades do rei na vila menciónase o castelo, con 12 canóns montados.

O Catastro tamén inclúe unha relación de oficios cos nomes e os salarios que a cada- quén lle correspondería, o que permite facerse unha idea detallada da estrutura social da vila de Muros a mediados do XVIII. Bágoa que nalgúns casos sexa incompleta. En total, as informacións fan referencia a 318 habitantes.

-Documentación relativa o Hospital de Pobres

Abarca dende o século XVI ata o século XIX. Consérvase documentación de diversa índole: foros, rendas, inventarios...

-Libros do Hospital de Lázaro (1565-1840)

Posúe un gran valor documental posto que se trata dunha institución desaparecida, pois é esta a única documentación que se conserva.

-Libros de propios e arbitrios (1582-1603)

Esta serie, xunto coas actas capitulares, é fundamental para coñecer a historia dun concello.

RELACIÓN DE BENS DIXITALIZADOS

- Catro pergameos soltos do século XV
- Privilexio dos Reis Católicos do 1490
- Carta do Privilexio Real concedida por Carlos V (século XVI)
- Carta de privilexio e confirmación concedida por Felipe II en 1571
- Bula do Papa León X de 1517
- Preito polo abastecemento de sal de 1598
- Xuro da vila de Muros de 1614
- Título dos Oficios e Rendas da Cestería para a Sardiña e do Peso Maior do que se pesan todas as mercadorías da Vila de Muros de 1617
- Actas Capitulares de 1580 a 1895
- Libros de Contas de Propios e Arbitrios do 1582 a 1603
- Carta referente ao cobro de rendas e impostos de 1566
- Carta que fai referencia ao cobro de rendas polos alfolíns do sal 1572
- Pago do imposto do sal de 1604
- Hipoteca o lugar de Pando de 1620
- Cartos que pagan aos "propios" da vila os veciños do couto de Louro 1663
- Carta ao Convento de S. Francisco de 1729
- Cobro ás parroquias da xurisdición de Muros de 1700
- Rendas e impostos, contas de propios e arbitrios de 1760-1769
- Interrogatorio feito á Vila de Muros 1753

- Listado de contribuíntes da Contribución Única 1780
- Privilexio de Feira de 1780
- Contribución extraordinaria de guerra sobre riqueza territorial e pecuaria de 1840 a 1842
- Libros de extraordinarias de guerra (1841-1848)
- Hospital de Pobres: Foros de 1594 a 1677
- Inventario do Hospital de Pobres (1624-1665)
- Expediente de contas de 1699 a 1702 e libro de Contas de 1709-1841 do Hospital de Pobres
- Rendas ao Hospital de Pobres dende 1841 ata 1882
- Libro de Hospital de Pobres de 1817...
- Doce Libros do Hospital de Lázaros de 1565 a 1880
- Padróns de habitantes de 1767 a 1860


Padróns de habitantes

O padrón de habitantes é un rexistro administrativo onde constan os residentes dun concello.

Corresponde aos concellos a súa creación, mantemento, revisión e custodia.

Elixíuse o padrón de San Lourenzo de Matasueiro que, na actualidade, non pertence ao Concello de Muros pero reflicte o territorio tan amplo que abarcaba este concello, xa que parroquias dos concellos limítrofes de Outes e Mazaricos estaban dentro da Xurisdición de Muros.

Agradecementos ao persoal da dirección xeral de arquivos de Galicia, a Marga, becaria da Xunta, que fixo un traballo excepcional no arquivo de Muros, e a toda a Corporación Municipal, en especial á Concelleira Maruxa Martínez Román.



BIBLIOGRAFÍA

MARIANO GARCÍA RUIPÉREZ. 2009. *Los archivos municipales. Qué son y cómo se tratan*. Mariano García Ruipérez, Ediciones Trea, S. L.

JUAN JUEGA PUIG. *El Comercio Marítimo en Galicia 1525-1640*.

A Vila de Muros. Apuntes históricos. José Antonio Vázquez Vilanova.

XOSÉ MARÍA VEIGA FERREIRA. "Un acercamento ó imposto de banastrería en Pontedeume".



*A*vila medieval de Muros
Claves para interpretar unha paisaxe urbana de séculos
A importancia das xeografías defensivas.

Pedro García Vidal

Doutor en Xeografía Humana pola USC

INTROITO

A pertada entre a montaña e o mar, a vila de Muros preséntase ante a mirada como unha singular paisaxe construída froito de séculos de intervencións como corresponde a aqueles espazos que teñen tras de si un longo pasado. Dende os remotos tempos medievais do seu nacemento ata o momento actual, moitas das vicisitudes polas que pasou a realidade urbana a través da historia, momentos de florecemento e de crise, de esplendor e ocaso, van deixar pegada na súa imaxe dunha ou doutra forma. Así, na paisaxe actual imos atoparnos cunha serie de espazos ou arquitecturas pertencentes a diferentes etapas históricas que van establecer un diálogo entre o pasado en que naceron e o momento actual. Serán as fontes da memoria urbana, os fitos referenciais do seu pasado.



Muros, imaxe aérea. Google Earth


Estamos, no caso da cidade, diante da paisaxe máis antrópica, da máis artificial das paisaxes. Trátase dunha paisaxe froito do tempo, un produto resultante da interacción dos seres humanos coa natureza. Así, as paisaxes son como formacións xeolóxicas. Cada

xeración deixa tras de si un estrato propio, unhas máis, outras menos. Como o xeólogo sabe transformar a sucesión de capas nunha historia da Terra, así o xeógrafo lerá o discurrir da relación dos seres humanos no espazo ao traveso de diferentes etapas. Deste xeito, a investigación histórico-xeográfica sacará á luz a evolución da paisaxe a través do tempo.

Sendo múltiples os episodios históricos que aconteceron nunha localidade urbana como Muros ao longo do tempo; porén, a confluencia de factores varios caracterizou fortemente determinadas paisaxes urbanas. A modo de síntese para una historia das paisaxes urbanas de Muros, destacamos tres deses episodios significativos; momentos nos que as vilas elaboran novos códigos formais que, aplicados ao urbanismo, á arquitectura ou ao deseño de elementos urbanos, supoñen un cambio de linguaxe respecto dos utilizados ata ese momento: falamos así dunha vila preindustrial, unha vila burguesa e unha vila actual.

A denominada etapa preindustrial da vila comprende á súa vez unha serie de acontecementos fundamentais que sinalan cambios significativos na morfoloxía e estrutura urbanas da vila de Muros, que pola súa transcendencia e permanencia no tempo, convértena na etapa máis influente sobre a paisaxe actual. Porén, a pesares da súa importancia, constitúe un período bastante descoñecido e as súas pegadas na vila actual son apenas apreciadas ou simplemente permanecen na invisibilidade. De aí que sexa esta etapa a que imos dedicar atención preferente nesta exposición.

De seguido, imos tratar de debuxar unha breve panorámica dende o campo da Xeografía histórica, do proceso de desenvolvemento urbano da vila de Muros tomando como



composición que está na nosa mente, unha imaxe formada por séculos de cultura europea. Pero a paisaxe é tamén o territorio no que vivimos, a paisaxe cos seus edificios, as súas

A Convención Europea da Paisaxe defínea como “calquera parte do territorio tal como o percibe a poboación, cuxo carácter sexa o resultado da acción e a interacción de factores naturais e/ou humanos”. Segundo isto, diremos que a paisaxe é por unha banda unha experiencia estética, algo que miramos, unha



morfoloxías e estruturas urbanas, as súas rúas, prazas e espazos verdes e os seus elementos arqueolóxicos. Esta é unha paisaxe que non só podemos mirar senón que tamén podemos investigar. Esta "paisaxe concreta" será o obxecto central da nosa investigación, pero sen deixar de lado aqueloutra paisaxe máis mental e cultural que xorde a través dunha mirada interesada de toda una variada gama de persoas: cartógrafos, escritores, gravadores, pintores ou fotógrafos, xunto coa dos propios residentes nas vilas, quen nos proporcionan a mirada interpretativa, esa construción cultural necesaria para a propia existencia da paisaxe.

FONTES

Calquera elemento do pasado en condicións de proporcionar información sobre a sociedade e o medio ambiente, pode ser estimada unha fonte. A paisaxe actual de Muros vai ser en si mesma obxecto de estudo e á súa vez vai funcionar como fonte de información. Para o xeógrafo Christopher L. Salter "la fuente documental primaria más competente de que se dispone: el paisaje cultural mismo". Polo tanto, a vila antiga no seu conxunto é un documento histórico. Neste senso, as paisaxes

urbanas de Muros, serán as nosas fontes de información primarias onde trataremos de descifrar as claves para facelas lexibles.

As *Actas capitulares y del buen gobierno*, gardadas no Arquivo Municipal de Muros, xunto coas achegas aportadas por unha serie de investigadores que traballaron sobre a historia máis antiga da vila, completan as fontes desta investigación. Especialmente consultados para este apartado foron os traballos de: Artaza Malvárez, R.; Fabeiro Gómez, M.; López Ferreiro, A.; García Oro, J.; Atanasio López; Ferreira Priegue, E.; Juega Puig, J.; Novoa Gómez, M. A. e Blanco Quintela, A.

A IMPORTANCIA DO PLANO

O plano é o elemento de maior perdurabilidade do espazo construído. A paisaxe cidadá pode variar substancialmente no alzado da edificación, a pel mesma do espazo urbano, porén, o plano, o ser mesmo da cidade, permanece apenas alterado. É o que Chueca Goitia denominou como "*lei de pervivencia do plano*". Por iso, a análise do plano constitúe unha achega sempre valiosa á hora de coñecer a evolución histórica de calquera establecemento urbano.

Os planos de Simancas de finais do XVI, un documento excepcional

D5

Os debuxos ou esbozos das vilas de Noia e Muros atopados entre papeis de 1597 no Arquivo de Simancas constitúen un documento de primeira orde para o estudo da morfoloxía e estrutura urbana de Muros, así como para axudar na interpretación das diferentes fases




Fontes para o estudo da paisaxe urbana



Muros. Planos de Simancas. FONTE: Arquivo Xeral de Simancas. [GA 498] M. P e D. 9-10

do seu desenvolvemento urbano¹¹. Nos planos de Simancas aparecen sinaladas algunha das principais características da vila inicial e, con lixeiras variacións é o plano que chega ata a época industrial, e aínda ata os anos sesenta do pasado século. Miramos os planos de Simancas e contemplamos a recoñecida na actualidade como a vila histórica de Muros. Ante a mirada aparece debuxada a historia urbana dunha antiga poboación mariñeira de finais do século XVI.



Muros. A vila cercada e o arrabalde da Ribeira soldados por unha praza. Plano de Simancas. Arquivo Xeral de Simancas. [GA 498] M. P e D. 9. Coloración propia

Dúas liñas marcan a topografía urbana de Muros que perviven na actualidade: a liña da muralla, hoxe case desaparecida, pero que mantén a pegada do seu trazado coma un molde no antigo espazo cercado; e a do areal, que prolonga o arrabalde pescador en vivendas con alicerces directamente sobre a praia. A soldadura entrámbolos dous mundos efectúase por medio dunha pequena e coqueta praza con chafariz central, resultado da conquista de terreo ao mar, que vai funcionar ata hoxe como o principal espazo público de relación da vila. Estamos ante o resultado dunha dobre realidade posta xa de manifesto dende a inicial Pobra de Muro: a vila cercada, o espazo protector, e os arrabaldes, o espazo do traballo.



Muros. Plano de Simancas. Arquivo Xeral de Simancas. [GA 498] M. P e D. 9

O poder alcanzado polo arrabalde da Ribeira maniféstase en que a primeira vista, Muros é delgada, lonxitudinal, cun protagonismo claro do espazo extra muros fronte ao primixenio núcleo murado. Esta linearidade, dada polo estiramento orgánico da vila que segue o ditado do relevo, maniféstase nun continuo de casas porticadas paralelas ao mar só interrompido pola regular presenza de estreitas ruelas travesas da praia á montaña. Foi o poder de chamada do burgo extra mu-

¹¹ Arquivo Xeral de Simancas. [GA498] M. P. y D. 9-10-11-12



O nacemento oficial das vilas

ros – aínda co risco da desprotección e coa decidida intención por parte das autoridades para obstaculizalo – o que vai dar lugar á súa primacía económica e visual sobre o resto da vila.

Curiosamente no plano, Muros semella un peixe, coa cabeza formada pola antiga vila amurallada e unha estrutura ósea singularizada nun eixo viario central cortado por unha chea de pequenas calellas que ascenden dende o mar ata a montaña bautizadas con nomes peculiares.

Muros, unha paisaxe urbana de séculos

No xa próximo 2026 van cumprirse 740 anos da Carta Foral concedida a Muros polo rei Sancho IV (1286), unha Carta que viña completar a anterior fundación da vila outorgada polo rei Afonso X (1252-1284), que confirma o seu privilexio foral e outorga o seu estatuto de vila². Naqueles afastados tempos,

segunda metade do século XII e s. XIII, un dos trazos máis salientables é o nacemento en Galicia das cidades, que van ser un elemento imprescindible dende o punto de vista político e económico. A rede urbana nace neste momento (Padrón, Noia, Pontevedra, Tui, Ribadeo, Viveiro, Baiona, A Guarda, A Coruña, Muros,...). Igrexa e monarquía van tentar controlar o proceso urbanizador no seu propio beneficio. Significaba ter o control político dun territorio e, igualmente, contar cunha fonte de ingresos importante.

Carta foral de 1286. O nacemento oficial de Muros

No espazo correspondente á ría de Muros-Noia, o rei Fernando II autorizara no ano 1168 a creación dun novo “burgo”, que sería coñecido co nome de “Totum bonum”, e un porto, “Portus Apostoli”, que se pretende sexa o novo porto de Compostela. O establecemento sería de inmediato cedido ao arcebispo de Compostela. Uns anos despois, os reis Afonso X e o seu fillo Sancho IV promoven a creación



Noia e Muros no plano de Teixeira. FONTE: Pereda, F. e Marias, F. (2002): *El Atlas del Rey Planeta. "La Descripción de España y de las costas y puertos de sus reinos" de Pedro Teixeira (1634)*

2 A Carta de confirmación do rei Filipe II dos privilexios da vila de Muros (1571), conservada actualmente no Concello, reproduce o privilexio outorgado por Sancho IV en 1286.



Carta de confirmación do rei Filipe II dos privilexios da vila de Muros (1571). FONTE: Arquivo Municipal de Muros

dun competidor para a vila arcebispal de Noia, "llevar la Puebla de Muro adelante".

Coa concesión da Carta Foral, o rei afirma a vocación decidida de converter en cidade un primitivo establecemento pesqueiro. O documento pon claramente de manifesto a intencionalidade da monarquía de dar pulo a un porto que viñese xogar un papel importante na ría de Muros-Noia: os moradores do lugar gozarán dunha posición privilexiada cun marco xurisdiccional específico; a vila disporá dun espazo xeográfico próximo, o *alfoz*, claramente delimitado; o marco legal virá definido pola

aplicación do *Fuero de Benavente*³; no lugar desenvolveranse unha serie de actividades artesanais, con preferencia polas relacionadas coa pesca: "*que ayan lagares e salga*"; fíxase un mercado semanal: "*que fagan mercado el domingo*" no recinto urbano; previsión dun rexemento concellil normal a base de xuíces, alcaldes e notarios, oficiais de maior permanencia na vida municipal; exclusividade da vila fronte ao *alfoz* en todo canto se refira á veciñanza e aos seus dereitos, mercado, vivenda e rexemento.

A implantación dos núcleos urbanos transformou a evidente homoxeneidade da paisaxe rural, difundindo as formas de hábitat concentrado propias da realidade urbana. As vilas convértese nun mecanismo de organización do territorio polo cal os pequenos núcleos e termos rurais quedan vinculados a un núcleo principal que concentra a xurisdicción concellil e asume en si a representación do conxunto da súa xurisdicción. Noia e Muros convertéronse nos núcleos reitores da ría tanto a nivel económico como político; ao mesmo tempo, contribuíu a fomentar o desenvolvemento das actividades mercantís ao concentralas nos novos establecementos urbanos ao amparo de privilexios económicos e fiscais establecidos nas cartas forais e os posteriores privilexios reais e señoriais. O aire



A Carta Pobra de Sancho IV (2186), principios fundamentais

3 Este *Fuero* que xa se lle dera anteriormente á Coruña por parte de Afonso IX, e que non se conserva, era seguramente unha versión adaptada a unha poboación marítima. A expansión deste *fuero*, dinos Barral Rivadulla (1998: 29), foi paralela á acción repoboadora do século XIII, e así, dende Afonso IX ata Sancho IV aplicase a varias vilas, tanto galegas como asturianas. O *Fuero de Benavente*, segue a dicirnos a mencionada autora, foi cualificado por Gibert como "prototipo del derecho municipal leonés muy adelantado" e foi concedido por primeira vez á vila de Benavente no ano 1167 polo rei Fernando II. No 1346, di Ferreira Priegue (1988: 79) que "los vecinos de Muxía, a los que se le concediera el *Fuero de Benavente*, obtuvieron del rey se lo cambiase por la versión coruñesa".



As vilas de Muros e Noia e os seus portos subsidiarios

da cidade, afirmase, facía máis libre os seus habitantes, e aínda poñendo en reserva dita afirmación, o que semella claro é que naquel tempo a situación dentro e fóra das vilas e cidades era bastante distinta.

As vilas de Noia e Muros, unha no fondo máis interior da ría, a outra na súa bocana, compartiron protagonismo repartíndose a ría como espazo económico⁴. As augas da ría son “territorios” que lles pertencen por concesión rexia e deben protexer da cobiza de “outros”. As augas son unha fonte “inesgotable” de recursos alimenticios. Son vías de acceso a lugares afastados, son roteiros polos que circulan homes e produtos na procura de mercados. Por elas chegan os inimigos, pero tamén comerciantes e peregrinos.

Noia e Muros centralizaban toda a vida económica do sector costeiro por elas controlado. Os pequenos portos subsidiarios de Noia: Miñortos, Boa, Pereiro, Taramancos, Obre e Porto do Son e de Muros: Carnota, Louro,

Tal, Esteiro e O Freixo dependían dos dous principais⁵. Estes pequenos establecementos pesqueiros van tecendo unha primeira trama de asentamentos costeiros e algúns deles chegarán a constituírse como pequenos nós na futura rede urbana da ría. Podemos dicir que a actual rede urbana da ría de Muros-Noia é herdeira do proceso urbanizador que se produciu entre os séculos XI e XV na costa galega⁶.

⁵ A costa galega estaba dividida en diferentes sectores, cada un deles baixo a xurisdición da vila mariñeira correspondente, xeralmente unha por ría. No caso da ría de Muros-Noia tratábase dun espazo compartido entre dúas entidades urbanas, Muros e Noia, se ben os seus caladoiros de pesca estaban separados e delimitados. A salientar neste control da ría a dependencia fiscal e mercantil dos pequenos portos subsidiarios. As vilas centralizaban toda a vida económica do sector costeiro por elas controlado. Correspondíalles o privilexio exclusivo de carga e descarga, e tamén de salga e comercialización do peixe. Os portos secundarios debían de descargar as súas capturas, salgalas, envasalas e comercializalas á vila correspondente, salvo existir un privilexio especial. As confrarías de mareantes debían velar polo cumprimento destas condicións, así como de facer respectar as “augas xurisdicionais”, as augas baixo dominio da entidade urbana.

⁶ Seguindo a Ferreira Priegue (1991: 73-74), é agora cando, por iniciativa rexia e coa intención de “desviar a su favor parte de la riqueza que entraba en Galicia por mar” vai ter lugar a aparición dunha serie de vilas mariñeiras: Noia (1168), Pontevedra (1169), Tui (1170). A creación de Ribadeo (1182) e Viveiro orientan a súa actividade comercial cara a Gascaña, Flandres e Inglaterra. Con Afonso IX e Afonso X prosegue o proceso urbanizador costeiro: Baiona, A Garda, A Coruña... A vila de Muros, a outra entidade urbana da ría, xorde agora nesta segunda ondata urbanizadora. O que semella claro, é que a aparición ao longo da costa galega dunha serie de portos ten que poñerse en relación co proceso urbanizador que vai ter lugar en Europa Occidental, e que chega con toda a súa forza a terras galegas desde mediados do século XII e principios do XIII. Este renacemento da vida urbana en Galicia témo-lo que por en relación con dous eixes urbanizadores principais segundo a opinión de López Alsina (1987: 109-111): o Camiño de Santiago, que a partires do ano 1000 cobra unhas dimensións masivas, e a integración nos circuitos comerciais da Europa Atlántica dunha serie de portos ao longo da costa. O arraigo da crenza na presenza sepulcral do corpo de Santiago, escribe o autor citado (1987: 111) “justifica y explica tanto el crecimiento constante del señorío en virtud de las donaciones reales como la expansión de la peregrinación”. O fenómeno peregrinatorio, que vai facer que un modesto “locus” rural de finais do século IX, se converta no século XII no primeiro núcleo urbano de Galicia, segundo este autor, convértese no primeiro gran motor da urbanización de Galicia. O territorio galego, ocupado preferentemente por comunidades rurais, vai ver como no curto espazo de tempo duns douscentos anos, este esquema se modifica e, cando o proceso chegue ao seu remate, alá polo século XIV, serán as sociedades urbanas as que ocupen o lugar de privilexio na xerarquía ocupacional do espazo.

⁴ Os portos de Noia e Muros repartíronse os caladoiros presentes na ría en dous sectores, delimitados por unha liña divisoria lonxitudinal que ía dende Monte Louro, cabo Rebordiño, illote de Santa Catalina e río Tambre: “desde los Topos de Agino hasta Minarlo y toda el agua de Ésaró abierto y por monte Louro hasta dar al cabo Rebordiño y del dicho cabo hasta Santa Catalina y de allí por el agua del Támara hasta puente Afonso”. (A.R.G.: 755:10), documento citado por Juega Puig, J. (2014): *El comercio marítimo de Galicia. 1525-1640*, p. 336.

No caso de Noia e Muros non estamos ante xentes e pobos illados, máis ben ao contrario, as súas relacións foron sempre intensas e cheas de intercambios. Os conflitos, cando os houbo foron sempre por problemas cos caladoiros de pesca. No campo mercantil, en cambio, a colaboración foi sempre intensa e cordial. Difícilmente a historia de Muros e Noia pode entenderse sen o coñecemento mutuo.

FISIONOMÍA DA VILA PREINDUSTRIAL

A fisionomía urbana de Muros vai fixarse fundamentalmente no longo período das Idades Media e Moderna. Por iso, esta etapa preindustrial vai constituír o obxecto principal desta comunicación. O emprazamento, as defensas, a malla urbana e a división interna do espazo urbano e os principais elementos morfolóxicos da vila son analizados co obxectivo de sentar un precedente urbanístico de cara á cidade do século XIX e a cidade actual.

O lugar: emprazamento e situación estratéxica. O peso da topografía

En Muros estamos ante un porto ao abrigo dun monte, no extremo inicial do grande entrante que constituí a denominada enseada de Muros, baía que se abre entre a Punta do


cabo Rebordiño e a illa de San Antón. O porto natural aparece articulado arredor desta extensa baía en forma de cuncha, de suficiente calado e fondos areentos, festonada case toda ela por un areal favorecedor das actividades relacionadas co mar. O emprazamento elixido, que pretende ter o mar como principal fonte de vida, atópase ben resgardado dende o punto de vista estratéxico-defensivo. Contra os axentes naturais, o monte Miraflores e O Costiña protexen dos ventos do Oeste, e o Monte Rebordiño permite o amparo ante os temporais do Sur. Ao mesmo tempo, o emprazamento de Muros é ideal para a defensa contra aqueles inimigos potenciais procedentes do mar. A instalación nun recuncho interior, ao amparo do Monte Rebordiño, fai que sexa difícilmente visible para aqueles que penetren na ría por mar. Por outra banda, as escarpadas abas dos montes contribúen de xeito natural como elementos defensivos. Pero, ademais, co fin de asegurar unha maior protección, os puntos altos do sitio serán escollidos para funcións defensivas ou atalaías. Este carácter recollido que adopta a vila fai que as casas se apiñen na faldra da montaña en descenso cara á praia, formando elas mesmas unha especie de cinto protector inicial e anterior ao que pronto prestará a construción dunha cerca ou muralla que rodee o conxunto.

Unha estreita superficie chá entre a montaña e o mar ábrese paso nun bordo costeiro tapizado de area formando unha extensa praia. Será este corredor favorable para o emprazamento das vivendas, así como para o desempeño das tarefas relacionadas co mar, o que condicione no futuro o crecemento da vila.

Por conseguinte, e como veremos deseguida, serán os elementos naturais de diversos tipos: regatos, mar, montaña, enseada etc., os



Muros. Emprazamento. FONTE: Pereda, F. e Marias, F. (2002): *El Atlas del Rey Planeta. "La Descripción de España y de las costas y puertos de sus reinos" de Pedro Teixeira (1634)*



Espazo natural, notable importancia sobre a forma urbana

que van impoñer a forma en que vai desenvolverse a contorna da vila de Muros, o seu plano.

Unha hipótese sobre a evolución urbana da vila: A importancia das xeografías defensivas

Da análise das fontes dispoñibles na actualidade, podemos deducir basicamente o salientable papel que xogaron as xeografías defensivas na morfoloxía e estrutura urbanas da vila de Muros preindustrial. Por ese motivo, prestamos unha especial atención ao estudo desa xeografía protectora.

Na imaxe de Muros, dada a súa maior exposición ao perigo que viña por mar, o elemento militar protector tivo dende as orixes unha presenza destacada. Se temos en conta o seu nacemento, nun contexto onde a violencia vai ser un elemento de dominio, a seguridade ha de converterse nunha obsesión. Dotar o nacente establecemento urbano dunha serie de elementos protectores será un obxectivo a conseguir. Primaba o defensivo sobre o ofensivo e, conseguir un espazo de resguardo tras o que ampararse todo aquilo que demandase seguridade, converterase en algo buscado. Por iso, á protección natural que lle outorgaba o marco xeográfico, había que sumarlle logo a acción humana: reforzar a defensa por industria. A nacente vila durante os primeiros anos de vida estivo obsesionada por dotarse dunhas boas defensas ante o inimigo procedente das augas.

En Muros, dada a especial perigosidade do emprazamento, así como a súa clara orientación marítima, parece lóxico que dende moi cedo, case diríamos que dende os inicios do poboamento, se formulase unha dualidade espacial: un lugar para gorecerse, e un lugar para desenvolver as cotiás tarefas do mar. O lugar protector, que daría acollida en caso de necesidade á totalidade de poboación, debería, por lóxica, atoparse resgardado e ser facilmente defendible⁷.

As orixes da *Puebla de Muro*: a escuridade das fontes

Muros semella fundada a partir dun grupo incipiente de poboadores que xa estaban residindo na zona. A navegación case sempre perigosa, os frecuentes naufraxios, alimentaban unha vivencia moi intensa da relixión. Do risco naceu unha relación forte co divino. Vocación marítima e, mais ao mesmo tempo, forte compoñente devocional. A modesta comunidade medieval rezaba na igrexa de San Pedro⁸, na aba do Costiña. Documentos de 1158

⁷ Para isto, a montaña era unha boa aliada. Por unha banda, a súa empinada faldra cara ao mar constituía un elemento que contribuíu naturalmente a unha máis fácil defensa do enclave: sempre se defende mellor desde unha posición elevada que domine ao inimigo. Pero tamén a mesma montaña contribuíu á protección da retagarda. Incluso as partes máis altas dos cumes circundantes podían ser utilizados como atalaias de vixia. Posteriormente, a esta protección natural que prestaba o relevo fundamentalmente, engadíriase unha protección construída, ao principio con materiais perecedoiros, como puidera ser unha simple estacada de madeira; logo, materiais máis sólidos substituirían a estes. A nova protección por industria buscaría a complicidade coa natureza para, así combinadas, facer máis difícil a derrota ante un posible inimigo. Descoñecemos o emprazamento concreto deste Muros primeiro. Debemos recoñecer que as contribucións historiográficas sobre este problema adoecen de certa provisionalidade e que será necesario esperar á aparición de novos traballos de investigación que profunden, nun futuro non moi afastado, o seu coñecemento. Talvez futuras escavacións arqueolóxicas ou a aparición de documentos hoxe descoñecidos, poidan aclarar este punto.

⁸ Nunha época onde a relixión xogaba un papel prominente, un hábitat é tamén un lugar sagrado, pois alí vai enterrarse os mortos. Por iso se coloca baixo a protección dun santo patrón que dá o seu nome á parroquia. A atracción exercida polo santo patrón traspasa os muros, acadando os habitantes doutras vilas ou de barrios de cidades veciñas. As igrexas de San Pedro e Santa



O primitivo emprazamento da Pobra de Muro, a escuridade das fontes

e 1283 sinalan a existencia da primitiva igrexa de San Pedro⁹, así como a *Pobra de Muro*¹⁰. A Carta de Poboamento de 1286 de Sancho IV fala de *Puebla de Muro*. Esa referencia ao lugar como "*Puebla de Muro*" no documento fundacional de 1286, sinala, sen dúbida, ese factor de lugar protexido, ben sexa por natureza ou ben por industria. Tras do muro o nome. A palabra muro semella referirse a un lugar protexido, un espazo defendido por medio de artificiais construcións froito da intervención humana. Un lugar de reducidas dimensións que facilitase o refuxio aos cidadáns que vivían arredor, preto das augas. Seguramente este lugar de refuxio deu nome ao establecemento por mor do elemento protector que o defendía, tratárase dun verdadeiro muro, ou simples bloques pétreos que funcionasen como tal.

Pero, onde estaba emprazada esa primeira *Pobra de Muro* dos documentos? O estado

María presidían respectivamente os dous sectores habitados: San Pedro, patrón dos pescadores, erguíase no alto do arrabalde mariñeiro da Ribeira; Santa María do Campo, cun carácter máis rural, protexía o resto de sectores non tan vinculados ao mar. San Pedro foi a parroquia máis antiga, ao dicir dalgúns estudosos, xa presente no século X. Santa María foi, no seu momento, a segunda parroquia en importancia. Erguida no século XII, a nova igrexa recibiu tamén o nome de Santa María a Nova. A denominación "do Campo" é debida seguramente a que na época da súa construción estaba situada fóra do recinto principal da vila. Co tempo, como veremos, será integrada no novo espazo cercado e converterase na igrexa principal que domina a imaxe da vila. Será agraciada coa denominación de Colexiata do Campo, e dende o alto da ladeira montesía vai cumprir esa función erguendo a súa ascensional figura granítica a destacar sobre o casarío que descende en bancal ata a mesma area da praia.

9 Blanco Quintela, A. (2023): *Toponimia de Muros*, p. 60.

10 *Ibidem*, p. 60.

actual do coñecemento impídenos precisar o seu exacto emprazamento e características. Trataríase, en todo caso, dun lugar de reducidas dimensións que facilitase un refuxio en caso de perigo aos cidadáns que vivían arredor, preto das augas. A disposición espacial destes primeiros elementos que configuran o Muros protector estarán moi condicionados pola topografía. Alí, na aba da montaña, nun pequeno banzo de relativa horizontalidade, supoñemos que xorde un pequeno poboado que podería acoller, en caso de perigo, unha poboación dedicada preferentemente ás tarefas do mar que ía colocando as súas vivendas a pé da praia. Dende esta atalaia, e contando cunha rede de apoio nos cumes, podía vixiarse calquera perigo de incursión armada contra o nacente burgo. Un elemento importante e o cambio máis significativo será a construción da propia capela románica no corazón mesmo do poboado. As primeiras rúas partirán dende este lugar e comezan a ser identificadas nos documentos a partir do século XIV¹¹.

11 O proceso de urbanización que dende os séculos XI e XII se leva a cabo en Galicia pon de manifesto a existencia duns modelos urbanísticos ao través dos cales toma forma real o ideal urbano do medievo. En Muros, como veremos, a estruturación do seu espazo urbano ten lugar, dende os inicios, en dúas realidades ben diferenciadas –un caso por outra banda bastante característico nas poboacións mariñeiras–: o núcleo protexido pechado por unha cerca, e o arrabalde xurdido a carón daquel. O primitivo poboado protector, como xa sinalamos, emprazárase no lugar máis resgardado, ao abeiro da montaña e cunha especial defensa cara á primeira liña de costa de onde procedería o principal perigo. O grande risco dun establecemento permanente neste lugar da ría así o aconsellaba. Pero, de seguro, antes incluso do nacemento do enclave protector, a poboación comezaría a instalarse ao longo da praia situada ao pé dese primitivo poboado inicial. A praia sempre foi o polo de atracción; nela bulía permanentemente a actividade. As moles areas servían de cómodo e seguro lugar de atraque para as modestas e fráxiles embarcacións de madeira; tamén como lugar de descarga e como centro de actividades de preparación e reparación de todo aquilo relacionado coa actividade pesqueira. Ningún lugar como a praia tan cómodo e tan á man, sobre todo se pensamos na proximidade da montaña e as súas empinadas rampas. Soamente o sempre presente perigo dun inimigo procedente do mar fixo que ao principio as instalacións fosen precarias: cabanas en materiais perecedoiros que se abandonaban en caso de inminente perigo. Logo, seguramente se pensou nun lugar común para protexerse. Xorde a idea dun espazo de resistencia, dun lugar onde górecerse con certas posibilidades de éxito en caso dun ataque.



A Torre vella de Muros no barrio do Carme

Dentro da provisionalidade na que nos movemos, a opción que cobra máis peso é aquela que coloca o primitivo emprazamento defensivo nas faldas do Costiña e ao amparo do Rebordiño. Os documentos dados a coñecer por Novoa G. (2000)¹² confirman a existencia nesta zona dunha cerca “a cerca do concello”. Dado que o mar ocupaba naquel tempo o que hoxe é a Praza do Concello, e que este espazo constituía o porto natural do emprazamento, o primitivo Muros debeu asentarse pola aba da montaña dende este bordo litoral coa primeira liña defensiva próxima aos bordos do porto. As limitadas defensas bordearían o río Chalón cara ao alto do monte, e o linde superior situaríase no bordo das vivendas que hoxe enfrontan a Colexiata de Santa María separadas pola estrada. A, naquel tempo, pequena igrexa de Santa María do Campo quedaría solitaria fóra deste pequeno recinto defensivo, de aí o seu nome.

Pero un novo acontecemento vén complicar as cousas. Cando Muros pasa a mans da igrexa compostelá (Fernando IV, 1299)¹³,

no aspecto físico vai destacar a presenza da torre arcebispal que representaba o novo poder señorial dos arcebispos sobre a vila. Esta casa-torre erguíase no lugar coñecido como barrio do Carme, na altura coñecida co nome de Monte Real e na rúa chamada a Fonte Vella, hoxe da Fortaleza¹⁴. A prontitude no tempo en que temos constancia da existencia da referida Torre, símbolo do poder arcebispal, lévanos a pensar que o espazo máis preto dela vai ter un desenvolvemento urbano acorde coa súa importancia. Por ese motivo, a zona que comprende O Chalón e barrio do Carme correspóndese cos lugares de maior complexidade urbana dentro do que posteriormente será o burgo extra muros. Esta complexidade xa se pon de manifesto claramente nos planos de Simancas de finais do XVI.

Antes de 1389, o primitivo Muros protector non lograra conter no seu interior a expansión de determinadas zonas. Situados extra muros, estes espazos van adquirir un especial protagonismo no establecemento urbano. A importancia do arrabalde era cada vez máis grande, e os arredores da igrexa de San Pedro, coa rúa *rayal*, *real* ou *principal* onde estaba a carnicería comunal, a carnicería vella, así como un reducido mercado local¹⁵ constituían un foco urbano principal ao que acudían xentes dende o resto de sectores urbanos. Todo este

demais Rías Baixas no dominio arcebispal, por doazón real de 8/2/1299. Unha doazón completa e total salvo os elementos de dereito da Coroa”. Texto completo en López Ferreiro, A. (1975): op. cit., p. 528-529, e copiado do anterior en Artaza Malvárez, R. (1959): op. cit., p. 269.

14 Esta torre aparece citada en varios documentos ao longo da historia e constituía o símbolo da Mitra Compostelá. Xa no 1326 estaba levantada, posto que o arcebispo compostelán D. Berenguel de Landoira nese ano permutou co Cabido a metade de todo o que lle correspondía na Tenencia do Hórreo de Santiago, pola metade da Vila e Torre de Muros (López Ferreiro, A. [1975]: *Fueros Municipales de Santiago y su Tierra*, p. 531). Hoxe só existe un paredón, cun borroso escudo, que serve de entrada a fincas rústicas. Os donos destas fincas, sinala Artaza, pagaban á Colexiata unha pensión en diñeiro, o que nos confirma o seu dominio eclesiástico e a súa procedencia.

15 García Oro, J. (1987): *Galicia en los siglos XIV y XV* (II), p. 186-187.

12 Novoa G., M. A. (2000): *Las gentes de Muros en sus primeros documentos*.

13 Como explica Ferreira Priegue (1988: 90): “A difícil situación que se prantexou coa minoría de idade de Fernando IV e os apuros da rexente D^a María de Molina buscando aliados por todas partes foron una conxuntura ideal para que a vila pasase a unirse ás

espazo debeu xurdir case simultaneamente ao recinto protector nomeado como "*Puebla de Muro*". Nos planos de Simancas¹⁶ aparece claramente diferenciado pola súa diferente trama.

Pero ademais, as xentes do mar eran especialmente xentes de arrabalde. As continxencias da profesión forzábanos a habitar sitios onde ninguén quería vivir: fóra do conforto e da protección das murallas; xunto das augas, máis que calquera outro suxeitos aos elementos e ao perigo. Virán a ter fama de lugares marxinais, degradados, insalubres e perigosos. En Muros, o arrabalde marítimo da Ribeira acollía a poboación de mariñeiros e pescadores que daba cor e animación a este barrio extra muros. Ao pé da praia, o barrio dos pescadores coloniza a costa en edificacións con alicerces na area en contacto coas augas do mar, adquirindo cada día unha importancia maior. O traballo do mar era imprescindible para un porto que quería ser vila; de aí que a aparición do arrabalde sexa simultáneo ao resto de sectores urbanos.

Logo do exposto, con todas as precaucións debidas dadas as escasas probas documentais, pensamos que o primitivo Muros na aba do Costiña e protexido polo Rebordiño, contaba cun pequeno recinto cercado relativamente afastado do contacto directo coas augas, coa igrexa de San Pedro como centro. A carón deste espazo protector vai xurdir un arrabalde que cobra cada vez máis importancia. Ao mesmo

tempo, o novo poder arcebispal manifestábase na presenza da Torre arcebispal nun nacente barrio do Carme. Por último, a comodidade de cara ao desempeño das tarefas relacionadas co mar fixo que sempre a praia fose un lugar habitado por aquelas xentes que tiñan nela a súa fonte de vida. A progresiva desaparición da ameaza da piratería e o desenvolvemento da actividade pesqueira contribuíron a que esa fuxida cara ao arrabalde fose cada vez máis masiva, e isto favoreceu o engrandecemento do burgo¹⁷.

Muros, a destrución da primeira vila e a construción da cerca de García Manrique

No ano 1389 chegou a desolación a aquel Muros primeiro ao que nos acabamos de referir. Nesta data, a xente armada de Portugal, ao mando do rei Joao I, Mestre de Avis, asolaba as costas galegas. Un día chegaron a Muros e

17 O que sernella claro é que xa dende o século XIV Muros contaba cun espazo protexido por unha sólida cerca na parte que acouga ao amparo do Rebordiño. Varios documentos procedentes do estudo e transcripción do texto do "*Tumbo de la Luminaria de San Pedro y Santa Maria de la villa de Muros*" por parte de Novoa G., M. A. (2000): op. cit., así o poñen de manifesto. En legados, cláusulas e testamentos, datados entre os anos 1346 e 1473, figuran constantes referencias á cerca: 1346: "*Tiene puertas frente al muro del concejo*"; 1346: "*Está en la cerca y linda por una de las medianeras con la casa en que mora Afonso Paaces, y con el muro del concejo por la otra medianera*"; 1346: "*tiene otra puerta que mira a la huerta de la iglesia*"; 1346: "*Las puertas están en un tercer lado, el 'penal', enfrente de la arena*"; 1346: "*Un cuarto homo sito en la plaza Vella, junto al río*"; 1361: "*deja una casa cerca de la fuente de la plaza*"; 1361: "*una casa en... Outeiro de Fumos*", e logo por un documento de 1421 sabemos que dito outeiro se atopa intra muros "... Outeiro de Fumos, dentro de la cerca de la villa". Igualmente, en documentos con data de 1346 atopamos informacións que falan de inmoables dentro da cerca entre os que figuraban o muro do concello: "*Tiene las puertas frente al muro del concejo*". "*Está en la cerca y linda por una de sus medianeras con la casa en que mora Afonso Paaces, y con el muro del concejo por la otra medianera*". "*Está situada detrás del coro de Sta. Maria del Campo. Linda por costana y pared con otra huerta que es de Vasco Peres do Campo y con el muro del concejo. Tiene la puerta mirando al frente de la iglesia*". Igualmente, nun apartado do documento da renda sobre unhas casas que mandou un tal Martín Vidal para a luz de San Pedro de 1384, precísase claramente a existencia dunha vila cercada: "*Hestas casas son unas en que solia bibir Rodrigo do Essaro dentro de la asserca y billa*" (Novoa G., M. A. 2000): op. cit., p. 43). Non podendo fixar con precisión os lindes deste recinto protector inicial, o que si sabemos é que a carón do mesmo xurdira xa un poderoso arrabalde mariñeiro asentado directamente sobre as moles areas da praia.

16 Arquivo Xeral de Simancas. [GA498] M. P. y D. 9-10. Os debuxos ou esbozos da vila de Muros atopados entre papeis de 1597 no Arquivo de Simancas constitúen un documento de primeira orde para o estudo da súa morfoloxía e estrutura, así como para axudar na interpretación das diferentes fases do seu desenvolvemento urbano. Nos planos de Simancas aparecen sinaladas algunha das principais características da vila inicial e, con lixeiras variacións, é o plano que chega ata a época industrial, e aínda ata os anos sesenta do pasado século. Miramos os planos de Simancas e contemplamos a recoñecida na actualidade como a vila histórica de Muros. Ante a mirada aparece debuxada a historia urbana dunha antiga poboación mariñeira de finais do século XVI.

"quemaron la mayor parte del dicho arrabal"¹⁸. Como xa sucedera en tempos pasados, os habitantes da costa foxen a refuxiarse cara a un interior máis seguro. Este trágico suceso supuxo a confirmación dos temores daqueles que pensaban no obsoleto e escaso das antigas defensas, así como a imprudencia de aqueloutros que consolidaran unha intensa expansión extra muros sen preocuparse pola defensa destes espazos.

A intervención da piratería portuguesa destruíra dun xeito dramático a dobre realidade vila cercada –arrabaldes, xa claramente debuxada naquela primeira *Puebla de Muro*–. Porén, o trágico suceso non supuxo o definitivo abandono da fórmula, senón máis ben unha adaptación mellorada da mesma. Cando, pasado o perigo, axiña se retome o tema do regreso ao establecemento urbano, o primeiro que se formula é a construción dun novo recinto fortificado con garantías que proporcione refuxio seguro en caso de perigo. A partir deste momento a obsesión por defender a vila de eventuais inimigos exteriores deu lugar á teimosía por dotarse de sólidos muros, que determinará durante séculos –ata o XIX e, nalgúns aspectos, ate hoxe– a fisionomía da vila de Muros.

Logo da traxedia de 1389, soamente a promesa de protección podería asegurar a volta dunha poboación atemorizada. O arcebispo naquel momento, García Manrique¹⁹, logo de campañas en contra dos invasores, vai ser o encargado de dar confianza e ofrecer seguridade ás xentes e animais a que regresasen. Ordena, logo de negociar co pequeno *concejo*, un cercado, así como o partillamento do es-



Posible trazado da cerca de García Manrique

pazo de cara a ofrecer *praças* a todos aqueles voluntarios que se mostrasen dispostos a levantar casa na nova vila²⁰.

Comezou a vida na nova vila con todos os inconvenientes que podemos imaxinar. A grande obra foi agora levantar a nova cerca, requisito imprescindible para realizar un poboamento suficiente. Para isto, o espazo cercado debía ter a suficiente amplitude para acoller unha poboación numerosa. O que está claro é que as autoridades tentarán por todos os medios que todo tipo de actividades se concentren neste recinto protector, sexan estas económicas ou relacionadas co culto. No novo espazo cercado unha nova igrexa co seu cemiterio sería imprescindible e, como sempre, para erguela escóllese o lugar máis destacado da vila²¹. Os habitantes desexan

18 García Oro, J. (1987): Op. cit., p. 187.

19 A militancia anti-portuguesa do arcebispo de Santiago, sinala Carlos Barros (2009: 27), "trouxo estes problemas ás vilas de Muros e Noia, que desta vez se aliñaron co seu señor, por se mellor defender e tamén porque este arcebispo viña sendo socialmente máis soportable co seu antagonista Pedro Enriquez de Castro".

20 Segundo García Oro (1987: 187), "*al parecer el susto duraba y no fueron muchos los que concurrieron, e los que quedaron acogieronse dentro de la cerca*". O arcebispo García Manrique, lemos nun documento de 1404 dado a conocer por Novoa G. (2000: 31, "*veyendo que los vezinos del dicho lugar se fueran morar a otras partes con / acuerdo del dicho concejo nonbrara por ellos et establesçera et ordenara que repartiesen con casillas... as de dentro della cerca de la dicha villa a cad vezino la su parte en que fiziese cada de morada et que todasillas vendiciones que vendiesen dentro de la dicha villa et que veyendo el dicho concejo que era prouecho comunal de non / estar la carniçaria so ... das de algunt et que era bien que estouiesen sobre si en un lugar propio et comunal a todas dentro en la dicha villa*").

21 Cando o novo arcebispo D. Lópe de Mendoza sucede o referido García Manrique, relata García Oro (1987: 187), Muros está

agora ter o seu templo céntrico, dentro da vila cercada, porque a súa igrexa parroquial quedaba lonxe e fóra. A nova igrexa levántase sobre outra anterior máis antiga, emprazada no alto e separada do centro urbano. Este carácter rural que lle proporciona o estar rodeada de terreos agrícolas seguramente é o que lle outorgaba o apelativo de Santa María do Campo. A nova cerca vai incluíla no seu interior, pasando xusto a rentes dela²². A igrexa de Santa María do Campo *"la iglesia Nueva que se agora labra en esa dicha nuestra villa"*, vai ocupar agora un especial protagonismo na vila²³.

Pero, como sucede sempre, a cerca pechou a vila dentro dun recinto que, ao tempo que a defendía de inimigos externos, cinguía o seu crecemento, a pesar de que no interior do seu perímetro seguía habendo amplas zonas agrícolas sen edificar. Nos documentos transcritos por Novoa G. (2000), aos que fixemos mención repetidamente, neste caso aqueles con data posterior a 1389, as referencias que se realizan con respecto á cerca, son, sen dúbida, a esta de García Manrique anterior a 1520²⁴.

construíndo a súa igrexa, o que será logo a súa futura Colexiata. A este feito e á necesidade de que o novo templo estea incluído dentro da nova cerca refírese, por exemplo, o documento de 1402, dado a coñecer por Novoa G. (2000: 19), sobre a construción dunha nova carnicería, cando sinala que *"ouese grand prol et onra desta dita villa, / he todos llos moradores della, que agora son ou fosen daqui en deante, et que por outra manera alguna a dita iglesia non se podía acabar et lles seeria et sera grand traballo, et se lles seguyran algunas veses danno en contiñuadamente teeren a sua iglesia parrochial donde todos eran frutegreses / fora dos muros da dita villa et tan alongada de sy; por ende, todos en huun acordo, et sen outra contradición alguna, et por, outrosi, a dita carta do dito senyor arçobispo seer mellor exsecutada et a dita obla noua da dita iglesia seer mais perfectamente et mais aginna acabada"*.

22 Este extremo ponse de manifesto na lectura do documento de 1402 sobre *"Ordenanças et capitulaciones tocantes a la villa de Muros y a la iglesia nueva y a la carnicería y a otras cosas de la dicha villa"*, dado a coñecer por Novoa G. (2000: 17), no que se precisa que un tal Lorenzo Afonso, *"notario et vezino da dita villa"*, vai desempeñar igualmente a función de procurador *"da iglesia noua que se agora faz de dentro da cerqua desta dita villa de Muro"*.

23 Novoa G., M. A. (2000): op. cit., p. 17.

24 *"sita dentro de la cerca de Muros"* (1461). *"sita dentro de la cerca de la villa"* (1433). Igualmente, a través destes documentos vemos como xa dende os inicios do século XV, a vila cercada e

Multitude de documentos anteriores a 1520 falan de vila e arrabalde, sinalando claramente a presenza dun recinto cercado (vila) e doutro que se estende ao longo da praia (arrabalde) con casas que pousan os seus alicerces na mesma area: 1461 *"Las casas están en la arena y arrabalde"*.

Cos documentos de que dispoñemos, podemos afirmar que no primeiro decenio do século XV perfilouse a fisionomía municipal de Muros como vila e municipio. No proceso urbanizador que dará forma a este Muros que podemos denominar de García Manrique, a nova vila debeu tomar como centro a *Rua Rayal* (seguramente a rúa Real ou principal) *"a la que concurrieron los tenderos a colocar sus casas y sus productos, sobre todo los carniceros"*²⁵. Non sabemos a situación exacta da referida rúa, pero nos documentos rebelados por Novoa G. (2003: 5) sitúana nos arredores do Hospital de Pobres²⁶. Por estas informacións, pensamos que a rúa puidera corresponderse coa que hoxe se coñece como

o arrabalde comezan de novo a diferenciarse claramente: 1407: *"Pero Yanes Neto, legó una huerta a Lorenzo Afonso, mercader, su ejecutor y a su nieto Gomes Ares... La huerta está mal cuidada y con pocos árboles, sus muros derribados. Tienen que construir una casa. Despues de rehabilitar la huerta hay que elevar el valor del aniversario"*; 1466: *"La casa se tiene por penal frente a las casas del hospital; linda por una de las costanas medianeras con las casas del hospital... y de la otra por costana medianera y aguas vertientes en el río do Chalon. Las puertas, ventanas y salidos dan a la Rúa"*.

"Rayal" que pasa frente a S. Pedro y al río Chalon que viene de la Fuente de la plaza"; 1466: *"sobre el lagar grande de Chalon"*; 1466: *"sita dentro de la cerca de Muros... y dan a sendas calles de la villa"*. Está clara a diferenza entre a vila, o espazo pechado por unha cerca, e o arrabalde extra muros.

25 García Oro, J. (1987): op. cit., p. 187.

26 Nun deses documentos correspondente a un testamento do ano de 1423, fálase dunha familia Afonso *"que legó siete casas ubicadas en el Vieiro o Rúa Rayal que fueron la primera sede de la institución (refírese ao Hospital de Pobres da vila)"*. No segundo, correspondente ao ano 1466, fálase dunha casa da que se afirma *"se tiene por penal frente a las casas del hospital; linda por una de las costanas medianeras con las casas del hospital y las de Afonso Peres, y de la otra por costana medianera y aguas vertientes en el río do Chalon. Las puertas, ventanas y salidos dan a la Rúa Rayal" que pasa frente a San Pedro y al río Chalon que viene de la Fuente de la plaza"*.

rúa do Hospital. Novoa G. (2003: 10), ao falar dos documentos que relacionan os muradáns coas súas igrexas –documentos referidos a disposicións testamentarias ou particulares–, sinala que neles aparecen importantes referencias urbanas como por exemplo prazas, como a “*praça vella a par do río*”, que sinala María Bernáldez, viúva do notario Lourenzo Afonso, o 14 de setembro de 1384; fontes, como a “*fonte da praça*” que sinalan diversos documentos; ou referencias como “*a Rua Rayal que vay contra San Pedro et contra o río que ven da fonte da praça*”, que nos levan a pensar nesta zona hoxe coñecida como rúa do Hospital, como un importante centro urbano que conta incluso con praza e fonte. Se a isto engadimos a existencia de tendas e carnicerías, non é de estrañar que García Oro (1987: 187) fale deste lugar, cuxa vía principal era a rúa Rayal, como o centro da nova vila. Por conseguinte, a vía estaría colocada no primitivo núcleo agora reactivado, o que nos dá pé a pensar que este recinto nunca perdera a súa primitiva importancia, e que logo da destrución do arrabalde polas xentes de Portugal, cando se pretende asegurar o regreso das xentes á vila coa construción dunha nova cerca, as xentes elixen de novo este espazo antigo como lugar central. A instalación de carniceiros na rúa veríase favorecida pola próxima presenza do arroio do Chalón, que facilitaba coas súas augas o transporte dos desperdicios producidos por esta actividade molesta cara ao mar. A proximidade desta zona ao novo recinto cercado que agora se levanta, fai que este sector da vila se contemple como un anexo ben protexido. Seguramente el mesmo contase cun muro propio. Isto vai dar lugar a que Muros contase con dous espazos

amurallados²⁷, suposición con bastantes posibilidades de ser certa²⁸. Pola nosa parte, no

27 “A primeira vez que se detecta o plural Muros é unha concesión do arcebispo de Santiago a Vasco López de Ulloa, declarada no *Libro de Feudos* do Arquivo Histórico da Diocese de Santiago de Compostela e datada o 12 de novembro de 1448”, en Blanco Quintela, A. (2023): *Toponimia de Muros*, p. 60.

28 Os escasos documentos con que contamos semellan indicar a posibilidade da existencia de dous espazos cercados en Muros. Por unha banda está a cerca de García Manrique que, documentalmente sabemos, abrazaba no seu interior a antiga igrexa de Santa María do Campo, e que, en liñas xerais, será coincidente no seu trazado coa derradeira muralla de Fonseca, aquela que mellor coñecemos. Pero, igualmente, a zona da rúa do Hospitalillo, Chalón, Fonte Vella, Carme..., parece contar tamén con algún tipo de cercado protector, tratándose, ou ben dun cercado propio, ou dunha ampliación da cerca principal de García Manrique. Neste punto debemos insistir na inseguridade na que nos movemos á hora de fixar con precisión esta hipótese. As dúbidas expresadas con teimosía polo investigador Manuel Fabeiro acerca da existencia de dous núcleos murados, puideran estar en relación con este feito. Fabeiro (1997:161), no seu libro, *Páxinas históricas de Muros*, explica como no documento de partición da herdanza de Gómez Ares de Guisamonde levada a cabo no ano de 1496, na parte que corresponde ao seu fillo Martiño García, se fala dunha “*torreta que está encima do penal do Lagar Grande do Chalón, na Vila de Muros*”. Segundo isto, e como sempre que as casas estean sitas fóra da vila os documentos refírense a elas como “*no arrabalde*”, mentres que, pola contra, cando están dentro da “*cerca*”, se refíren como “*dentro da Vila*”; entón, se a *torreta do Chalón* non está no arrabalde, está necesariamente na vila. Para Fabeiro “isto afirmamos na opinión de que na Vila existiron dúas cercas ou murallas”. Tamén puidera suceder, apuntamos nós, que o lugar de O Chalón, que está moi preto da muralla da vila, puidera ser considerado como vila mesma e non como arrabalde, por tratarse dunha ampliación do antigo recinto cercado. Outro documento que leva a Fabeiro á desconfianza da existencia de dous recintos amurallados é o que se refire á visita do Dr. Carriazo no ano de 1560, e que cando se refire á Vila e arrabaldes sinala que: “*Tamén atopou “por vista de ojos”, que a Vila que está dentro do cercado “y cerca antigua” está despoboadas*”. Fabeiro apunta que de aquí pode deducirse a existencia de dúas murallas: unha “*el cercado*”, outra “*la cerca antigua*”. Se se tratase dunha soa, aclara, sobraaba esta dobre expresión. Por outra banda, nos documentos dados a coñecer por Novoa G., M. A. (2003: 489), a autora sitúa o Hospital e o río Chalón, así como o lagar grande de Chalón e rúa do mesmo nome e outra coñecida coma rúa Rayal, dentro dunha cerca: “*la casa tiene por penal frente a las casas del hospital; linda por una de las costanas medianeras con las casas del hospital y las de Afonso Peres, y de la otra por costana medianera y aguas vertientes en el río do Chalón. Las puertas, ventanas y salidos dan a la rúa “Rayal” que pasa frente a San Pedro y al río Chalón que viene de la Fuente de la Plaza*”. Pola nosa parte pensamos que, a complicación do plano neste sector do Chalón, co Hospitalillo, xunto coa presenza no lugar da igrexa parroquial de San Pedro no alto do arrabalde da Ribeira, coa posibilidade dunha antigüidade arredor do século X, e contar ademais coa presenza da torre arcebispal, semella moi probable que, dada a súa importancia, nalgún momento da súa historia contase con algún tipo de cerca protectora. Posiblemente a vila contase neste sector cunha cerca cativa para protexerse, mais unha torre construída logo de entrar Muros en 1299 na órbita arcebispal, que estaba situada “*en la misma cerca*”, tiña “*dos almenas*”, sendo coñecida tamén

estado actual dos coñecementos, pensamos que mentres non apareza outra alternativa máis convincente, esta é a opción que conta con máis posibilidades de ser posible.

O que está claro é que, a partir da creación do novo espazo cercado de García Manrique, as autoridades tentarán por todos os medios que todo tipo de actividades se concentren nese lugar, sexan estas económicas ou relacionadas co culto. Pero unha vez pasado o susto, de novo o atraente bordo areento vai funcionar como un elemento de fixación de vivendas que fan revivir o largacío barrio da Ribeira. Tal como afirma García Oro (1987: 195), naquela vila do século XV “El puerto manda, la villa y el arrabal disputan”. Muros era máis que nada o seu porto. A actividade portuaria medra ao longo do século XV e semella ter alcanzado a súa madurez. Era Muros un dos alfolís de sal no litoral galego. A carga e descarga era unha actividade que viña desenvolvéndose con normalidade. Asociados en gremios e confrarías os muradáns fixéronse fortes. Fóra da vila medra poderoso o arrabalde. Nel ten importantes intereses o cabido compostelán. Tamén conseguen instalarse neste espazo extra muros importantes familias da nobreza como os Mariño de Lobeira²⁹. Ante isto, o concello comeza a temer unha continua

fuga de habitantes cara ao arrabalde. O serio perigo de despoboamento do núcleo murado producido pola atracción dun arrabalde máis próspero e cómodo –quebrantando para iso a norma que obrigaba a asentar no interior da vila sobre todo os oficiais, artesáns e pescadores– fai reaccionar as autoridades. En 1508, ante unha situación de abandono masivo da vila, o problema levouse aos organismos reais. De novo vai ser sancionada a obrigatoriedade de ter domicilio intra muros e artículanse sancións para os numerosos infractores³⁰.

A muralla de Fonseca. Características máis salientables

A necesidade de protexer eficazmente unha área urbana acrecentada agudizouse no tempo. Cara ao século XVI a necesidade de rodear a vila de Muros cunha renovada cerca era imperiosa. Máis que unha nova muralla, parece máis convincente a idea que defenden algúns autores como Carlos Barros³¹, dunha reedificación, unha reforma que dese un novo aspecto a unhas murallas deterioradas co paso do tempo e que puidesen desta forma servir de refuxio e defensa no caso que dita poboación fose atacada. Trátase, xa que logo, dunha reconstrución e mellora do circuíto defensivo. Esta muralla, que é a que mellor coñecemos e á que imos facer referencia, vai construírse por vontade do arcebispo Alonso

pola “torre dos presos”. Desde a Torre de Muros os alcaldes-xuíces nomeados polos arcebispos composteláns viñan dominando a vila co seu alfoz, o que resultaba fundamental para o control da ría de Muros-Noia, Xallas e Fisterra (Barros, C. [2007]: op. cit. p. 27). Asegurar que todo este conxunto estaba dentro dun espazo cercado é un pouco aventurado. A ausencia de probas concluíntes non permite máis que meras hipóteses.

29 Se prestamos atención aos veciños e ás súas casas e rúas, decatámonos dun notable afán de expansión. Está claro que aqueles veciños de certo poder económico e social aseguran para a súa morada un empraçamento distinguido e o máis cómodo posible. Pero tamén, aqueles que poden permitirse dispor de varias moradas, procuran unha casa na marxe do camiño que bordea a praia: “A outra miña casa da area en que eu folgava” dirá algún deses privilexiados. Pero será sobre todo nas décadas centrais do século XV cando comece o interese por instalarse no arrabalde, empeño no que, segundo Artaza Malvárez (1959: 260-270) van levar a dianteira os fidalgos.

30 García Oro, J. (1987): op. cit., p. 196.

31 O arcebispo Fonseca ordenara, dinos Barros (2007: 27), (re)facér con boa pedra a muralla de Muros en premio polo apoio recibido en 1511, cando foi prendido e desterrado de Compostela pola Audiencia de Galicia, que intercedía así polo Conde de Altamira, Rodrigo Osorio de Moscoso, pertegueiro da Terra de Santiago, no seu conflito co arcebispo polo control do arcebispado. Neste senso opinamos como Artaza, en que semella un pouco estraño que dada a importancia que xa adquirira a vila cara ao norte, se levantase a cerca para protexer un espazo tan reducido.



Trazado e medidas da muralla no Plano de Simancas. Arquivo Xeral de Simancas. [GA 498] M. P e D. 10

Fonseca III³² e, segundo afirma Carré na súa *Xeografía do Reino de Galicia*, tivo lugar no ano 1520. Esas antigas murallas reformadas e ampliadas serían, con toda probabilidade, as levantadas en tempos de García Manrique. Para falar do seu trazado e características contamos cun documento de excepcional importancia

como son os dous planos de Muros de finais do século XVI aparecidos en Simancas³³.

Os planos da vila de Muros de finais do XVI representan a liña da muralla que circundaba a vila nese tempo cunha grande perfección. A intervalos regulares sobresaen unha especie de pequenos cadrados que seguramente indican as portas que se abrían na muralla. Unha especie de rombos que figuran nos dous vértices da muralla oeste e un que aparece situado máis ao leste aluden seguramente a portas que dispuñan de potentes torres defensivas. En total aparecen sinaladas ao longo da cerca 17 saíntes, que supoñemos coincidentes co número de portas, que poñían en comunicación o recinto pechado co espazo circundante e pechábanse en caso de perigo (guerra ou epidemia).

A muralla de Muros foi deseñada en todos os detalles. Verdadeira obra mestra no seu xénero, o seu trazado, que cada vez se precisará con maior exactitude grazas ás sucesivas prospeccións arqueolóxicas, adaptábase perfectamente á topografía do terreo: paralela aos bordos acuáticos e en contacto directo coas augas do mar, atopábase retirada uns metros da actual liña de fachadas. A muralla continuaba logo por terra, ascendendo ladeira arriba seguindo dúas pequenas valgadas polas

32 De sempre Muros tivo en especial estima e compromiso a súa lealdade respecto ao señorío arcebispal. Por iso non é nada estraño que, ante a privación da administración señorial ao arcebispo Alonso Fonseca III por parte dos alcaldes maiores de Galicia, a reacción de Muros non se faga esperar e, sen dúbida, decide poñerse a prol do arcebispo. É este un xesto que Fonseca non esquecerá. Como proba disto, programa a construción de sólidos muros para a súa defensa, así como un conxunto de normas para o seu bo goberno. Artaza, R. (1992): op. cit., p. 135.

33 Arredor do ano 1597, cando se está a tratar sobre as defensas da cidade, realízanse os planos que dan conta aproximada da configuración da urbe. Acométese este desenvolvemento de planos pensando, primeiramente, na defensa da cidade. Isto xustifica de máis as imprecisións que se poidan observar. Nun dos planos nin sequera se representa o existente nese espazo interior, sen dúbida, foi proposto co ánimo de enviálo á Corte nun momento no que se corre perigo de que a vila de Muros sexa atacada pola escuadra inglesa.

que corrían seguramente cadanseu regato. Na parte superior do poboado, un poderoso lenzo de muro unía estas dúas partes para pechar o conxunto, envolvendo así a totalidade do espazo cidadán³⁴.

A muralla pretendía reforzar a seguridade da vila, e por iso se realizou a maneira de pétrea fortificación, con grandes cubos e portas fortemente defendidas por elevadas torres. O muro, que alcanzaba unha altura duns seis ou sete metros, remataba en ameas, reforzando deste xeito o seu carácter de elemento defensivo³⁵.

O muro, ao igual que o de Noia, presentaba un aspecto sólido e robusto, cunhas caras visibles, externa e interna, realizadas con bloques de pedra relativamente regulares. A súa anchura, duns dous metros e medio, era tamén coincidente coa da muralla noiesa. E tal como sucedía en Noia, tamén en Muros a nova cerca abrazaba a totalidade do espazo a protexer. Igualmente, non só pechaba o espazo edificado, senón que tamén espazos libres quedaban no seu interior. Ao mesmo tempo,



A muralla. Portas principais. Plano de Simancas, detalle

aproveitaba tamén a auga como elemento defensivo natural e seguía as directrices que marcaba o relevo. Coinciden ademais en que axiña xorden ao seu redor espazos novos por causas diversas³⁶.

Eran varias as portas que traspasaban a muralla –dezasete segundo os planos de Simancas, dezaioito segundo algúns autores–.³⁷ As portas correspóndense cos que poderíamos chamar puntos de fuga do tecido urbano, cara a onde se encamiñan as arterias principais. As saídas soen disporse en lugares moi calculados en canto á necesidade, estratexia ou topografía e normalmente en relación co

34 Desta muralla, dinos Rodríguez (1984: 567), fala no preito Tabera-Fonseca, o 15 de Marzo de 1527, Pedro Lorenzo de Sarnón, veciño de Noia, cando é “preguntado si las villas de Noia y de Muros tienen fuerças”, respondendo “que la villa de Muros es una villa de las mejor çercadas que ay en todo el archobispado de Santiago”. A proximidade da data en que a muralla fora (re)feita favorecería, sen dúbida, esta contundente resposta, segundo Barros (2009:17). Este mesmo autor infórmanos, igualmente, que Fonseca-fillo, que nomeara xustamente a esta testemuña para o preito co arcebispo Tabera, mandara facer unha segunda cerca con boa pedra cara a 1520, en premio tamén polo apoio recibido da vila de Muros en 1511, cando ao pouco de ter chegado a Galicia, resulta prendido e desterrado de Compostela pola Audiencia de Galicia, que intercedía así a prol do conde de Altamira, Rodrigo Osorio de Moscoso, pettegueiro da Terra de Santiago, en loita co arcebispo polo control do arcebispado.

35 Artaza (1992: 132-138) refire os seguintes datos sobre a muralla: “Medido el ancho y la altura de los trozos actuales de la muralla en uno de los lugares más conservados, dan lo siguiente: altura de 6 a 7 metros, ancho unos tres metros. Su construcción es de bloque de piedra (mampostería). Dice el cardenal Hoyo... tiene esta villa de Muros una buena muralla toda de cantería y en ella dieciocho torres con sus almenas”. “Esta muralla, segundo Riobóo y Seixas, tenía 912 pasos geométricos de circunvalación, de a seis pies de ancho, con 12 altas torres construídas a trechos, que sirve, una a la Cárcel pública y la otra al Reloj de la Villa, que es de bastante peso y grandeza hacia el mar y la playa o concha”.

36 Pero ademais desas claras coincidencias, as murallas de Noia e Muros presentan igualmente diferenzas salientables, entre as que especialmente sinalaremos dúas:

-En Noia, a amplitude do espazo murado en 1320 consegue reter tras os seus muros o crecemento poboacional practicamente ata a metade do século XX. Pola contra, en Muros, dado o reducido e topograficamente incómodo do espazo cercado, xa se dende moi cedo, o arrabalde da Ribeira vai tomar o protagonismo.

-En Noia a muralla de 1320 vai ser a que se mantén como único elemento defensivo ata a súa desaparición. En Muros, porén, a súa maior exposición ao perigo que chega por mar, do que xa tivera experiencias dolorosas, orixina que cando o uso da pólvora faga aparecer novas armas, axiña se pense en dotar á poboación dun sistema defensivo axeitado que protexa á totalidade do espazo urbano e non só o vello espazo intra muros. Xorde así o cofecido como forte de Muros dotado de pezas de artillería que se completa co emprazamento estratéxico doutras ao longo da baía.

37 Artaza fala de 18 portas, ao igual que Del Hoyo, mentres que Riobóo e Seixas falan de 12. Ver Artaza Malvárez, R. (1992): op. cit., p. 134.

camiño que leva a determinada poboación. Os eixes relevantes resaltan sensiblemente ante os secundarios, pequenas e estreitas ruelas, calellas ou congostras. As portas manifestaban a súa desigual categoría en función da diferente factura arquitectónica e monumentalidade. En Muros a porta principal enfrontaba a actual Praza da Constitución, praza que constituía no pasado un espazo moi diferente ao actual. A entrada na vila cercada debía realizarse neste punto a través da denominada *Porta da Vila*. Tratábase, sen dúbida, da porta máis monumental que se abría na muralla. Esta porta viría coincidir co comezo da rúa do Camiño Novo que conduce á Colexiata e estaba formada por dúas altas torres xemelgas –unha das cales foi derrubada no ano 1834 por atoparse en estado ruinoso– realizadas en boa cantería de perpiaños ben labrados –cantería real– e rematadas en ameas. Eran torres rexas e poderosas e conferían á vila un aspecto inexpugnable. Unha delas, a coñecida logo como a do reloxo –ao contar con este elemento na súa fronte posiblemente dende 1815 12´5 metros de altura e 30 metros en cadro³⁸. O mencionado Artaza chega a ver esta torre en pé formando parte do antigo Concello, e posteriormente é igualmente testemuña do seu derrubo con vistas á realización da nova casa do Concello (1959)³⁹. Esta porta, dado o seu emprazamento, semella que nun principio cumpría funcións de servizo para conectar a vila co areal e embarcadoiro do mesmo nome. Ademais, se se ten en conta a importancia da actividade comercial e pesqueira, esta porta tería unha grande significación no acontecer diario de Muros xa que ao seu través controlábase o acceso da maior parte dos bens que chegaban á cidade.

38 *Ibidem*: 113.

39 *Ibidem*: 113.

A nosa opinión é que as tres portas principais da muralla, e seguimos neste senso a información proporcionada polo plano do XVI, atopábanse colocadas nos tres vértices principais da figura pentagonal que debuxaba a muralla, a saber: o vértice leste, que coincidiría coa denominada Porta da Vila, evidentemente a máis importante para a comunicación tanto coas vilas circundantes como co importante burgo extra muros; e os outros dous vértices cara ao oeste, onde se abrían as outras dúas portas. Á parte, unha porta igualmente importante era a que se atopaba moi próxima á igrexa, incluso no plano do XVI grafítase de maior amplitude que as outras⁴⁰. As demais eran portas de menor importancia e, nalgún caso, tratábase de simples postigos, portas secundarias só aptas para o tránsito de persoas.

Coñecemos dous nomes cos que se designaban portas que eran as principais da vila: porta do *Anfillón*⁴¹ e porta da *Coiraza*⁴².

40 Fálase dela en documentos como unha porta que contaba, ao igual que as anteriores, con altas torres: "Las tres puertas que se citan de la muralla estaban situadas, una al comienzo del llamado Camino Nuevo, entre el Ayuntamiento actual y la casa de los señores Fabeiro y este lugar se le conoció siempre con el nombre de PORTA da VILA; la otra estaba en el sitio que hoy ocupa la verja de entrada a la Casa Rectoral, casi tocando con el alpendre de la Colegiata y la tercera no podemos precisar el lugar, pero creemos estaría por las cercanías de la cárcel", (Artaza Malvárez, R. [1992]: op. cit., p. 113).

41 A referencia á porta do Anfillón figura nun documento pertencente ao Libro de Actas de 1560 transcrito por Fabeiro Gómez (1997: 72), que fala do control do peso da vila, que di: "Pideu o Procurador que se mandase a Pedro Yáñez de Baruta, puxese a Peso do Concello que ten ao seu cargo dende a Porta de Anfillon para o arrabal...". Descoñecemos con exactitude a cal das 17 ou 18 portas que se abrían no muro se refire; o que deducimos do documento en cuestión é que se trata dunha das portas que miraban cara ao arrabalde da Ribeira. Talvez incluso se tratase da porta principal, que sería coñecida por varios nomes.

42 Nun documento de 1435, referido ao foro dun casal, figura o nome de *porta da Coiraza* en referencia seguramente a unha porta que contaba cun acoraizamento en láminas de ferro para mellor protexela. Esta estaba situada preto do Casal dos Arcos e da Casa do Concello: "o noso casal que está en pardyñeiro a Porta da Coiraça e que chaman o Casal dos Arcos que está dentro da Villa de Muro o cual casal se ten por penal con o muro do Concello e da outra parte por penal con outro casal que foy lagar de myn...". Igualmente, un documento de 1496 dado a coñecer por Fabeiro Gómez (1990: 298-299) referido aos particulares da partición da

Igualmente, nun documento de 1587, de pedimento sobre a renda para a luz do Santísimo situada sobre unha horta, faise referencia ao nome dunha porta coñecida como *Rebordiño*: “...me bendieron una huerta que tengo junto a la puerta del Rebordino”. Seguramente esta porta sería unha das que estaban situadas preto do coñecido como río da Torre, que daban saída cara á punta do Rebordiño.

Pero á parte das portas principais, tamén as portas menores ou postigos só aptas para o tránsito de persoas, podían ser coñecidas cun nome concreto. No caso de Muros un documento de 1429 aparecido no libro de Novoa G. (2000: 53) infórmanos dun postigo “que chaman de Juan Alonso Maragata”.

Outros elementos defensivos:

O Castelo de Muros

O perfeccionamento do aparello bélico co desenvolvemento da artillería fixo que a vella e descoidada cerca medieval muradá

herdanza de Gómez Ares de Guisamonde, efectuada en Noia, fala de: “o lagar grande que está dentro da Vila de Muros acerca da Porta da Cuiraza...” “o lagar pequeno do Chalón... o que dito lagar he sito acerca da Porta da Coiraza”. Máis adiante, no mesmo documento, faise de novo referencia á Casa dos Arcos, indicando que se trata de dúas casas coa súa torre que daba á praza da vila e pola que cobran trabucos “paadeeiras e Misquiteiras” e que se sitúan do seguinte xeito: “as quaes setee por costaa de parede da unha parte coa praza da dita Vila de Muros e da outra costaa de parede con casas de Pero Carneiro e entestan por penal de huna parte con casas en que agora mora Diego Díaz e da outra parte en o muro da dita vila”. Pensamos que en todos os casos esta porta era a principal da Vila, cuxas características de importancia e monumentalidade sinalamos xa anteriormente. Sinalar, por último, referido ao termo *coiraza*, que na vila de Tui, dinos Vila, S. (2009): *A cidade de Tui durante a Baixa Idade Media*, Noia, p. 212, que, “un dos elementos máis importante da muralla, e que en parte é un dos poucos que existían en Galicia na Baixa Idade Media, é a coiraza ou coracha. Era esta unha estrutura de gran tamaño e a dobre muro, cos seus parapetos e ameas rematando nunha torre circular. A súa gran lonxitude permitía o abastecemento directo de auga do río Miño. A importancia da Coiraza tudense traduciase tamén na documentación, xa que en épocas de guerra co veciño país, as barcas de pasaxe do Miño debían ficar atadas á coiraza”.



Muros. Restos da muralla na actualidade

mudase nun elemento defensivo totalmente ineficaz. Por iso, a necesidade de protexerse ante as diversas guerras sostidas por España con Francia e posteriormente con Inglaterra e Holanda, durante os séculos XVI e XVII, e en xeral durante todo o período coñecido como Antigo Réxime, deu lugar a prestar de novo unha maior atención ás funcións defensivas, que se orientaron nunha dobre dirección: a mellora das fortificacións preexistentes, por unha banda, e por outra á construción de obras novas.

Se a fame e as epidemias determinaron a demografía no século XVII, e a crise económica fixo o propio na desaceleración do ritmo de construción, foi a guerra a que determinou, en grande medida, o urbanismo da vila de Muros. Os novos tempos da pólvora que volven inútiles as vellas defensas medievais van traer consigo novos elementos para a defensa cunha clara incidencia, igualmente, sobre o espazo urbano.

Pénsase agora na defensa da ría de Muros-Noia concentrando a artillería unicamente no lugar considerado como máis accesible e vulnerable. Parece seguro que o devandito



O castelo de Muros. FONTE: Servizo Histórico-Militar de España

forte edificouse en tempos en que D. Juan Pacheco, Marqués de Cerralbo, era Capitán Xeral de Galicia (1587-1591)⁴³. Este capitán, que participara na defensa da Coruña ante o ataque de Drake (1589), fronte á ineficacia defensiva que representaban as antigas murallas de vilas costeiras como Muros nos novos tempos da pólvora, e co mesmo sentir por parte das autoridades da vila, acorda sería o momento de formular o levantamento dun forte con artillería no extremo sur da vila de Muros. Este forte emprazábase na entrada do

43 O Marqués de Cerralbo foi o encargado da defensa da Coruña do ataque inglés encabezado por Francis Drake no ano 1589. O almirante Drake, que dirixira unha poderosísima escuadra contra as costas da Coruña como represalia á expedición da Armada Invencible e como medio de rachar o comercio hispano das especias así como prestar un apoio a D. Antonio, Prior de Crato e pretendente da coroa portuguesa, provocará un estado xeral de alarma non só na cidade da Coruña senón en toda a costa galega. As vilas de Muros e Noia non van ser alleas a este estado de inquietude e, así, nos primeiros días do mes de maio de 1589, lévanse a cabo reunións nas que se trata do estado das murallas e portas ante un posible ataque, así como resolver a petición de axuda para a Coruña, que por parte do Oidor do Reino de Galicia, se recibe nestas poboacións. A finais do mes, e ante a valorosa defensa dos habitantes da Coruña entre os que destaca a figura de María Pita, Francis Drake decide desistir dos seus ataques. Isto, non obstante, non vai ser motivo de tranquilidade para os habitantes de Muros e de Noia, que pensan agora nun posible ataque aos seus territorios por parte dos ingleses. Ver, AGRAFOXO PÉREZ X. (1991): 'Alarma en Noia ante a ameaza de Drake', pp. 77-84, en *400 anos na historia da vila de Noia*, Noia.

porto, sobre unha masa rochosa⁴⁴. Presentaba forma irregular, cunha fronte marítima que, con dirección leste e forma de ángulo, se internaba no mar⁴⁵. Os lados dese ángulo miraban un cara á ría –o de maior lonxitude–, e outro cara ao porto. Neles dispúñanse dezaseis troneiras para a artillería. Na parte de terra aparecían: un almacén de pólvora, cuartel dos artilleiros, cuartel da guarnición e a cociña. Diante do almacén da pólvora e cuartel de artilleiros aparecía unha muralla en forma de letra M con seteiras para fusís e no que nun lateral se abría a porta principal que daba a unha

praza que servía como espazo de separación entre a antiga muralla medieval e o novo forte defensivo. Por información de Artaza (1959) coñecemos, igualmente, a obriga que tiñan os veciños, non só do burgo, senón de toda a xurisdición e alfoz, de colaborar nas tarefas de reconstrución dos elementos deteriorados do Castelo.



Castelo de Muros. Muro e torreta

44 É lóxico que edificacións destinadas a almacenar a pólvora estivesen separadas da poboación, conformadas por unha arquitectura moi sólida e poderosa de muros grosos reforzados por contrafortes. Igualmente era preciso contar con recintos destinados a albergar os artilleiros así como un número de tropas variable.

45 Ver SORALUCE BLOND, J. (1985): *Castillos y fortificaciones de Galicia. La arquitectura militar de los siglos XVI-XVIII*, A Coruña.

Esta fortaleza, cunha presenza destacada na imaxe de Muros preindustrial, foi logo convertida en cárcere do partido e posteriormente sufrirá unha completa transformación ao ser en parte modificada para Lonxa Municipal, quedando o resto para cárcere. Desta maneira perde todo o seu carácter defensivo e hoxe é irrecoñecible. A finais dos anos 50 do século XX, o espazo onde se levantaba dito castelo e praza frontal, xunto cos restos da antiga muralla, xa se atopaba practicamente desaparecido.

Baterías

Todo o sistema defensivo completábase cunha serie de baterías dun número variable de pezas de artillería que se emprazaban en puntos estratéxicos da baía. A intención era pechar a enseada por medio dun fogo cruzado, converténdoa nun bastión militar inexpugnable ante os perigos que se aveciñaban. Na vila de Muros, ademais do Castelo antes mencionado, unha batería de cinco canóns, estaba instalada no denominado Curro da Praza ou Praza do Concello. Neste lugar, máis reducido do que é na actualidade por mor dos recheos, e sobre as areas da praia, erguíase unha estrutura en pedra onde estaban instalados os devanditos canóns. Estas pezas artilleiras significaron durante moitos anos este lugar da vila, para logo figurar abandonadas e dispersas por varios puntos do espazo urbano. Había outras pezas de artillería instaladas: unha na illa de San Antón, mesmo fronte á anterior, ao outro lado da ría. Constaba dun só canón que enfilaba a vila. Outra estaba colocada preto do cabo Rebordiño "cuyos cañones estaban emplazados en una plazoleta circular de piedra, cuyos restos aún hoy pueden apreciarse hacia la parte del mar, a unos cuarenta metros,

desde la fábrica de Vieta, hacia el faro, en la carretera de Muros a Corcubión"⁴⁶.

EFFECTOS SOBRE A MORFOLOXÍA E ESTRUCTURA URBANAS DAS MURALLAS E FORTIFICACIÓNS

Un dobre aspecto interesa salientar no tema das murallas e fortificacións: a) Os seus efectos sobre a morfoloxía e estrutura urbanas e b) A muralla como símbolo por excelencia da imaxe visual da vila preindustrial.

a) Efectos sobre a morfoloxía e estrutura urbanas

Se as características do terreo e a auga, elementos destacados na defensa natural, xogaron, como vimos, un papel determinante na morfoloxía dos recintos, nun momento concreto o lugar vai pechase cunha cerca ou muro de pedra, e este novo elemento protector construído vai ter igualmente un notable protagonismo no desenvolvemento urbano⁴⁷. As construcións militares inciden

46 Artaza Malvárez, R. (1992): op. cit. No ano 1520 foi mandado construír no Monte Louro, por orde do Arcebispo de Santiago Don Alonso III de Fonseca, un forte no que se van instalar 16 canóns e que no ano 1609 "era considerado como punto máximo de defensa a las incursiones de piratas en la Ría de Muros" (Artaza Malvárez, R. (1992): op. cit.). A enseada de Monte Louro foi frecuente refuxio de piratas, "por su situación al amparo del monte que le oculta de la vista y le permite sorprender al enemigo" (*Ibidem*). Incluso se fala de que neste lugar reparaban as súas naves e acochaban ás súas posibles presas. Este tipo de actuación debía ser bastante frecuente. O ataque a poboacións ben defendidas ou, como no caso que nos ocupa, internarse coas naves nun espazo pechado e descoñecido como eran as rías, supoñía un risco demasiado elevado para estes navegantes atlánticos dominadores do mar aberto. O normal sería fixar unha base de operacións para, dese xeito, alí planificar os ataques. A estratexia adoito empregada pola piratería viqueña consistía en montar sempre os campamentos en illas veciñas ao litoral ou nos esteiros dos grandes ríos, lugares dende os que lanzaban por sorpresa os seus ataques e aos que se podían retirar caso de non lles iren ben as cousas en terra firme (Morales Romero, E. [1966]: *Os viquingos en Galicia*). É comprensible, polo tanto, o interese por montar neste lugar estratéxico de Monte Louro un forte que ía ser o elemento de avanzada na defensa da ría de Muros e Noia.

47 Por regra xeral, o primitivo asentamentos xa contaría con protección, algún caso aproveitando a propia topografía do terreo, pero tamén cercas construídas con elementos percedoiros

no urbanismo das poboacións, reordenando espazos e establecendo incluso un territorio defensivo, como sucede por exemplo coa Torre arcebispal de Muros, ou especialmente co castelo de Muros na entrada da ría, que protexía o seu porto dende o século XVI. Podemos afirmar que foron notables os efectos da xeografía defensiva construída na definición da forma e estrutura urbanas do núcleo de Muros. As diferentes cercas ou muros protectores supuxeron un forte condicionamento para o desenvolvemento urbano. En Muros resulta complicado sinalar os distintos recintos cercados, pois trátase de espazos destruídos por episodios bélicos que supuxeron cambios de emprazamento, ademais de que nalgún caso non se edifica unha nova cerca senón que se reedifica unha anterior.

Notable incidencia no desenvolvemento do núcleo tiveron igualmente as portas que se abrían no muro e que dirixían a rede viaria converxente e diverxente cara a elas. Normalmente construíanse en relación coas vías antigas existentes que conducían cara ás entidades urbanas próximas. O derrubo das portas non supuxo a súa total desaparición. As entradas onde estaban colocadas seguiron a ser as principais da vila e, incluso, o seu nome permanece en moitos casos. De igual maneira, a esixencia, dado o interese militar da muralla, de non permitir edificacións no espazo exterior que circundaba a cidade, así como manter libre de edificios o camiño interior de rolda, vai ter un impacto notable no desenvolvemento urbano futuro. As rúas interiores e exteriores que hoxe circundan os núcleos de Noia e Muros tiveron a súa orixe neses espazos libres.

como madeira, non deberon ser infrecuentes. O número de cintos defensivos construídos na cidade viuse afectado, lóxicamente, pola evolución demográfica.

Os novos tempos da pólvora van traer consigo novos elementos para a defensa dunha clara incidencia sobre o espazo urbano. A instalación dun poderoso forte coas diferentes dependencias na punta rochosa que daba acceso ao porto vai ter unha forte influencia urbana sobre este sector da vila. Unha transformación notable que vai mudar a imaxe de Muros a finais do século XVI. Ademais, toda esta serie de construcións militares que van permanecer en pé ata o século XX, unha vez que desapareza a súa primitiva función por mor da inexistencia das causas que as facían necesarias, van ser empregadas en diferentes usos dando lugar a unha continua transformación deste lugar.

Pero tamén, aínda que a menor escala, a colocación estratéxica dunha serie de baterías de canóns repartidas pola baía, vai producir incidencia destacable en puntos concretos do espazo urbano. Así, a instalación dunha destas baterías na fronte marítima do Curro da Praza, vai outorgar un carácter militar defensivo a este espazo que se prolonga no tempo na presenza dos canóns, aínda cando estes perdan todo o seu valor militar. Aínda que a praza tivo moitas dedicacións e as transformacións ás que se viu sometida foron numerosas, a presenza desta estrutura estivo moi presente ata ben entrado o século XX.

En definitiva, o elemento militar defensivo, tanto natural como construído, tivo unha incidencia notable sobre a paisaxe urbana da vila de Muros.

b) A muralla como símbolo por excelencia da imaxe visual da vila preindustrial

Na paisaxe daquela preindustrial vila de Muros percibida polos contemporáneos como unha amálgama de rúas, prazas, edificacións e solares, un elemento destacaba sobre o resto: a muralla, cos seus lenzos pétreos e as súas

portas monumentais. A cidade pechada por muros constituíu durante séculos o modelo urbano predominante; por conseguinte, a muralla ademais do seu aspecto material vai producir unha representación mental, unha imaxe, que inmediatamente se relaciona co


mundo urbano no seu interior, con unhas determinadas características urbanísticas, unha organización social e un marco político propio. A muralla era algo máis que un obstáculo contra o inimigo. Era, e acaso sexa esta a súa nota máis destacada, a tarxeta de presentación da urbe. A muralla vai ser, xa que logo, o símbolo por excelencia da vila, a súa expresión máis inmediata.

Ao igual que sucede noutras localidades amuralladas, nas representacións da vila de Muros, máis que as súas igrexas ou pazos, ou o seu casarío apertado, destacan as portas, torres e lenzos da muralla que outorgan prestixio e categoría á entidade pechada tras dos muros: “Torres militares defienden la Porta da Vila. Dieciocho torres almenadas dicen que tenía Muros: más que Siena y tantas como San Gimignano”. (Cunqueiro, *El pasajero en Galicia*).

Na percepción visual do recinto histórico de Muros, no seu alzado e silueta, a xeografía defensiva ocupa un lugar principal ata o momento da desaparición física das murallas ou ata que un irracional urbanismo racha, con edificacións de exceso volume e altura, as proporcións urbanas.

CONCLUÍMOS

Das monumentais murallas de Muros e Noia, non queda xa apenas nada. Escasísimos restos no caso de Noia; en Muros amplos lenzos de muro, espaxados, visibles nalgún tramo de rúa. Nada que sexa notorio ou inmediatamente perceptible. Pero, se como sabemos, o destino das vilas foi superar os seus lindes ata destruílas, as murallas exercen sobre Muros e Noia unha influencia que as fixo perdurar no tempo, pois o proceso de urbanización de séculos non vai ser capaz de facer desaparecer unha muralla arrasada e metodicamente saqueada dende o século XVI ata o XIX; antes ao contrario, quedou totalmente



A muralla, símbolo por excelencia da imaxe visual da vila preindustrial. Detalle da pintura de Antonio Ramón Sánchez (s. XVIII)



A vila de Muros na mirada do pintor Mariano Ramón Sánchez (s. XVIII). Pazo Real de Madrid



Alzado e silueta do Muros preindustrial

envolta, rodeada e ocultada por unha vila que fixo dela o seu monumento máis secreto. Un monumento, iso si, descontinuo, que se asoma de súpeto, no recuncho dunha parede, ou no muro interior na traseira das vivendas; pero o seo máis fascinante testemuño constitúe a sucesión de construcións que se ergueron sobre ela. Trátase dunha pegada en negativo do que foi o extremo dunhas vilas obrigadas a defenderse. Cando por motivos de nova edificación sobre solares baleiros, ou substitución de antigas construcións, a liña amurallada libérase das superposicións, as pegadas da muralla fanse de novo visibles, positivándose como proba da capacidade da mesma para vivir sobre ela mesma e transformarse. As murallas son hoxe esa fronteira invisible que as vilas foron transformando progresivamente; porén, ante cada nova obra nese bordo urbano, a muralla aparece a cada paso. Trátase, polo tanto, dun elemento enmascarado nunhas vilas que, ocultándoa, ocupando as súas torres e os seus muros, cinguíronse, sen sabelo, a unha xeometría que non era súa. En calquera caso, o que non se pode negar é que, ademais de tentar defender a vila ante un posible inimigo, cousa que non sempre se logrou, o recinto defensivo foi sempre un elemento que condicionou dun xeito notable a expansión urbana. As fortificacións foron sempre unha barreira física que a vila non puido saltar, e actuaron como un corpiño e como un impedimento á expansión urbana. A importancia das xeografía defensivas no nacemento e posterior evolución dos establecementos urbanos noiés e muradán é un feito innegable. Porén, a maioría dos elementos máis ilustrativos desa defensa atópanse hoxe desaparecidos e o seu recordo apenas ocupa espazo na historia urbana da vila. Corresponde ás persoas con capacidade para isto traelos á memoria, para que unha parte principal da historia de Muros e Noia se faga presente.

BIBLIOGRAFÍA:

AGRAFOXO PÉREZ, X. (1991): *400 anos na historia da vila de Noia*, Noia.

ARTAZA BLÁZQUEZ, RAMÓN de (1953): “Recuerdos del pasado: el castillo y las baterías de Muros” en *Boletín de la Real Academia Gallega*. T. 25, n. 297-300.

ARTAZA MALVÁREZ, RAMÓN de (1908): *Recuerdos de la muy noble, muy leal y muy humanitaria Villa de Muros*, Santiago de Compostela.

(1936): *Da Nosa terra (Folklorismo e Historia)*, Noia.

(1940): *Páginas históricas de la villa de Muros*, Bos Aires.

(1959): *La villa de Muros y su distrito*, Pontevedra.

(1992): *Historia de Muros y su distrito*, A Coruña.

ANDERSON, RUTH MATILDA (2009): Catálogo da exposición: *Unha mirada de antano. Fotografías de Ruth Matilda Anderson en Galicia*, Fundación Caixa Galicia.

(1939): *Gallegan provinces of Spain. Pontevedra and La Coruña*, New York.

BARROS, CARLOS. (2009): *Torres, varas e demos. Os irmandiños da ría de Muros-Noia*, Noia.

2007): “A revolta irmandiña en Noia, Muros e Outes” en *Voces na Historia*. Biblioteca Barbantia. Boiro.

CARRÉ ALDAO, E. (1980): *Geografía General del Reino de Galicia*, A Coruña.

CUNQUEIRO, A. (1989): *El pasajero en Galicia*, Barcelona.

CHUECA GOITIA, F. (1986): *Breve historia del urbanismo*, Madrid.

FABEIRO GÓMEZ, M. (1969): *La villa de Noya: Defensas, posesiones y regalías*, Santiago de Compostela.

(1989): *Os touros en Noia*, Noia.

(1990): *Páxinas históricas de Noia*, Noia.

(1997): *Páxinas históricas de Muros*, Noia.

(1944): “Muros” en rev. *Finisterre* n. 14.

(1962): “Muros, vila mariñeira” en *Vieiros*.

FERREIRA PRIEGUE, E. (1988): *Galicia en el comercio marítimo medieval*, A Coruña.

GARCÍA ORO, J. (1987): *Galicia en los siglos XIV y XV*, 2 tomos, Santiago.

GARCIA VIDAL, P. (2016): *Noia e Muros, paisaxes urbanas de séculos I. Dende as orixes ata o ano 1950*, Noia.

(1992): “Os centros históricos das vilas da Galicia costeira: aproximación á súa problemática a través de dous casos concretos”. *VI Coloquio Ibérico de Xeografía*, Porto, pp. 129-134.

(2003): “A ría de Muros-Noia no Atlas do Rei Planeta”, rev. *Alameda*, nº 11, Noia, pp. 15-22.

(2004): “Xeografías defensivas nas vilas de Noia e Muros”, *Actas da IV Semana da Historia de Noia*, Casa da Gramática, Noia, pp. 39-69.

(2010): “Noia Portus Apostoli. A peregrinación por mar a Compostela e a ría de Muros-Noia”, rev. *Alameda*, nº 36, Noia, pp. 27-33.

(2011): “A vila de Muros: Un percorrido por unha paisaxe urbana de séculos. Algunhas claves para a interpretación dunha paisaxe urbana singular”, en *Muros. Memoria gráfica*, Deputación de A Coruña, pp. 15-70.

(2017): “As Cartas Pobras de Noia e Muros. A partida de nacemento das vilas”, en *Barbantia, Anuario de Estudos do Barbanza*, pp. 11-31.

(2023): “Defender a ría en tempos da pólvora”, rev. *Alameda*, n.º 65, pp. 35-42.

JUEGA PUIG, J. (2014): *El comercio marítimo de Galicia. 1525-1640*, Pontevedra.

LÓPEZ ALSINA, F. (1987): “La formación de los núcleos urbanos de la fachada atlántica del señorío de la Iglesia de Santiago de Compostela en el siglo XII: Padrón, Noya y Pontevedra” en *Homenaje de la Facultad de Geografía e Historia a los profesores D. Manuel Lucas Álvarez y D. Angel Rodríguez González*, Santiago, pp. 107-117.

LÓPEZ, ATANASIO (1916): “Hospital de pobres en la villa de Muros” en *Boletín de la Real Academia Gallega*, t. 9, nº 106.

(1914): “Antigüedades muradanas” en *Boletín de la Real Academia Gallega*, nº. 81.

(1947): “Memorias históricas de la villa de Muros” en *Nuevos estudios históricos acerca de Galicia*, C.S.I.C., Madrid.

LÓPEZ FERREIRO, A. (1983): *Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela*, [1903], Santiago.

(1975): *Fueros Municipales de Santiago y de su Tierra*, [1895], Madrid.

NOVOA GÓMEZ, M. A. (2000): *Las gentes de Muros en sus primeros documentos*, Santiago de Compostela.

SORALUCE BLOND, J. R. (1985): *Castillos y fortificaciones de Galicia. La arquitectura militar de los siglos XVI-XVIII*, A Coruña.



*A*rquitectura do ocio en Muros:
Teatro Mercedes, Cine París e Cine Avenida

Margarita Novo Malvárez

*Profesora de Historia da Arte
da Universidade das Illas Baleares*

A vila de Muros conta con moitos edificios singulares, entre os que se atopan o Teatro Mercedes, o Cine de París e o Cine Avenida, que destacan polas súas características formais e polo seu valor histórico-artístico. Os tres ocupan un posto destacado na memoria colectiva de Muros xa que o teatro, e principalmente o cine, xunto co baile, e a excepción das prácticas eclesiásticas, constituíron as principais actividades de ocio popular entre 1925 e 1975.¹

Estes espazos son lugares cunha atmosfera especial, que os muradáns e muradás lembramos con nostalxia polo que aquí vimos, vivimos e sentimos noutro tempo, cando a vida nos semellaba marabillosa e prometedora a partir do proxectado no gran lenzo branco das pantallas que aquí se despregaron para encher de soños as nosas vidas.

A memoria que nos achega a estes edificios, e principalmente ás actividades que se desenvolveron neles e que conforman un rico patrimonio inmaterial, non podería ser recuperada sen a inestimable colaboración das familias propietarias dos cines muradáns, a familia París e a familia Freire, e doutras persoas que amablemente contribuíron ao avance desta investigación. A súa xenerosidade á hora de compartir lembranzas e documentos gráficos foi a que fixo posible que poidamos rememorar un pasado entrañable vinculado á nosa historia recente.

¹ A popularidade deste entretemento queda de manifesto nos datos recabados pola Junta de Protección de Menores, que estima que a finais da década de 1940 nas principais cidades españolas as persoas acudían ao cine unha media de corenta e cinco veces ao ano (Montero 2002, 180). Nos núcleos de menor entidade, esta porcentaxe era máis reducida, pero sen deixar de ser elevada.

1. INTRODUCCIÓN

Durante o pasado século XX, ademais do Teatro Mercedes, no municipio de Muros houbo en funcionamento varios cines.² Estes formaron parte dos case cincuenta existentes na comarca, e dos que aínda permanecen algúns para seguir alimentando a memoria do que un día foron, pese a que hoxe a maioría deles comparten un aire común de decadencia.³

Táboa 1. Cines dos concellos de Muros e Carnota

Localidade	Data	Arquitectos
Muros	Salón Muradano (1921)	Leoncio Bescansa Casares
	Teatro Mercedes (1925)	Antonio Vicens Moltó
	Cine París (1943-1983),	
	Cine Avenida (1952-1972)	
Louro	Cine Rosa (1961)	José María Iglesias Atocha
Esteiro	Cine Miramar (1950-1979)	Ramiro Mariño Caruncho
Carnota	Cine Lestón (1952)	
Lira	Cine Lira (1960)	

Fonte: *Cines de Galicia* (2012). José Luis Cabo Villaverde e Jesús Ángel Sánchez García (Eds.).

As décadas nas que estes cines estiveron en pleno apoxeo foron as de 1950 e 1960, a excepción do Cine París, que xa contaba con moita audiencia nos anos 40.

Estes negocios muradáns non se poden desvincular do contexto xeral no que se insiren, onde, primeiramente, debemos facer referencia ao papel desempeñado polas cidades

² <https://www.cultura.gob.es/planes-nacionales/en/dam/jcr:2854acd5-f1ad-49e0-b969-d4da93f0dd5f/inventario-cines-ipce-listado-2023.pdf>.

³ Véxase Sendón Trillo M., Sendón Ogando, O. e Torreiro Gómez C. (2009). *Derradeira Sesión*. Santiago de Compostela: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Secretaría Xeral de Cultura.

da Coruña e Vigo. Se ben A Coruña foi pioneira en introduci-lo cine no territorio galego, Vigo será a cidade que marcará a nova traxectoria a seguir, grazas á iniciativa do empresario Isaac Fraga, que no 1930 inaugura as sesións sonoras do Tamberlick.⁴

En concreto, o 2 de setembro de 1896, o Teatro Circo da Coruña acollía a primeira proxección cinematográfica na nosa comunidade.⁵ Ao día seguinte, e en relación coa novidade que implicou a chegada do cinematógrafo, publicouse unha noticia no xornal *El Telegrama*: “Una serie de fotografías instantáneas puestas en movimiento, ampliadas por una poderosa lente y proyectadas sobre una superficie blanca, constituyen, en resumen, el mecanismo del Cinematógrafo”.⁶ Dende este momento, no territorio galego comezaron a proliferar os cinematógrafos que, nos primeiros tempos, ofrecen películas mudas. Moitas veces estas tamén serán proxectadas polos ambulantes que ían percorrendo distintas localidades da nosa xeografía, especialmente as máis afastadas das grandes cidades.⁷

No ano 1933, bastantes localidades contarán xa con instalación sonora estable, o que significa un grao máis de categoría para estas poboacións ao posuír un novo signo de progreso.⁸ Pola súa banda, a chegada do

sonoro afectou negativamente os músicos profesionais, que perden postos de traballo.

Táboa 2. Salóns cinematográficos en Galicia no 1935

Zona xeográfica	Sonoros	Mudos	Totais
A Coruña	33	32	65
Lugo	8	13	21
Ourense	7	13	20
Pontevedra	31	21	52
Total	79	79	158

Fonte: Guía de la Industria y el Comercio Cinematográfico en España, Arte y Cinematografía (1936). Joaquín Freixes Sauri.

No teatro Mercedes non nos consta que houbera cine sonoro e, con probabilidade, a idea de abrir un novo cine habería que relacionala con esta implantación.

2. TEATRO MERCEDES

En relación co Teatro Mercedes, hai que lamentar a falla de información documental, tanto sobre o negocio coma sobre o inmoble, a excepción dunha pequena alusión recollida nunhas actas municipais de 1933.⁹

O edificio, probablemente construído no 1925, segundo a data que aparece na fachada, foi promovido polo avogado, xuíz e académico natural de Muros, Ramón de Artaza e Malvárez, quen dedica o teatro á súa segunda muller, Mercedes Blázquez Jiménez, filla do insigne xeneral e académico da Real Academia da Historia e xeógrafo, don Antonio Blázquez y Delgado Aguilera.

Por estes anos, o matrimonio instálase en Muros, procedente dun contexto urbano e burgués onde os teatros estaban de moda como espectáculos de variedades nos que se representaban obras, se proxectaba cine

⁴ https://www.cervantesvirtual.com/obra-visor/la-implantacion-del-cine-sonoro-en-galicia--0/html/ff8ac41e-82b1-11df-acc7-002185ce6064_6.html


⁵ Un ano antes en Francia nace o cine, e nos baixos do Grand Café de París tivo lugar a primeira proxección cinematográfica pública organizada polos irmáns Lumière.

⁶ <https://www.academiagalegoadiovisual.gal/es/125-anos-de-la-primera-proyeccion-cinematografica-en-galicia/>

⁷ Estes acostumaban aproveitar as instalacións dos teatros onde despregaban unha saba para poder visualizar a película.

⁸ Véxase, Quiroga Valcárcel, L. M. (2002). *La implantación del cine sonoro en Galicia*. Alicante: Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes. <https://www.cervantesvirtual.com/obra/la-implantacion-del-cine-sonoro-en-galicia--0/>

⁹ Actas municipais do Concello de Muros, do día 6 de xaneiro de 1933.



Actas municipais do día 6 de xaneiro de 1933 (Muros).
Fonte: Arquivo documental do Concello de Muros.
Fotografía da autora

mudo ou tiñan lugar actuacións musicais. A iniciativa de abrir o Teatro Mercedes remitenos á súa intención de traspoñer na vila parte deste



Curro da Praza (1940c.). Fonte: Arquivo Juan Malvárez Dubert



Grupo de teatro (1925c.). Fonte: Arquivo Juan Malvárez Dubert



Ramón de Artaza e Malvárez e a súa muller Mercedes Blázquez Jiménez (1923). Fonte: Arquivo Juan Malvárez Dubert



Ramón París, Isidro García, Juan Malvárez e outros amigos (1930c.). Fonte: Colección particular María Luisa París Lestón

ambiente glamouroso que os Artaza lembran con nostalxia.

Nun principio, aquí representáronse obras de teatro, pero coa chegada do cinematógrafo instalouse un proxector fixo que permitiu visualizar películas de cine mudo, en concreto de Charlotte e de Buster Keaton, que acadaban un cheo absoluto de público, tanto masculino coma feminino.

Os traballadores foron José Baña, máis coñecido como Pepe de Muxián, encargado da proxección, e Laureano Fernández, que era o acomodador.¹⁰ A este primeiro cadro de persoal, incorporouse tamén Ramón París Rodríguez, quen viu as oportunidades do negocio e logo tomou a decisión de abrir un cine propio.

Pasado o tempo, e ante a inminente marcha de Muros dos propietarios do inmoible, Ramón de Artaza e Malvárez e Mercedes Blázquez Jiménez, determinouse a venda do teatro, que se fixo efectiva no 1947. Nas escrituras notariais aparece referido como Cine Mercedes. Este foi mercado por Isidro García Dubert pola cantidade de 11.000 pesetas, para destinalo a almacén de carbón para os seus barcos.

Con posterioridade o edificio foi alugado a Claudino Outón e a Enrique Lourido, orixinarios da Serra de Outes, pero que fundan en Muros a empresa Transportes Outón e Lourido.¹¹ Ambos deciden abrir aquí o negocio co obxectivo de enviar o peixe das regateiras de Muros, á Coruña e a Santiago, fundamentalmente aos hoteis, entre os que figuraba o Hostal dos Reis Católicos. Os camións acostumaban saír de noite, sobre as 3 da mañá, porque a viaxe era longa. Nos sotos da praza da pescadería clasificábase e empacábase o peixe para levar, e á volta da viaxe os transportistas traían os consumibles de ultramarinos que aquí facían falla, coma viño, fariña e azucre, cacahuetes...

Máis tarde, no vello teatro habilitaron un taller, coñecido coma o taller do Galdrán. No 1983 este pechou e, un ano despois, o edificio comezará unha nova andadura vinculada á



Praza da Pescadería (Muros) (1930c.). Fonte: Fondo Josep Gaspar i Serra. Arxiu Nacional de Catalunya. ANC1-23-N-1357



Teatro Mercedes. Figura alada central.
Fonte: Fotografía da autora



Teatro Mercedes. Vista da fachada. Fonte: Fotografía da autora

función hostaleira, que xa non se interrompe ata a actualidade.

2.1. Estrutura e características do inmoible

En relación co edificio, a parte que máis chama a atención é a fachada, que presenta elementos de estilo modernista, vinculados

¹⁰ Ambos traballarian tamén, anos despois, no París Cinema.

¹¹ Os camións da empresa gardábanse no baixo da familia Gil de Noia.

ao *Art Nouveau*.¹² Nela destaca unha figura alada central, enmarcada por un frontón semicircular con molduras, e disposta baixo unha data, 1925, que probablemente alude ao ano da súa construción ou inauguración.

A continuación, o nome do teatro orgánizase en letras modernistas e, xunto a el, seis vans situados simetricamente achegan luz ao interior. Estes teñen unha distribución sinxela, pero impecable e elegante.

A estrutura interna, hoxe moi modificada, articulábase arredor dunha sala rectangular con dous niveis onde se distribuían regularmente os asentos de madeira.¹³ A parte baixa era máis custosa, mentres que na planta alta estaba o sector xeral, máis barato, e que popularmente xa se coñecía como galiñeiro. A máquina de proxección tamén estaba nesta planta.

A pesar do valor estético do edificio, descoñécese o nome do arquitecto, nin sequera se existía un proxecto técnico, que daquela non era preceptivo, aínda que temos motivos para pensar que aquí traballou como canteiro Francisco Iglesias Lado, ou incluso tamén o seu pai, dadas as analoxías existentes con outros inmobles nos que participaron estes artesáns.

Por último, en relación con este tema convén sinalar que nas inmediacións do Teatro Mercedes, tamén no Curro da Praza, estaba a casa familiar dos Malvárez, xusto ao lado da de Ramón de Artaza, casa que tamén relacionamos co mundo do cine. O motivo é que nos anos de 1920, o párroco Xoaquín Malvárez, vendo o éxito que estaba a acadar o cine mudo, mercou unha cámara para proxec-

tarlles películas aos nenos e ás catequistas de Acción Católica, no baixo desta vivenda. Con esta iniciativa, pódese constatar que foi un pioneiro xa que, de feito, non foron moitos os cregos que promoveron o cine dende as súas orixes. Máis tarde, durante o franquismo, a incursión dos relixiosos neste mundo non foi ben acollida debido aos pecados e frivolidades que se lle atribuían ao mundo do celuloide.¹⁴

3. CINE PARÍS

O negocio do cine en Muros continuou con Ramón París Rodríguez e o seu fillo José Ramón París García, coñecido como Pepe de Carcamán. Estes abriron un novo cine nun local que Ramón lle mercou ao seu cuñado Isidro García Dubert e que, a súa vez, este lle adquirira no 1939 a Abelardo Dubert Siaba, local que, ata entón, funcionaba como garaxe. En homenaxe ao seu apelido chamáronlle París Cinema, converténdose co tempo nunha das salas de cine máis populares e relevantes da comarca. Nos seus anos mellores, que coincidiron coas décadas de 1950 e 1960, aquí houbo dúas sesións ao día, pola tarde e pola noite.¹⁵

Unha vez tomada a decisión, e coa intención de cumprir coa legalidade, Ramón París solicitou autorización para abrir o negocio á Xunta Provincial da Policía de Espectáculos Públicos. A este trámite axuntou, como era obrigatorio, o proxecto e a memoria, que foi


¹² Véxase, Soraluze Blond, J.R. (2005). 'La arquitectura ecléctica en Galicia'. *Abrente*, 35-37, pp. 183-226.

¹³ Cando pechou este negocio, estes asentos foron queimados no forno da panadería de Rogelia.

¹⁴ Véxase Colmenero Martínez, R. (2014). 'Iglesia católica y cine en el franquismo'. *Historia Actual Online*, 35 (3), pp.143-151.

¹⁵ Os anos 1958 e 1959 acusaron un incremento grande de sesións, tanto neste cine coma no Cine Avenida. A causa foi o aumento da sardiña na ría, que implicou a chegada de tarrafas con moitos mariñeiros de fóra que viñeron para pescala. Estes chegaron desde Sada, Cariño e Malpica. Cando os tarrafeiros regresaban de traballar no mar, xantaban nas casas dos veciños, acudían aos bares e fondas e aos cines, que programaron múltiples sesións para entretelos.

redactada no 1943 polo arquitecto coruñés Leoncio Bescansa Casares.¹⁶



Proxecto técnico do Cine París asinado polo arquitecto Leoncio Bescansa Casares (1943). Fonte: Arquivo documental do Concello de Muros



Carnet de operador de cinematógrafo de José Ramón París García (1943).
Fonte: Colección particular María Luisa París Lestón

En paralelo, o seu fillo Pepe fixo un curso e un exame en Vigo, que o habilitou como técnico operador de cinematógrafo.

O proxecto cumpría coa normativa vixente (iluminación, ventilación, baños...) e describía unha edificación a realizar en formigón armado, carpintería de madeira de castaño, cuberta de cinc e pavimentos de madeira e baldosa hidráulica, dos que aínda quedan algunhas mostras. O edificio resultante pódese clasificar dentro do estilo ecléctico modernista con reminiscencias do *art déco*, que queda especialmente patente na fachada. Esta está sostida por catro arcos rebaxados que descansan sobre sólidos piares cuadrangulares e conforman un gran soportal que servía para protexer as persoas na entrada do cine. No seu interior tiña un dobre posto a dous niveis, de case 400 metros por planta. O superior abríase como un posto semicircular, formando un espazo interior aberto. A decoración realizouse a base de soportes e molduras de madeira de estilo *decó*. Probablemente o traballo de cantería foi realizado por Francisco Iglesias.



Fronte de fachada do Cine París. Fonte: Fotografía da autora

¹⁶ Leoncio Bescansa foi un arquitecto moi sonado e prolífico, que se moveu entre o modernismo e o eclecticismo histórico, unha vez superado o historicismo dos seus primeiros proxectos. Véxase Garrido Moreno, A. (2002). "Leoncio Bescansa Casares". En *Artistas Gallegos. Arquitectos. Arquitectura modernista, ecléctica e rexionalista*. Vigo: Nova Galicia Edicións, pp. 236-255.

<https://dbe.rah.es/biografias/36284/leoncio-bescansa-casares>

Unha vez resoltas as cuestións formais e rematada a obra, o cine abre as súas portas. Isto terá lugar no ano 1944, en plena posguerra.

3.1 Estrutura e características do inmoble

O edificio, que ocupou o Cine de París, é unha construción de planta rectangular totalmente independente, que só comparte a súa medianeira traseira con outra propiedade. Nos primeiros tempos, nada máis entrar atopábase un vestíbulo, á dereita do cal estaba a *taquilla*, e á esquerda un servizo con lavabo e aseo. Logo fíxose a pastelería, e o aseo situáronse a ambos lados da pantalla (homes á esquerda e mulleres á dereita). Á dereita da pantalla había tamén un piano vertical, que con probabilidade serviu para acompañar as películas mudas.

Na planta baixa, tras o vestíbulo, había unha gran sala con cadeiras de madeira de castaño, primeiro, e de ferro forxado tapizadas en vermello, despois. O asento levantábase ao remate de cada sesión para comprobar que non houbera cabichas de cigarros acesas. Da banda esquerda do vestíbulo partía unha escaleira que levaba ao segundo nivel. Esta tiña unha porta a media altura que se pechaba ao comezo da función, para que non se escoitase o ruído da xente que estaba abaixo fumando e falando. Pola escaleira chegábase ao anfiteatro, onde se dispoñían os asentos en filas. No piso de arriba tamén estaba o galiñeiro, formado por unha estrutura cadrada de madeira con cadeiras pregables. Esta era a parte máis popular e tamén a máis barata.

Detrás dos asentos, na parte dianteira superior, e cunha fantástica vista do varadoiro, había unha pequena galería con fiestras de guillotina decoradas con fotografías enmarcadas de actores.

Aquí tamén estaba a sala de máquinas, que era a área máis privada, e a cantina. Na cabina de proxección había catro máquinas de marca Ossa dúas para montar as cintas e



Galería Cine París. Fonte: Fotografía da autora



Cámara de proxección do Cine París.
Fonte: La Voz de Galicia (15/03/2020)



Entradas Cine París. Fonte: La Voz de Galicia (15/03/2020)

dúas cámaras para a súa proxección.¹⁷ Pola súa parte, a cantina era moi frecuentada no descanso, e nela despachábase café, té, cervexa, Mirinda, Pepsi Cola, Topacio e Orange. Os dous últimos eran refrescos, de limón e laranxa, respectivamente, elaborados na fábrica de

¹⁷ Nalgunha ocasión, cando se proxectaba a película, escoitábase un ruído procedente da unión dos rolos, que ía acompañado dun parpadeo de pantalla. Neste momento, o público protestaba e pataleaba.

gasosas de Ramón París Rodríguez, empresa xestionada tamén polo dono do cine.¹⁸

3.2 Dinámica cotiá

Nas horas previas á proxección da película, Pepe de Carcamán poñía música de moda, que se escoitaba polos altosfalantes do cine, mentres a xente paseaba ou esperaba no peitoril, e tamén se repartían os programas de man, que en Muros se coñecían coma prospectos. Ás veces, Pepe tamén cantaba.¹⁹ As entradas mercábanse na *taquilla* e especificaban o importe, o número de asento e a data.

Estas eran relativamente baratas, aínda que o prezo variou segundo a época e a zona (dende unha peseta, tamén chamada leandra, a 40 pesetas).²⁰ En preferencia o custo era máis alto que en butaca, e o máis barato era o galiñeiro.

Nos primeiros tempos, antes de comezar a sesión, vendíanse castañas en cartuchos de papel de barba. Estas asábanse no forno de Rogelia e levábanse en cestos ao cine.²¹ Unha vez aberta a pastelería, o habitual era que, antes de entrar, a xente mercase un doce: galletas de dous reais e de real, bolos de leite, cocos, amendoados, cañas de crema, merengue ou cabelo de anxo, rosquillas ou, as sonadas lin-

guas e cristinas. Co tempo tamén se venderon xeados, primeiro de marca Camay e despois de marca Camy. Tamén se vendían cacahuets, en cucuruchos, e as cascas eran tiradas ao chan. Posteriormente foron substituídos polas pipas.

Durante o franquismo, a sesión comezaba sempre co NO-DO (Noticias Documentais) que, dende xaneiro de 1943, era unha proxeción obrigatoria e, xunto coa censura, representaba unha medida de control cultural. O NO-DO era o telexornal da ditadura e o seu maior órgano de propaganda.

3.3 Películas

As películas, tanto neste cine coma no Cine Avenida, foron contratadas por lotes aos representantes das casas comerciais da Coruña e Vigo, que se desprazaban a Muros para mostrar os fotogramas publicitarios, e axudar aos propietarios na selección. Na década de 1960, a cifra andaba polas cincuenta películas por trimestre. Os lotes contratados estaban formados principalmente por películas españolas, ás que se adoitaba engadir unha ou dúas estranxeiras. O prezo dos lotes era negociable, e estes incluían películas "boas e malas". Polo xeral, as españolas eran máis baratas e "máis axeitadas". Isto debemos relacionalo coa política proteccionista e autárquica do franquismo, interesado tanto na promoción dos produtos autóctonos como en evitar influencias non desexadas que chegaban de fóra, aínda que é innegable que, en xeral, as películas estranxeiras tiveron máis éxito.

A película chegaba todas as semanas co NO-DO por Finisterre ou Castromil, da Coruña ou de Vigo. Estas viaxaban en grandes bolsas de lona, que contiñan as caixas de aluminio numeradas onde estaban os rolos. A etiqueta da bolsa levaba escrito o título da película, o nome da produtora e da casa comercial que

18 Ademais desta, en Muros houbo outras dúas fábricas de gasosas, unha de Alonso Dubert e outra denominada "O Cabaneiro", de don Pablo Roura. Tamén houbo unha fábrica de xeo, que era coñecida como "A nevera".

19 Por exemplo, o día do Carme cantaba a Salve, no momento preciso no que a procesión marítima coa Virxe chegaba á terra.

20 Moncho, que tanto estaba na *taquilla*, como de porteiro, como acomodando nas salas, moitas veces deixaba pasar pola porta lateral a xente que non tiña cartos para pagar a entrada, unha vez que a película estaba empezada.

21 O inicio da sesión era anunciado por Pepe de Carcamán co "preciso momento". A xente dicía "Hai que ir xa que Pepe de Carcamán xa dou o preciso momento". Isto hai que relacionalo coa presenza nos primeiros cines da figura dun charlatán, quen lle explicaba ao público o contido da película e despois dicía "Adelante, señores, adelante. Este es el preciso momento en que va a dar principio la función".

a distribuía, e o enderezo do cine. Entre as produtoras e distribuidoras máis comúns neste tempo destacaron Filmax; Emilio Baños –que foi unha institución do sector cinematográfico galego– e Suevia Films, dirixida por Cesáreo González, e considerada a produtora máis prolífica do cine español durante o franquismo.

A promoción das películas facíase a través dos altafalantes do cine e no escaparate situado entre a pastelería e a *taquilla*. Aquí expuxéronse os *afiches* (carteis ou pósters) xunto aos fotogramas de cartón. Co paso do tempo tamén se engadiu un escaparate xunto á panadería de Rogelia. Uns quince días antes da proxección, os carteis grandes eran pegados nas paredes con maior visibilidade da vila, cunha masa a modo de engrudo feita con auga e fariña da pastelería. Tamén se repartían os prospectos (programas de man), polo Camiño Novo e na saída da igrexa. Unha vez proxectada a película, estes materiais empregados para a promoción queimábanse no forno da panadería.²²

Coas películas o habitual era que chegase tamén as instrucións da censura, que obrigaban o responsable da proxección a marcar na máquina de montaxe as imaxes que había que cortar. A censura foi unha realidade durante o franquismo, e o réxime controlou, a través da Xunta de Censura, as películas proxectadas nos cines durante os corenta anos de ditadura, principalmente as películas estranxeiras, xa que as españolas xa sufriran o paso previo da censura do guión.²³

A este control sobre o cine dende o ámbito político hai que sumar tamén o efectuado

²² Unha das películas máis exitosas foi Ben-Hur, que foi proxectada sete veces.

²³ Véxase Gil Gascón F. (2021). “Censurar para evitar el peligro: las censuras cinematográficas durante el franquismo, 1939-1959”. *Ler Historia*, 79, pp.17-38. <https://journals.openedition.org/lerhistoria/8880>

dende o ámbito eclesiástico e, de feito, durante a ditadura conviviron as dúas censuras. A segunda, poderíamos dicir que actuou como censora da primeira, como censora da propia censura.²⁴ Segundo o criterio da Igrexa, as películas dividíanse segundo a súa “perigosidade”, e ata 1946 a clasificación fíxose segundo un código de cores.

Táboa 3. Censura eclesiástica (ata 1946)

Branco	Todo o mundo pode vela
Azul	Para pequenos e maiores
Rosa	Só para adultos
Gra	Gravemente perigosa

Fonte: Confederación Nacional de Padres de Familia 1946.

Na década de 1950, foi adoptada unha nova categorización que incluía novos elementos.²⁵

Táboa 4. Censura eclesiástica (dende 1950)

1R.	Con reservas para nenos
2.	Maiores de 14 anos
3.	Maiores de 16 anos
3R.	Maiores con reserva
4.	Maiores de 18 anos
5.	Maiores de 21 anos

Fonte: Como un espejo. Drama humano y sentido religioso en el cine contemporáneo (2004). Juan Orellana Gutiérrez de Terán.

Aos cines de Muros as películas chegaban acompañadas dunha ficha coñecida coma “a folla da censura”, onde se indicaba que sectores

²⁴ Os colectivos católicos consideraban insuficiente o control que tiña o Estado sobre diferentes cuestións morais e, aínda que a Igrexa non podía prohibir a exhibición dunha película nin modificala segundo o seu criterio, entendían que si podía emitir unha opinión para influir na opinión pública. Así se fixo, e esta tarefa foi realizada principalmente por Acción Católica. Véxase González Ballesteros, T. (1981). *Aspectos jurídicos de la censura cinematográfica española. Con especial referencia al período 1936-1977*. Madrid: Complutense. <https://journals.openedition.org/lerhistoria/8880>

²⁵ Co paso do tempo, engadíronse as películas S: poden ferir a sensibilidade do espectador (eróticas ou violentas).

da poboación podían velas.²⁶ A folia oficial de censura colocábase sempre ao lado dos afiches, e no escaparate do cine, mentres que a censura eclesiástica era colgada na porta da igrexa parroquial nun marco de madeira.

A partir dos anos de 1960, o franquismo abriu a man en canto á censura, querendo presentar España como un país moderno e, en consecuencia, se lles pediu aos actores e ás actrices facer unha dobre versión: unha película para España, e outra con escenas máis contundentes para o estranxeiro. En 1976 abolíuse a censura previa dos guións cinematográficos e comezou a etapa de des-tape.²⁷ Dende entón, os fotogramas do Cine París exhibidos no escaparate mostraron con certa asiduidade as actrices espidas pero cos peitos cubertos de estrelliñas ou corazóns. No 1977 rematou a censura.

3.4 Anécdotas e curiosidades

No cine París sucederon gran cantidade de anécdotas e situación curiosas que sería imposible nomear neste espazo. Con todo, hai algunhas ás que debemos aludir polo significado que tiveron para os muradáns. Entre elas é de destacar as múltiples veces que aquí se proxectou a película "El Hereje" (1958) de Folco Lulli, rodada en Muros e onde moita xente do pobo participou coma figurante.

Outra actividade que os muradáns lembran con gran nostalgia, e que tivo este cine como escenario, foi a actividade musical. Especialmente significativas foron as actuacións nos anos de 1950 do *Trío Blancaber* (Blanco, Caamaño e Bermúdez) e do grupo musical *Relembros*, que centrou a súa actividade na



Retrato do actor italiano Folco Lulli (1957).

Fonte: Arquivo Perpetua Malvárez Gil



Figurantes película El Hereje (1957).

Fonte: Colección particular Josefa Malvárez Fiuza

década dos 60.²⁸ En *Relembros*, ademais dun coro, houbo varios solistas recoñecidos, entre os que destacou Ramona de Campo de Cortes,

²⁶ En moitas ocasións, estes cines foron sometidos a inspeccións para comprobar que se cumpría co indicado no referente á censura.

²⁷ <https://www.rtve.es/play/videos/documental/mujeres-censura/16002452/>

²⁸ Este foi un importante grupo musical de Muros promovido por Santiago da Calota, que non só contaba cun coro senón tamén con solistas que cantaban temas clásicos e famosos da época, entre eles moitos boleros e rancheras.



Trio Blancaber.

Fonte: Colección particular José Caamaño García

máis coñecida como a Gran Ramona, que “coa forza da súa voz facía retumbar o cine”. Tamén son dignas de mención as actuacións do *Trío Madeira*, un famoso trío que se puxo este nome porque os seus membros eran carpinteiros: Santiago e Pepe da Calota e Manolo Blanco. Outras voces moi apreciadas neste mesmo contexto foron as de Manolo do Bahía, Juan Lojo, Nandito Lago e Paletó, entre outros. Pola súa parte, Paco Búa tocaba con frecuencia a guitarra e Suso de Lelada, o Gran Suso, acostumaba disfrazarse e facer de humorista, deleitando o público asistente a estas funcións.

Outra iniciativa de enorme interese que utilizou o espazo do cine para o seu desenvolvemento foi o Pregón de Reis, actividade cultural promovida por Juan Gestal co fin de

financiar a Cabalgata de Reis. Convidando a persoas destacadas, na súa maioría muradáns, o que se pretendeu foi fomentar o sentimento de pertenza e autoestima, como estímulo para o progreso, toda vez que tamén foi un pretexto para achegar a Muros as autoridades da nacente Xunta de Galicia e que isto xerouse un impacto positivo no pobo. Outro dos obxectivos dos seus organizadores foi dar a coñecer a vila de Muros.

No primeiro período (de 1977 a 1986) pronunciáronse dez pregóns, e cinco no segundo (de 1997 a 2002). Todos os anos, antes do pregón, facíase un pequeno desfile coas autoridades e o pregoeiro similar ao que tamén se celebraba o día do Carme. Este percorrido partía do Concello cara ao cine e os integrantes camiñaban acompañados pola banda de cornetas e tambores, ou pola banda de música.

Todas estas actividades que se desenvolveron no Cine de París, e moi especialmente a actividade cinematográfica da que tanto gozaron os muradáns, remataron a principios da década de 1980 co seu peche, debido á aparición da televisión e dos vídeos. En concreto, no 1983 pechou as súas portas definitivamente, e o inmoble quedou abandonado ata 2009, ano no que foi adquirido polo Concello de Muros. Dende entón, iniciouse un longo percorrido que culminou coa súa rehabilitación en 2021. A finalidade desta última intervención foi recuperar o antigo inmoble e adaptalo como equipamento cultural local, uso que ten na actualidade.

Con todo, foron moitos anos de gloria e desfrute que os muradáns evocan con cariño, e que durante un tempo compartiu co outro cine da vila, o Cine Avenida.



Imaxe actual do antigo Cine París (2024).
Fonte: Fotografía da autora



Fachada principal do Cine Avenida (2024).
Fonte: Fotografía da autora

4. CINE AVENIDA

O Cine Avenida tamén foi unha empresa familiar, inaugurada no 1951 por Emérito Freire Martínez, que tivo un percorrido de dúas décadas, xa que o peche tivo lugar no 1972, uns dez anos antes co Cine París.²⁹ En Muros houbo público para os dous, aínda que ás veces houbo competencia. A familia propietaria combinou este negocio cun taller mecánico, que tamén tivo moita clientela.³⁰

4.1 Estrutura e dinámica habitual

O proxecto inicial do cine foi realizado a principios de 1950 por Antonio Vicens Moltó, arquitecto vinculado nestes anos á corrente racionalista.³¹ O edificio conta con solucións



Altófono do Cine Avenida (2024). Fonte: Fotografía da autora

abstractas e volumes limpos, acomodados aos máis estritos requisitos funcionais.

Unha vez concluída a obra no 1951, tivo lugar a inauguración, que se materializa coa proxección da sonada película "Lo que el viento se llevó" (1939), na que se acadou un cheo absoluto de público. Máis tarde, no 1955, realizouse unha ampliación, despois de ter sufrido un derrube. Neste caso, na sesión de reapertura tras as obras, a película escollida foi "Las minas del rey Salomón" (1950).

Nos primeiros anos había cine todos os días e sesións dobres ou triplas os domingos e

29 Do traballo técnico, de proxección, encargouse Emérito, que foi ensinado por un asistente de Bilbao chamado Ermendáriz. Moitas veces con Emérito estivo tamén proxectando o seu amigo Pepe Beiro.

30 De feito, o detonante do peche do cine foi a crise aparelleda á aparición da televisión, á que se sumou a gran cantidade de traballo no taller.

31 Este foi previamente arquitecto municipal de Ponferrada, en concreto, dende principios do século XX ata o estalido da Guerra Civil. Despois trasladouse á Coruña detentando tamén o posto de arquitecto municipal, cargo que lle permitiu proxectar importantes obras vinculadas ao racionalismo. Así mesmo, nesta etapa asinará outros traballos noutras localidades galegas, como Noia, Cedeira, Muros, Outes, Ribeira ou Sada, entre eles varios cines.

https://www.elespanol.com/quincemil/cultura/conoce-tu-ciudad/20240214/mercado-monelos-coruna/832667320_0.html

festivos.³² Durante un tempo tamén houbo cine os xoves. A carteleira coa película era exhibida a semana anterior á súa proxección, primeiro nos soportais de Petra na Xesta, e despois na planta baixa de Domitila, mentres que os prospectos ou programas de man repartíanse no Camiño Novo. Tamén se colgaron carteis pola vila, e na entrada do cine expoñíanse aqueles que se correspondían coas películas que se ían proxectar ao longo do mes.

A dinámica de promoción e os métodos de motivación eran similares aos do cine París. Antes da proxección, tratábase de atraer a xente coa música emitida polos altosfalantes

Na actualidade, aínda se conservan varios discos: de Luís Aguilé, Os Tamara, Toni Dallara, Os Mustangs, Antonio Machín, Luis Lucena... Algúns deles incluso están asinados e dedicados polos propios cantantes, como Antonio Machín, que actuou no Cine Avenida en diferentes ocasións.³³

A xente viña paseando ata aquí, sobre todo despois da misa dominical, e o slogan que se repetía pola megafonía era: *"¿Quo vadis dominis? A donde vas señor? Al cine Avenida, que es el mejor."* Cando se achegaba a hora da sesión, os clientes mercaban as entradas na taquilla e entraban ás diferentes áreas para ver primeiro o NO-DO, despois o tráiler da semana seguinte e, finalmente, a película.³⁴

O cine chegou a dar acceso a 750 persoas sentadas (600 en butacas e 200 en cadeiras e banquetas) e, ás veces, tamén a algunha



Discos do Cine Avenida (2024). Fonte: Fotografía da autora



Interior do Cine Avenida (2024). Fonte: Fotografía da autora

de pé, aínda que oficialmente a capacidade era menor.³⁵ Na parte inferior, despois do vestíbulo, dispoñíase unha sala rectangular, con moito aforo, que tiña o chan cuberto cunha fermosa baldosa hidráulica que aínda se mantén en bo estado. Á man dereita do vestíbulo unha gran escaleira decorada con cunchas de xeso conducía ao piso superior, onde estaba a cantina, un aseo de homes e mulleres, a sala de proxección, e a parte de preferencia, máis cara, onde había 45 asentos a cada lado.

O cine estaba insonorizado con fibra de vidro, pintado de branco e iluminado con grandes globos brancos. A decoración correu a cargo dunha empresa de Santiago.

³² O cine infantil tiña lugar ás 15:30 h e a proxección de adultos ás 17:30 horas, á que se sumaba outra sesión con dúas películas ás 21:30 horas. Nos primeiros anos, algunhas das películas proxectadas eran mudas e Emérito tiña que poñer un disco como acompañamento.

³³ Ao principio os discos eran de cerámica e sempre se intentaban poñer as cancións que estaban de moda.

³⁴ Se algunha persoa non alcanzaba a pagar a entrada, dábaselle a posibilidade de anotarse na libreta que tiñan para fiar.

³⁵ Segundo os propietarios, aquí puideron chegar a entrar arredor de mil persoas nalgún concerto de Antonio Machín.



Antiga cantina do Cine Avenida (2024).
Fonte: Fotografía da autora



Cámara de proxección do Cine Avenida (2024).
Fonte: Fotografía da autora

Durante o descanso da película, que duraba quince minutos, o público ía á cantina onde se servía viño, cervexa, coñac, e refrescos varios coma Pepsicola ou Mirinda Nalgún momento tamén se venderon doces da Xanrica e de América.³⁶

Na planta alta, xunto á cantina, tamén estaba a cabina de proxección, que contaba con dúas máquinas Ossa manexadas por Emérito Freire, que aínda se conservan, xunto a outros aparellos técnicos. Estas máquinas eran máis modernas que as do Cine París.

Para finalizar, sinalar que e as anécdotas ou curiosidades que se vinculan con este cine tamén foron moitas. Entre elas é de subliñar a frecuencia con que marchaba a luz e se tiña que parar a proxección da película, ante as protestas do público. No 1965, e co obxecto de solucionar este problema, os propietarios do cine mercaron un grupo electrógeno que, así e todo, facía moito ruído. En contrapartida, e grazas á adquisición do xerador, moitos muradáns afeccionados ao fútbol acudiron aquí a ver os partidos cando se ía a luz³⁷.

Cabe sinalar tamén neste apartado que o espazo do cine tamén se utilizou con frecuencia para outras actuacións non exclusivamente cinematográficas como foron as musicais. O Cine Avenida foi sede de varios concertos de cantantes coñecidos do momento, como Antonio Machín, Antonio Molina, Luis Lucena, Juanito El Mejorano, ou grupos como *Los Chumberos* ou *Los Conguitos*. Así mesmo, e durante varios anos, este cine serviu tamén coma escenario de teatro. Juan Gestal e, ás veces, tamén Manolé, foron os encargados de dirixir as obras que aquí se representaron co

³⁶ Normalmente a cantina era xestionada por José Caamaño (Piñote).

³⁷ Este público improvisado vía os partidos na televisión que había na tenda que estaba a carón do cine. Normalmente a tenda enchíase, dada a gran afección ao fútbol que había en Muros.

obxecto de recadar fondos para a Cabalgata de Reis.³⁸ As obras comezaron a representarse no 1966 e, polo xeral, o cine enchíase en cada función.³⁹ O local estaba ben equipado para este fin, xa que a acústica era boa, o escenario era grande, e tamén había camerinos/vestiarios baixo a pantalla. Normalmente interpretaban dúas obras ao ano, que anunciaban por megafonía no coche de Otero.⁴⁰ Nestas representacións teatrais, o cine estaba cheo e, polo xeral, ao final facíase un “Fin de Festa”, con chistes, música e outras actuacións, que contaban con moita aceptación e coas que o público disfrutaba enormemente.

A pesar do que aquí se viviu e se disfrutou durante dúas décadas, o Cine Avenida, decidiu non enfrontarse ao futuro que se aveciñaba coa chegada da televisión. No 1972 pecha as súas portas dando así fin a unha etapa significativa da historia de Muros, na que o Teatro Mercedes, o Cine Avenida e o Cine París tiveron un importante papel, como empresas que lideraron a que posiblemente foi a principal actividade de ocio popular.

Estes edificios, as familias que levaron adiante o negocio, e o público que encheu as salas dos vellos cines, son os verdadeiros protagonistas deste relato. Un relato que pretende manter viva a memoria colectiva dos muradáns e muradás e contribuír á valoración deste rico patrimonio material e inmaterial vinculado ao noso pasado recente.

38 Eles e outros membros fundaron a Asociación Artística Muradana (AAM) que, non obstante, nunca se oficializou.

39 Juan Gestal, Tofito Lojo, Manolito Carracá, Manolo Dubert, Pepita Monteagudo, Angelita Sarnbade e Porrúa, entre outros, participaron como actores nas sucesivas obras que aquí se representaron.

40 A primeira obra que representaron foi “El casado casa quiere”, do dramaturgo Alfonso Paso.

BIBLIOGRAFÍA

Cabo Villaverde, J. L. e Sánchez García, J. A. (Eds.) (2012). *Cines de Galicia*. A Coruña: Fundación Barrié.

Castro de Paz, J. L y Folgar de la Calle, J. M (2013). “Antes do cinematografista José Sellier”. En *José Sellier en A Coruña: os comezos do cine español*. Imprenta Provincial. Deputación da Coruña, pp. 46-63.

Colmenero Martínez, R. (2014). “Iglesia católica y cine en el franquismo”. *Historia Actual Online*, 35 (3), pp. 143-151.

Fernández Caamaño, J. M (2014) “Los diez años del Teatro circo Emilia Pardo Bazán”. *El Ideal Gallego*. M (28-12-2014). <https://www.elidealgallego.com/texto-diario/mostrar/2444644/diez-anos-teatro-circo-emilia-pardo-bazan>.

Folgar de la Calle, J. M (1987). *El espectáculo cinematográfico en Galicia (1896-1920)*. Santiago: Universidade de Santiago de Compostela.

Freixes Sauri, Joaquín (1936). *Guía de la Industria y el Comercio Cinematográfico en España, Arte y Cinematografía*. Barcelona.

Garrido Moreno, A. (2002). “Leoncio Bescansa Casares”. En *Artistas Gallegos. Arquitectos. Arquitectura modernista, ecléctica e rexionalista*. Vigo: Nova Galicia Edicións, pp. 236-255.

Gil Gascón F. (2021). “Censurar para evitar el peligro: las censuras cinematográficas durante el franquismo, 1939-1959”. *Ler História*, 79, pp. 17-38.

González Ballesteros, T. (1981). *Aspectos jurídicos de la censura cinematográfica española. Con especial referencia al período 1936-1977*. Madrid: Complutense.

Montero Díaz, M. (2002). “Cine para la cohesión social durante el primer franquismo”. En *Ver cine. Los públicos cinematográficos en el siglo XX*. Madrid: Rialp, pp. 175-189.

Orellana Gutiérrez de Terán, J. (2004). *Como un espejo. Drama humano y sentido religioso en el cine contemporáneo*. Madrid: Encuentro.

Quiroga Valcárcel, L. M. (2002). *La implantación del cine sonoro en Galicia*. Alicante: Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes, 2002. <https://www.cervantesvirtual.com/obra/la-implantacion-del-cine-sonoro-en-galicia--0/>

Sendón Trillo M., Sendón Ogando O. e Torreiro Gómez C. (2009). *Derradeira Sesión*. Santiago de Compostela: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Secretaría Xeral de Cultura.

Soraluce Blond, J. R. (2005). “La arquitectura ecléctica en Galicia”. *Abrente*, 35-37, pp. 183-226.

Villar Angeriz C. (2022). *Apuntes sobre la gaseosa en la provincia de A Coruña*. Coruña: Deputación Provincial de A Coruña.



*A*vila de Muros:
toponimia dun pasado

Alfonso Blanco Quintela

IES Fontexería (Muros)

Hai abondos lugares da vila de Muros que, a través dos seus nomes, nos incitan a emprender unha sempre interesante viaxe ó pasado. Trataremos aquí sobre varios topónimos, agrupados en cinco eidos temáticos: nomes de lugar esquecidos, vexetación xa inexistente, algunhas actividades económicas e labores cotiáns que hoxe non se levan a cabo, certos persoeiros e propietarios e, finalmente, algúns nomes de rúas que responden a contextos urbanos desaparecidos (ou case).¹

TOPÓNIMOS ESQUECIDOS

1. A Cerca (barrio): A palabra común *cerca* é unha creación romance a partir do verbo *cercar*, que procede do latín *CIRCARE*, ‘rodear’. Así, co nome de *A Cerca* foi secularmente coñecido o espazo urbano muradán² situado dentro da antiga muralla, onde moraban as persoas máis ricas da vila, nun principio.

2. A Ribeira (barrio): *Ribeira* deriva do latín *RIPÁRIA*, baseado á súa vez en *RIPA*, que significa ‘beira’, ‘ribeira’, ‘costa’; como se ve, o seu sentido romance non variou apenas respecto ó orixinal.

A prosperidade do núcleo amurallado, no que se concentraban as casas señoriais, favoreceu a aparición dun barrio de pescadores ó seu carón, que presenta a ben coñecida estrutura urbanística que lembra a espiña dun peixe. Esta forma alongada débese a que a zona urbanizable con relativa comodidade era unha estreita franxa que se estendía entre a montaña e o mar. O crecemento do arrabalde

veu marcado, á parte de polo incremento da actividade pesqueira, polo desenvolvemento doutros ámbitos comerciais que a riqueza económica trae consigo.

Co tempo, ademais, membros dalgunhas familias señoriais deixaron o recinto amurallado, que non podía medrar máis. Así, malia as prohibicións das autoridades, foron instalándose no barrio da *Ribeira*, que puido ir ampliándose paseniñamente. A finais do s. XVI a súa extensión será xa superior á do burgo cercado, e no s. XVIII alcanzará o seu cumio coa urbanización da zona da *Axesta* (da que falaremos a seguir).

O desmantelamento do valado protector, levado a cabo en varias fases ó longo do s. XIX, acabou por deixar sen sentido os dous topónimos, *A Cerca* e *A Ribeira*, que hoxe están case totalmente esquecidos (aínda que isto non é norma na toponimia, moi proclive a conservar denominacións cuxa motivación xa non é evidente, como, por exemplo, nos casos de *A Axesta* ou *O Barreiro*, que veremos máis abaixo). A desaparición da muralla trouxo como consecuencia que se fose impoñendo a percepción dun núcleo unificado, mentres en tempos máis antigos, e durante séculos, os moradores da vila tiveron unha clara conciencia de que había dúas clases de muradáns: os da *Cerca* e os da *Ribeira*.



Plano de Muros no Arquivo Xeral de Simancas (1597)

¹ Quero expresar o meu fondo agradecemento a Pedro García Vidal e Montse Paris, que me forneceron de informacións moi útiles para a elaboración deste texto.

² O xentilicio, pola súa morfoloxía, non pode proceder directamente do topónimo. Moi probablemente deriva do adxectivo ‘murada’, empregado nunha expresión tipo ‘vila murada’ para referirse a Muros.

VEJETACIÓ DESAPARECIDA

1. A Axesta (rúa, fonte e pista): O topónimo *Xesta*, con derivados moi abondosos en Galicia (*Xestal*, *Xesteira*, *Xestoso*...), procede do latín *GĒNISTA/GĒNESTA*, nome da planta que o DRAG define como 'arbusto bravo da familia das leguminosas, con moitas pólas delgadas e flexibles, follas pequenas e escasas, e flores amarelas ou brancas, do que existen varias especies'.

No s. XVIII a urbanización do chamado arrabalde da *Ribeira* estendeuse máis alá do que hoxe é a *Praza da Peixería Vella*. Alí topou con terreos incultos nos que debeu abundar esta planta. Nalgún momento, na expresión 'a xesta' o artigo fusionouse co substantivo, como pasou con outros topónimos en diversos sitios de Galicia (*Ocastro*, *Acernada*, *Afigueira*...), e de aí a grafía *Agesta*. Ó non ter o galego cultivo oficial e ser substituído polo castelán, a pronuncia da grafía castelanizouse, como en innumerables outros casos.

O letreiro antigo que aínda se pode ler na rúa di *Calle de Agesta* (por caída de dúas letras, pois antes rezaba *de la Agesta*), mentres no actual pon *Rúa da Axesta*. O uso do 'x' no rótulo máis recente responde ós criterios da norma oficial do galego (esa letra vénse utilizando para representar a fricativa postalveolar xorda



Extremo norte da Rúa da Axesta

desde o s. XVIII). Pero, na nosa opinión, o nome debería grafarse dunha destas dúas formas: *Rúa da Xesta* (ou mesmo *Rúa d'A Xesta*), que sería o máis correcto desde o punto de vista da norma; ou *Rúa de Axesta*, co que daríamos fe do proceso histórico que experimentou o nome de lugar (aínda que, concedemos, se vería algo máis forzado).

2. A Canavala (rúa): Parece tratarse da feminización de *canaval*, nome común que alude á presenza de plantas de talo oco e nodoso, como a *cana* (*Arundo donax*), palabra que vén do latín *CANNA*. Como a rúa está situada ó norte da actual *Praza da Peixería Vella*, é moi posible que o nome teña que ver coa abundancia de canas nesa zona da vila que, como antes comentamos, foi urbanizada no s. XVIII.

Porén, non é descartable que *A Canavala* nos fale do *cánabo* (< latín *CANNABU*), nome común da *Cannabis sativa*, especie vexetal da que se obtén unha fibra téxtil usada na confección de sacos, cordas ou redes. De orixe asiática, o seu cultivo foi introducido en Europa na Idade Antiga polos romanos. Se o nome desta rúa muradá tivese que ver con esta planta, indicárianos que se cultivaba nesa zona da vila (difícil: o *cánabo* non deixou pegada na toponimia galega) ou se traballaban as súas fibras (sería o máis probable).

3. O Nogal (edificio-urbanización): Non é un castelanismo, malia parecelo: a forma está documentada na Idade Media no dominio territorial do galego. Moito menos frecuente que *Nogueira* ou *Noceda*, este topónimo, como é doado supoñer, designa zonas nas que antano abundaba a especie de nome científico *Juglans regia*. Hoxe a urbanización que así se chama aséntase sobre parte duns terreos nos que había nogueiras (a outra parte, sen construcións, conserva tamén o nome).

4. A Alameda (Centro de Día e aparcadoiro): O desenvolvemento da sociedade burguesa,

a partir da segunda metade do s. XIX, supuxo para moitas vilas galegas a posta en marcha de iniciativas destinadas a facer máis amable e gozoso o espazo urbano. Unha delas foi o deseño e execución de zonas arboradas que funcionasen como parques dos que as persoas poderían dispor para o seu lecer. Na vila de Muros, fronte á antiga Colexiata estendíase un amplo espazo que na zona máis próxima á muralla estaba destinado a hortas e viñas (traballadas por xentes de dentro e fóra do recinto), e que máis alá se convertía en bosque. Pola década de 1840, as autoridades municipais decidiron pechar cun muro baixo de trazado rectangular unha zona na que se plantaron árbores, a meirande parte do xénero *Populus*, chamados comunmente *álamos* (< gótico **alms*): de aí o nome colectivo *Alameda*, que foi o que tivo o primeiro parque público de Muros, inaugurado en 1866.

O lugar mantívose, mellor ou peor coidado (mesmo chegou a proxectarse a súa ampliación, contra finais da década de 1950), durante máis dun século, pero o progresivo interese da poboación pola zona máis próxima ó mar, urbanizada cun malecón, acabou por provocar o esquecemento do espazo da *Alameda*. Alí levantouse, a principios da década de 1980, un Centro de Saúde (con aparcadoiro anexo), que en 2010 foi transformado en Centro de Día, función que cumpre actualmente.

ANTIGAS ACTIVIDADES ECONÓMICAS E TRABALLOS

1. O Campo da Feira (vivendas): Na segunda metade do s. XIX as vilas galegas tomaron medidas para acentuar o seu papel como capitais económicas das súas contornas rurais e, dentro deste contexto, o establecemento de feiras e mercados constituíu un impulso moi potente. De vello, en Muros realizábanse compravendas de gando, así como de produtos

agrícolas e doutro tipo. Concedido o permiso a finais do s. XVIII polo rei Carlos III, a feira comezou celebrándose todos os primeiros domingos de mes, aínda que o día mudou a finais do s. XIX.

Nas vilas, os lugares destinados á feira ou mercado foron axiña coñecidos como *O Campo da Feira*. O de Muros situábase fronte ó espazo no que acabaría estando *A Alameda*, ó sur desta. A súa desaparición debeuse á perda de pulo de Muros como centro de intercambios comerciais a principios do s. XX, sobre todo por non ter a vila moi boas comunicacións. Así, en 1929, o Concello cedeu un anaco do *Campo da Feira* para unha institución benéfico-docente, aínda que un ano despois o mesmo consistorio deixou sen efecto a cesión. Máis tarde, en 1942, a corporación municipal decidiu destinar o espazo á construción de vivendas de protección social (acordo ratificado en 1944).

2. O Barreiro (dous lugares): Este topónimo e as súas variantes, como *Barreira*, *Barreiras*, *Barreiriñas*, *Barroso* ou *Barrosa*, é moi frecuente en Galicia.

En Muros hai polo menos dous lugares que se chaman *O Barreiro*: un onde hoxe está o *Campo de Fútbol Eleuterio Balayo*, e outro no tramo final do que coñecemos como *Praia da Virxe*, chegando xa á antiga *Fábrica de Sel*.

A etimoloxía lévanos a 'barro', palabra de orixe prerromana e de significado ben claro. Así, os lugares chamados *O Barreiro* destacaron por ter un solo arxiloso, ou por formarse neles lama con moita facilidade. Ese material adoitaba ser empregado para labores de construción.

En todo caso, nos dous microtopónimos da parroquia de Muros a motivación orixinaria do nome está hoxe oculta en ambos casos: nun pola citada instalación deportiva, e no outro por un areal de recente creación.



O Curro da Praza nas primeiras décadas do s. XX

3. Curro da Praza (praza): En latín existía o substantivo *CURRŪ*, que significaba 'carro'. Del tiramos en galego 'curro', voz cuxa primeira acepción é 'curral, xeralmente de pequenas dimensións'. Semella que, en momentos pasados da historia do idioma, os falantes produciron unha metonimia: usaron a palabra que designaba o carro para referirse ó recinto onde este vehículo se gardaba, xunto cos animais empregados nos labores agrícolas (de feito, 'corral' é un derivado de 'curro', quizais creado nas fases serodias do latín vivo como **CURRALE*). As pequenas dimensións do cercado explican que o termo tamén tomase o significado de 'curruncho' (en si mesmo un diminutivo de 'curro'); e de 'curro' tamén sae o verbo 'acurrar', que alude á práctica de baixar o gando ceibo no monte a unhas cercas, ou sexa, ós curros.

Polo que se refire á voz común 'praza', provén do latín popular **PLATTĒA*, adaptación ó idioma dos romanos dun adxectivo grego que significa '(rúa) ancha'. Cómpre comentar que, coas dúas palabras implicadas, a denominación máis esperable sería a de *Praza do Curro*, polo que *Curro da Praza* dá fe do populares que eran certas celebracións con animais como protagonistas. En efecto, *Curro* serviu en varias vilas, como Noia e Muros, para designar os espazos nos que, en determinadas datas festivas, se levaba a cabo a práctica de 'correr touros', pechando unha praza cunha estrutura provisional.

De todos xeitos, este espazo muradán, que tamén tivo o nome de *Praza da Constitución* (a partir de 1812), tivo máis usos. En realidade, a orixe do *Curro da Praza* de Muros ten que ver co crecemento do arrabalde da *Ribeira*. Foise

facendo necesario, pois, acondicionar unha área para facilitar os intercambios comerciais entre os habitantes do interior e do exterior da muralla, e este triángulo areoso irregular foi o elixido, por ser punto de encontro entre os barrios da *Cerca* e da *Ribeira*. Como as augas chegaban, nun principio, ata case onde hoxe está a fachada da Casa do Concello, fóiselle gañando pouco a pouco terreo ó mar: de feito, xa no plano do Arquivo Xeral de Simancas, de finais do s. XVI, vense con claridade uns diques en forma de ángulo recto, erixidos para intentar impedir o seu asolagamento. Así, durante séculos, o lugar foi un dos centros importantes da vida pública da vila: á parte das funcións defensivas que chegou a ter (en tempos contou cunha batería de cinco canóns), alí celebrábanse mercados, festas populares e relixiosas, e mesmo autos de fe, todo o cal estaba presidido polas dúas torres xemelgas que enmarcaban a entrada principal ó recinto murado.

4. Rúa dos Fornos: Hai moitos outros lugares da toponimia maior e menor de Galicia que se chaman *Fornos* e *Formelos*. A maioría dan conta de concavidades naturais no relevo ou no perfil do terreo, pero esta *Rúa dos Fornos* de Muros, como a de moitas vilas, fai referencia a antigas instalacións para a cocción de cereal.

ANTIGOS PERSOEIROS E PROPIETARIOS

1. Don Diego (rúa e arco): O nome de varón Diego é de orixe incerta. Sabemos que na *Idade Media*, época na que se utilizou bastante, aparece coas formas *Didacus* (latina), *Diago*, ou *Didaco* (romances). Hai quen o relaciona co hipotético adxectivo céltico **diacu*, que significaba 'lento', pero existen tamén estudosos que prefiren remontalo ó hebreo *Ya'akob* ('Deus protexe'), o mesmo que está tras o antropónimo *Iago* e, en última instancia, *Santiago*.

Tres persoeiros medievais levan o nome de Diego de Muros. O primeiro (1405-1492) foi teólogo, catedrático e tamén bispo de Tui e Ciudad Rodrigo. O segundo, sobriño do anterior, (?-1506) foi bispo de Canarias. Mais o arco e rúa a que nos referimos parecen estar dedicados a Diego de Muros III (c. 1450-1525), tamén sobriño do primeiro, humanista e bispo de Mondoñedo e Oviedo.

Deste terceiro Diego de Muros non se sabe con seguridade se naceu nesta vila ou en Cee, aínda que queda fóra de dúbida a procedencia muradá da súa familia. Esta estivo moi vencellada á corte dos Reis Católicos, sobre todo pola súa relación co cardeal Pedro González de Mendoza (1428-1495), que destacou na época pola súa influencia e capacidade militar e diplomática, e que ademais exerceu como mecenas cultural. En Galicia, a familia dos Diego de Muros estaba vinculada ó clan dos condes de Altamira, enfrontado ó dos Fonseca, que no s. XV dominaban o arcebispado de Santiago.

Diego de Muros III amosou desde novo calidades para a Teoloxía e o Dereito, o que o levou á Universidade de Salamanca. Ó rematar os estudos, ocupou unha praza na Universidade de Sigüenza, de recente fundación por González de Mendoza, e tamén serviu como secretario do propio cardeal.

Coa morte do seu tío Diego de Muros I e a posterior de Mendoza, o noso home perdeu os seus principais valedores na corte dos Reis Católicos, polo que decidiu volver a Galicia, malia saber que ía topar co poder dos Fonseca. Con todo, conseguiu ser nomeado deán da catedral de Santiago. Nesta cidade encargouse da fundación do Hospital Real (hoxe Hostal dos Reis Católicos). Ademais, o 17 de xullo de 1501, na compañía do seu tío Diego de Muros II e Lopo Gómez de Marzoa, fundou o chamado Estudio Vello, unha das institucións precur-

soras da actual Universidade de Santiago de Compostela.

Polo que toca á súa vila de orixe, conseguiu a dignidade de Colexiata para a igrexa de Santa María do Campo (sede actual da parroquia de San Pedro), polo que este templo pasou a ter un cabido, co seu correspondente deán: a unha poboación que non era sede episcopal ter unha Colexiata dáballe honra e prestixio. Don Diego pasou os vinte anos finais da súa vida exercendo de bispo, primeiro de Mondoñedo e logo de Oviedo, cidade onde finou.

Arco de Don Diego

Como se ve, Diego de Muros III foi un personaxe importante na Historia de España, de Galicia e de Muros, con intervencións importantes no eido cultural e educativo. Talvez sería acaído un tributo á súa memoria máis evidente que unha rúa e un arco algo agochados.



Arco de Don Diego

2. Cazarolas (lugar): O substantivo común ‘cazarola’, que designa un recipiente cilíndrico apto para guisar, é unha derivación aumentativa de ‘cazo’. Da orixe desta última voz non se pode dicir moito: está presente, con diversas formas, en todos os romances da Península Ibérica, e tamén nas linguas occitanas (catalán ou provenzal, por exemplo), pero os etimoloxistas non toparon, ata hoxe, unha filiación segura.

A motivación deste topónimo –realizado na fala co seseo propio da zona– está no alcume polo que foi coñecido Joaquín Iglesias Calderón, empresario que transformou nun serradoiro e estaleiro unha antiga salgadura que se atopaba no lugar. Co tempo, a nomeada do propietario das industrias e mais da vivenda na que moraba deu nome a toda a área. Non está claro, porén, a orixe do alcume. Hai quen di que se debe ó gusto que de rapaz tiña Joaquín Iglesias por mirar o que se cociñaba nas potas da súa casa; con todo, cremos máis probable que o sobrenome lle viñera por unha adaptación popular –e xocosa– so seu segundo apelido: de *Calderón* pasaría a ser coñecido como *Cazarolas*.

3. Cine de Carcamán (antigo cine): A voz ‘carcamán’ significa ‘persoa que está vella e achacosa’, pero tamén ‘contrabandista’ e incluso ‘barco grande e pesado, de mala calidade’. Para Corominas, deriva do castelán *cárcamo*, variante de *cárcavo*, palabra que significa ‘foxo no que se enterran os mortos’. Polo tanto, e en primeira instancia, un carcamán sería alguén ó que a xente ve tan vello e gastado que pouco lle falta para morrer. Seguindo aínda a Corominas, *cárcavo* vén do latín *CACCĀBU* (‘pota’, ‘ola’), vocábulo que os romanos tomaron prestado dos gregos. De todos xeitos, a palabra ten unha historia algo máis enguedellada, polo menos en Galicia.

Para comezar, *Carcamáns* utilízase como xentilicio máis ou menos humorístico dos habitantes da Illa de Arousa, onde, de feito, existe un *Peirao dos Carcamáns*. A orixe deste alcume non está nada clara. Hai quen pensa na actividade duns comerciantes téxtiles italianos que durante os s. XVII e XVIII levaban as súas mercadorías en barco cara a Flandres e paraban algúns meses do ano nas costas galegas, onde vendían parte dos seus produtos para manterse. Disque algúns deles, se non todos, colleron sona de falsear o peso das balanzas apoiando nelas subrepticamente a man, e quizais da expresión *calca mano* puido vir a denominación.

Por outra banda, e segundo parece, a vinculación do nome coa Illa de Arousa baséase na sona de hábiles contrabandistas que tiveron os seus moradores. Esta calidade quedou patente en 1809, durante a Guerra da Independencia, pois os soldados galegos dirixidos por Bernardo González del Valle, *Cachamuíña*, lograron defender Vigo grazas, en parte, ás subministracións que lle facían chegar os arousáns nunhas embarcacións denominadas 'carcamáns', construídas por eles mesmos.

É posible que ambas historias estean relacionadas: a actividade comercial dos italianos puido dar nacemento ó alcume, que por diversas razóns se especializou para a xente da Illa de Arousa.

Polo que se refire á vila de Muros, co nome de *Cine de Carcamán* foi coñecida popularmente a sala de proxeccións cinematográficas denominada comercialmente Cine París (ou París Cinema). Foi inaugurada en 1944 e cesou a súa actividade en 1983. En 2011 o edificio foi mercado polos poderes públicos, que asumiron a súa rehabilitación coa idea de convertelo nun local multiusos. *Carcamán* era o alcume co que era coñecido o promotor



Cine París ou Cine de Carcamán

e propietario da sala, Ramón París, aínda que o sobrenome da familia viña xa de antigo, sen que se poida xa establecer a motivación que o xustificou: unha persoa con aspecto de vello prematuro, alguén procedente da Illa de Arousa, un home con fama de facer negocios turbios, ou mesmo o propietario dun barco, atendendo á segunda acepción da palabra á que aludiamos ó principio.

RÚAS

O substantivo 'rúa' vén do latín *rŭga*, que na Antigüidade significaba 'engurra', en particular a da pel. Na Idade Media, a palabra desenvolveu un sentido figurado, grazas ó que podía referirse a un suco no terreo e, por extensión, a unha senda ou unha corredoira, de onde acabou collendo o valor actual.

1. Rúa Real: Ata a construción da que hoxe se denomina estrada AC-550, na primeira metade do s. XX, Muros non contou cunha avenida ampla (actual *Avenida Castelao*, antes *Avenida de la Marina Española*). Esa vía de comunicación tendeu sobre o areal e as rochas que marcaban o límite leste do arrabalde da *Ribeira*, gañándolle non pouco terreo ó mar, que antes chegaba ata as casas situadas na primeira liña e, que no caso do

barrio da *Cerca*, rompía directamente contra a muralla, na súa cara nordeste.

Porén, antes desta época, a vía principal (a que viña de Noia) era chamada, como en moitos lugares, *Camiño Real*. Como exemplo dun fenómeno tamén coñecido noutras vilas, ó penetrar no casco urbano o camiño tomou o nome de *rúa Real* e, no caso de Muros, debía rematar nunha das portas da muralla (tamén é citada en documentos antigos como *rúa do Medio*, unha denominación popular). O seu carácter de vía principal queda patente ó observar o plano urbanístico do antigo barrio da *Ribeira*: constitúe a espiña dorsal do plano en forma de esqueleto de peixe ó que aludimos cando falamos dese arrabalde, e de xeito perpendicular a ela naceron múltiples rúas máis estreitas.

Antes do remate da expansión do arrabalde da *Ribeira* cara ó norte, o *Camiño Real* debía entrar nese barrio á altura da actual *Praza do Mercado*, pois é na saída sur desa praza onde nace a *rúa Real*. A súa prolongación en sentido setentrional é a *rúa da Axesta*, que ten un nome diferente polas razóns que explicamos máis arriba.

2. Porta da Vila: Este microtopónimo é todo canto queda dunha das portas da antiga muralla (quizais tamén coñecida como *Porta da Coiraza*). O mesmo nome aparece noutras vilas que contaron con recinto murado, como Noia ou Viveiro, por exemplo.

Cómpre indicar que, malia ser hoxe unha entrada aberta a unha rúa, cando a muralla existía as súas portas estaban pechadas durante a noite, por seguridade; e polo día estaban vixiadas, pois a entrada ó barrio da *Cerca* estaba controlada, sobre todo para esixirllas o cobro de taxas ós comerciantes.

3. Rúa do Hospital: A denominación de *Hospital* ten aínda aquí o seu valor medieval,

moi relacionado co orixinal latino; e ten máis que ver co significado actual de *hospedar* e *hospedaxe* que co que lle damos á voz *hospital*. En efecto, *hospes* en latín facía referencia tanto á persoa que acollía a outra na súa casa como ó propio individuo acollido. Neste senso, o adxectivo derivado *hospitalis* acabou por facer alusión a un tipo de albergue.

Así, parece que en 1380 o xuíz de Muros Diego Rodríguez puxo en marcha un establecemento chamado *Hospital de San Pedro* ou *da Trindade*, destinado a dar acubillo ós pobres e impedidos, que só podían subsistir grazas á acción das institucións benéficas, polo común vencelladas á Igrexa. Este *Hospital* de Muros prestaba servizo aínda en 1753, pois o *Catastro de Ensenada* fai referencia a el, indicando que acollía sete persoas pobres. Seguiu en funcións nada menos que ata a década de 1950, e desde 1985 serve como centro sociocomunitario.

4. A Rutela: Este topónimo remóntase a unha forma latina: *RUPTILLA, derivado diminutivo de RUPTA, participio feminino do verbo latino RUMPĒRE, que nos deu o noso 'romper'.

En latín medieval RUPTA tomou o significado de 'canle': unha rotura do terreo para facer correr a auga. E, en expresións como *VIA RUPTA deu lugar ó noso substantivo 'ruta': unha rotura, xeralmente feita entre as árbores dun bosque, entre unhas mestas matogueiras ou entre unhas pedras, coa intención de abrir un camiño. É este último sentido o que está tras *A Rutela*: un paso estreito, condición que aínda hoxe conserva esta pequena rúa que corría por dentro da muralla.

5. Paseo Bombé: *Paseo* é un nome común derivado de 'paso', substantivo herdado do latín PASSŪ: un lugar por onde imos camiñando. En canto ó elemento *Bombé*, a súa procedencia non é doada de trazar. En principio, podería estar relacionado coa expresión francesa *voiture bombée*, 'vehículo combado', 'vehículo

abombado'. A relación é clara coa palabra 'bomba', de orixe onomatopeica; e dela xurdiu o verbo 'abombar', que se usa, entre outras cousas, co sentido de 'dar forma semellante á dunha bomba'.

Sen dúbida, esta orixe explica que en castelán, segundo o DRAE, o *bombé* sexa unha carruaxe de tracción animal moi lixeira, de dúas rodas e dous asentos e aberta por diante, tirada por un cabalo. En canto ó seu uso como topónimo, sabemos que en Francia hai vilas e cidades chamadas *rue Bombée*, en referencia a algunha lomba ou elevación do terreo. E, se buscamos paralelos, atopamos que en Oviedo existe un *Paseo del Bombé*. Para ese caso, hai quen atribúe a denominación ó influxo cultural das tropas napoleónicas na capital asturiana durante a Guerra da Independencia.

Tirando deste fío, tamén en Muros se deixou sentir a influencia francesa, sobre todo na época de Napoleón. Ó comezar a Guerra da Independencia constituíuse en Muros, como en moitos lugares de España, unha Xunta de Defensa, que pretendía combater a ocupación gala. Esa Xunta quixo que a resistencia fose pasiva ou se organizase fóra da vila, para evitar represalias sobre bens e persoas. Porén, os representantes dos lugares da contorna, como Serres, Esteiro ou Carnota, foron partidarios do enfrontamento armado. Algúns muradáns integrantes da Xunta foron daquela (e máis tarde) acusados de pouco enérxicos contra os invasores, ou mesmo de afrancesados. Coñecido é que a cousa acabou mal: o 26 de marzo de 1809 a vila foi incendiada e saqueada polos franceses, co resultado de 190 casas destruídas e a queima do Arquivo Municipal. Pouco despois, as autoridades da vila enviaron representantes a negociar co directorio francés de Santiago, que lles prometeu axudas á reconstrución a cambio de xurar fidelidade

ó rei Xosé I Bonaparte, a quen o seu irmán Napoleón puxera no trono de Madrid.

A estes feitos cómpre sumar a influencia cultural francesa, moi acentuada en Europa durante os s. XVIII e XIX. Ora ben, por que un *Paseo Bombé* nesa zona da vila, que non semella ter a configuración convexa á que aludiamos no segundo parágrafo? Quizais a resposta estea na fortaleza que hai tempo houbo nas inmediacións do areal hoxe chamado *O Castelo*, microtopónimo que hoxe serve de lembranza da mencionada construción, dotada no s. XVIII de doce canóns. Sabemos, por algúns documentos de propiedade da época, que o actual *Paseo Bombé* era coñecido tamén como *calle del Castillo*. Polo tanto, talvez *Bombé* se refira ás pezas de artillería da fortificación. Cómpre lembrar, iso si, que a fortificación acabou por perder a súa finalidade militar, e pasou a funcionar como cárcere do partido xudicial. Á fin, as defensas sufriron unha progresiva deterioración e, xa a finais da década de 1950 o seu estado era completamente ruinoso. Parte do seu solar está hoxe ocupado polo edificio coñecido como *Lonxa Vella*.



Paseo Bombé

BIBLIOGRAFÍA

Artaza y Malvárez, Ramón de (1959). *La villa de Muros y su distrito*. Pontevedra: E. Paredes Valdés.

García Vidal, Pedro (2016). *Noia e Muros. Paisaxes urbanas de séculos. I. Dende as orixes ata o ano 1950*. Noia: Toxosoutos.

—(2020). *Noia e Muros. Paisaxes urbanas de séculos. II. Da destrución á ordenación, protección e rehabilitación da paisaxe construída (1950-2020)*. Noia: Toxosoutos.

Llovo Taboada, Santiago (2014). *Anaquíños de historia do concello de Muros. Douscentos anos de salgadura e conserveiras*. Noia: Toxosoutos.

Navaza, Gonzalo (2006). *Fitotoponimia galega*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Vázquez Vilanova, José Antonio (2010). “A vila de Muros. Apuntes históricos”, en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, vol. LVII, nº 123, 195-228.



A parroquia de Cespón no
cancioneiro popular

Milagros Torrado Cespón

Como deberíamos saber ben a estas alturas do 2024, o vindeiro día das Letras Galegas estará dedicado ao cancionero popular. Vai este breve estudo como pequenísima homenaxe a todas aquelas que participaron na transmisión deste saber popular. Nótese que se aplica o termo en feminino porque a recuperación e conservación da canción popular é, salvo excepcións, un triunfo da muller galega, tanto por ser quen a mantivo viva, como quen a recolleu.

As cancións, xunto coa narrativa oral, son a forma máis antiga de transmisión de aconteceres e coñecementos. É sabido (Baddeley & Hitch, 1974; Dondena et al., 2021) que a transmisión de saberes con ritmos ou rima tende a sobrevivir mellor o paso do tempo debido á tendencia natural do cerebro humano a recordar todo aquilo que teña un patrón. De aí que, por exemplo, a poesía de verso libre non sexa tan boa de memorizar coma a claramente estruturada.

As cantigas aparecen, como é de esperar, de forma común en calquera lugar de Galicia. Son merecentes de respecto as que se preocuparon por recollelas cando estaban a piques de desaparecer por falta de transmisión. Débese, por exemplo, agradecer o labor das compoñentes de Leilía por facer camiño para

todas as que viñeron despois, conseguindo recompilar unha parte importante da nosa tradición cantada ao longo dos seus máis de 35 anos de historia. Non podemos obviar tampouco o gran labor de Dorothé Schubarth e Antón Santamarina na súa elaboración do *Cancioneiro popular galego* (1984) (fig. 1).

No caso que aquí nos ocupa, imos falar dunha área xeográfica moi concreta: a parroquia de Cespón (Boiro). A elección desta parroquia en particular é por motivos exclusivamente egoístas: é a parroquia na que esta autora naceu e que leva no apelido. Conta cunha fermosa igrexa románica do século XII e, dada a existencia dos castros de Neixón, a parroquia coñecida como Cespón (pronúnciese con o aberto¹) leva habitada dende tempos prehistóricos. Xa de tempos documentados, atopamos contratos de compravenda, coma o de cando Juan García e Aldara Pérez venden a Martíz de Xunqueiras o casal de Sarandiz nesta parroquia por 600 marabedís (1342), a xuntanza dos veciños de Cespón, Boiro e Rianxo para o pago de alcabalas (porque o IBI sempre o tivemos que pagar) (1556), os acordos para a pesca de sardiñas entre os veciños (1642), ou aquel libro interrogatorio do 1753 que daba conta da xente que alí vivía e como gañaba o pan. Desaparicións, roubos, mortes e, como non, asasinatos da Guerra Civil² forman tamén parte da historia da parroquia.



Melodía dunha canción recollida na Serra de Outes
(Schubarth, Santamarina, 1984)

1 A pronunciación do <◌o> en <Espón> como aberto é unha das características dos que alí habitamos, máis dunha vez, obxecto de burla. Pero para todo hai unha razón. A palabra <Espón>, que como bos falantes do bloque occidental pronunciamos con seseo, deriva do termo orixinal <Sispalona>. Co paso do tempo, o termo foi mudando ata o actual e acabou perdendo o <a> final. O que nos di ese <◌o> aberto que os nativos do lugar seguimos a pronunciar. É que a existencia da vogal perdida sobreviviu na nosa memoria colectiva, así, como se fose parte do noso ADN. Tese compartida co Dr. Monteagudo García.

2 Por exemplo: Ricardo Vilas Quintáns, veciño de Boiro, no lugar de Viso de Mar, San Vicenso de Cespón, falecido por disparos de arma de fogo no corazón e na cabeza (1936).

Pero volvamos ao tema que nos ocupa: as cancións populares. A día de hoxe, atopar pandeireteiras ou cantareiras na parroquia de Cespón non é estraño, aínda que o vemos coma algo máis festivo que cotián. Non obstante, se nos fixamos na franxa de idade, semella que hai unha xeración perdida e que a tradición de cantos populares parece que saltou á posguerra. Se ben as persoas de moi avanzada idade lembran serán nos muíños e na eira do pazo de Sandrenzo, esta sabedoría non se transmitiu. Isto quere dicir que os nados na posguerra non recibiron esa tradición salvo en casos contados. En consecuencia, as xeracións posteriores non tiñan unha avoa ou unha nai pandeireteira ou que puidese recordar cantigas populares típicas da zona. No meu caso, lembro as que miña avoa (1920) e, sobre todo meu avó (1916), nos cantaba, xunto con oracións en desuso e panxoliñas. Miña nai (1945) ten lembranza daqueles cantares, pero non experiencia. Por sorte, todo isto está a cambiar.

É a xeración Z e a Alpha a que está a vivir este rexurdimento con máis forza. É de destacar a presenza de baile tradicional e cantigas nas celebracións máis senlleiras da parroquia, como pode ser a procesión do Carme ou o 15 de agosto. Dende hai uns anos, existe tamén o Serán Tradicional de San Roque que organiza Abeloura (fig. 2) todos os veráns, e que xunta grupos de toda a comarca. Con todo, o obxectivo deste artigo non é o de loar o traballo de todos este grupos que acenden a chama da tradición nas máis pequenas neste mundo das présas e do dixital. Neste artigo, imos ver algunhas cantigas que se foron perdendo cos anos, e que se recollían en Cespón e nos arredores a principios do século XX, antes de que estalase a barbarie.

Para isto, válome principalmente dos arquivos do Seminario de Estudos Galegos



Serán tradicional de San Roque (2023) (Fotografía da autora)

onde Fermín Bouza Brey recolleu as cantigas populares da Arousa (1929) a partir de varias fontes (Ramón Martínez López incluído) e onde, como é de esperar, aparecen frecuentes referencias ás parroquias que conforman o concello de Boiro. Imos ver aquí aquelas recollidas en Cespón ou que fan referencia a ela. Aparecen tamén outras das que cantaban meus avós que Bouza Brey non incluíu e que completan esta mostra.



Portada do volume no que aparece a compilación de Bouza Brey (Galician Biblioteca Dixital de Galicia)

A CLASIFICACIÓN TEMÁTICA

Por ser este un estudo pequeno, non consta dun corpus longo, pero si de bastante diversidade temática. Do atopado, podemos falar de:

- Cancións de desamor
- Cancións sexuais
- Cancións de tradición
- Cancións sobre o lugar

CANCIÓNS DE DESAMOR

Os problemas sentimentais son un tema recorrente no cancionero popular e no mundo actual. Poderíamos chancelar con que as cancións deste tipo eran as redes sociais de hoxe en día. Usábanse para por de manifesto o odio contra unha ex-parella ou para evidenciar o pouco que importaba que a persoa amada rexeitase a quen cantaba. Coma unha foto de *Instagram* onde quen publica presume ante todos do ben que se está sen a outra persoa (sendo mentira), estas cancións acostumaban ser declaracións de odio e rancor encuberto ou, como nesta cantiga, a total indiferenza cara ao outro:

*Tanto me da que me fales
Como que pases calado:
Pena por ti non a teño,
Luto por ti non o traio*

É que, ás veces, os mozos eran moi populares, e todas as mozas querían andar con eles e, claro, eles gabábanse. En Rianxo, cantaban:

*Quérenme as mozas de eiquí
E as da banda de Leiro,
Se me collen en Rianxo,
Bérranme en Abanqueiro.*

Estas actitudes provocaban a carraxe da que falabamos antes e, en ocasións, había que deixar claro que a moza xa non estaba interesada. De forma menos sutil que a pri-

meira, atopamos esta serie, onde o cariño que se lle ten ao outro vai decrecendo a medida que se canta:

*O cariño que che teño
E mais o que che hei de ter
Caben na casca dun ovo
E mais non o a de encher.*

*O cariño que che teño
E mais o que a min me teñen
Pesados nunha balanza
Nin sobe, nin vai, nin veñen.*

*O cariño que che teño
Cabe nunha man cerrada
Non é pouco nin é moito,
Tanto é que non é nada.*

Vemos na segunda que a moza fala do cariño que lle teñen a ela tamén. Nestes casos, o común é referirse aos pais do mozo, que a desprezan, por ser mala escolla para o fillo. Na veciña parroquia de Boiro tamén cantaban sobre isto:

*Miña sogra queme mal
Porque lle falo co fillo.
Heille mandar recado
Que o garde no bolsillo.*

O papel dos pais, e sobre todo, das nais, nas relacións de parella era o de aprobar ou non a relación, o que derivaba en falar mellor ou peor do candidato ou candidata. Cando a parella non gustaba, falábase mal da familia, dos seus atributos físicos ou, incluso, de que estaba afectado polo mal de ollo:

*Vaite de aí, vaite vaite
Cara de leite fervido,
Xa me dixo miña nai
que tiñas o mal cativo.*

O mal cativo non é máis que unha maneira de referirse ao mal de ollo ou de aire (Torrado Cespón, 2009) tan común para explicar problemas de saúde descoñecidos en

distintas épocas. Cualificar alguén como “cara de leite fervido” fainos pensar nunha persoa esbrancuxada, de faccións irregulares e cheiro pouco agradable. Os insultos no cancionero tradicional galego darían para páxinas enteras de análise dos símiles que os conforman.

AS CANCIÓNS SEXUAIS

Entre o contido das cantigas populares recollidas, destacan os subterfuxios usados para referirse aos encontros sexuais ou á expectativa deles. Metáforas claras para os adultos e que pasaban desapercibidas para os ollos inocentes dos máis pequenos, podéndose cantar sen pudores nas espadelas, serán e festas varias. Pensemos nesta, recollida en Bealo (Boiro), e pensemos nela en plena romaría de san Ramón:

*Mozas, cantade e bailade,
Sacudide o farroupeiro,
Que as que non cantan nin bailan
Son as que o dan primeiro.*

Xa de volta en Cespón, falando de intencións claras, atopamos tales como:

*Esta noite hei de ir alá,
Terás as pernas lavadas,
Que hei durmir entre elas
Anque morra a puñaladas.*

“Puñaladas” en clara alusión a que os atopen, porque xa sabemos que as relacións antes do matrimonio non estaban ben vistas. Temíase, sobre todo, a represalia por parte da familia da rapaza. De aí, que os veciños de Boiro cantasen aquilo de:

*Se queres, miña meniña,
Que che vaia visitar
Manda prender a cadela
Que non fai senón ladrar.*

Sendo neste caso a cadela tanto real, como unha figura feminina (nai, avoa, irmá) da que

depende a moza e que ten que velar pola súa honra.

Volvendo ao exemplo anterior, atopamos outra versión moito máis directa sobre as intencións do mozo:

*Esta noite hei de ir alá,
Miniña non teñas medo,
Que coa punta da miña espada,
Tirareiche o tarabelo.*

Aínda que siga a usar a metáfora, a mención dun elemento tan claramente fálico coma a espada (de Fátima Marinha, 2020; Ibsen, 1993; Morros-Mestres, 2023) non deixa lugar a equívoco do propósito da visita. O tarabelo, como peche, é o símbolo da virxindade da moza. Tamén lle pide que non teña medo, quizais por ser el xa experto no ámbito sexual.

CANCIÓNS DE TRADICIÓN

No que se refire a cancións que traten sobre algún tipo de costume ou tradición, aparece identificada unha canción que non é exclusiva de Cespón pero que sei que aquí se cantaba ou recitaba. Fai referencia ao baile do sol, tradición ben documentada por Alonso Romero (2018), e que dicía miña avoa que practicaba:

*Fuches a Vilagarcía
Fuches e non viches nada
Non viches bailar o sol
nunha mazá colorada
na illa de Cortegada.*

Esta estrofa fai referencia a un fenómeno que acontece a mañá de san Xoán na ría de Arousa. Se tedes a ben madrugar ese día, o sol do solsticio semella danzar ao asomar entre as augas da ría e pasar pola illa de Cortegada. Un sol que se tingue de vermello coma unha mazá e que simboliza o renacer, os días máis longos e a chegada do bo tempo.



San Vicente de Cespón (fotografía cedida)

Atopamos tamén unha copla dedicada ao patrón da parroquia, San Vincenzo, que se ve que ten ollos bos para ir ás perdices:

*San Vicente de Cespón,
Ollos de perdighoteiro,
Que che teñen a función
O 22 de xaneiro.*

Xaneiro, sobre todo a finais, parece non ser a época máis propicia para ir capturar esta ave, polo que o que temos aquí é un lamento de que San Vicente non poida ir lucir as súas habilidades na súa festa, data suposta da súa morte. Como di o refrán "a perdiz en xaneiro cúspelle no nariz ao perdigoteiro."

CANCIÓNS SOBRE O LUGAR

O lugar no que un vive, sempre é mellor que os outros, polo menos se hai que falar del noutros sitios. En Cespón temos lugares

ben fermosos; se non, que llelo digan aos de Ferreiros:

*Aldeña de Ferreiros,
Aldea que me namora,
Aínda mas ha de pagar
Quen dela me bote fóra.*

Tamén se presumía da riqueza do cura párroco, que tiña camisas para cada día:

*O señor cura de Boiro
Ten a camisa rachada.
Viva o noso de Cespón
Que ten nove na colada.*

Aos de Boiro non lles debía parecer moi ben, porque ían dicindo de nós:

*Para zapateiros, Noia,
Para pescadas, o Son,
Para mozos, viva Boiro,
Para borrachos, Cespón.*

Non imos entrar no que agora se chama un *beef* (aínda que onde estea a regueifa, que se quiten os anglicismos), que xa son outros tempos, así que, xa neste 2024, imos dicirlles que:

*Cando saíades de Boiro
E pasedes por Vilariño
Non vos ghardamos rancor,
Aínda vos paghamos un viño.*

Sobre todo, se é que vindes á festa ao Loreto.



Festa do Loreto (Vilariño) 2024 (Fotografía da autora)

REFERENCIAS:

Alonso Romero, F. (2018). *El baile del sol*. Andavira.

Baddeley, A. D., Hitch, G. (1974). Working memory. En G. H. Bower (ed.), *The Psychology of Learning and Motivation: Advances in research and theory*, 8, pp 47–89. Academic Press. [https://doi.org/10.1016/S0079-7421\(08\)60452-1](https://doi.org/10.1016/S0079-7421(08)60452-1)

Bouza Brey, F. (1929). Cantigas populares da Arousa. *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*, 3, 150-204.

http://biblioteca.galiciana.gal/gl/catalogo_imagenes/grupo.do?path=1320327&presentacion=pagina&posicion=157

de Fátima Marinha, M. (2020). Inês de Castro: outra era a vez- II parte. *Revista da Faculdade de Letras-Línguas e Literaturas*, 8.

Dondena, C., Riva, V., Molteni, M., Musacchia, G., Cantiani, C. (2021). Impact of early rhythmic training on language acquisition and electrophysiological functioning underlying auditory processing: feasibility and preliminary findings in typically developing infants. *Brain Sciences*, 11 (11), 1546. <https://doi.org/10.3390/brainsci11111546>

Ibsen, K. (1993). Entre la espada y la piedra: Función exegética de la figura femenina en Neruda. *Symposium: A Quarterly Journal in Modern Literatures*, 46(4), 257–268. <https://doi.org/10.1080/00397709.1993.10113444>

Morros-Mestres, B. (2023). La «Égloga Piscatoria» y «La sirenita» de Andersen en «Marinero en tierra» de Rafael Alberti: a propósito del soneto «Verano» dedicado a Lorca. Rilce. *Revista de Filología Hispánica*, 39(2), 721-741.

Schubarth, D., Santamarina, A. (1984). *Cancioneiro popular galego*. Fundación Barrié. <https://cancioneiro.fundacionbarrie.org/>

Torrado Cespón, M. (2009). *O fenómeno cultural da fascinoloxía*. Toxosoutos.

ARQUIVOS:

Real Audiencia de Galicia. 1556. ES.GA.15030. ARG/1.1.1.2.3.1.2.15./18663-21

Real Audiencia de Galicia. 1642. ES.GA.15030. ARG/1.1.1.2.3.1.2.15./Caixa 18108-7

Torre Xunqueiras. 1342. ES.GA.15030. ARG/2.1.2.15.1.1.2.12.1./Caixa 29380-7

Xulgado de primeira instancia de Noia (1936) ES.GA.15030.ARG/1.1.2.23.1./51335-10



*O*s traballadores galegos
na emigración

Encarna Pego

A MODO DE INTRODUCCIÓN

Hai arredor de medio século que non vexo en persoa este home, Juan Manuel Pérez Río, carreirán coma min, que estudaba nas aulas do Colexio Galaxia, coma a maioría da rapazada da nosa xeración. Anos máis tarde souben que tiña un posto de moita responsabilidade na Biblioteca principal dos E.U.A. por entrevistas que lle fixeron en *La Voz de Galicia*, en diversas emisoras de radio, e mesmo na revista *Hola*, onde comparaban o seu éxito –en canto a facer as américas–, con Julio Iglesias ou Antonio Banderas.

A casualidade fixo que, dous anos atrás, conseguise poñerme en contacto con el e ter información de primeira man sobre os seus traballos. Confesoume que, como historiador, o seu principal interese está en América Central, tema no que segue a investigar e do que prepara outro libro –do traballo na Biblioteca de Washington xa tivo que retirarse por motivos de saúde.

Despois de escribir varios artigos sobre o tema, para a propia Biblioteca ou para traballos colectivos, publicou un libro titulado *Los*

trabajadores gallegos en la construcción del Canal de Panamá, 1904-1914. Cando lín este libro xurdiu en min a necesidade de facelo noso, de metelo dalgún xeito no noso *Anuario de Estudos do Barbanza*, para que os que non coñezan aínda o libro teñan unha idea da importancia do traballo dos nosos emigrantes, os eruditos coma Juan Manuel Pérez ou os traballadores na construción en Manhattan. Considero de xustiza pór en valor a todos eles. O único traballo meu foi seleccionar a información que considere imprescindible e poñela en galego, todo sempre coa súa aprobación. Agardo que a quen o lea lle resulte tan interesante como me pareceu a min.

ooOOoo

En Galicia sabemos moi ben o que é a emigración e cales son as súas causas e as súas consecuencias. As primeiras son sobre todo económicas: a falta de traballo ou a busca de mellores condicións; tamén hai quen marcha ou marchou por afán de aventura.

Sobre as consecuencias, coido que estaremos de acordo en que supón e supuxo unha sangría para o noso país: falta de mans para traballar a terra, casas e aldeas desertas, descenso demográfico, poboación envellecida... e, a cambio, chegada de remesas de dólares ou floríns que facilitaron a construción de novas vivendas e negocios e permitiron que moitos de nós fósemos á Universidade.

Ademais desta “mellora económica” no lugar de orixe, os emigrantes enriquecen o país de chegada, tanto económica como culturalmente. Non é só o caso dos mozos e mozas que seguen a marchar hoxe coas súas carreiras e achegan os seus coñecementos médicos ou de enxeñería –por citar dous exemplos–, e que xa non consideramos emigrantes, porque falan o idioma ou porque agora temos máis fácil comunicación con eles.



Juan Manuel Pérez diante do Congreso

Tampouco se consideran emigrantes os artistas que ían, e van, a Estados Unidos, ou América do Sur para triunfar: Julio Iglesias, Bardem, Penélope Cruz e un longo etc.

O caso que nos ocupa hoxe é o dun home que foi comparado con estes famosos por algunhas revistas españolas. Trátase de JUAN MANUEL PÉREZ RÍO, nacido en Carreira, Ribeira. Seu pai emigrara aos EUA en 1970, e quedou aquí a nai cunha filla e o fillo menor. Cando a irmá tivo a idade foise co pai para traballar alá, e o rapaz quedaría aquí coa nai ata rematar o bacharelato no Colexio Galaxia.

Demorouse a marcha del con súa nai por uns problemas de saúde, pero marcharon en 1977. Antes de nada tivo que facer un curso de inmersión lingüística, máis o preparatorio para a Universidade.

Vivían en Baltimore, estado de Maryland, onde se licenciou en historia pola *Loyola University Maryland*. Foi logo admitido na *Georgetown University*, en Washington, DC., para o programa de máster e doutoramento. Alí foi Felipe VI estudar a súa mestría en Relacións Internacionais en 1993, o ano en que Juan Manuel se doutoraba. Entre o alumnado desa Universidade están reis, presidentes, primeiros ministros, embaixadores, ministros etc.

En 1988 Pérez Río empezou a traballar na *Hispanic Division da Library of Congress* (Biblioteca do Congreso), onde exerceu ata 2019 en que se xubilou por motivos de saúde.

Dita Biblioteca, fundada en 1800 coa que fora a biblioteca persoal do presidente *Thomas Jefferson*, un dos fundadores do país e autor da súa Declaración de Independencia, é hoxe a biblioteca máis grande do mundo, con máis de 250 millóns de pezas, distribuídas en dous mil quilómetros de andeis, en arredor de 450 idiomas e dialectos. Alí traballan case catro mil especialistas, entre os que se atopan bibliote-

carios, historiadores, politólogos, economistas, especialistas en conservación (as técnicas desvoltas polo seu laboratorio úsanse agora en institucións afíns noutras partes do mundo), arte, arquitectura, xeografía etc. Conta con 20 salas de lectura especializadas. www.loc.gov, www.loc.gov/rr/hispanic.

O Bibliotecario do Congreso é proposto polo Presidente dos Estados Unidos e aprobado polo Senado.

Aínda que está aberta ao público, a Biblioteca do Congreso non funciona como unha biblioteca pública. Foi fundada para ser o centro de investigación e información do Congreso, e agora tamén o é para o goberno federal en xeral. Nas diferentes divisións sempre hai unha persoa na sección de referencia, non só para atender investigadores, senón tamén, e máis importante aínda, para atender calquera petición do Congreso. Nalgunha que outra ocasión Pérez Río tivo que interromper unha conversa con algún investigador para atender a oficina dun congresista ou senador.


Tamén o teñen chamado case á hora do peche para quedar axudando nesas oficinas. E noutras ocasións pedíronlle da *Casa Blanca* o venres ir traballar o sábado, pois o presidente necesitaba uns materiais con urxencia.

A *Hispanic Division* desta Biblioteca foi fundada en 1939, grazas ao filántropo e hispanista, *Archer M. Huntington*, herdeiro dunha das maiores fortunas do ferrocarril en Estados Unidos, a través da *Hispanic Society* en Nova York, que el mesmo fundara en 1904. *Huntington* foi o primeiro en traducir en Estados Unidos *El Cantar del Mío Cid*. Unha rúa de A Coruña leva o seu nome (Avenida Huntington).

En dita Biblioteca “Os fondos hispánicos son moi ricos e variados. Por exemplo, a Biblioteca ten un dos tres exemplares que existen

do *Libro de Privilegios*, de Cristovo Colón; *El Tesoro de la Lengva castellana o española*, 1611, de Hernán Covarrubias, o *Primer diccionario de la lengua española*; a edición príncipe de *El Quijote* (Madrid: 1605), a pirateada en Lisboa, e a que sacou Cervantes ese mesmo ano de 1605, incluíndo *privilegio para Portugal* para que non se volvese piratear. Tamén unha de Valencia dese mesmo ano. A Biblioteca posúe a mellor colección de edicións do *Quijote* no mundo, en todos os idiomas coñecidos. Unha das máis recentes é unha edición especial en galego publicada en A Coruña a principios dos 2000, que a biblioteca adquiriu por recomendación del. Esta obra ten un papel especial, as cubertas de coiro Italiano, e ilustrada por pintores galegos contemporáneos, nunha reprodución dun baúl do século XVII. Ademais, os artistas copiaron en tamaño máis grande as ilustracións que aparecen no libro e acompañan a obra, o que aumenta o seu valor histórico e artístico. Outra moi interesante é unha edición en quechua, publicada hai uns anos. Na Biblioteca está tamén a mellor colección do mundo sobre a Guerra Civil Española mundo, a cal inclúe 128 carteis orixinais. Ten ademais o que quizais sexa o conxunto máis completo de obras de teatro español de finais do século XIX a principios do XX, pois os mesmos autores, talvez pola debilidade das leis españolas naqueles momentos, enviaban as súas obras á biblioteca para rexistralas na Oficina de Dereitos de Autor e Propiedade Intelectual, para protexer os seus traballos, en palabras do propio Juan Manuel, que coñece ben a Biblioteca do Congreso.

Alí Pérez Río prestou servizos de referencia sobre diversos temas e materias, como literatura, historia, política, diplomacia, coleccións xerais e dixitais da biblioteca, recursos electrónicos e bases de datos.



Libro

Traduciu material sensible desde o punto de vista político e diplomático para oficinas do Congreso e do Goberno. Tamén preparou informes para diferentes comités do Congreso, ademais da Biblioteca (Oficina do Bibliotecario, Oficina de Iniciativas Estratéxicas, Oficina de Enlace co Congreso, Biblioteca Dixital Mundial.

Actuou como intérprete para as oficinas do Congreso cando recibían lexisladores de España e Hispano América.

Traduciu materiais para a *Casa Blanca*, e tamén preparou informes para o Presidente.

Foi membro dun dos comités que analizaron e avaliaron as necesidades da Biblioteca no novo século, e como mellorar o seu servizo ao Congreso e ao pobo estadounidense.

Recomendou novos materiais para o Departamento de España e América Central. Investigou e avaliou materiais para o proxecto "El mundo de 1898: La guerra hispano-estadounidense".

Ten escrito varios libros: un deles é o obxecto deste traballo. Falarei amplamente del. E o último, de momento, é: *A Nation in Search of Its Nationhood: Panama, 1912-1941*.

Entre os recoñecementos que ten o noso protagonista, leva con moita honra a **Medalla de Isabel a Católica**, que lle concedeu o rei Juan Carlos I no ano 2001, e no 2004 foi nomeado **Cabaleiro da Orde do Camiño de Santiago**.

NO 110 ANIVERSARIO DO CANAL DE PANAMÁ

Cando o 15 de agosto de 1914, hai agora 110 anos, o barco americano "SS Ancón" atravesaba o Canal de Panamá inauguraba a apertura da comunicación entre o Océano Atlántico e o Océano Pacífico. Isto era a culminación dun soño que se pode dicir empezara co propio Cristovo Colón.

Con esta teima, en 1502 emprendeu a cuarta e última viaxe, para encontrar ese paso que el cría que existía entre as terras recentemente descubertas e a Península de Malaisia. Esta viaxe foi a máis complicada para Colón, debido ás numerosas tormentas, furacáns, fame, perda de barcos, etc. Ademais, a súa saúde empeorara considerablemente, con problemas de vista e artrose.

Durante esta viaxe percorreu a costa de Honduras ata Panamá, onde soubo da existencia de minas de ouro nun lugar que el tomou pola Cochinchina da que falara Marco Polo. Sen explicación abandonou a busca do estreito para dedicarse a buscar ouro.

Nesta última viaxe de Colón houbo xa unha conexión galega con Panamá, pois un dos barcos fora alugado pola Coroa ao comerciante coruñés Antonio Cerrajero. Aparece ademais un dos pilotos co nome de Juan de Noya como veciño de Sevilla, pero ese apelido fai pensar que talvez fose orixinario de Noia.

As viaxes dos españois por esa zona continuaron, tratando de atopar ese paso ou estreito que os levaría ás Indias, culminado co descubrimento do Océano Pacífico por Vasco Núñez de Balboa en 1513.

Balboa soubo polos indios desa rexión da existencia doutro mar e moitas riquezas. En busca delas organizou unha expedición con toda a rapidez posible dende a Antigua, primeiro asentamento español en América e base de operacións. Nela figuraba como piloto Juan de Ferrol, natural de Ferrol.

A travesía do Istmo de Panamá foi do máis difícil debido ao contorno natural, densa vexetación, calor, humidade, feras salvaxes e tamén ataques dos indios. Cos sesenta e sete soldados que quedaban dos cento noventa que saíran da Antigua, Balboa chegou á ladeira do Monte Urrucalla o 24 de setembro. Logo escalarían o monte con un guía ata que por fin Balboa viu o Pacífico, tomando posesión do lugar no nome da Coroa.

Este descubrimento alentou máis a Coroa para encontrar un estreito e facilitar o comercio coas Molucas. O 15 de agosto de 1519 fundouse a cidade de Panamá co nome de *Nuestra Señora de la Asunción de Panamá*.

Ademais da insalubridade do lugar, o porto de Panamá tiña moi pouco calado e na baixamar os barcos de gran tonelaxe tiñan que fondear en Porto Perico, dúas leguas ao Oeste. Se engadimos a incompetencia das autoridades locais, a situación do porto non deixou de empeorar, de maneira que o calado

foi diminuindo cada vez máis ata que *Puerto Perico* chegou a substituílo en importancia. Desde España pedíase que limpasen e acondicionasen o porto pero as peticións atoparon oídos xordos.

O interese de España nunha comunicación interoceánica aumentaba a medida que se facían máis descubrimentos e melloraban os coñecementos xeográficos. Carlos V estivo sempre moi interesado e puxo todo o entusiasmo en buscar unha comunicación entre os dous grandes mares.

O emperador apoiou varias expedicións e elaboráronse informes sobre a posibilidade de abrir un canal para unir os dous mares –estamos a falar do século XVI.

Felipe II non tivo interese polo canal interoceánico. Fixéronse algunhas exploracións pero sen o entusiasmo de seu pai. Durante o reinado de Felipe III o interese non foi maior.

Foi a finais do XVIII cando outros países como Francia e Estados Unidos, a xove e puxante república americana, comezaron a mostrar interese por esa vía de comunicación. Entre 1785 e 1791, catro franceses elaboraron plans para a construción dun canal, que o goberno español rexeitou. Ningún dos catro enxeñeiros estivera nunca en América Central.

A depresión económica experimentada na rexión desde mediados do século XVIII no só continuou, senón que se acentuou durante as primeiras décadas do XIX, en especial durante as guerras de independencia de América Latina, quedando Panamá e América Central estancadas economicamente.

Veu entón un período de inestabilidade política, no que Panamá se uniu á Gran Colombia (formada por Venezuela, Ecuador e a actual Colombia). As diferenzas políticas, por un lado Bogotá cun sistema conservador e centralista e, por outro, Panamá avogando por un sistema

descentralizado, liberal e federalista, marcaron a pauta das relacións entre as dúas capitais, o que contribuíu á inestabilidade política da zona. Cinco anos máis tarde empezaron os movementos separatistas.

Os plans para unha comunicación interoceánica continuaron, pero ningún se levou a cabo.

O goberno colombiano, consciente do potencial que tería esa comunicación, tentou varias veces buscar capital europeo para dar pulo á construción do canal, sen conseguilo. Colombia puxo entón a súa ollada en Estados Unidos. As relacións entre os dous países non eran moi boas, xa que durante máis de dúas décadas os Estados Unidos estiveran pedindo ao goberno colombiano que cancelase certos aranceis a produtos americanos, sempre coa negativa de Colombia.

En 1846 Colombia mudou de parecer e pediu a protección norteamericana, cando os dous países firmaron o Tratado Bidlack-Mallarino, polo cal Estados Unidos recibiría concesións comerciais xenerosas e acceso libre e total sobre o Istmo e tamén o control sobre calquera vía de comunicación que se puidese construír no futuro, mentres que este garantiría a neutralidade e a soberanía de Colombia sobre o mesmo. Así comeza a presenza norteamericana no istmo panameño, seguida de 57 intervencións militares por parte do xigante do norte.

Varios factores contribuíron a que o interese pola construción dun canal volveuse a xurdir na segunda metade do século:

O crecemento económico en Europa, que necesitaba das materias primas de América Latina.

O incremento do comercio a nivel mundial, o que requiría vías de comunicación que acurtasen as distancias.

Por último, a expansión xeográfica e o crecemento económico dos Estados Unidos, que facía imperiosa unha comunicación entre os dous océanos. A guerra con México (1846-1848), pola que Estados Unidos adquiriu o territorio que está ao suroeste do país, e o descubrimento de ouro en California en 1848 avivaron máis o interese.

Con esta descuberta iniciouse unha época de certa prosperidade económica no Istmo, coa avalancha de norteamericanos en Panamá camiño de California, que culminou coa construción do ferrocarril transistmico.

Con todo isto Panamá adquiriu gran relevancia no desenvolvemento económico mundial e, como consecuencia, a idea dunha vía de comunicación en forma de canal, cobrou renovado interese. As potencias do momento: Inglaterra, Francia e Estados Unidos mostráronse máis inclinadas a emprender a construción, culminando nunha conferencia internacional en París, en 1879, sobre a posible construción. Foi organizada por *Ferdinand de Lesseps*, que adquirira gran reputación ao construír o canal de Suez. (Lesseps tiña agora 72 anos pero era moi optimista).

Despois da conferencia, Lesseps organizou a Compañía Universal do Canal Interoceánico para iniciar as obras de escavación.

Talvez Lesseps, ademais de que nunca estivera na zona e non coñecía o relevo nin o clima, pecou de exceso de confianza en si mesmo polo feito en Suez. Así, o proxecto francés foi un fracaso total, pola mala organización e por casos de corrupción. Outro gran obstáculo foron as enfermidades endémicas: febre amarela e malaria. Morreron miles de

obreiros nese período. A compañía foi á bancarrota en 1889.

O goberno colombiano concedeu unha prórroga de 10 anos a partir de 1894 para completar as obras, pero en 1900 á nova compañía xa lle era imposible continuar.

A Estados Unidos o fracaso da empresa francesa veulle como caída do ceo. Estaban furiosos ao ver que unha empresa estranxeira podía ter o control dunha vía interoceánica “na súa casa”.

Desde a época de George Washington, Estados Unidos levava unha política internacional de illamento, baseada na non intervención nos asuntos internos doutras nacións ou na firma de tratados que foran máis alá dun carácter comercial.

Despois da descuberta do ouro en California e dos novos territorios na zona os intereses cambiaron. Para levar a cabo a nova empresa tiveron que chegar a acordos con Gran Bretaña, e en 1903 con Colombia. Mais o 3 de novembro de 1903 Panamá declarouse independente de Colombia, como resultado da oposición ao votado no congreso colombiano sobre o tema do canal.

Despois do recoñecemento diplomático da Independencia por parte de Estados Unidos (fora xestada en Washington), veu o recoñecemento dos outros países en pouco tempo. España recoñeceu a nova república en marzo de 1904.

España procuraba por todos os medios que se contase con ela no relacionado con Panamá e o seu canal, coma antiga metrópole e como nación que concibira a idea do canal antes que calquera outra, xa con Carlos I. Pero a actitude dos Estados Unidos foi de desprezo, falando das vellas potencias, xa senís e inferiores, coma España, fronte a unha nova e civilizadora.

Este papel de superioridades explica as relacións desenvoltas durante o período de construción e a participación dos traballadores españois, a maioría deles galegos.

España firmou un acordo comercial e outro sobre dereitos de autor e propiedade intelectual con Panamá, aínda que a desconfianza e o resentimento nunca desapareceron. Os norteamericanos encargáranse da construción física e completarían o canal, pero a súa concepción –dicían– correspondía a España e aos exploradores españois do século XVI, enchendo de gloria unha vez máis as páxinas da súa historia.

A CONTRATACIÓN DOS OBREIROS GALEGOS

Estados Unidos mercoulles os dereitos de construción aos franceses en 1904 e, en marzo, o presidente Roosevelt creou a *Isthmian Canal Commission*, máis coñecidas polas siglas I. C. C. para avaliar a situación e empezar as obras. Os Estados Unidos rebordaban de entusiasmo e esperaban ver resultados pronto. A Comisión axiña visitou Panamá, e o que os esperaba era aterrador, pero o entusiasmo e a enerxía mesmo dificultaron o traballo, pois moitos non aceptaban que os mosquitos foran os propagadores da malaria e da febre amarela. Tamén se crearon catro equipos de estudo para delinear a ruta do Canal. Por fin, a ruta escollida foi a mesma que Pascual de Andagoya lle propuxera no seu día a Carlos I.

Ao principio, a pesar do optimismo, os norteamericanos non tiveron máis sorte ca os franceses. A escena que os esperaba era desalentadora: parecía un gran cemiterio de metal coa maquinaria abandonada que reflectía imaxes grotescas. Algúns regresaban inmediatamente ao ver o panorama. Tres semanas despois de chegar, un norteameri-

cano enfermou de febre amarela, morrendo en poucas horas. Isto desconcertou tanto os compatriotas que, se non fuxiron en masa foi porque non había vapor ata dez días despois. A finais de 1904 había uns 3.500 traballadores nas obras, pero en moi malas condicións. Facía falta traballar polo menos dous anos para acondicionar o lugar de habitación antes de empezar co canal.

Déronse ademais casos de peste bubónica, polo que houbo que fumigar casas, e dous barcos que estaban no porto. En maio de 1905 déronse 26 casos de febre amarela, morrendo 19 deles. O médico encargado, William C. Gorgas tiña moitos problemas por falta de subministración de medicamentos pois moitos dos seus pedidos foron ignorados pola Comisión en Washington, xa que os consideraban extravagantes, como cando se pediron 8 toneladas de insecticidas. Tamén se atoparon ratas de tamaño considerable. Estas condicións crearon pánico entre os traballadores, posto que todos corrían risco de enfermarse e morrer. Non se libraba ningún, nin os enxeñeiros.

A comisión puxera en marcha unha excesiva burocracia para evitar a corrupción, pero isto retardaba moito o traballo.



Stevens. Enxeñeiro xefe

O enxeñeiro xefe, Wallace, que non lles inspiraba confianza aos traballadores, e tamén tiña medo, dimitiu en xuño de 1905. Roosevelt nomeou no seu lugar a John *Frank Stevens*. Foi este enxeñeiro o que impulsou a idea de conseguir a contratación de galegos, os que sempre considerou como os mellores de todos os obreiros que chegaran ao canal. Stevens, segundo a súa autobiografía, era de ascendencia toledana, e di que un antepasado seu formara parte da expedición de Balboa, casando cunha filla deste.

Stevens foi, xunto cos seus obreiros galegos, unha das pezas claves nos primeiros anos da construción do canal. Chegou alí nun momento de anarquía e necesitábase un verdadeiro líder e unha forza laboral estable. Estes foron os anos máis difíciles da construción do canal. Aos 52 anos tiña un gran currículo e experiencia, era emprendedor e un traballador infatigable. Cando chegou a Panamá o proxecto americano fora un fracaso, con máis de 128 millóns de dólares gastados e nada que amosar por eles.

Stevens tiña, polo tanto, unha dobre tarefa: unha era reconstruír o Canal, e outra, levantar o prestixio de Estados Unidos no mundo, demostrando que o Canal podía ser construído. Máis tarde confesou que as condicións en

Panamá eran máis que desesperadas e que cando el asumiu a responsabilidade non había ninguén que estivese exercendo ningún tipo de autoridade.

O segundo día percorreu a ruta do Canal e puido ver traballadores de varios campamentos que estaban mortos de fame. No seu primeiro acto oficial, ordenou que os trens do economato repartisen comida por todos os campos.

Stevens negouse a vivir nas casas máis luxosas e cómodas destinadas para o enxeñeiro xefe, e escolleu no seu lugar unha chabola con tellado de lata, 'preto das obras. Usaba os trens das obras ou os que levaban os traballadores. Cando tiña fame, ía a un dos comedores dos traballadores e comía con eles o que hoube-se ese día. Traballaba doce, trece, e mesmo dezaioito horas.

Os primeiros traballos que fixeron foron a construción e mantemento de vivendas, e a creación dun economato para os obreiros. A outra gran preocupación era o saneamento do lugar, para evitar as enfermidades e as mortes. Así, deulle prioridade aos traballos do Dr. Gorgas nos seus esforzos de saneamento das dúas cidades terminais (Colón e Panamá), e en erradicar a malaria e a febre amarela. Canalizouse a auga e fixéronse sumidoiros, pavimentáronse as rúas, introduciron a recollida do lixo, creáronse brigadas antimosquitos e fumigaron os edificios ata tres veces. Seis meses máis tarde Panamá era tan saudable coma calquera outro lugar.

Ao mesmo tempo Stevens iniciou un proxecto de contratación de traballadores debido á crónica escaseza de man de obra e ao baixo rendemento dos primeiros afro-antillanos que chegaran ás obras. Foron contratados os primeiros galegos, uns 300 ou 400, que viñeron de Cuba a finais de 1905. LeRoy Park fora enviado a Cuba para a contratación



William C. Gorgas. Médico



Galegos no Canal

inmediata de 1.000 galegos, segundo afirmou Jackson Smith –xefe da contratación de obreiros– pero a oposición do goberno cubano e os intereses comerciais norteamericanos na Habana impedírono.

En Cuba os obreiros cobraban un dólar por día, en Panamá pagaríanlles dous, polo moito que podían render. Stevens quedou moi impresionado polo rendemento dos galegos, que consideraban duros e traballadores. E tamén fora informado da boa fama que adquiriran en Cuba, polo cal se inclinou a contratar máis e solucionar así o problema laboral. Considerábanos fortes, de gran adaptabilidade a novos traballos e de óptimo rendemento.

Desde Cuba dicíase que o seu rendemento era comparable ao do mellor traballador norteamericano... Na estratexia da I.C.C. para a contratación de obreiros tamén pesaba moito o feito de que algúns capataces tiñan unha idea de español, o que facilitaría a comunicación entre eles. Para a Comisión, o traballador galego sería a clave do éxito da empresa. Un funcionario chegou a dicir que o núcleo da forza laboral debería estar composto por galegos. O inspector-xefe sanitario dicía que, se lle conseguían 500 galegos, o traballo avanzaría moito máis rápido para facer da zona un lugar máis saudábel.



Galegos traballando no Canal

Jackson Smith, referíndose aos traballadores galegos que xa estaban no canal, escribía nun memorando a Stevens: "Calquera que sexa o resultado do pequeno grupo de galegos actualmente nas obras, desde o punto de vista do rendemento comparados con outros traballadores, o feito é que quedou establecido nos outros lugares que ningún traballador no mundo coma o galego tivo éxito en países tropicais, tanto na súa aclimatación coma no seu rendemento".

Ao enxeñeiro-xefe gustaríalle ter seguros 4.000 ou 5.000 traballadores galegos, e dicía nunha carta ao presidente da Comisión que non se debería perder un só día para empezar as negociacións co goberno español ou, polo menos, empezar a tentear o terreo. A Comisión informaba de que a experiencia cos galegos fora máis que satisfactoria e querían asegurarse un envío constante de galegos desde A Coruña.

Cando chegou Stevens ao Canal, a forza laboral estaba composta polos obreiros norteamericanos nos postos especializados: mecánicos, apareladores, operadores de grúas e escavadoras, electricistas, oficinistas. O traballo de pico e pa estaba a cargo dos afroantillanos, de Barbados, Martinica e Guadalupe. Houbo traballadores chegados de noventa e sete países.

Jackson Smith enviou a LeRoy Park a España en xuño de 1906, debidamente acreditado como axente da *Isthmian Canal Commission* e tamén do Departamento de Estado. Hai que destacar que Park abriu a súa oficina en París e non en España, para pasar o máis desapercibido posible, nun país antiamericano despois da Guerra de 1898. Unha vez en España foi directamente a Vigo, onde fixo o seu centro de operacións nas oficinas de Estanislao Durán, axente da *Royal Mail Steamship Company*, traballando os dous de maneira conxunta. Durán tiña 120 axentes por toda Galicia e tres décadas de experiencia contratando obreiros para Suramérica.

Xa desde Francia viaxaba a Vigo con frecuencia para ver saír os obreiros, a maioría deles en barcos ingleses da devandita compañía coñecida como *Royal Mail*. Algúns ían noutra, a *Compañía Trasatlántica*, que tiña liña de Vigo a Colón.

O goberno español non era partidario de axudar aos EUA e a emigración española a Panamá só se concretou despois de conseguir certas garantías da I.C.C.

Cando Park chegou a España todos sabían o seu cometido, e o goberno español non disimulou o seu malestar. Lembraban o desastre francés, e tampouco gustaba o feito de que agora o construíse unha empresa americana. A delegación estadounidense en Madrid pediu a Park que fose o máis cortés e diplomático posible nas negociacións coas autoridades españolas.

Na carta de presentación, na que Park pedía axuda ás autoridades provinciais e locais, dicíase que a pesar de que a obra fose patrocinada por capital norteamericano, o proxecto beneficiaría a todo o mundo, pois acurtaba moito as distancias. Pedíalle que participase coa achega de man de obra, que as condicións de traballo serían boas e non

correrían riscos. Que lles pagarían 20 centavos a hora, e as horas extra, máis. Ofrecíanlles vivenda e atención médica de balde. Había vinte e sete pobos ao longo do canal, con casas ben feitas, auga corrente, cuartos de baño, e todas as comodidades. Park tamén facía fincapé na boa fama dos traballadores galegos no Canal.

A instancias de Estanislao Durán, Park chegou a entrevistarse con Montero Ríos, quen lle escribiu unha carta de recomendación para a súa entrevista co presidente do goberno, José López Domínguez.

Ao tempo, traballaba estreitamente con Durán, que tiña tamén unha oficina en Vilagarcía.

Ao principio, coa reputación que adquirira Panamá, contratar obreiros era moi difícil. Tanto que Park pedía aos seus superiores que publicasen anuncios nos xornais e distribuísen folletos a falaren das boas condicións actuais de Panamá, moi diferentes ás da época francesa.

Park fixera un percorrido por toda Galicia e, a reputación de Panamá, en todos os lugares que visitou, seguía a ser mala. A petición súa, a Comisión envioulle fotos de galegos nas obras, que logo distribuíu para que se vise a situación dese momento.

Había, por outra banda, quen publicaba noticias moi negativas de Panamá e das obras do Canal. Algunhas desas noticias partían de compañías rivais que recrutaban galegos para Arxentina, Chile e Perú, e que lles ofrecían viaxe gratis e outros beneficios.

O 10 de agosto de 1906, Park e Durán, en representación da *Royal Mail*, asinaron un acordo de envío de traballadores a bordo de catro barcos, para que tocasen porto en Vigo e embarcasen pasaxeiros para Colón. Cada barco levaría un mínimo de 130 homes e a



Monumento na honra dos 8000 galegos, heroes en Panamá

Comisión pagaríalle a Durán 25 pesetas por cada un.

O presidente do goberno, López Domínguez, comunicáballe a Park nunha carta o 12 de agosto que non lle podía axudar, pois era obriga dos gobernos evitar ou conter a emigración a países estranxeiros “evitando que se convertese nun medio de eludir as obrigas debidas á Patria”, é dicir, o servizo militar. A Comisión poñía entón como requisito que se contratasen maiores de 25 anos, pero, precisamente as 25 pesetas que cobraba Durán por cada un, eran para subornar as autoridades e que mirasen para outro lado cando se contrataban menores. Casualmente, a maioría dos que querían emigrar eran mozos que tiñan o servizo militar por diante.

Cánovas del Castillo dicía que “a emigración estaba desangrando a alma española, polo que había que protexer e promover a produción nacional.”

Para evitar problemas co goberno español, Park non interviña directamente na contratación, iso facíano os axentes, coma Durán e outros, por exemplo na Coruña “Rubín e hijos”. O proceso levou máis tempo por non ter a sanción do goberno, pero puido facerse.

Nunha carta aos superiores Park contaba o verán que pasou en Vigo e describiu unha

Galicia pobre e atrasada, con cantidade de pulgas e moscas, peor que Calcuta.

Os primeiros galegos cara a Panamá embarcaron en 1906. Park pedía ás autoridades que lles pagasen ben, e sería importantísimo que os obreiros mandasen á casa noticias das boas condicións do país, do clima e das condicións de traballo. Sería esa a mellor chamada para os veciños de cada aldea ou vila. A finais de ano conseguiran embarcar 900 traballadores.

O oficial médico, Gorcas, dicía que as condicións dos galegos eran boas, que ningún morrera e ningún enfermara de febre amarela. En canto á malaria, padecía na mesma proporción ca os norteamericanos e menos ca os obreiros negros.

En xaneiro de 1907 Smith informaba a Park que os galegos eran “espléndidos traballadores”. Os xefes Stevens e Smith mesmo se propuxeron falar co bispo de Panamá para ver se era posible asignar varios sacerdotes á zona do Canal e atender as necesidades relixiosas dos traballadores. Tamén Smith propuxo traer familias completas e darlles casa e terras para conseguir unha forza laboral máis estable. A porcentaxe de obreiros que foron coas familias durante o período de construción foi o 10%.

Os contratadores tomaron outra medida, que foi asinar un acordo coa *Compañía Transatlántica Española* polo que esta levaría os obreiros ata Colón, e faría o posible para que non desembarcasen na Habana, onde paraba antes o barco.

O 1 de outubro de 1907, o membro da Comisión Rufus A. Lane escribiu un informe no que afirmaba que desde o 3 de febreiro de 1906 chegaran a Panamá 5.353 españois e que, neses 18 meses, só se rexistraran 92 mortes (2% do total) entre eles.

Smith fixo o seu informe detallado aos seus superiores. Os embarcados en portos españois cara a Colón, dende o 14 de setembro de 1906 ao 30 de setembro de 1907, foi de 5.309, dos cales 2.124 saíron do porto de Vigo, é dicir, o 40 %.

Mais as queixas dos traballadores non podían ser ignoradas. Dicían que as condicións das obras non eran boas, que eran avasallados polos capataces, a disciplina era férrea e a comida mala. Só falaban ben do aspecto sanitario.

A lei española sobre emigración pretendía regular a saída e impedir os abusos que se cometían contra os emigrantes, pois mentres non fosen boas as condicións en España e houbera incentivos doutros países ofrecendo traballo e vidas mellores, o fluxo de emigrantes non se podería parar. Aínda que non era popular, a emigración era necesaria. *"Toda a prosperidade económica en Galicia depende en gran medida da emigración"* e das remesas que envían os emigrantes.

Entrevistados en Santander uns traballadores retornados manifestaron estar satisfeitos co salario e coas condicións sanitarias, pero non con outros aspectos. Comentaban de que os italianos e os antillanos eran tratados moito mellor, e que a eles dábanlles os peores traballos, e que a comida era pésima, pouca carne, poucos vexetais...

Park trasladaba á Comisión que non era de estrañar que os galegos empezasen a abandonar o canal, despois de traballar un ano sen vacacións, e con gran esforzo físico e debilitante. Os traballadores norteamericanos tiñan 30 días de vacacións ao ano, pero os estranxeiros non. A Comisión debería comprender que os estranxeiros tamén quixesen un descanso e ver a familia.

Para evadir a lei de emigración, algúns obreiros embarcaban para Puerto Limón, Costa

Rica, e alí tomaban outro barco cara a Colón. Outros embarcaban para Cuba e logo ían de alí a Panamá.

Todo isto lévanos a pensar se o que contaban os retornados era a verdade ou esaxeración, porque doutro xeito, como explicar tanto interese para ir a Panamá?

O número de homes que ían a Panamá pola súa conta era tan alto que, entre setembro e decembro de 1909 chegaron ao Canal 557 traballadores polos seus medios, pagando eles a viaxe e sen contrato. Na primavera de 1910, en catro meses, chegaron 2.000 españois máis. Tal era o fluxo de traballadores para o Canal que en 1911 a Comisión viuse obrigada a pedirlle ao cónsul español en Panamá que comunicase ao goberno español que frease esa ola de emigrantes. Por esas datas non había traballo para tantos.

Claro que á Comisión compensáballes máis dar traballo contratar os que ían sen contrato, e non tiñan que lles pagar o mesmo salario.

Ata que o goberno español prohibiu a emigración de obreiros para o Canal, chegaran ás obras un total de 8.222 españois, a maioría deles –uns 5.983 de Galicia–; é dicir, o 72,7 % do total de españois. Outros europeos eran: 1.941 italianos, 1.101 gregos, 19 franceses e 14 armenios. En total 11.797 traballadores europeos no Canal.

Segundo J. M. Pérez Río, a necesidade foi a causa de tanto interese en ir traballar ao Canal de Panamá. Galicia a principios do século XX era unha rexión atrasada, sen industria, cun 80 % da poboación dedicada á labranza, sen unha rede de comunicacións, coa pouca riqueza concentrada nunhas poucas mans, e onde predominaba o minifundio. Os agricultores a duras penas producían o suficiente para a familia. A emigración era a válvula de escape para o común dos galegos da época.



*E*anóns da Armada
na contorna de Corrubedo

Alberto González López

Graduado en Historia UNED

1. INTRODUCCIÓN

A motivación para a realización deste traballo vén da aparición e rescate de certos obxectos de artillería na costa de Corrubedo tal e como se explica a continuación. Entre os anos 2021 e 2023 publicáronse na prensa as seguintes noticias: en abril de 2021, uns mariscadores atoparon canóns e outros obxectos na costa de Santa Uxía de Ribeira, en concreto na zona de Punta Espiñeirido, preto de Corrubedo. A prensa esforzouse en informar de que os canóns pertencían á chamada Armada Invencible. Con posterioridade, en Febreiro de 2023, saíu a noticia do achado de dous canóns e outros restos na zona do cabo Corrubedo. En realidade, eran tres os canóns, posto que un deles fora extraído de forma irregular e logo recuperado polas autoridades. Identificáronse como pertencentes a un barco do século XVI cuxos pecios e outros rexistros arqueolóxicos permanecen hoxe sen descubrir e á espera de ser recuperados, para o que ata o momento se realizaron as perspectivas sen éxito.

Na actualidade, estes canóns están depositados no Museo do Mar de Vigo, pendentes de restauración e aínda non se ten publicado ningún estudo exhaustivo nin traballo de investigación, polo que a bibliografía específica é escasa ou, cando menos, de difícil acceso.

Neste punto, e como catalizador para a realización deste estudo, preguntámonos: Qué tipo de canóns son? En qué contexto ou momento histórico poden situarse? Pertencían á Armada Invencible? A que barco pertencían?

Para conseguilo, traballouse segundo o seguinte procedemento:

- Analizar e catalogar os canóns.
- Avaliar a súa orixe e confirmar se realmente pertenceron á Armada de 1588, á Armada de 1596, e a que tipo de barco e contexto

corresponden estes achados, coa procura de marcas, sinais ou escudos que poidan axudar á finalidade.

Todo isto utilizando, na medida do posible e adaptándoo á peculiaridade dos obxectos de estudo, tipoloxía, función e cronoloxía, o esquema de análise dos niveis de estudo das armas prerromanas de Quesada¹, cunhas modificacións necesarias, para simplificalo como segue²:

Nivel 6 Contexto

Nivel 5 Decoración, marcas fabricante. heráldica

Nivel 4 Tecno-morfo-cultural: procedencia.

Nivel 3 Funcional e táctico: o uso.

Nivel 2 Tipolóxico.

Nivel 1 Tecnoloxía, Metalurxia.

Antes de comezar, convén facer un pequeno inciso sobre as partes fundamentais dun canón naval, sinaladas na figura 1.

En relación coa cuestión xeral dos naufragios na costa galega na época moderna, non hai moita bibliografía salvo os traballos do arqueólogo Miguel San Claudio. Hai algúns libros, pero non hai moita información sobre o século XVI e, polo tanto, houbo que empregar bibliografía xeral, como o excelente traballo en cinco tomos e dez tomos *La batalla del Mar Océano. Corpus documental de las hostilidades entre España e Inglaterra (1569-1604)*. Para levar a cabo este traballo comezouse coa consulta da documentación relacionada coas tipoloxías, descrições de artillería para establecer unha tipoloxía cos datos obtidos nas medicións, así como bibliografía tal que a moi interesante triloxía de libros de Jorge Vigón sobre a *Historia de la Artillería Española* recentemente reeditada, sen esquecer a *Plática Manual de Artillería* dun período contemporá-


¹ Quesada, 2018:28.

² Ver imaxe 1.

neo aos acontecementos. Ambos documentos adoitan ser referencias obrigatorias nos moitos traballos existentes sobre cuestións xerais de artillería e canóns de diferentes épocas. Outro documento de grande utilidade para calquera actividade de investigación sobre tipoloxías é o *Catálogo General del Museo de Artillería*, que representa un compendio de medios de artillería, o que quizais requiriría máis detalle, pero é unha ferramenta que foi útil para cubrir lagoas neste traballo. Tamén existe un relevante compendio de bibliografía relacionada coas fundicións como *La Real Fundición de bronce de Sevilla*, de Mora Piris, *La Real Fábrica de Artillería de la Cavada*, de Maza Uslé, aínda que esta última queda fóra do contexto temporal e técnico dos canóns desta obra.

Este traballo estrutúrase do seguinte xeito: unha vez definidos os obxectivos e expectativas, establécese o marco temporal e espacial, para despois pasar a realizar a identificación e catalogación segundo o criterio de análise por niveis, para rematar coas conclusións e descrición das fontes e bibliografía utilizadas, así como unha relación de planos, esquemas e mapas de localización. Como primeiro paso, realizáronse análises e medicións nas instalacións do museo do mar, buscando sinais, marcas, consultando ao propio equipo do museo e os expertos que participaron na extracción dos obxectos (arqueólogos, persoal da Armada). Desde este momento ata a catalogación definitiva, os obxectos estudados identificaranse como "canón" e os números un e dous³.

Por outra banda, é imprescindible recoñecer a axuda prestada polas seguintes persoas, sen as cales non sería posible nin sequera comezar este traballo e, por suposto, rematalo: Vitor Barbeito, arqueólogo do concello



Figural. Partes dun canón naval. Fonte: www.artillerianaval.es

de Boiro, por facilitar os contactos. Vicente Caramés, director do Museo do Mar de Vigo, por permitir o acceso aos canóns, incluíndo o baleirado dos depósitos onde se conservan, así como a súa propia dispoñibilidade persoal como apoio. Miguel San Claudio, arqueólogo da Deputación de Lugo, polos seus consellos. Miguel Aguirre, membro do equipo naval que participou na extracción, actualmente no gabinete de comunicación da oficina do Almirante Xefe de Estado Maior da Armada (AJEMA) para os datos facilitados.

Chegado a este punto, é unha magoa que este tipo de achados arqueolóxicos tan zumentos e fáciles de comprender, como estes canóns, estean gardados e non poidan ser desfrutados polos cidadáns como un documento material do que aconteceu nas nosas costas do Barbanza hai moitos anos. O Barbanza é territorio rico en achados de todas as épocas, moitos desfrutados e á disposición do coñecemento da xente, outros agochados pero a maioría ben protexidos.

2. MARCO ESPACIAL E TEMPORAL

O marco temporal de referencia é o período comprendido entre os anos 1540 e 1600, durante o reinado de Filipe II no contexto das guerras da Monarquía Española con Inglaterra.

³ Ver imaxe 4.

O marco espacial é a parroquia de Corrubedo, na costa, na zona comprendida entre Punta Couso e Praia Furnas, xa no concello de Porto do Son. Corrubedo é unha parroquia do concello de Santa Uxía de Ribeira, no extremo suroeste da península do Barbanza, que conforma a beira norte da ría de Arousa. A figura 2 mostra a zona de estudo e o descubrimento dos canóns. A liña descontinua representa o contorno da costa da morte. O círculo vermello mostra a zona do descubrimento, na cara norte do cabo Corrubedo.



Figura 2. Localización de Corrubedo en Galicia e detalle da zona de recuperación dos canóns (círculo vermello na imaxe esquerda)⁴. Fonte: Google MAPS

Crese que podería haber máis restos espallados dende o cabo Corrubedo ata as proximidades do propio porto de Corrubedo⁵, onde xa se fixeron prospeccións, sen aparente éxito.

A costa galega foi durante séculos lugar de paso para as idas e vidas de barcos da mariña española e doutras nacións. No caso concreto das armadas do século XVI, polos tránsitos entre Lisboa e A Coruña con motivo da chamada “Jornada de Inglaterra” e outras operacións coma as de Azores⁶. De feito, a zona de Corrubedo presenta informes de posibles naufraxios e restos arqueolóxicos próximos ao propio porto de Corrubedo na zona pegada á que se extraeron os exemplares

analizados⁷. Galicia é unha masa de terra que serve de referencia nas travesías cara ao sur pola costa portuguesa. O problema é que se trata dunha liña costeira con baixos traizoeiros e climatoloxía adversa, así como sometida a ventos que tenden a arrastrar os barcos á costa. En realidade, a “Costa da Morte” atesoura un cúmulo de pecios de distintas épocas e características⁸. Os nosos canóns poderían pertencer a un destes pecios, nin descuberto nin escavado.

3. IDENTIFICACIÓN E CATALOGACIÓN

Os obxectos de estudo son dous canóns actualmente en proceso de descontaminación, estabilización e conservación nunha piscina do museo do Mar en Vigo. Estes canóns están acompañados por dous canóns menores de

⁴ Ver imaxe 2.

⁵ Ver imaxe 2.

⁶ A zona de Galicia é estratéxica desde os tempos anteriores ao período moderno inicial, correspondente ao ámbito temporal deste traballo, e moi significativamente en períodos posteriores coma a Guerra de Sucesión (1701-1714), obxecto de estudo do autor nestes momentos.

⁷ Ver imaxe 2.

⁸ Ver imaxe 3.

cuberta que, por cuestións de tempo non van poder ser incluídos neste traballo⁹.

3.1- NIVEL 1: TECNOLOXÍA E METALURXIA. ESTADO

No século XVI, a innovación máis importante que se produce na produción de artillería é a fundición en bronce de pezas monobloque, de medio e longo alcance, que conviven con algunha fundición monobloque, sistema experimentado con éxito en Inglaterra¹⁰. Neste século, precisamente, comezou a abandonarse o sistema obsoleto de forxa de ferro sobre bastóns¹¹. A elección ferro ou bronce ten que ver con cuestións de calidade de material, custo e peso, xa que o bronce é máis apropiado para a función ademais de máis lixeiro, anque máis custoso.

Os canóns deste estudo foron de bronce fundido, que se aprecia pola pátina e a cor, que por permanecer tanto tempo mergullado baixo o mar, con grandes sacudidas, fondos rochosos e poderosa ondada, atópanse en estado que non permite distinguir con claridade as marcas do fabricante, ou calquera outro símbolo que axude a unha identificación precisa. O exemplar número un está moi deteriorado, xa sexa pola erosión mecánica ou química, dada a calidade do material ou compoñentes da aliaxe. Por outra banda, o exemplar número dous está en aceptables condicións pero con algún dano na boca, con seguridade producido por movementos do mar e a súa posición entre

rocas¹², conservando trazas dun escudo que se comentará con posterioridade, inda que sen marcas de fabricante, pero visibles.

En resumo, ambos exemplares están afectados polos mencionados danos mecánicos e con numerosas incrustacións e pulido por erosión.

3.2- NIVEL 2: TIPOLOXÍA

A identificación e catalogación de pezas do período comprendido entre o século XVI e o XVIII pódese basear no corpus documental de autores da época, aínda que os distintos criterios dos distintos autores poden confundir o investigador¹³. Por iso é preciso traballar con distintas fontes e comparar con modelos xa catalogados para achegarse máis á realidade do tipo de canón.

Este tipo de armas de artillería encaixaría dentro da clase de colubrinas e canóns, e as súas variantes. As coubrinas, as medias colubrinas, os sacres e os canóns de bronce son moi controvertidos respecto da súa clasificación¹⁴, aínda que no arquivo de Simancas hai documentación que pode dar algúns parámetros de referencia en función da bala que se pode disparar. Segundo iso, as colubrinas lanzarían bolas de 16 libras en diante, as medias colubrinas botarían bolas de entre 6 e 16 libras e, finalmente, as sacres, bolas máis pequenas ao redor de 5 e 6 libras¹⁵, incluso

9 Ver imaxe 4. Na foto identifícanse os obxectos estudados con sendos números que servirán a partir de agora para identificalos. Os canóns descartados neste estudio sinalálanse cunha cruz. Trátase duns falconetes máis os seus servidores de alcuza que serán estudados nun futuro, así como unhas medias culebrinas estudadas e catalogadas polo autor deste traballo, pero apartadas deste estudo por pertenceren a otro xacemento.

10 González-Aller Hierro, 2018:70

11 Mora Piris, 2004:395

12 Ver danos na imaxe 6.

13 Vigón, 2014:225 Vigón ofrece como recomendable a utilización, inda que de modo provisorio, da clasificación do antigo Museo de Artillería. Para este traballo utilizáronse como referencia, elementos catalogados polo dito museo.

14 Arantegui y Sanz, 1891:339. Dice este autor "No es, en verdad, muy considerable el número de piezas diferentes que se fabricaban; pero como cada fundidor daba las longitudes y espesores a su capricho, resultaba que bajo una misma denominación existían piezas de diferentes pesos y (...) de distinto calibre".

15 Vigón, 2014:228.

3 libras. Respecto aos canóns¹⁶, estes tamén se clasifican, segundo o peso do proxectil disparado, en canóns de 36 libras, medios canóns de 25 a 26 libras, e terzos de canón ou terceroles de 16 libras¹⁷.

Estas clasificacións pódense basear tamén na relación calibre lonxitude segundo a táboa de Mora Piris a partir dos catro tipos de Ramón Salas¹⁸ e será ese o criterio seguido neste traballo, ademais da comparación con outras armas xa clasificadas e catalogadas.

Segundo Mora Piris e Salas, as colubrinas (culebrinas) posúen unha lonxitude de entre 25 e 35 calibres, as medias colubrinas de 25 a 30 calibres, o canón entre 18 e 25 calibres, e o medio canón entre 15 e 25 calibres. É sabido e xa comentado que existen variantes intermedias que encaixan en dúas categorías, por exemplo, colubrinas bastardas de lonxitude 25 a 30 calibres e medios colubrinas extraordinarias de lonxitude entre 25 a 30 calibres. Nestes casos habería que recorrer ao propio calibre ou peso do proxectil para afinar a clasificación a pesar do cal aínda persistirían incertidumes.

Para poder obter conclusións sobre a tipoloxía, os exemplares foron medidos e a relación calibre-lonxitude foi calculada. Hai que ter en conta que as medidas son aproximadas por causa do estado de desgaste dos canóns, que tamén afectou a algunhas características morfolóxicas, pero son válidas para establecer unha hipótese de clasificación e tipoloxía.

O canón dous presenta un cascabel moi desgastado e pouco definido, anque facilmente identificable como de esfera nunha lámpada de casquete esférico de diámetros variables¹⁹, mentres que un mantén o seu cascabel de golfiño.

Seguen os esquemas de cotas de cada canón e as conclusións sobre a tipoloxía de cada un deles²⁰.

Canón número un

Esta é unha peza de bronce, lámpada plana con cascabel de golfiño, sen orellas²¹ anque se pode ver a zona de apoio (polo que se pode confirmar que as tivo orixinalmente mais que se perderon), e calibre relevante en relación coa súa lonxitude, respecto aos outros exemplares do conxunto estudado. O seu mal estado non permite confirmar a ciencia certa se é de reforzo simple ou reforzo dobre. Cunha lonxitude aproximada de 2.560 mm e calibre aproximado de 105 mm, obtemos unha medida de 24 calibres mais ou menos, e podemos deducir, nunha primeira valoración, que é un canón²² pertencente ao segundo xénero de pezas de artillería²³, pendente de confirmar se encaixa no tipo medio canón

16 Arántegui y Sanz, 1891:335.

"El peso de las culebrinas, por su excesiva longitud, resultaba muy grande en comparación con su calibre, por lo cual se recurrió al sistema de construir piezas cortas de gran calibre, que entonces pertenecían a la especie de los cañones, pero en realidad de verdad venían a ser los futuros obuses. Las nuevas piezas se distinguían con los nombres de medios cañones y tercios de cañón o terceroles".

17 Vigón, 2014:229.

18 Ver imaxe 5. Mora Piris, 2004:398.

19 Ver "fotografías dos exemplares estudados" en epígrafe 7 "Información adicional: Láminas, mapas, fotografías, debuxos".

20 Aproveitando o estudo do cuarto de canón e o sacre de Corrubedo, foron medidos e catalogados as medias colubrinas que se atopan no mesmo depósito do Museo do Mar de Vigo. Continuarase o estudo do conxunto para tentar obter conclusións de máis calado nun futuro próximo. Ver imaxe 4.

21 As marcas elípticas en azul sobre esquema de cotas da figura 3 corresponden a onde, no seu día, estiveron ubicadas as orellas, que desapareceron por completo. Pola pegada, parecen terse desprendido de forma limpa. Esas marcas vense claramente no canón. Ver imaxe 7

22 Arántegui y Sanz, 1891:344.

"El peso de las culebrinas, por su excesiva longitud, resultaba muy grande en comparación con su calibre, por lo que se recurrió al sistema de construir piezas cortas de gran calibre, (...) con los nombres de medios cañones y tercios de cañón".

23 Collado, 1592: 28.




Figura 3. Cotas e medidas do canón número un

ou cuarto de canón. Por comparación con algúns exemplares do Museo Naval e do Museo do exército podería facer pensar que puidese tratarse dun medio canón. A súa lonxitude de 24 calibres incluírao na clase “medio canón extraordinario” pero o calibre en milímetros non está dentro da franxa 110 a 150; por tanto, esta tipoloxía débese descartar. Pódese precisar un pouco máis, polo catálogo do Museo de Artería, que é un medio canón aculebrinado por similitude de características e número de calibres do exemplar 3937,²⁴ pero é demasiado curto, xa que o do museo de artillería ten 140 mm e moito máis longo e, así, ha de descartarse esta tipoloxía. Segundo a táboa de Mora Peris²⁵ e tendo en conta que o calibre en mm está entre 60 e 110 para unha lonxitude duns 24

calibres (entre 22 e 25 calibres), trataríase dun “cuarto de canón lexítimo ou extraordinario”²⁶, e así se considera neste traballo.

Canón número dous

Este exemplar é de bronce, sen orellas, cascabel de bola, lámpada curva, calibre aproximado de 80 mm e relación lonxitude/calibre duns 29. Iso permítenos deducir que é un Sacre, pertencente ao primeiro xénero de pezas de artillería²⁷. Existe no catálogo do antigo museo de artillería a referencia dun exemplar con número de catálogo 3649, anque do ano 1607 e, por tanto, posterior a Felipe

²⁴ Catálogo museo artillería, 1908: 43.

²⁵ Ver imaxe 5.

²⁶ A opción cuarto de canón coincide con “González-Aller Hierro, 2018:133-134” e “Mora Piris, 2004:398”.

²⁷ Collado, 1592: 27.




Figura 4. Cotas canón número dous

II²⁸, con similar calibre e lonxitude (78 mm, lonxitude 2.180 mm e 28 calibres, máis ou menos), con cascabel esférico. Ese exemplar do museo de artillería está catalogado como Sacre bastardo. Polo tanto, consideramos que este canón número dous é un Sacre Bastardo²⁹.

3.3- NIVEL 3: FUNCIONAL E TÁCTICO, EMPREGO

Por razóns obvias, os exemplares estudados son armas navais, inda que poderían utilizarse en terra cunha cureña ou montaxe distinta.

As colubrinas e demais armas do primeiro xénero eran armas de artillería moi longas respecto ao calibre, que se empregaban para combates de longo alcance e uso non moi intensivo, de modo que a súa función era de intimidación. Ademais, a función das colubrinas quedaba inhabilitada nos combates a curta distancia nos que se exixía unha alta cadencia e, sobre todo, rapidez de movementos e acción, tarefa asignada aos canóns, medios canóns e as súas outras variantes, preferidas polo seu menor tamaño, anque maior calibre en relación coa súa lonxitude, como un elemento máis práctico.

O cuarto de canón e sacre deste traballo cumprían por tanto funcións de combate a media e curta distancia. Son exemplares de fundición de bronce, ben que as dotacións dos buques do século XVI estaban formadas por

²⁸ O canón número 2 posúe escudo de armas de Felipe II. Ver figura 6 en apartado nivel 5.

²⁹ Esta clasificación coincide con "Mora Piris, 2004:398" y "González-Aller Hierro, 2018: 117". Este canón 2 encaixa nesa clasificación da imaxe 5.

canóns de bronce e ferro, en proporcións que dependían da frota en concreto. Por exemplo, a “Armada de la Guarda” utilizaba moitos máis canóns de bronce nos seus navíos principais que a “Armada de Mar Océano” ou as frotas de “Terra Firme” e “Nova España”, ao menos ata a primeira metade do século XVII³⁰. A partir do século XVII³¹ os canóns de bronce serían progresivamente substituídos polos de ferro, dado o desenvolvemento dos procesos de fundición de ferro e, sobre todo, polo custo.

3.4- NIVEL 4: ANÁLISE TECNO-MORFO-CULTURAL: PROCEDENCIA

Por ser canóns de bronce, podemos descartar a súa manufactura en La Cavada por dúas razóns principais e obvias: La Cavada non se dedicaba á produción de canóns de bronce, e as súas actividades comezaron de forma sistemática a partir do século XVIII. No XVI non é probable que producisen incluso armas para a armada. Por tanto, existen múltiples posibilidades a nivel local da súa orixe, se descartamos as posibilidades de fundicións estranxeiras³².

O canón número un atópase nun mal estado, que podería ser orixinado por unha mala calidade da aliaxe utilizada ou do proceso de fundición. Sería preciso unha análise metalográfica para valorar as proporcións e sacar conclusións. Isto tamén podería confirmar unha posible orixe portuguesa, xa que dende a anexión de Portugal á Monarquía Hispánica (1581), as fundicións portuguesas pasaron a control da Coroa. Juan De Acuña queíxase au Rei dende Lisboa en 1587 sobre a artillería

que se produce en Lisboa: “es de malísimo metal (...) para mar será mejor porque no le dan tanta carga como en tierra”³³. Pola outra banda, e como o seu estilo é alemán³⁴, tal vez esta sexa a súa orixe ou, ao menos, influencia, sen descartar a fundición de Málaga, onde a familia Ballesteros fabricou canóns con culata ou lámpada plana e asa de golfinho³⁵. Respecto do sacre, non é doado identificar a súa orixe, anque a ausencia de orellas, sen ser estraño, é peculiar. Non hai marcas que permitan deducir que as orellas se perdesen cos anos. Tal vez sexa una cuestión a estudar en posteriores extensións deste traballo.

Existen varias posibles localizacións, no caso de que as pezas sexan peninsulares: Lisboa, que estaba a pleno rendemento na segunda metade do XVI, e Málaga, que a finais do XVI non tiña gran capacidade de produción³⁶. Debemos descartar as fundicións de Logroño, Mallorca –pola súa curta vida– e as de El Pedroso, Burgos e País Vasco, porque xa non estaban activas a finais do XVI. Todo isto partindo da base de que supomos que estes exemplares foron fabricados durante o reinado de Felipe II.

De calquera maneira, a curta extensión deste traballo non permite profundar no estudo de detalle da fábrica de orixe.

3.5- NIVEL 5: DECORACIÓN, MARCAS DE FABRICANTE, HERÁLDICA

As condicións dos canóns tras máis de 400 anos baixo unhas axitadas augas, en áreas

30 Pajuelo Moreno, 2021:151.

31 Segundo González Enciso, 2013:274: “Por su parte, la fabricación de cañones de hierro tiene en España un fecha puntual y tardía respecto a otros países: 1622. Entonces comenzó a establecerse la fábrica de Liérganes y La cavada (...)”.

32 Ver imaxe 9.

33 González-Aller Hierro, 2018: 91.

34 Segundo López Martín, 2011,344: “La producción que se conserva del taller de la familia Löffler de Innsbruck, demuestra que entre 1542 y 1558 Gregor siempre usó una culata con un asa formada por la figura de un delfín puesto en vertical (...)”.

35 López Martín, 2011: 347.

36 González-Aller Hierro, 2018: 92.



Figura 5. Escudo de Felipe II e fotografías do escudo en canón dous. Fonte: www.google.es (escudo), fotografías: Colección do autor

rochosas, puliu calquera marca de fábrica ou orixe e dificulta a identificación ou visualización das mesmas. Talvez tras unha limpeza e restauración se poidan albiscar máis detalles. Ata o momento, foi imposible atopar nada salvo identificado no exemplar número dous. O exemplar número un presenta o que puido ser un escudo ou cartela, pero moi levemente e imposible de identificar. Presenta un cascabel con forma de golfiño nun eixe perpendicular aos *muñóns* e, a pesar de terse perdido, posiblemente posuía orellas con forma de golfiño³⁷, tipoloxía habitual dos medios canóns de espello plano. Existen exemplos desta tipoloxía de orixe alemá nos museos Naval e do Exército³⁸.

O exemplar número dous presenta un desgastado escudo de Felipe II, anque lamentablemente non se pode identificar se posúe ademais o escudo de Portugal ou non, marca que podería aproximar a datación a anterior ou posterior ao ano 1580.

Non posúe orellas nin vestixios destas ao menos con claridade, cascabel esférico, espello en casquete esférico de distintos diámetros e un claro aumento de diámetro na boca, ha-

bitual na familia das colubrinhas. Non se pode identificar adorno ou marca de fabricante.

3.6- NIVEL 6: CONTEXTO

O feito de que todos os canóns apareceron no mesmo contexto arqueolóxico fai que poidamos concluír que puideran formar parte do mesmo naufraxio. Tendo en conta que o canón número dous posúe o escudo de Felipe II, estamos falando de que a súa cronoloxía dataría do período entre 1556 e 1598. Respecto ao canón un, por posuír unha asa de golfiño, pode ser posterior a 1520³⁹, inda que por similitude co canón de Málaga do museo naval, sería de cara mediados do XVI⁴⁰. Respecto ao contexto concreto podemos encaixar os achados, e, a pesar de que a prensa confirmou no seu día que se trataba de obxectos da Armada Invencible do 1588, isto é cuestionable xa que non consta que ningún buque desa Armada tivese naufragado en Corrubedo⁴¹; non obstante, houbo naufraxios de barcos da Armada de 1596/97 na zona de Fisterre, a unhas 30 millas de Corrubedo, e en Camariñas.

37 Nota do autor: Os canóns ou colubrinhas con cascabel de golfiño teñen orellas de delfín na inmensa maioría dos casos.

38 Por exemplo, o número de inventario 3350 do museo do exército, fundido en Málaga. Ver imaxe 8. Nese mesmo museo tamén se atopan varios exemplares da casa fabricante de Löffler de Innsbruck con excelente estaño húngaro.

39 O desenvolvemento da asa de delfín produciuse durante a década de 1520, segundo López Martín, 2011:329.

40 Ver imaxe 8.

41 Ver imaxe 10.

5-CONCLUSIÓNS

Chegado a este punto intentaremos responder ás preguntas que arrancaron este traballo. Que tipo de canóns son? En que contexto se ubican? Segundo os indicios e argumentos formulados consideramos que o canón número un é un cuarto de canón e o canón dous é un sacre bastardo. Xa que foron atopados no mesmo contexto xeográfico arqueolóxico, presúmese de que ao menos foron utilizados na mesma época e, polo escudo de Felipe II que aparece no sacre, enmarcados no período do seu reinado entre 1556 e 1598.

Pertenceron estes canóns á denominada Armada Invencible?

Non hai constancia de naufraxios de buques da Armada de 1588 na costa de Corrubedo, aínda que si da frota de Padilla de 1596, pero 30 millas náuticas máis ao norte. Polo tanto, non se pode confirmar de ningunha maneira que pertenceran á denominada Armada Invencible, aínda que está claro que formaban parte das forzas navais militares da época e pertencían a un barco que combaterá talvez nas xornadas de Azores ou de Irlanda (frota de Padilla). Pero iso tería que ser demostrado.

A que barco pertencían?

Non se pode confirmar o tipo de barco ao que pertenceron xa que non hai indicios aínda, pero deberían armar algún buque principal, Nao, Galeón ou Urca, por ser de bronce e ser canóns de certo porte, presentes, sobre todo, neste tipo de buques.

A partir destas conclusións, as liñas de investigación futuras deberían basearse nos seguintes puntos:

a) Identificación da orixe dos canóns

Nesta cuestión, sería necesario proseguir nos estudos a un nivel técnico e realizar

análises metalográficas para determinarmos porcentaxes de aliaxe e, así, tentar trazar a composición química para localizar fabricante, fundidor e orixe das materias primas. Tamén sería conveniente aproveitar os futuros e previstos traballos de restauración dos canóns para tentarmos albiscar marcas de fabricante agora mesmo non visibles, e así aumentar as posibilidades de identificar orixe e fabricante. O cuarto de canón posúe unhas características moi interesantes que conviría traballar non futuro en detalle a nivel metalográfico, despois dunha limpeza polas variadas opcións da súa posible orixe, como antes mencionamos (alemán, portugués, malagueño). Respecto do sacre, sería preciso un traballo máis en detalle para tentar descubrir máis información. En calquera caso, isto debería agardar a un proceso de restauración minucioso e análise metalográficos.

b) Identificación frota ou armada e barco

Será preciso atopar apoio para o descubrimento de novos indicios en coordinación cos arqueólogos subacuáticos. A zona é habitual caladoiro de pesca submarina, percebeiros e mariscadores en xeral. Sería preciso indagar entre os paisanos que coñecen zonas, baixíos e, talvez, traballar nos recursos toponímicos para atopar indicios sobre os que formular posibles prospeccións no futuro.

6-FONTES E BIBLIOGRAFÍA

Bibliografía:

ARANTEGUI y SANZ, José (1891), *Apuntes históricos sobre la Artillería española en la primera mitad del siglo XVI*. Madrid, Imprenta del cuerpo de artillería.

COLLADO Luis (1592), *Plática Manual de Artillería en la que se trata de la excelencia de el arte y militar y origen de ella y de las máquinas con que*

los antiguos comenzaron a usarla, Milán, Pablo Gotardo Poncio, stampador de la Real Cámara.

GARCÍA-TORRALBA PÉREZ, E. (2010), *La artillería naval española en el siglo XVIII. Su evolución técnica y su recíproca influencia con la arquitectura del buque*. Madrid,

Publicacións Ministerio Defensa:

GONZÁLEZ-ALLER HIERRO, J. Ignacio/ DE DUEÑAS FONTÁN M./CALVAR GROSS Jorge/ MÉRIDA VALVERDE M^a del Campo (2018), *La batalla del Mar Océano. Corpus documental de las hostilidades entre España e Inglaterra (1569-1604), Volumen V*. Madrid, Publicaciones Ministerio Defensa.

GONZÁLEZ ENCISO, Agustín (2013), *Asentistas y fabricantes: El abastecimiento de armas y municiones al estado en los siglos XVII y XVIII*. Salamanca, Ediciones Universidad de Salamanca.

HUTCHINSON Robert (2013), *La Armada Invenible*, Barcelona, Pasado y Presente.

LÓPEZ MARTÍN, Francisco Javier (2011), *Esculturas para la Guerra. La creación y evolución de la artillería hasta el S. XVII*. Madrid, CESIS.

MARTÍN C., PARKER G. (2011), *La Gran Armada*, Barcelona, Círculo de Lectores.

MORA PIRIS, Pedro (2004), *La artillería: aproximación y materiales. Técnica e ingeniería en España I El renacimiento*. Zaragoza, Real Academia de Ingeniería. Institución «Fernando el Católico». Prensas universitarias de Zaragoza.

QUESADA SANZ, Fernando (2018), *¿Qué podemos preguntar a las armas antiguas? El caso de la Iberia prerromana. Armamento y equipo para la guerra*. Madrid, Cátedra extraordinaria complutense de historia militar.

VIGON, J. (2014), *Historia de la Artillería Española*. (edición original. CSIC, Madrid), Tomo I de III, Madrid, Ministerio de Defensa.

VV. AA (1908), *Catálogo General del Museo de Artillería*, Madrid. Eduardo Arias.

Webgrafía:

CAÑÓN NAVAL: DEFINICIÓN, PARTES Y UTENSILIOS. Un cañón naval... (artillerianaval.es) Consultado 10 xaneiro 2023. PAJUELO MORENO, V. (2022): «La artillería y los pertrechos de los galeones de la Armada de la Guarda de la Carrera de Indias, 1594-1617». *Gladius*, 42: 145-162. <https://doi.org/10.3989/gladius.2022.09> Consultado 29 xaneiro 2023.

SAN CLAUDIO, Miguel (2017), “Naufragios de la Gran Armada de 1588 en Galicia, Proa a la Mar”, consultado o 27 decembro 2023 na web da Academia. Edu. URL: Naufragios de la Gran Armada de 1588 en Galicia | Miguel San Claudio - Academia.edu

VIDAL DELGADO, Rafael (2016): “La industria de armamento en la Málaga de Cervantes”, consultado o 1 de febreiro de 2023 na web.

Microsoft Word - 160319 La industria de armamento en la Málaga de Cervantes.docx (uma.es)

INFORMACIÓN ADICIONAL: LÁMINAS, MAPAS, FOTOGRAFÍAS, DEBUXOS



Esquema do autor adaptado a este traballo a partir do modelo orixinal de análise por niveis de estudo das armas prerromanas de Quesada⁴²



A elipse amosa a zona de reparto de restos arqueolóxicos desde a área aproximada de recuperación (NO Cabo Corrubedo) ata o punto B (SE contorno exterior do porto de Corrubedo). Fonte: Google MAPS <https://www.google.es/maps/preview>

⁴² Quesada, 2018:28.



Neste mapa amósase a localización dos pecios coñecidos e documentados na costa galega, e principalmente Costa da Morte onde se dá a maior concentración, circunstancia lóxica pola perigosidade da costa. Os puntos máis pequenos son os barcos a vela. Fonte: Miguel San Claudio

Grupo	Peca	Clase	Calibre	Cantidad
			cm	Libras
COLECCIÓN				
Obrus colubinas ou dragóns			12-13	12-13
Colubinas	Brasado	15 x 13	15 x 13	20 x 30
	Brasado	15 x 13	15 x 13	30
	Brasado	15 x 13	15 x 13	15 x 25
	Brasado	15 x 13	15 x 13	15 x 25
Medio colubinas	Brasado	12 x 8	12 x 8	30
	Brasado	12 x 8	12 x 8	15 x 25
	Brasado	12 x 8	12 x 8	15 x 30
	Brasado	12 x 8	12 x 8	30
Saco	Brasado	12 x 8	12 x 8	30
	Brasado	12 x 8	12 x 8	15 x 25
CANÓN				
Obrus canón			12-13	12-13
Canón	Brasado	15 x 13	15 x 13	20 x 30
	Brasado	15 x 13	15 x 13	30
	Brasado	15 x 13	15 x 13	15 x 25
	Brasado	15 x 13	15 x 13	15 x 25
Medio canón	Brasado	12 x 8	12 x 8	30
	Brasado	12 x 8	12 x 8	15 x 25
	Brasado	12 x 8	12 x 8	15 x 30
	Brasado	12 x 8	12 x 8	30
Bordo de canón			12-13	12-13
Bordo de canón	Brasado	15 x 13	15 x 13	20 x 30
	Brasado	15 x 13	15 x 13	30
	Brasado	15 x 13	15 x 13	15 x 25
	Brasado	15 x 13	15 x 13	15 x 25

Táboa que amosa as características dos grupos de artillería de bronce en uso durante o século XVI (Fonte: Mora Piri, 2004:398), a partir da clasificación de Ramón de Salas no seu *Memorial Histórico de la Artillería Española* de 1831



Numéranse os elementos estudados na súa actual ubicación nunha piscina de auga doce, despois do baleirado temporal desta. Pódense ver os falconetes con servidores de alcuza que non se tratan neste traballo, aínda que forman parte do mesmo xacemento. Tamén se ven as colubrinhas do xacemento de Camariñas. Fonte: Arquivo do autor



A frecha amosa a parte danada do tubo do canón 2 con perda de material e perforación na boca. Fonte: Arquivo do autor



Nesta foto de detalle do canón 1, apréciase onde estiveron as orellas ou asas, supostamente de golfinho xa que este canón é cascabel de golfinho e espello plano. Apréciase tamén a lixeira conicidade dos muñóns. Ambas características menciónanse no esquema de cotas. Figura 5. Fonte: Arquivo do autor



Nesta foto de detalle do canón 1, apréciase onde estiveron as orellas ou asas, supostamente de golfinho xa que este canón é cascabel de golfinho e espello plano. Apréciase tamén a lixeira conicidade dos muñóns. Ambas características menciónanse no esquema de cotas. Figura 5. Fonte: Arquivo do autor



"Medio canón de 14,5 cm de calibre por 221,3 cm de lonxitude (15 calibres). Fundido en Málaga, é dos denominados "sencillos y bastardos". A súa datación estímase a finais da primeira metade do século XVI". Fonte: Mora Píris, 2004:394. Nota do autor: Posúe orellas e cascabel en forma de golfinho e lámpada plana Cascabel perpendicular ao eixe dos muñóns



Mapa de localización fundición de ferro e chumbo/ bronce na idade moderna. En círculo as funciones de bronce. Fuente: Vidal Delgado Rafael, 2016: 10. Microsoft Word - 160319 La industria de armamento en la Málaga de Cervantes.docx (uma.es)

Escuadra	Nome	Tipo	Canón	Bronce	Ferro	Notas
Portugal	Augusta	Zabra	14	14	0	Participou na campaña de Azores, mala Xornada de Inglaterra
Castela	San Pedro	Galón	26	20	6	En 1592 viaxou de Lisboa a Ferrol coa escuadra de Barentona
Castela	San Juan	Galón	21	13	8	En 1589 estaba en Santander
Castela	Santiago el Mayor	Galón	22	19	3	Parte da Armada de 1596. Perdeuse entre Fístima e Concepción
Castela	San Felipe y Santiago	Galón	22	14	8	Parte da Armada de 1596. Perdeuse entre Fístima e Concepción
Castela	San Model y San Celodón	Galón	19	14	5	En 1592 viaxou de Lisboa a Ferrol coa escuadra de Barentona
Biscña	Santiago	Nao	25	8	17	Estaba en Ferrol en 1590
Biscña	La Magdalena	Nao	17	4	13	Despois de Xornada de Azores, foi a Lisboa en 1592
Biscña	San Juan	Nao	21	4	17	En Lisboa en 1591
Guipúzcoa	Santa Cruz	Nao	18	6	12	Estaba en Santander en 1589
Guipúzcoa	Santa Marta	Nao	20	9	11	Estaba en Ferrol en 1591
Guipúzcoa	Asunción	Patache	9	3	6	Estaba en Santander en 1589
Andalucía	Santa María de Juncal	Nao	20	4	16	Despois de Xornada de Azores, foi a Lisboa en 1591
Andalucía	El Espíritu Santo	Patache	10	12		En Ferrol en 1590 na escuadra de Urquiola
Urcas	Santo Andrés de Milaga	Uca	14	6	8	En Ferrol en 1590
Urcas	Casa de Paz Chica	Uca	15			En Ferrol en 1590
Urcas	San Gabriel	Uca	4	0	x	En Ferrol en 1590
Urcas	Paloma Blanca	Uca	12			En Lisboa en 1590
Urcas	Pero Marino	Uca	7	0	x	En Ferrol en 1590
Urcas	La Ventura	Uca	4	0	4	En Ferrol en 1590

Escuadra	Nome	Status	Colubrina	Media colubrina	Sacre	Medio Sacre	Medio canón	Canón pedreiro	Falcón	Verso esmeril
Portugal	Augusta	Non se sabe nada desde 1590			7	1				6
Castela	San Pedro	Non se sabe nada desde 1592			6	2		3		9
Castela	San Juan	Non hai datos a posteriori					1	4		8
Castela	Santiago el Mayor				3	2		4		10
Castela	San Felipe y Santiago				4	6		2		2
Castela	San Model y San Celodón	Non se sabe nada desde 1592			10			3		1
Biscña	Santiago	Non se sabe nada a posteriori								
Biscña	La Magdalena	Non se sabe nada desde 1592		2			2			
Biscña	San Juan	Non hai datos a posteriori			4					
Guipúzcoa	Santa Cruz	Non hai datos a posteriori		2				2		2
Guipúzcoa	Santa Marta	Non hai datos a posteriori		3			2	2		2
Guipúzcoa	Asunción	Non hai datos a posteriori								
Andalucía	Santa María de Juncal	Non hai datos a posteriori					1			3
Andalucía	El Espíritu Santo	Non hai datos a posteriori							4	8
Urcas	Santo Andrés de Milaga	Non hai datos a posteriori	2	4						
Urcas	Casa de Paz Chica	Non hai datos a posteriori								
Urcas	San Gabriel	Non hai datos a posteriori								
Urcas	Paloma Blanca	Non hai datos a posteriori								
Urcas	Pero Marino	Non hai datos a posteriori								
Urcas	La Ventura	Non hai datos a posteriori								

Lista de buques participantes na Xornada de Inglaterra de 1588 que sobreviviron e puideron ter formado parte da Armada de 1596.

Non consta que ningún buque perdido en 1588 se perdesa na zona Finisterre-Corrubedo. Tampouco é certo que todos os que sobreviviron á Xornada de Inglaterra participaran na Armada de 1596. A máis, non consta ningún que teña un conxunto de medias colubrinas, sacre e cuarto de canón. Táboa de elaboración propia. Nin Carabelas nin falúas da Armada de 1588 foron incluídas nesta táboa. Fontes: Hutchinson, 2013:323-354; Martin/Parker, 2011:449-454; González-Aller/outros, 2018:152-354

FOTOGRAFÍAS DOS EXEMPLARES ESTUDADOS

A disposición dos canóns na piscina non axudou á obtención de fotografías apropiadas e supuxo limitacións nas medicións.

Cuarto de Canón



Sacre





*A*ntecedentes das asembleas
da Cruz Vermella no Barbanza

Miguel Ángel Sánchez del Río

Mestre de primaria

O NACEMENTO DA CRUZ VERMELLA INTERNACIONAL

Como moitas cousas na vida, a Cruz Vermella é o froito dunha casualidade. Que unha persoa cuns ideais concretos, pasase por un lugar determinado no momento exacto no que ocorría un feito específico, só pode ser un curiosa coincidencia. O caso é que o empresario suízo Jean Henry Dunant tivo que desprazarse por motivos laborais dende a súa residencia ata Alxeria. Propúxose facelo na tarde do 24 de xuño de 1859. O itinerario escollido para a viaxe atravesaba a localidade de Solferino, na Lombardía italiana. Aquela mesma mañá, nos campos que arrodeaban a vila tivera lugar unha cruel batalla na que se enfrontaran os exércitos de Francisco Xosé I de Austria e Napoleón III de Francia (aliado de Vítor Manuel II, rei de Cerdeña). Como práctica habitual nas guerras, mortos e feridos xacían polo campo esquecidos de propios e alleos. Cando Dunant pasa polo lugar na súa carruaxe, non puido menos que conmoverse e, coa axuda dalgunhas mulleres da poboación próxima de Castiglione, afanouse a rescatar a cantos lle deu tempo.

A CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA

Tan só un ano despois producíase a primeira reunión da nova asociación a nivel internacional. Por España acudiron dous representantes: o médico militar Nicasio Landa e o conde de Ripalda, José Joaquín Agulló. Ao seu regreso, fundaron a Cruz Vermella Española coa axuda da Orde Hospitalaria de San Xoán de Xerusalén (Orde de Malta) sendo



Jean Henry Dunant, fundador da Cruz Vermella e primeiro Nobel da Paz (1901). Imaxe de licenza libre. As reflexións deste home sobre o acontecido foron o xerme da Sociedade Internacional de Socorro a Feridos de Guerra, que en 1863 se transformaría na Cruz Vermella¹

o noso país un dos primeiros do mundo en contar coa súa propia asemblea da institución. A estrea da sociedade de socorros habíase producir en 1872 na batalla de Oroquieta, no decorrer da III Guerra Carlista.

A CRUZ VERMELLA DE SANTIAGO

O factor determinante na aparición das primeiras conexións entre o Barbanza e a Cruz Vermella é a fundación da Comisión de Distrito de Compostela². En 1870 a condesa viúva de Espoz y Mina, dona Juana de Vega, toma posesión como presidenta provincial da Sección de Damas. Ao comunicar esta nova ao Comité Central de Madrid, explica na súa carta que unha das principais misións que pretende encarar era o espallamento por Galicia dos ideais da Cruz Vermella, e facía mención expresa da necesidade de suscitálos en Santiago. Pouco se faría esperar, pois a presenza da institución na cidade apostólica remóntase

¹ A Sociedade citada precisaba dun símbolo que, nun contexto de loita, fose claramente recoñecido coma neutral por ambos bandos. Desá necesidade xurdiu a idea de invertir as cores da bandeira suíza (cruz branca sobre fondo vermello), país que albergaba a sede do organismo.

² En 1864 fundárase na Coruña a Comisión Provincial pero, a pesar do título, todo o seu labor era local.

a 1871, ano no que se fai socio da comisión provincial o doutor José María Caballero³. Tras del irían aparecendo na nómina de asociados outras ilustres personaxes: o seu sobriño, o doutor e poeta Juan Barcia Caballero⁴ dende 1873, o hostaleiro Cristian Pfister⁵, o estudante de Farmacia Máximo de la Riva⁶ ou os doutores Varela Radio⁷, Baltar Cortés⁸ e Piñeiro Pérez⁹.

A finais de 1896, comezan a chegar á cidade soldados repatriados da Guerra de Ultramar que, despois de ser desembarcados no porto coruñés, eran abandonados á súa sorte, de xeito que tiñan que tentar chegar aos seus fogares pola súa conta. Moitos deles pasaban por Santiago de camiño a outras vilas e dedicaban os seus esforzos a mendigar alimento, vestimenta ou cartos cos que poder viaxar ás súas residencias.

Nesta situación desesperada, o hostaleiro Cristian Pfister, xuntou no seu establecemento un conxunto de notables composteláns e os socios da Cruz Vermella na cidade para tratar

sobre as posibles solucións. Desas xuntanzas saíu a proposta de fundar unha comisión local da Cruz Vermella coa intención de crear un sanatorio que atendese os militares repatriados. O 21 de xaneiro de 1897 firmouse a acta fundacional.

Tras un intenso traballo, o 2 de maio dese mesmo ano abriu as súas portas o sanatorio para feridos das guerras de Ultramar. Estaba situado no antigo mosteiro de Santo Agostiño (hoxe propiedade dos xesuítas, pero naquel momento de titularidade municipal tras dos procesos de desamortización do século XIX).

O SANATORIO PARA FERIDOS DAS GUERRAS DEL ULTRAMAR

Nun primeiro momento foi este un modesto establecemento con cabida para doce internos, pero que acabaría por ter unha capacidade para cen persoas. O continxente que tivo a dubidosa honra de inaugurar os locais sanitarios tivo unha boa representación do Barbanza. Dos sete soldados que ingresaron ao día seguinte da apertura, tres eran desta comarca:

- José Lampón Dios, de Ribeira. Pertencía ao Rexemento de Cazadores de Reus e ingresou cun diagnóstico de disentería.
- José Blanco Boo, de Noia. Formaba parte do Rexemento Isabel la Católica e ocupou a cama nº 7 por un cadro de anemia.
- Ramón Rey Quintana, veciño de Boiro. Instalouse na cama nº 3, en illamento preventivo.

Xunto a eles ingresaron outros catro soldados, un deles en estado grave por hemoptise. Chegaran o día anterior ao porto da Coruña no vapor María Cristina, que viña cargado con 536 repatriados, dos que 119 viñan feridos ou enfermos, e incluso algún xa defunto. Para o seu traslado, a comisión da Cruz Vermella de

3 José María Caballero Villar (1833-1913). Filósofo, médico e escritor. Presidiu o Ateneo de Vitoria, cidade na que estivo destinado nos últimos anos da súa vida profesional.

4 Juan Barcia Caballero (1852-1926). Médico persoal do cardeal Martín de Herrera e de todos os conventos composteláns. Foi director do Manicomio de Conxo e, na súa faceta de escritor, dedicouse especialmente á poesía. É o autor da letra do *Himno al Apóstol Santiago* que se canta na catedral mentres voa o botafumeiro.

5 Cristian Pfister Godenzi, cidadán suízo chegado a Santiago en 1895 para rexentar o *Restaurant Oriental*, que anos despois sería o Café Derby na praza de Galicia.

6 Máximo de la Riva García (1869-1922). Profesor da facultade de Farmacia. Dedicado á política e ao activismo social, foi alcalde da cidade (faleceu en exercicio) e participou na meirande parte das sociedades benéficas da época. Creou a *Asociación Compostelana de Caridad* e o *Patronato de Niños Abandonados*.

7 Manuel Varela Radio (1873-1962). Catedrático de Obstetricia en Madrid, foi elixido Deputado en Cortes durante a Segunda República.

8 Ángel Baltar Cortés (1867-1934). Cirurxián, profesor de Medicina e director do Hospital Provincial e do Sanatorio Baltar.

9 Francisco Piñeiro Pérez (1864-1951). Cirurxián e profesor da facultade de Medicina na que ocupou, sucesivamente, as cátedras de Medicina Clínica, Anatomía Topográfica e Patoloxía Cirúrxica. Alcalde de Santiago entre 1909 e 1911.

Santiago dispuxo unha carruaxe tipo «ripert» na que se acomodaron os oito asignados¹⁰ ao novo sanatorio compostelán. A viaxe durou case 24 horas precisando facer noite en Ordes.

Coma con todos os doentes que pasaban polo sanatorio, estes tres veciños do Barbanza recibiron a doazón comprometida polo cardeal José Martín de Herrera: dúas pesetas e dous calzóns. Despois de recibir a alta, a mesma Cruz Vermella encargábase dos gastos de transporte dende Santiago ata as súas localidades de residencia, como tamén facía con aqueles que chegaban con boa saúde.

PRESENZA DA COMISIÓN DE SANTIAGO NO BARBANZA

Non cabe dúbida de que a presenza da familia Baltar en Tanxil, Rianxo, fixo posible o coñecemento da institución na comarca. Dende Ángel Baltar, cirurxián do sanatorio para feridos de Ultramar ata o seu neto Fernando, directivo da Cruz Vermella nos anos 80, pasando por Ramón Baltar, médico do sanatorio médico-cirúrxico nos anos 20-30 e nos 60-70 presidente local de Santiago. Nas súas temporadas de veraneo na vila rianxeira, de seguro espallaron os benéficos pensamentos do ideario da institución. Porén, a presenza da comisión compostelá non se reduciu tan só a este feito.

O sostemento do sanatorio para os feridos de Ultramar provocaba na comisión de distrito uns gastos inasumibles tan só coas cotas de socios ou coas doazóns puntuais por parte de particulares ou da administración. Como solución, e xa que moitos dos atendidos no centro sanitario eran da zona de influencia

da cidade¹¹, os socios decidíronse a crear subcomisións noutras vilas e poboacións co obxecto de recadar fondos para sosteren os tratamentos médicos, realizaren o mantemento das instalacións ou costearen os víveres para os ingresados. De paso, facían promoción dos ideais da institución na procura de novos socios ou da posibilidade de crear comisións independentes, como así ocorreu con Padrón.

Entre as localidades que tiveron unha subcomisión da Cruz Vermella de Santiago ou Xunta de Auxilio está Noia¹². Antes de rematar 1897, en decembro, os directivos da institución visitaron a vila. Nestes encontros, o habitual era programar un pequeno recital que servise como reclamo no que os propios socios mostraban os seus méritos como recitadores de poesía ou intérpretes de piano.

Tras do peche do centro sanitario, cando xa se albiscaba o fin da guerra en Cuba, a mediados de xullo de 1898, comezou a crecer o temor de que a Mariña dos Estados Unidos rematase o labor cun ataque nas costas españolas, ou incluso un intento de invasión. Sendo Galicia o extremo peninsular máis próximo deuse, por feito que tal ofensiva comezaría por estas terras. E xa que o propósito principal da Cruz Vermella era a atención aos feridos de guerra, a Comisión de Santiago comezou a prepararse para actuar neste sentido ofrecendo aos mandatarios de diversas localidades a posibili-

¹¹ O sanatorio de Santo Agostiño atendía a todos os repatriados residentes na zona que vai de Ribeira ata Melide, e dende Ordes ata Vilagarcía e Lalín.

¹² Con alta probabilidade pódese afirmar que tamén Rianxo e A Pobra tiveron unha destas subcomisións. Existen varias referencias periódicas que indican que a directiva da Cruz Vermella habería de visitar «Vilagarcía, Carril y otras poblaciones de la Ría de Arosa». A estreita relación da familia Baltar con Rianxo, e as proposicións feitas ao concello da Pobra en 1898 con motivo do posible ataque estadounidense fan supoñer que ao menos nestas dúas vilas tamén houbo presenza da institución. No caso de Ribeira non hai ningún indicio, pero polo seu maior tamaño, e polo tanto maior perspectiva de recadación, non parece lóxico que quedase fóra do listado de poboacións a visitar.

¹⁰ Un dos soldados repatriado solicitou quedarse na súa aldea natal de Bean, Ordes, cando a comitiva pasase por alí. Por iso, dos oito iniciais ingresaron sete no sanatorio.



Acto de presentación e bendición da primeira das ambulancias *Simca 1200* da Cruz Vermella de Santiago que, entre 1976 e 1982, prestaron servizo en toda a área adscrita á asemblea compostelá, incluído o Barbanza. Imaxe propiedade do autor

dade de estableceren unha ambulancia¹³ e un hospital de campaña, aproveitando o persoal e o material do sanatorio de Santo Agostiño.

Entre os posibles obxectivos da costa galega existía un gran consenso en que a ría de Arousa tiña un alto valor estratéxico, posiblemente pola navegabilidade do río Ulla, que permitiría un desembarco no interior do territorio. Así pois, os primeiros ofrecementos da Cruz Vermella compostelá dirixíronse a ela. Temos constancia de, polo menos, dúas cartas dirixidas aos alcaldes de Vilagarcía e

da Pobra¹⁴. Nesta última, o vicepresidente da comisión, Ramón Pardo Laborde, comunicalle ao alcalde pobrense que todo está listo para que, cando se reciba resposta por telégrafo, a ambulancia saia con ese destino. Ao non ter resposta de ningunha destas poboacións, a directiva da Cruz Vermella enviou a mesma oferta a Vigo, que neste caso si a aceptou, de xeito que a ambulancia santiaguesa, comandada por Vicente Naveira, se foi establecer na batería de Alcabre, á espera dun bombardeo que nunca aconteceu.

As seguintes aparicións da Cruz Vermella na comarca ían ter que esperar preto de oitenta anos. Dende 1976, as únicas ambulancias da

¹³ A estas alturas de século, inda non se podía entender unha ambulancia como vehículo de transporte sanitario. Referíase a un pelotón de catro padioleiros e un xefe de equipo que, habitualmente, tiña formación sanitaria en medicina ou enfermería. O material do que dispoñían era a propia padiola e un botica de primeiros auxilios de emerxencia con elementos básicos.

¹⁴ Existen indicios de que este ofrecemento tamén se lles puido facer ás localidades de Ribeira, Rianxo e Noia. Aínda que o máis consistente deles é o que se fixo a Padrón, onde se estaba a crear unha comisión de distrito neses momentos.


Cruz Vermella que se podían ver moi de cando en cando na zona eran as de Santiago, que tiña asignado como radio de actividade todo o sur da provincia da Coruña. Os dous *Simca 1200* cos que contaba a asemblea compostelá eran totalmente insuficientes para atender unha rexión tan ampla, e tan mal comunicada.

Dende unha orde ministerial de 1960, a Cruz Vermella estaba facultada para o establecemento de bases de auxilio en estrada, pero a precariedade de medios facía inviable que

moitos lugares puidesen establecer o servizo. Cando en 1971 se autoriza a realización do Servizo Militar nas bases da institución, será cando a rede de postos de socorro empece a medrar. De contado, as grandes cidades conseguiron establecer un servizo de urxencia de 24 horas grazas ao persoal do Servizo Militar. Porén, moitas zonas da xeografía quedaban desertas de atención, como ocorría no caso de Santiago e unha área tan extensa por cubrir. A primeiros dos 80 elaborouse un plan para crear novas asembleas que sostivesen un posto de auxilio, tentando establecelos no lugar máis axeitado no que abranguesen un territorio ata o momento desatendido.

A relación entre a Cruz Vermella de Santiago e a comarca do Barbanza aínda tería un novo fito antes de que comezasen a crearse as novas asembleas locais. Neste caso, serían os programas de formación sanitaria en primeiros auxilios e en atención a colectivos especiais. Neste campo sobresaí a figura do doutor Xosé Carro Otero, director de formación da asemblea santiaguesa, e vicepresidente posteriormente. Ademais dos cursiños que se programaban na capital galega, entre finais dos 70 e o primeiro quinquenio dos oitenta, foron multitude os que se celebraron en diversas vilas no norte de Arousa.

Os destinatarios destes cursos eran o conxunto dos cidadáns, sen precisarse formación previa no ámbito da saúde, pois o programa de docencia falaba sobre aspectos da vida cotiá: pequenos accidentes no fogar, na práctica do deporte, lesións habituais, ou atención urxente ante calquera emerxencia. Nalgúns casos os programas ían destinados a colectivos sociais como a terceira idade. Neles tratábase sobre hábitos saudables ou coidados específicos a estas persoas. Introduciuse tamén o tema das drogodependencias que comezaban a sacudir con forza prestando



Folieto informativo dun dos cursiños organizados polo departamento de formación da Cruz Vermella de Santiago na zona do Barbanza. Imaxe propiedade do autor

maior atención ao xeito de previlas e á atención aos afectados. Segundo se foron creando as novas asembleas de Ribeira, Boiro e Noia comezáronse a realizar cursos sobre transporte sanitario de urxencia destinado ao persoal recruta e aos voluntarios dos departamentos de Socorro e Emerxencias.

AS TRES ASEMBLEAS LOCAIS DO BARBANZA

Ribeira

Rematando a década dos 70 do século xx, a institución fixo propósito de estender a sección da Cruz Vermella do Mar a outros portos, xa que a esas alturas só funcionaba na capital provincial. Aínda que entre as primeiras opcións non estivo a cidade barbanzá, logo corrixiuse o listado final de localidades que había ter esta dotación. Así, xa en 1980, creouse a base ribeirense provista dunha embarcación de nivel C chegada de Bilbao, que permitía facer pequenos rescates preto da costa. Nos primeiros tempos, ademais dos mozos que facían o servizo militar, contaban con arredor duns 60 voluntarios.

Ademais da base portuaria no *Malecón*, a delegación local contaría cun pequeno espazo provisional na, daquela, rúa do xeneral Franco. Acabaría por constituírse en asemblea sendo o seu primeiro presidente D. José Pérez Bernárdez, primeiro tenente de alcalde. A inauguración desta nova delegación fíxose o 23 de xaneiro de 1982.

Pouco despois, a Cruz Vermella do Mar de Ribeira elaborou un proxecto para incorporar ao servizo unha ambulancia terrestre con funcionamento as 24 horas do día, o que, sumado a dúas subdelegacións establecidas en Aguiño e Corrubedo, con cadansúa lancha «zodiac», facían pensar nun prometedor futuro para esta asemblea.

Boiro

En 1983 a Mancomunidade de Concellos do Barbanza fixo unha petición formal á Asemblea Suprema da Cruz Vermella dun posto de socorro en estrada que atendese os catro membros que a compoñían. Xustificábase na alta sinistralidade da C-550 que discorría ao longo do sur da península. Despois da aceptación da proposta e dun informe técnico decidiuse que o novo destacamento se instalaría no termo de Boiro para que, ademais de Ribeira, Rianxo e A Pobra que se prevían nun principio, atendese tamén os concellos de Noia, Lousame, Porto do Son e Dodro. Para formalizar a adxudicación do servizo de urxencias requiríase o respaldo dunha agrupación local. Deste xeito naceu a Asemblea Local de Boiro, que celebrou a súa primeira reunión nos primeiros días de xuño de 1984 para tratar do xeito de financiar os medios e persoal necesarios para que o novo posto de auxilio funcionase correctamente dende o primeiro día. Como neses anos comezaba tamén a organizarse o recoñecido Sorteo do Ouro, a nova Asemblea centrouse na venda dos boletos no concello boirense por valor de 740.000 pesetas. Ante as boas perspectivas solicitáronse máis billetes de lotaría para estender a venda nos concellos veciños.

O posto de socorro aínda tería que esperar uns meses máis. Finalmente foi construído no quilómetro 23 da estrada Padrón-Ribeira, no lugar chamado do «Alto do Vento», nun terreo doado pola veciñanza. As diferenzas entre os concellos da mancomunidade sobre a establecemento e o pagamento das obras fixeron que fose unicamente o de Boiro quen se fixese cargo por completo das mesmas. O pequeno edificio contaba con garaxe para albergar a ambulancia, dependencias da asemblea, un cuarto de socorro co material sanitario, e as estancias do corpo de garda.

Este estaba composto por un xefe de destacamento e doce soldados recrutados auxiliados ocasionalmente por un ATS e un médico. A inauguración dos locais e a activación do servizo de urxencias produciuse o 5 de outubro de 1984. O encargado de inauguralos non foi outro que o doutor Xerardo Fernández Albor, que nese momento era presidente da Xunta, pero que, tan só dous anos antes viña de ocupar a presidencia da Cruz Vermella de Compostela.

Noia

Aínda que aspiraba a fundarse con anterioridade, a data oficial na que se creou a delegación da institución é o 1 de xuño de 1986, sendo o seu primeiro presidente D. Leandro Pérez Pérez, químico de formación. Dende os comezos, a principal aspiración foi o establecemento dun posto de estrada que non se materializou ata o verán de 1987. Entre os proxectos que se pretendían emprender estaba tamén a construción no exterior do edificio dun heliporto e unha base da Cruz Vermella do Mar, cousa que nunca chegou a acontecer.

Cun presuposto que superou os nove millóns e medio de pesetas foi construído o posto de socorro en estrada no lugar de «A Chainza», na saída da vila cara a Porto do Son. Nos seus inicios o persoal de auxilio tivo máis de voluntarioso que de efectivo. Durante os primeiros meses a nova edificación non tiña luz, teléfono, dotación sanitaria mínima nin mobiliario, polo que as gardas dos equipos de socorristas transcorrían nun espazo baldeiro e con pouco que facer ao estar desconectados do exterior. Así se deron casos de ter que trasladar algún ferido próximo ata o centro de saúde noiés a pé.

Nos primeiros días de xaneiro de 1988, o concello de Noia tomou cartas no asunto e fixo unha doazón de preto de dous millóns de

pesetas coas que mercar unha ambulancia, e comprometeuse a ceder o vehículo municipal que fora doado pola Deputación, e se atopaba infrautilizado, e unha lancha para pequenas intervencións na ría. Tamén adquiriu o compromiso de mediar ante Telefónica que, seis meses despois, continuaba sen atender a petición dunha liña para o centro de auxilio. O radio de acción deste posto incluía os concellos de Noia, Porto do Son, Lousame e Serra de Outes.

BIBLIOGRAFÍA

CLEMENTE, J. C. (2004). *Tiempo de humanidad. La labor sanitaria de la Cruz Roja Española (1864-1997)*. Ed. Fundamentos.

SÁNCHEZ DEL RÍO, M. A. (2022). *La Cruz Roja en Compostela. Historia de la Asamblea de Santiago*. Andavira e Consorcio de Santiago.



A Cruz dos Caídos de Ribeira

Jesús Pérez Besada

Todos recordamos esas cruces que se levantaron por todos os pobos de España, xunto ás que, de nenos, xogabamos, pero sen lograr alcanzar cal era o seu sentido e significado, e sen entender quen as tiña levantado e con que finalidade. Tantas eran e tanto nos habituamos á súa presenza que, a miúdo, hoxe nos poden pasar, mesmo, desapercibidas. Moitas foron retiradas ou trasladadas das súas localizacións orixinais, mentres outras tantas prevalecen perennes no tempo, e inmutables a calquera cambio.

1.- A CULTURA DA MORTE

O falanxismo cun discurso político moi pobre, elabora, non obstante, un conxunto simbólico de certa complexidade que, se ben non era orixinal –pois bebía en fontes alleas–, si era moi efectivo pola súa apelación ao mundo dos sentimentos, das emocións e da irracionalidade. Os dous eixos principais eran a concepción dun nacionalismo radical extremo, e a entrega a un líder-guía infalible co que se alcanzaría a salvación da civilización.

A morte convivindo coa vida, como algo natural que non se busca, pero que aparece en calquera momento. A vida posta ao servizo da causa. Os mortos permanecen entre os vivos, son as estrelas e luceiros (caídos pola patria) das metáforas falanxistas. O sangue do martirio, necesario para facer xerminar a nova España, convérteos en heroes, en símbolos da xuventude e da pureza. De seguirmos este guión, José Antonio era o mesías elixido para salvar España, que tiña derramado o seu sangue para redimir os que desexaban a súa morte (recorrenza ao paralelismo con Cristo), mitificándose a súa figura como o elixido, como un guía inmortal, profético e providencial, elevado á graza de deus para ocupar o seu posto a carón dos luceiros. A figura do “Ausente” vaise

elaborando en forma de mito. En paralelo, configúrase un microcosmos simbólico e ritual ligado tamén á morte: oración fúnebre aos caídos (composta por Sánchez Mazas), procesións e gardas nocturnas, fachos, *misas de requiem*, velorios aos mártires, ofrendas de coroas de loureiro e flores, o berro ¡Presente!, que se daba nos funerais por un caído cando se pronunciaba o seu nome en voz alta, a gravata negra sobre a camisa azul, dó permanente polo fundador da falanxe, ou o inevitable *Cara al Sol*.

2.- AS CRUCES POLOS CAÍDOS

Estes monumentos conmemorativos e funerarios son a predilección do Novo Estado por un modelo de construcións que permitisen un desenvolvemento de elementos rituais, cerimoniais, escenográficos e propagandísticos e, ao tempo, perpetuar a vitoria, mantendo viva a cruzada. Foron construídos para evocar a memoria dos vencedores, para lembrar a súa vitoria na guerra, enchendo o solo español de lugares de memoria, e exaltando a ideoloxía triunfante. Rematada a guerra, en agosto de 1939, unha Orde Ministerial regula a erección de monumentos á vitoria e aos caídos, determina os criterios artísticos e evita a diversidade de orientacións, creando unha unidade de estilo e establecendo un sentido uniforme que evitase desviacións nas diversas iniciativas. O calendario oficial do novo réxime establecerá como festa apoloxética do Día dos Caídos o 29 de Outubro, que se celebraba dun xeito colectivo e público, xunguindo o compoñente relixioso e o castrense.

O símbolo clave destes monumentos era a cruz, acompañada dunha inscrición, e deberían erixirse en espazos públicos amplos. Constátase o simbolismo cristián e o compoñente de guerra de relixión ou Cruzada. A motivación para levantar estas construcións nunha durísima posguerra, chea de dificulta-

des e privacións materiais, era dobre: dunha banda, lembrar permanentemente a vitoria na guerra, e doutra servir de exemplo a xeracións futuras. Tamén era unha pretensión de unir a nación, dando un protagonismo especial aos mártires e combatentes da cruzada, integrándoos na vida da Patria.

Para construílos, a pedra será o material preferido, sobre todo na cruz, –posto que na lápida tenderase ao mármore–, símbolo de eternidade, pero tamén de sobriedade e austeridade. Perdurar e sobrevivir ao paso do tempo facíase condición necesaria, e para iso o emprego de materiais resistentes era imprescindible. Distintos tipos de pedra, pero con preferencia o granito, aínda que cada pobo elixirá a rocha predominante na zona, o que permitía un lóxico abaratamento da construción. A unidade de estilo, ao unificar símbolos e significados, atendía a un retorno ao clasicismo con predominio da sobriedade, da rixidez e do xeometrismo (simplicidade de


liñas), o que explica a ausencia, en xeral, de elementos escultóricos.

3.- A CRUZ DOS CAÍDOS DE RIBEIRA

Todo o que levamos dito verifícase no monumento ribeirense que se axusta exactamente ás directrices da Delegación Nacional de Propaganda. A construción parte sempre do poder local, na práctica do alcalde que era ao tempo xefe local do Movemento, e así acontece en Ribeira: “Por indicación del Sr. Alcalde se procedió en este Negociado de Obras a la confección del proyecto, presupuesto y bases referentes a la ejecución de La Cruz de los Caídos”. O anteproxecto apróbase en sesión celebrada o día 15 de xaneiro de 1942, con intención de rematalo o 31 de marzo, sen dúbida para poder inauguralo ao día seguinte, 1 de abril, conmemoración do día da vitoria.

Establécese un presuposto de 1.724,84 ptas, aínda que remata executándose en 1.985 ptas. O monumento non podía pasar desapercibido e debería ser referente na paisaxe urbana, por iso se elixe un lugar preferente para situalo. Será o adro da igrexa parroquial o espazo escolleito, situándoo nun lateral do mesmo, de cara á praza.

Os presupostos eran moi variables e dependían das dimensións das localidades e, polo tanto, da capacidade económica das mesmas, podendo ser sufragados polo propio concello, caso de Ribeira, ou acudindo noutras ocasións ás reiterativas subscricións populares ou á colaboración dos veciños nos traballos da obra. A febre construtiva desenvólvese nos primeiros anos de posguerra, nunha economía autárquica moi deprimida e con carencia de bens de primeira necesidade e de materias primas. Nos anos 50 vanse reducindo as edificacións e algunhas xa proxectadas non chegan a executarse (p. ex. a da Coruña). Comparando con outras poboacións de



Esbozo elaborado polo negociado de obras do concello de Ribeira en 1942



A cruz dos caídos á dereita. A lápida aos mártires na fachada da igrexa á esquerda. Fotografía de mediados dos anos 60

trazos similares, podemos dicir que era un presuposto económico moi limitado (por ex. Aranda de Moncayo 3.000 ptas; Alfaro, en

Logroño, 28.000 ptas). As capitais de provincia superaban naturalmente estas cifras (Valencia presupostou 600.000 ptas).

Os aspectos da construción son minuciosamente pormenorizados no anteproxecto. Os perpiaños de gran fino de características similares ás escalinatas do adro parroquial, "será labrada y pulida con esmerada pulcritud, presentando aristas agudas". O granito sería extraído da canteira do monte da Cidade. O primeiro corpo contaría dun perpiaño central e dous laterais exactamente iguais. Especial atención se concede ao compoñente principal do monumento, pois a cruz determínase que será dunha soa peza, prestando especial atención ao granito e ao seu labrado e puído, e sería incrustada nunha caixa de 30 cm practicada no perpiaño principal. O conxunto descansaría sobre unha base que lle proporcionaría altura. O tallado e enchumbado da dedicatoria no perpiaño central do corpo principal, executaríao un marmorista por un prezo acordado de 100 ptas. O enchumbado fai referencia a

"CRUZ DE LOS CAÍDOS"

Importe. Por indicación del Sr. Alcalde se procedió en este pago a la confección del presupuesto y se hace referencia a la ejecución de la Cruz de los Caídos.

Presupuesto. Se acompaña el plano en alzado y planta del monumento, tomada de la información facilitada por dicho Sr. Alcalde.

Presupuesto de ejecución material. El presupuesto de ejecución material es el siguiente:

- Desplazamiento de tierras y replantación.	15.00
- Donación para la cimentación.	50.00
- Presupuesto de la alfarería en la catedral.	575.00
- Materiales desde el monte de la Ciudad.	40.00
- Labrado de los sillares, cruces, etc.	500.00
- Cimentación, ajuste y pulimento.	40.00
Total.	1.460.00

Presupuesto de ejecución. El presupuesto general para la ejecución material es el siguiente:

- Ejecución material de la Cruz.	1.460.00
- 1 % de supervisión.	14.60
- 4.00 % de beneficio industrial, inclusión de materiales de trabajo, retiro albañiles, etc.	60.72

Presuposto de execución da cruz dos caídos. Xaneiro de 1942



Situación actual da cruz na igrexa de Ribeira

unha práctica habitual neste tipo de obras, que consistía en gravar as letras da inscrición con chumbo derretido, descoñecendo se esta fase se chegou a realizar. De ser así, os tipos das letras desaparecerían nos primeiros anos. As obras serán executadas polo mestre canteiro D. Angel Cores Crugeiras, domiciliado en Frións.

Na última remodelación do adro parroquial, a cruz foi desmontada, retirándose a base e os dous perpiaños laterais do corpo principal, desprazándose uns metros cara atrás para quedar pegada a un pano do peche exterior da igrexa.

Os monumentos e placas aos caídos, os nomes das rúas, de edificios oficiais e as estatuas do ditador son recordos e símbolos dunha ditadura que rematou hai trinta e sete anos.



*O*s espazos da memoria boirense

Rocío L. Yáñez

O urbanismo dun lugar evoluciona segundo as necesidades que teñen as persoas, non só dende un punto de vista funcional senón tamén simbólico. Por isto, este artigo ten como obxectivo describir e contextualizar a situación do urbanismo boirense no ano 2024 en termos de Memoria democrática. O que aquí se presenta forma parte dunha investigación maior que dá lugar a un Traballo de Fin de Estudos do Grao en Socioloxía, titorizado polas profesoras Estefanía Calo García e Montserrat Golías, que contribúen notablemente á mellora do mesmo.

O concepto “memoria histórica” fai referencia a un proceso mediante o cal a sociedade recorda, interpreta e reconstrúe o seu pasado, especialmente poñendo o foco nos eventos traumáticos, para proporcionarlle un sentido no presente e construír unha identidade común. Maurice Halbwachs en *La mémoire collective* (1950) fai referencia á idea de que a lembranza é subxectiva, e que está determinada e moldeada polo contorno social, xa que este inflúe nos feitos que permanecen na nosa memoria e no xeito en que os recordamos. Os espazos públicos visibilizan, polo tanto, a memoria colectiva e forman parte da identidade da súa poboación. Con isto recoñécense os sucesos ocorridos e dignifícase as vítimas, reparando a memoria destas, reforzando así os valores democráticos do lugar e dando cohesión social.

Coa *Lei 20/2022, do 19 de outubro, de Memoria Democrática*, mudouse o concepto de Memoria Histórica a Memoria Democrática para reforzar a idea de que a reparación e conservación da memoria dos sucesos e vítimas do Golpe de Estado, a Guerra Civil e a Ditadura Franquista, é un feito propio dunha sociedade democrática. Por isto, a Lei pon o foco na creación de espazos relacionados coa Memoria e a conservación dos xa existentes.

A localidade de Boiro conta con seis Espazos da Memoria que foron modificados recentemente. Atopamos catro monólitos de gran tamaño, situados en zonas estratéxicas. Coa intención de facer reflexionar a poboación, construíronse de xeito que o monumento irrompese nunha zona visible e icónica do concello. Dous deles son espazos modificados e resignificados, dos cales un é un sitio historicamente estratéxico por estar situado ao lado do antigo concello e cuartel, onde diversas persoas disidentes do golpismo foron represaliadas; e o outro é unha fonte que antigamente tiña o xugo e as frechas falanxistas, que agora están cubertos por unha placa.

A continuación presentarase cada un destes Lugares da Memoria coa intención de identificar pero, sobre todo, de visibilizar os anos escuros desta localidade, dende o Golpe de Estado de 1936 ate o comezo da democracia.

O CRÓMLECH DA ROTONDA DE CIMADEVILA

A entrada en Boiro xa supón un exercicio de memoria colectiva, pois está presidida por un Crómlech de grandes dimensións situado nunha rotonda axardinada de grande importancia, debido a que dela emerxen as tres rúas centrais que vertebran a vila. Este monumento, composto por cinco menhires de pedra unidos, é un punto de homenaxe ás 24 vítimas boirenses, que son conmemoradas cada Día da Galiza Mártir.

As pedras que o conforman recollen diferentes inscricións (imaxe 2); na pedra superior pode lerse “Na memoria da Galiza Mártir dos bos e xenerosos”, e aparece tamén “Boiro-37”, que corresponde ao 11 e 23 de febreiro de 1937, días nos que fusilaron sete boirenses nun paredón do cemiterio de Boisaca, e “Agosto 2008”, a data na que se levantou o monumento.



Crómlech da Rotonda de Cimadevila. Fonte: Elaboración propia

Os menhires verticais recollen os nomes dos nativos de Boiro fusilados entre o 1936 e, 37, como Xerardo Piñeiro , José Caballero, Xosé e Maximiliano Somoza, Bautista Torrado , Santiago Miranda , Juan Outeira l, Rodrigo Álvarez, Xosé Laiño, Ricardo Vilas, Braulio Castro , Bríxida Muñiz, Antonio Seoane, Cándido Buceta, José Maceiras , Manuel Brión, Agustín Horta, Ramón Lojo , Cándido Castillo, Ruperto Lapidó, Ramona Noal e Jesús Fungueiriño. Aparece tamén o nome de Juan Rey

Lago, deportado ao campo de concentración de Mauthausen, onde faleceu no ano 1941, concretamente no subcampo de Gusen.

Como xa se indicou, dende a súa inauguración a conmemoración do Día da Galiza Mártir ante este espazo, incorporouse como Lugar da Memoria no imaxinario colectivo da cidadanía boirense. Aínda que se atopa nun lugar privilexiado á vista de todas, a súa localización no medio dunha rotonda, dificulta de xeito notable o feito de poder ler o nome das vítimas e de reflexionar sobre a barbarie. Por isto, o Concello de Boiro decidiu resignificar outro espazo situado a uns metros de distancia, no que si se pode ler e reflexionar sobre o tema. Trátase da Praza da Memoria, situada en fronte do antigo Xulgado de Cimadevila, e ao lado do antigo Cuartel, que representan o percorrido violento transitado polas vítimas.

PRAZA DA MEMORIA

Esta praza foi reacondicionada como parque infantil, pero neste emprazamento destinado ao lecer das crianzas colocáronse diversos paneis explicativos cunha breve biografía, dos e das mártires que aparecen no Crómlech da rotonda, repasando os seus nomes, traxectoria política e como foi o represaliamento vivido. Ao lado, está situado o antigo concello, e en fronte está o antigo Xulgado de Cimadevila, no que se represaliaban



Detalle das inscricións das columnas (de esquerda a dereita). Fonte: Elaboración propia



Paneis da Praza da Mernoria. Fonte: Elaboración propia



Vista da Praza da Memoria. Fonte: Elaboración propia

as persoas defensoras da orde democrática, agredíndoas fisicamente e encadeándoas á Nogueira, unha árbore que había pola parte de atrás.

Esta resignificación do espazo vén dada por intentar contextualizar o crómlech situado a uns metros de distancia, reconverter o espazo, dotando de significado un punto urbanístico de importancia histórica e fusionándoo co parque xa existente anteriormente, e coa colocación de bancos ao lado, que permiten sentarse a reflexionar sobre a historia, que por norma xeral aparece esquecida.

MONÓLITO DE CABALLERO RUBIO

No centro de Boiro, a Praza do Concello lévanos cara a unhas escaleiras que dan acceso á beirarrúa que nos conduce ao seguinte espazo dedicado á Memoria, escondido tras uns arbustos. Neste caso trátase dun memorial



Monólito dedicado a Caballero Rubio. Fonte: Elaboración propia

destinado a Xosé Caballero Rubio que, aínda que non era nativo de Boiro, considérase un sinalado persoeiro polo seu labor como mestre, presidente da Unión Republicana, tenente de alcalde da corporación municipal durante a II República, membro activo do Comité Boirense de Defensa da República, e vítima asasinada no 1936.

Como se reflicte na anterior imaxe, unha composición de tres pedras superpostas, cunhas gravacións en cor vermella. Na primeira pódese ler "Día da Galiza Mártir" e "Boiro 17-08-2004", data da súa inauguración. Na segunda pedra descifrase "Xosé Caballero Rubio Tte. Alcalde 1936", cargo que lle custou a vida. A última inscrición "Sempre mestre", cunha tipografía que asemella infantil, que fai referencia ao labor que máis aló da política lle valeu o cariño do pobo no que traballaba.

ROTONDA DE BRÍXIDA

Antes de recibir o nome de Bríxida, o espazo que representa o seguinte Lugar da Memoria boirense coñecía-se polo nome de Rotonda de Graso. A pedra segue a ser o recurso máis utilizado, neste caso un monólito coa representación dun libro aberto.

No piar o nome desta muller valente, primeira concelleira da que se ten coñecemento na provincia da Coruña. Trátase da principal figura da que se fala cando nos remontamos á resistencia boirense logo da Segunda República. Xunto a Caballero Rubio, realizaron varias accións polo concello de grande riqueza



Monólito a Bríxida Muíñez na Rotonda de Graso. Fonte: Elaboración propia



Detalle do gravado do libro do monumento de Graso. Fonte: Elaboración propia

para a poboación nos escasos catro meses de goberno: Limitaron o prezo dos cereais, duplicaron as escolas para paliar o elevado número de analfabetismo, empregaron persoas desempregadas a fin de arranxar os camiños, e crearon unha praza cuberta para que as mulleres deixasen de vender á intemperie. A Bríxida paseárona, déronlle aceite de rícino, graváronlle UHP na testa e puxeron a un sobriño tocando o tambor. Mallárona na nogueira, estivo detida un mes, e cando foi posta en liberdade foi privada dos seus bens e recursos como animais e colleitas. Non foi asasinada polos golpistas, pero morreu no ano 1939. O nome de Bríxida Muñiz, é un dos homenaxeados no Crómlech de Cimadevila e na Praza da Memoria, pero o concello e mais a cidadanía boirense consideraron oportuno un recoñecemento individual.

Nas páxinas do libro están esculpidas as seguintes verbas en cor vermella *Corporación de Boiro de 10-03-1936 a 29-07-1936*, xunto aos nomes das persoas que formaron parte do goberno municipal boirense durante a II República.

MONÓLITO DE ESCARABOTE

Os camiños da Memoria lévannos ao mar, concretamente á alameda que linda co Porto de Escarabote. Xunto a unha das fontes máis populares deste enclave, unha pedra cravada



Monólito de Escarabote. Fonte: Elaboración propia

no chan (*pedra fita*) homenaxeas as tres vítimas asasinadas o día 27 de xullo de 1936, día no que tivo lugar o Golpe de Estado en Boiro.

O “Día da Galiza Mártir” volve a ser protagonista tal e como reza a parte superior da lenda, de novo en cor vermella. Pero engádese a referencia “*As vítimas do 29 de xullo de 1936*”, citando os seus nomes e idades: “*Jesús Fungueiriño López. 14 anos. Ramona Noal Maneiro. 25 anos. Ruperto Lapido Outeiral. 72 anos. Boiro. 17-08-2005*”. Esta é unha data tinxida de sangue na memoria das familias, xa que o bando golpista non só atemorizou a vila boirense, provocando un tiroteo, senón que tamén se cobrou a vida destas tres persoas. Como é habitual, rexístrase a data de levantamento do monumento (17-06-2005), neste caso, anterior a Lei da Memoria Histórica, o que indica a importancia de facer memoria para a veciñanza boirense.



A fonte de Ponte Goiáns. Fonte: Elaboración propia

FORTE DE PONTE GOIÁNS

Abandonamos os lugares creados polos resignificados. A Fonte de Ponte Goiáns é un espazo funcional, manancial natural onde a xente segue a recoller auga. Mantivo durante



Detalle da placa en lembranza de Cándido Castillo "O Pichón".
Fonte: Elaboración propia

tempo a simboloxía franquista, na forma do xugo e as frechas, que lembraban o trágico final de Cándido Castillo "O Pichón", asasinado nese lugar. O goberno boirense colocou unha placa na honra deste caído, cubrindo o escudo falanxista, imposible de borrar.

A memoria muda a dor en esperanza, a morte en vida e a impunidade en xustiza. En lembranza de Cándido Castillo, o Pichón recorda a este relevante socialista, que decidiu enfrontarse aos golpistas cando tomaron Boiro en lugar de refuxiarse no monte. O 22 de abril de 1937, tras un "paseo pola vila", foi executado diante da fonte, na que morreu desangrado sen que ningún o socorrese polo medo ás represalias.

FORTE DE CARIÑO

Ao final do noso recorrido, preto ao cruceiro da estrada de Cabo de Cruz, atopamos un lavadoiro tradicional, a Fonte de Cariño. A presenza do xugo e as frechas, representativas das FET e das JONS, non permiten esquecer o período de opresión e terror durante a ditadura franquista.

No pleno celebrado o 20 de xullo de 2016, a corporación boirense daquel entón chegou a un acordo para a retirada deste vestixio falanxista, xunto co resto de simboloxía que permanece. Oito anos despois, o xugo e as frechas segue presente na fonte da que estamos a falar.

Con isto podemos concluír que o Concello de Boiro avanzou significativamente no recoñecemento e preservación da Memoria democrática coa creación ou recuperación dos espazos descritos. Estes reflicten o compromiso da comunidade co recordo dos acontecementos do pasado e coa reparación simbólica das vítimas do Golpe de Estado e a posterior Ditadura Franquista. Pese a iso,



Detalle do xugo e as frechas. Fonte: Elaboración propia



A fonte de Cariño. Fonte: Elaboración propia

aínda persiste unha fonte, da que temos coñecemento que aínda conserva a simboloxía falanxista, o que demostra que o proceso de resignificación non está completo. A presenza deste vestixio franquista resalta a importancia de continuar coas iniciativas de recuperación da Memoria democrática, co fin de recordar o pasado, dignificar as vítimas do concello e fomentar unha vila máis respectuosa coa Memoria democrática e a historia compartida.

Como persoa boirense, foi moi satisfactorio o feito de buscar os lugares dedicados á Memoria democrática en Boiro. Foi realmente emocionante ir tirando de pequenos fíos que ía atopando, e destapando historias cheas de valentía a través de personaxes que, sabendo que xogaban en desvantaxe, decidiron organizarse en contra das inxustizas, poñendo o seu propio corpo como escudo polas causas xustas. A figura de Bríxida Muñiz foi realmente inspiradora para min, como muller, coñecer a súa historia demostra que incluso nos sitios pequenos e rurais pode darse a semente da revolución, e que ser muller en tempos hostís non é razón para non estar na primeira fila da rebelión. Por isto, é moi importante indagar sobre aquelas figuras relevantes para a historia das nosas vilas, xa que son crónicas de grande interese cultural que proporcionan riqueza aos lugares e poden funcionar de exemplo para outras persoas.



*D*efendendo o pasado,
construíndo o futuro:
*Loita democrática e
compromiso colectivo no Barbanza*

Néstor Sieira

Secretario da CRMH do Barbanza

O asociacionismo é o elemento fundamental na configuración democrática das sociedades. A colaboración mutua entre as e os individuos é o pilar esencial a través do cal a cidadanía se empodera e configura o mundo. Nun momento como o actual, no que o individualismo é o horizonte ideolóxico da nosa sociedade, o asociacionismo representa esa outra maneira de entender ao ser humano: a colaboración, os proxectos colectivos, a responsabilidade común dos dramas individuais e o compromiso persoal co designio da comunidade é a filosofía que subxace no asociacionismo.

Se quixeramos sintetizar o labor da Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica do Barbanza nunhas poucas palabras habería que dicir que, dende a Comisión, pretendemos solidarizarnos coas vítimas do golpe de estado,

da Guerra Civil, e de corenta anos de represión; co esforzo de mulleres e homes que loitaron en defensa dos valores democráticos e da xustiza social, coas persoas silenciadas que durante décadas víronse na obriga de calar ante un discurso oficial que ocultaba, terxiversada e falseaba o ocorrido no noso país dende o 36. En definitiva, a Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica do Barbanza, ao igual que co resto das asociacións memorialistas do Estado, traballa en dilucidar a verdade, restablecer a xustiza e ofrecer reparación ás vítimas da barbarie franquista. A CRMH do Barbanza está formada por un grupo de mulleres e homes comprometidxs coa nosa historia máis recente.

Mostra de dito compromiso son os actos que cada ano organizamos ao redor do 14 de



Durante a ofrenda floral no Confurco. 14 de abril 2024

abril, coa ofrenda floral no Confurco ante o monumento *Ás voces silenciadas*.

Queremos, deste xeito, conmemorar e render homenaxe á primeira experiencia democrática do Estado; ás mulleres e homes que traballaron na proclamación, construción e defensa da II República. Unha data que representa toda unha xeración de persoas solidarias e comprometidas cos valores humanos máis fundamentais. Como Dolores Rodríguez Sende que, sendo só unha nena, colaborou con outras mulleres de Rianxo para atender os presos políticos do Campo de Concentración alí construído. As chamadas "Madríñas" son unha das mostras máis conmovedoras da tenrura dos pobos e,, coa declaración de Dolores como Republicana de Honra 2023, quixemos homenaxear a todas as Madríñas, recoñecer

o seu desinteresado e fermoso labor e, en concreto, o dunha muller que viu truncada a súa infancia –e tamén a súa vida– pero soubo, a pesar da súa curta idade, estar do lado da humanidade.

Xesús Rodondo Abuín tamén elixiu a trincheira en defensa da humanidade. Veciño de Asados, ao igual que Dolores, Abuín naceu pobre e criouse na pobreza; afiliouse ao Partido Comunista e dedicou a súa vida en defender os dereitos e intereses de familias traballadoras coma a súa. A necesidade obrigouno a trasladarse a Asturias, para traballar na minería, e o compromiso político a trasladarse a Estrasburgo. Tras ser reprimido polo goberno de De Gaulle exiliouse na Unión Soviética, onde aprendeu, finalmente, a ler con xa 25 anos. En 1967, Xesús estaría de novo en España para continuar a loita contra a ditadura. En setembro do 68 foi detido pola Garda Civil en Gran Canaria, tras recibir un disparo, por participar nunhas protestas para esixir o pago dos atrasos nos salarios de traballadores de *Sardina del Norte*. Abuín permanecería nos cárceres franquistas ata o final da ditadura. Se en algo mellorou o mundo neste último século foi grazas a mulleres e homes como Xesús Redondo Abuín.



Escultura de Dolores Rodríguez Sende. Republicana de honra 2023. Busto realizado polo escultor Ricardo Dávila Santos



Xesús Redondo Abuín. Republicano de honra 2024

Con estes recoñecementos –a de Dolores Rodríguez Sende en 2023 e a Xesús Redondo Abuín en 2024– dende a Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica do Barbanza queremos honrar e remarcar o valor moral de toda unha xeración. Esa xeración de homes e mulleres que tiveron a valentía de enfrontarse á terrible realidade que os envolvía e a un inimigo que semellaba indestrutible. E, ademais, que son o mellor da nosa historia: esta xeración de loitadoras e loitadores pola liberdade, a igualdade e a xustiza social, que a día de hoxe nos ofrecen non só unha lección de vida e compromiso, senón tamén a posibilidade de reconciliarnos con parte da nosa historia recente.

Pero dende a Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica do Barbanza traballamos todos os días do ano, máis alá do 14 de abril. Se de algo nos sentimos moi orgullosos é da colección *Episodios Republicanos Barbanzans*: uns manexables caderniños, redactados por socias e amizades da CRMH, que narran pasaxes de represión, pero tamén de heroísmo, na nosa bisbarra. Nestes últimos dous anos tivemos a honra de presentar *Mari Pepa e Manuela: dúas mulleres de Lousame vítimas do franquismo*, texto no que Xerardo Agrafoxo describe o drama da persecución franquista, co contexto das miñas de volframio de fondo. Tamén puidemos publicar *A represión no Barbanza (1936-1948) As cifras e os nomes*, un exhaustivo traballo de Xoán Fernández Callón onde se detalla a dimensión do crime humanitario que a violencia franquista supuxo para as vilas de Rianxo, Boiro, A Pobra, Ribeira. Porto do Son, Lousame, Muros e Noia. Unha minuciosa contaxe de todas as vítimas rexistradas da barbarie fascista. O duodécimo caderniño da colección, e polo de agora o último publicado, é *Campos de concentración. Muros, A Pobra e Rianxo*. Un estudo realizado por Xesús Santos, que nos descobre unha

terrorífica realidade, esquecida pola inmensa maioría da veciñanza, e que constata que nos nosos pobos localizáronse espazos para a deshumanización e o sometemento físico máis bárbaro. Por último, a CRMH do Barbanza tivo o pracer de publicar un pedagóxico traballo, escrito por Pilar Sampedro Martínez. *Memoria Histórica na Literatura Infantil e Xuvenil Galega* é unha meticulosa bibliografía onde se recolle dun xeito atractivo e ameno toda a produción literaria en galego destinada ao público non adulto.

Na Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica do Barbanza estamos tamén comprometidos coa memoria máis alá da nosa comarca. Cada ano participamos na Homenaxe Nacional ás Vítimas do Golpe de Estado e a Ditadura que organiza a Iniciativa Galega pola Memoria na Illa de San Simón/Illa da Memoria. Na actualidade estamos traballando con todo o movemento memorialístico nacional



Durante a presentación do caderniño *Mari Pepa e Manuela*: dúas mulleres de Lousame vítimas do franquismo. 10 de marzo de 2024



Durante os actos do homenaxe nacional ás vítimas do franquismo. Illa de San Simón 2024

para que dende as autoridades competentes se definan os usos para este lugar, referente da memoria democrática. Dende o colectivo memorialístico galego sostemos que a Illa de San Simón non é o lugar acaído para a realización de espectáculos, eventos lúdicos e shows, que nada teñen que ver co respecto e a dignificación das vítimas do episodio máis terrible da nosa historia recente.

Nos próximos meses –e esperamos que anos– seguiremos traballando coas nosas

amigas e amigos de Barbantia na presentación de libros, na colaboración de actos, e co resto da sociedade civil comprometida coa memoria democrática do noso país; e con ese espírito vimos de presentar en rolda de prensa unha axenda cargada de proxectos para o curso 24/25: dende a Comisión daremos a coñecer un certame, destinado a escolares, para que presenten traballos (literarios, artísticos ou audiovisuais) relacionados coa memoria democrática; continuaremos cos trámites para que o arcebispado elimine dos lugares de

culto cristián a simboloxía fascista que aínda se atopa en cemiterios e igrexas da nosa comarca; instaremos os grupos políticos de Ribeira para que, dunha vez, se retire a rúa ao alcalde franquista Miguel Rodríguez Bautista (non podemos permitir que o nosos mapas de rúas sigan glorificando a memoria de autoridades franquistas), e continuaremos colaborando nas investigacións e identificación de vítimas na fosa de Vilacoba, en Lousame.

Durante corenta anos neste país impediuse que nos fixeramos preguntas. Toda unha xeración tivo que crecer –e outra que morrer– sen as respostas que explicaran o seu presente. Agora, outros corenta anos despois e unha nova xeración, as asociación memorialísticas reclamamos o dereito de todas e todos a facernos preguntas: quen?, como?, por que?, e a quen?. Reclamamos o noso dereito a esixir e a traballar pola verdade, a xustiza e a reparación.

HEMEROTECA:

https://www.lavozdegallicia.es/noticia/barbanza/2024/04/27/span-langgl-creo-menciona-pecado-hai-amentar-pecadors/0003_202404B27E1991.htm

<https://www.elcorreogallego.es/concellos/2024/04/14/pobra-saca-luz-historia-do-101064199.html>

<https://www.diariodearousa.com/articulo/o-barbanza/pobra-recuerda-panel-victimas-historia-campo-concentracion-pozo-4796219>

<https://obarbanza.gal/2023/03/preto-dun-cento-de-persoas-arroupa-a-xerardo-agrafoxo-na-presentacion-do-libro-mari-pepa-e-manuela-duas-mulleres-de-lousame-vitimas-do-franquismo/>

<https://obarbanza.gal/2023/10/este-venres-comenzan-o-seminario-sobre-a-memoria-con-actividades-en-boiro-rianxo-e-lousame/>

<https://obarbanza.gal/2024/04/co-ciclo-cafe-con-libros-presenta-este-mercores-un-libro-sobre-a-memoria-historica-na-literatura-infantil-e-xuvenil/>

sobre-a-memoria-historica-na-literatura-infantil-e-xuvenil/

<https://www.diariodepontevedra.es/articulo/comarcas/solicitan-gobierno-que-declare-illa-san-simon-como-lugar-memoria-democratica/202407181802461313155.html>

<https://obarbanza.gal/2024/10/a-comision-pola-recuperacion-da-memoria-historica-do-barbanza-presentou-a-sua-actividade-para-o-novo-curso/>

https://www.lavozdegallicia.es/noticia/barbanza/rianxo/2024/10/25/comision-pola-recuperacion-da-memoria-historica-solicitar-cambiar-calle-miguel-rodriguez-bautista/0003_202410B25C3993.htm

<https://canalbarbanza.com/archivos/108449?amp=1>

<https://www.canalriasbaixas.com/2024/10/24/a-comision-pola-memoria-historica-volve-demandar-o-cambio-de-nome-da-rua-miguel-rodriguez-bautista/>

<https://www.diariodearousa.com/articulo/o-barbanza/reabren-debate-retire-nombre-miguel-rodriguez-bautista-avenida-ribeira-5044182>



*No segundo centenario
de Lord Byron
Notas dun lector común*

Román Arén

I.

Cando era un preadolescente atopei un volume da vella colección Austral, de Espasa-Calpe e, como era moi afeccionado a ler, púxenme a iso. O libro, unha terceira edición de 1944 impresa en Bos Aires, contiña catro obras de lord Byron: *El Corsario*, *Lara*, *El sitio de Corinto* e *Mazeppa*. Aínda o conservo e noto agora que non consta o nome do tradutor e que está traducido en prosa, non sei se dende o inglés ou dende o francés. E digo isto porque foron os franceses os que converteron un poeta en narrador e logo nolo colocaron aos demais, como ben lembrou o profesor Montesinos.

Por que conto isto? Non é polo interese que poidan ter as miñas aventuras lectoras, senón por causas diferentes. O meu amor

por Byron comezou nese momento, mais tamén porque nesa anécdota residen varios dos tópicos sobre o poeta inglés: un autor fogoso para a mocidade que logo se rexeita noutras idades, un narrador romántico máis que un verdadeiro poeta e que, así mesmo, era mellor ler en prosa porque era un poeta moi mediocre con moitos malos versos. Estes tópicos foron xa usuais en 1924, no primeiro centenario da súa morte, e mesmo un lector culto e avisado como Gaziél cae en varios destes tópicos, e o mesmo ocorre con outros xornalistas como Miguel Anxo Murado no actual centenario. A todo isto engádese outro lugar común máis: o personaxe de Byron é superior ao escritor, que nunca atendeu ben o seu labor poético. E isto, mesmo escrito en manuais de literatura universal. Polo demais, hoxe coñecemos moitos datos biográficos que descoñecían os eruditos anteriores. Descoñecían ou silenciaban?

A hipócrita sociedade inglesa rexeitou sempre algunhas das actitudes de Byron: a polémica separación matrimonial, o seu ateísmo, o seu desprezo por moitas convencións, e o posible incesto coa media irmá. A primeira biografía europea, polo demais boa e aínda digna de lerse, foi o *Byron*, de André Maurois, traducida na editorial Aguilar, e xa o autor francés tiña claro que o incesto existiu, o que creou moita polémica e que tamén permitiu que moitos eruditos ingleses puidesen falar do tema con máis liberdade. É ben sabido que as *Memorias* de Byron foron destruídas polos seus testamenteiros debido á súa inmoralidade, provocando unha perda irreparable, mais a súa correspondencia suple en parte esta carencia.

Deixei fóra do que enumerei como tópicos e tabús sobre o poeta inglés o tema da bisexualidade, hoxe aceptada polos mellores



The Byron Gallery of Highl'n Finished



Retrato de Robert B. Mc Gregor por T. Lawrence.
Gravado de R. Soper



Retrato de Byron por G. Sanders, 1807, gravado por R. Soper

especialistas, mais aínda con reticencia por antólogos, tradutores e divulgadores. Por poñer un só exemplo: "To Thyrsa", un poema elexíaco, non está dedicado a ningunha muller, senón a un cantor mozo, John Edleston, ao que Byron amou na súa época no Trinity College de Cambridge entre 1805 e 1815. É un debate aínda moi vivo, pero moitos evitan os comentarios ou seguen sostendo a tese tradicional.

Canto ao ateísmo e ao nihilismo son ben evidentes na maioría da súa obra, aínda que menos claros nalgunhas actitudes de Byron, quen, nalgúns momentos, se sentiu preto do catolicismo. Quizais fose unha vía para separarse da angustia da culpa e da crenza na condena que lle gravou na alma de neno a súa aia, que polo demais abusou do neno. Byron, de pai inglés e nai escocesa, pertencía á Igrexa de Inglaterra, era anglicano, mais a súa aia educouno nun calvinismo estrito, abafante.

É tamén moi común limitar o estro poético byroniano á poesía narrativa, é dicir, a obras como *A peregrinaxe de Childe Harold*, *O prisioneiro de Chillon*, *O lamento de Tasso* ou *O corsario*, obras que lle deron unha fama inmensa en Europa e en América e que son moi importantes para comprender o Romanticismo, e que influíron en miles de autores. Mais Byron foi un gran poeta lírico, e as *Melodías hebreas* abundan para probalo; e tamén un poeta satírico de moita forza e un orixinalísimo autor de dramas líricos, dunha calidade shakesperiana en varios deles: *Manfred*, *Caín* e *O ceo e a terra*.

Faremos, neste traballo, unha viaxe ben lixeira por algunhas obras de Byron e por un par de biografías. Tentaremos discutir algúns tópicos, comentaremos con brevidade a presenza de Byron en Galicia, interesante mais escasa de traducións, e teremos que facelo por medio doutro sistema literario ao que

os galegos comúns temos doado acceso, o castelán, onde o centenario da morte do poeta trouxo consigo reedicións, novas traducións e novidade bibliográficas. É mágoa que o centenario byroniano non servise para anosar en Galicia, cando menos, tres obras mestras: o *Don Xoán*, as *Melodías hebreas* e *Caín*. Ao menos eu non puiden acceder a esas versións.

II.

Existe Romanticismo en Galicia? O sinxelo feito de preguntalo ten que ver cos prexuízos que o concepto arrastra. O Romanticismo foi unha ruptura, non total, coa Ilustración e o Neoclasicismo, pero cómpre dicir que xa dende os seus inicios tivo, polo menos, dúas direccións: unha conservadora, volta en gran parte cara ao pasado, glorificando a Idade Media e o cristianismo, mais tamén a individualidade, o Oriente, o abismo; a outra dirección, liberal, non ignora a rebeldía e a liberdade individual nin o recurso medieval, mais pon o acento na liberdade dos pobos, no progreso, no pobo. Chateaubriand e Víctor Hugo poderían representar as dúas liñas citadas. Tómesese isto con certa relatividade, pois un movemento como o Romanticismo, tan complexo e con tantas variedades nacionais e individuais, non pode reducirse a unha sinxela dicotomía.

Pero, e en Galicia? No noso país houbo Ilustración, si, pero moderada e non moi progresista, e pouca literatura neoclásica. Xa que logo, o noso romanticismo, dende 1830 a 1850, dáse, sobre todo en castelán, con autores que logo ocuparán un papel interesante no sistema literario español, é dicir, o caso de Jacinto de Salas e Quiroga e Nicomedes Pastor Díaz, e chegará ata Vicetto. Pero o que a nós nos interesa máis é o movemento provincialista,



Seis retratos de Byron de Kay, Westall, Harlowe, Saunders, Phillips e Thorwaldesen, gravados por F. Halpinripe

o que encabeza Faraldo, que se vale aínda do castelán para crear conciencia autóctona e que, pouco a pouco, empregará a lingua galega, na poesía sobre todo, entre 1840 e 1860. Polo demais, o nome máis importante da literatura galega, Rosalía de Castro, mais tamén Pondal, comeza a súa carreira en castelán e como romántica: *La flor* e *La hija del mar*, a novela romántica máis importante en España fóra das recreacións medievais (Larra, Espronceda, Gil e Carrasco, Vicetto). Lonxe xa, nos nosos días, da visión dunha

Rosalía iletrada, popular, pouco lida, a autora de *La hija del mar* coñece ben o romanticismo europeo (Byron, George Sand, Heine...) e esta novela está chea de paratextos que o proban. Así, Rosalía, no capítulo VI, "La Ribera", de *La hija del mar*, inclúe como paratexto esta cita byroniana:

¡Oh tierra! ¡O madre mía! Y tú, ¡oh aurora!, que comienzas a despertar, y vosotras, ¿por qué sois tan bellas? Yo no puedo amaros. Ojo brillante del Universo, abierto sobre todos y para todos fuente de delicias, tú no iluminas mi corazón.

No capítulo X, "Lucha", a cita de Byron figura en francés:

Comme les flots capricieux de l'océan, les sentiments humains ont leur flux e leur reflux. Qui voudrait se fier à une âme qui trouble toujours d'orageuses passions?

Xa lonxe do Romanticismo, Rosalía alude a Byron nun par de ocasións en *El caballero de las botas azules*, e así, no capítulo XIV: "... es lo cierto que fijaba sus ojos con curiosidad e interés sobre el semblante del moro, semblante traidoramente bello, a la manera del de don Juan de Byron"; e, de novo, no capítulo XXII: "No los temo —dijo el crítico con byroniana ironía...".

Tamén en 1866 alude Rosalía a Byron en "Las Literatas": "Yo tengo leídas muy preciosas obras —me decía un cierto joven que se tenía por instruído— *Las tardes de la Granja* y el *Manfredo* de Byron; pero, sobre todo, *Las tardes de la granja* me han hecho feliz".



Byron como cazador

Non faltan tampouco as alusións a Byron en Aurelio Aguirre e en "Al liceo de la Juventud. Inspiración", publicado o 11 de xaneiro de 1856 nunha folla solta, di:

*Si en los cantos de Ossian se absorbe el
[alma,]
o si mi labio trémulo recita
los versos de Lord Byron y Espronceda,
cautiva de su fuego el alma queda.*

Canto á poesía rosaliana en castelán, a súa primeira obra, *La flor*, Carballo Calero opina, na súa *Historia da literatura galega contemporánea* que "o byronismo de *La flor* é difuso, e dabondo desfigurado, como que probablemente afluíe ao traveso de Aguirre i

Espronceda, autores nos que xa se atopa moi modificado”.

Canto a Antolín Faraldo (1822-1853), son tres as alusións que anoto; a primeira no artigo “La libertad como pensamiento político y literario”, publicado en *El Recreo Compostelano* o 26 de abril de 1842: “Y la literatura de las pasiones, ya se estudie en la musa misteriosa del bardo escocés, ya se escuche en la boca de Werther, en Childe Harold...”, para engadir que “este tipo es el espíritu de libertad que brilla en Walter Scott, en Byron, en Goethe, en Beranger, en Chateaubriand, en Saavedra, en Zorrilla, en Espronceda, en Víctor Hugo y Alejandro Dumas”.

O 27 de outubro de 1844, no artigo “Una opinión literaria y filosófica”, editado en *El Genio* de Barcelona, anota: “Después de haber contemplado un cuadro de Chateaubriand, de Goethe, de Byron, de Hugo, de Lamennais o de Jorge Sand, podréis abrigar la seguridad de ver reflejado en todas las obras que ostentan el título de creaciones del siglo el espíritu de estos gigantes del pensamiento”. Ideas que repite no famoso manifesto “Nuestra bandera literaria”, na conclusión publicada en *El Porvenir* compostelán o 12 de xullo de 1845:

Después de haber contemplado un cuadro de Byron o Goethe... estad seguros de encontrar todas las producciones que se admiran como obras del siglo el espíritu de estas inteligencias portentosas, de estos gigantes del pensamiento.

Non coñezo traducións ao castelán ou ao galego polos nosos autores do XIX, só teño anotada a recensión que o galego Manuel de la Peña y Cagigao fai á tradución castelá *La peregrinación del Childe Harold*, publicada en Galicia. *Revista univereal de este Reino* no

número 5, en 1865. Tampouco abundan as traducións ao galego, que eu saiba, no século XX, se quitamos a que Rey Soto fai en 1948 do dístico de Byron, “A máis funesta saeta”, converténdoo nun serventesio hendecasilabo. A outra tradución é da autoría de Ramón Cabanillas, “N-un álbum”, que inclúe en *Versos de alleas terras e de tempos idos* en 1955:

*Tal como o camiñante que, detido,
olla o nome esculpado
na lousa funeraria d-un moimento,
estes teus ollos porque morro pousa
n-esta folliña, lousa
na que o meu nome tivo acollimento.*

*E pois de ti alonxado
vou pol-o mundo triste e sin sosego,
relembra ó vello amigo namorado
e que esta folla, por benino fado,
é do seu corazón lousa e sartego.*

Canto a Salas e Quiroga, cita a Byron no prólogo das súas *Poesías* (1834) con admiración, pero a influencia do inglés é moi pouco clara nos seus poemas.

III.

Lord Byron pertence á segunda xeración romántica inglesa, a que sucede aos lakistas, sobre todo a Coleridge e Wordsworth, polos que non tiña moito aprecio, e a Southey, ao que satirizou varias veces. A xeración de Byron é a de Shelley e Keats, mais algo o distingue con claridade dos seus pares: o aprecio byroniano polo século XVIII, pola perfección métrica de Pope, mais tamén polo dominio técnico de Sydney. Byron é un poeta cun gran dominio técnico, que domina como poucos o verso inglés, de aí o absurdo tópico de que perpetrou

malos versos, ou que o seu tipo de poesía sexa para infantes e preadolescentes.

Cando se celebrou o primeiro centenario da morte de Byron, Gaziel publicou en *La Vanguardia* de Barcelona, o 23 de abril de 1924 o artigo "Los centenarios. La obra maestra de Byron", no que comeza por lembrar a impresión que lle causaron os poemas en inglés na súa adolescencia ("aquellos héroes feroces, aquellos corsarios impíos, tan poderosos, tan fieros", e os "alaridos diabólicos del escandaloso poeta."). Compárao con Cervantes, a quen non foi capaz de ler na adolescencia, mais "hoy el Quijote me parece la mejor novela del mundo". Sen embargo "releer a Byron –ahora mismo acabo de probar–, francamente, no puedo", para engadir: "Byron no fue un gran poeta, Byron fue una libérrima juventud desbordada. Los versos, la poesía, eran cosa secundaria en él; lo principal era la vida, el goce desenfrenado de la vida... la poesía la usaba con la misma negligencia y el mismo oportunismo con que llevaba un mando ocasional y rozagante que lo hacía más bello, más fascinador, más irresistible a las mujeres". Aquí están, pois, todos os tópicos pequeno-burgueses, con conclusións como estas: "Por eso sus poemas pueden fascinar a los adolescentes, pero al hombre maduro le hacen sonreír y al crítico le parecen terriblemente marchitos ya..."

E claro que fala do *Childe Harold* e *O corsario*, e que descoñece as *Melodías hebreas*. Segue logo con outro tópico: "Tened esto presente: hay escritores cuya vida es superior a su obra y otros cuya obra es superior a su vida. Estos últimos merecen únicamente el título de grandes escritores, debería llamárseles grandes vividores... El prototipo de esa segunda clase de escritores, más vividores que artistas, es Byron". Segue, sen dubidar, cunha afirmación aínda máis abraiante: "Los versos

de Byron –nos lo dicen los mejores técnicos ingleses– son casi siempre malos, muchas veces malísimos [...] es pobre, descuidado y vulgar. No dejó nada perfecto, a pesar de haber escrito tantísimo". Recoñece que obras como *Beppo* ou *Don Xoán* son o mellor de Byron, pero "más que satisfacer plenamente, hacen soñar en el tesoro bruto que se encierra en ellas". En resumo, "... lo que de Byron está por encima de ellos, y casi de todo el mundo, es su vida. Esta fue, en realidad, su obra verdaderamente maestra y extraordinaria, la esencia del romanticismo vital..."

Moitas destas opinións desfavorables sobre Byron poden ter a súa orixe, é certo, nun gran crítico e poeta, T. S. Eliot. Este crítico acerta e moito cando ama o que critica, mais pouco cando desaproba. O seu desapego por Byron hai que entendelo na súa orixe e non só na creación dunha épica nova, a da *Terra erma*, senón tamén na súa piedade relixiosa e no seu conservadurismo político.

A celebración do segundo centenario da morte tivo certo eco na prensa galega, e eu seleccionei dous exemplos: os artigos de Miguel-Anxo Murado, e o de Armando Requieixo. O 14 de abril deste 2024, Miguel-Anxo Murado publica en *La Voz de Galicia*, na súa sección "Vuelta de hoja", un enxeñoso e ben escrito artigo, como case todos os que asina, co título "Las cenizas de Lord Byron", comezándoo así: "Byron no está, ni mucho menos, entre mis escritores favoritos, pero no puedo hablar mal de su poesía porque el ejemplar de su *Don Juan* que guardo en mi biblioteca es el que le prestó mi padre a mi madre cuando eran novios, y eso me enternece", para conceder logo "hay que reconocer que tiene sus momentos brillantes, como cuando en el *Child de Harold* el proganista observa lo fértil que se ha vuelto el campo de la batalla de Waterloo años

después de la famosa batalla y dice, con una hermosa aliteración ... *cómo ha hecho crecer la cosecha aquella lluvia roja*". Autor de éxito no seu tempo, "hoy se le considera un autor anticuado y cursi". As súas obras son "novelas en verso" e que Byron é o verdadeiro heroe byroniano, "cuya historia es mejor que sus historias". Os seus "novelones" hoxe "nadie lee". Remata escribindo: "... sus memorias, que había enviado a su editor en Londres, ardieron en la chimenea, tan escandalosas le parecieron. Así, el que hubiera sido su gran libro se convirtió en ceniza al mismo tiempo que él".

O artigo de Armando Requeixo apareceu no *Faro de Vigo* do 29 de febreiro deste ano no suplemento "Faro da Cultura", co título "Mito e príncipe do Romanticismo. 200 anos de Lord Byron". Máis favorable a Byron, afirma que a súa biopoética "fixo del unha figura de relevo universal e un dos máis importantes poetas de todos os tempos". É, pois, o poeta inglés un "antecedente do malditismo literario, un revolucionario proheleno contra os turcos e un donxoán impenitente que desafiou as convencións sociais da época". Encarnación do Romanticismo, vains contando Requeixo anécdotas sobre a súa vida de estudante para lembrar a viaxe a Suíza de 1816, onde coincidiu con Percy, Mary Shelley e Polidori e como dese encontro naceron *O vampiro* de Polidori e o *Frankenstein* de Mary Shelley. Cita o incesto con Augusta Leigh do que "puido nacer a terceira filla desta, Elizabeth Medor Leigh". Comenta tamén Requeixo o admirado que foi Byron por Goethe, Lamartine, Poe, Bécquer, Lermontov, Hugo e Dumas, así como o eco da súa obra en Rosalía, Otero Pedrayo, Cunqueiro e Fole. "Excéntrico, polémico, desmesurado e controvertido [...], foi solidario cos máis febles e desherdados". Segue a ser "un mito e o príncipe do Romanticismo".

Con todo, case todos os críticos actuais gaban o dominio técnico do poeta. Así, Rafael Lobarte Fonseca, que traduciu unha boa escolma de Byron, afirma que é "el más clásico de todos en su sentido de la versificación, utilizando con gran maestría el pentámetro yámbico, dispuesto tanto en versos blancos, como en series estróficas (<<spenserian stanza>>, <<ottava rima>>, <<heroic couplet>>...)", para anotar os modelos técnicos do poeta: Pope e Dryden.

É certo que traducir ao castelán ou ao galego a poesía inglesa é difícil, son linguas moi diferentes en prosodia, xa que o inglés ten "bastantes menos posibilidades de trabar rimas que el castellano...", anota Andreu Jaume, ao que hai que engadir a concisión inglesa que produce noutras linguas o problema do aumento de versos para dar o sentido completo. A elección da estrofa spenseriana, a oitava rima, "puso a prueba su virtuosismo poético, que siempre sería uno de sus principales méritos", afirma A. Jaume.

IV.

Non vou seguir unha orde cronolóxica ao comentar as obras de Byron e as súas edicións, senón que sinalarei só aquelas que me chamaron a atención.

Hai consenso crítico en considerar o *Don Xoán* como a obra maior byroniana, malia estar inacabada. Byron comezou a escribila en 1818 e ao ano seguinte xa acabara o Canto III. En 1820 escribe os Cantos III, IV e V do longo poema. En 1822 remata os cantos VI, VII, VIII e IX, quizais tamén o X e os XI e XII. En 1823 remata os Cantos XIII, XIV e XV, e nese ano publica os cantos VI-XIV en tres volumes.



Mazeppa

Durante anos os lectores casteláns valéronse, para esta obra, da tradución de Antonio Espina: *Don Juan*, editada por Mediterráneo en 1966, mais a tradución que se le pola maioría soe ser a edición bilingüe de Cátedra, de 1994, tradución en dous tomos de Pedro Ugalde e en edición de Vicente Martínez Luciano, M^a José Coperías Aguilar e Miguel Teurel Pozas. Leva unha boa introdución chea de erudición e quizais é a máis recomendable que coñezo.

En 2024 aparece unha nova tradución, áxil e que tamén leva boa introdución a cargo de Andreu Jaume. Edición rústica, manexable, agradable de ler, algúns poranlle a pega de non

ser bilingüe. Sinala o editor a visión escéptica e material que Byron tiña non só da tradución senón tamén dos seus contemporáneos: "Byron se distanció muy pronto de la religión de lo sublime que, en la estela de Edmund Burke e Immanuel Kant, había infestado Europa, origen de lo que acabaría siendo su enfrentamiento total con la estética de Wordsworth y de los poetas lakistas, cuya metafísica acabó condenando de la forma más desabrida". O home está só na natureza e é consciente da inutilidade dos seus esforzos por ascender e "librado a la contemplación resignada del odio característica de su especie..." Ese é o credo de Byron. O poeta ten sempre o "oído puesto, por

una parte, en la dicción clásica y con la mente vuelta, por la otra, a una insumisión en todos los órdenes". En resumo, "un poema proteico, inacabado e inacabable". A vida dun heroe sen finalidade, un Don Xoán seducido, non sedutor, nunha obra que provocou escándalo porque amosaba o desexo sexual das mulleres. Unha modernidade, a byroniana, que reclama para a vida o seu propio e nu valor, "sen atributos ideolóxicos nin históricos". O poeta "asumió la existencia del mal para un hombre abandonado a su propia crueldad".

A editorial Visor conta, no seu catálogo, con dúas edicións interesantes de Byron: en 1995 aparece *Poemas elegidos* en tradución de José María Martín Triana e cun bo prólogo de Douglas Dunn. É unha boa escolma, na que o prologuista comeza por sinalar que a verdade sobre Byron non é groseira, senón extrema e, seguindo a opinión de Knigh, considera o poeta como o derradeiro prometeico. Excluía o vago, mais non misterioso, cunha posición sacrílega que "prefería la acción vital a la composición solitaria" e así é "moderno ya que estuvo totalmente consciente de escribir de una forma digna de la vida moderna". O seu influxo chega a Lamartine, a Vigny, a Browning e a Baudelaire.

Xa neste 2024 aparece, tamén en Visor, o volume *El cielo y la tierra. Poesía*, en edición e tradución de Rafael Lobarte Fontecha, que xa nos advirte de que "con la excepción de 'A Thyrsa', todos los poemas que figuran en este libro giran en torno al concepto de opresión". De entrada, o primeiro mérito desta escolma é o de pór por vez primeira en castelán o misterio ou drama lírico *El cielo y la tierra*, unha das obras máis valoradas pola crítica entre as de Byron, do que engade en apéndice o esbozo da segunda parte que nunca se rematou. A escolma inclúe outro gran poema narrativo, *O*



Mazeppa

prisioneiro de Chillón, ademais de *O lamento de Tasso* e *Prometeo*. Para o tradutor, Byron é "el poeta romántico europeo por antonomasia; fue, desde un punto de vista formal, el más clásico de todos en su sentido de la versificación, utilizando con gran maestría el pentámetro yámbico..."

O tema de *O ceo e a terra* baséase nos amores entre anxos e mulleres e a súa fonte é o apócrifo de Enoch e, quizais, *O paraíso perdido* de Milton. A obra amosa influxos de Goethe, Esquilo, Southey e P. B. Shelley. O influxo do seu odiado Southey reside na versificación, na inclusión de himnos intercalados entre pentámetros dactílicos. Trata a historia de dúas despedidas e amosan un Deus inflexible e tiránico, o mal e o pecado sen remedio. A única saída fronte á tiranía é a fuxida. Maxistral na métrica, a obra ten un dobre movemento, ascendente e descendente. Malia os diálogos, o ton dominante é lírico.

O prisioneiro de Chillón é un monólogo dramático, unha das obras maiores de Byron, sen unha lectura unívoca que deixa moitas cuestións abertas. O penoso afundimento na derrota contrasta co soneto inicial que chama á resistencia contra a opresión. *O lamento de Tasso*, de 1817, é outro monólogo dramático,

un espello da súa situación como escritor, onde establece o contraste entre o presente do xenio e o anterior estado de plenitude, mais tendo en conta o futuro de gloria póstuma. *Prometeo*, de 1816, reflicte a personalidade dun Byron profético e dividido.

Canto a "A Thyrsa", de 1811, que xa citamos antes, é a elexía á morte de John Edleston, o seu amado no Trinity College. Remata así:

*Enséñame –¡muyp pronto me lo enseñas!–,
a seguir, perdonando y perdonando.
Tal como fue tu amor para mí en esta tierra
que sea mi esperanza hallarlo así en el cielo.*

Son moitas as edicións de e sobre Byron neste segundo centenario, pero unha das máis salientables coido que é a dos *Poemas satánicos Manfred y Caín*, na colección Vía Láctea da editorial madrileña Akal, en edición e tradución do profesor Joan Cubert Soler. Edición bilingüe, cun interesantísimo prólogo, ofrece máis do que o título enuncia, pois engade o *Diario alpino* de Byron, a obra de William Blake *El fantasma de Abel* e a primeira versión do acto III de *Manfred*. Son poemas de rebeldía, de subversión moral, de inquietude intelectual e vital, "poemas sobre una inocencia perdida" e de "desazón metafísica, de protesta ante un mundo arbitrario, profundamente injusto". Amosan e evocan unha imaxinada plenitude humana e o lamento pola dificultade de acceder a ela e darlle visibilidade no mundo real. Radicalismo antiburgués, antiaristocrático e anti Estado moderno, que fragmentou "o corpo social e a psique individual. Non é, o byroniano, un romanticismo utópico, senón profético, que busca a restauración, non a melancolía do pasado. O heroe byroniano mostra o conflito coas estruturas sociais e o tedio vital. É un tipo de heroe ao que non move o idealismo para

a acción senón o desencanto polo exceso de autoconciencia e a incapacidade de satisfacción interior, que foxen cara a adiante na súa soedade existencial. *Caín* é o satanismo como desafío á sociedade inglesa, que parte da tradición ilustrada, mais que a supera para caer na dúbida existencial. *Manfred* (1817) é un poema dialogado, desenvolto nun lapso de dous días e localizado nos Alpes suízos. Influído polo *Fausto* de Goethe, o heroe afronta en solitario o seu destino final. Materialismo escéptico para o esquecemento, o abismo. A natureza é sublime, si, mais aterradora. É un poema confesional para reflectir a alienación vital, un conflito sen redención final. Nestas dúas obras, Byron fala tamén, de xeito alegórico, de incesto e androxinia, quizais produto da subxectividade protestante que leva ao illamento do eu, só ante si mesmo e a Divindade, non hai diálogo con Deus. Unha hipérbole da subxectividade absoluta sen transcendencia. A conclusión: non pode o ser humano deixar de ser un mesmo, o único alivio é a morte.

Tamén neste 2024 énchese outro baleiro na edición de Byron, coa tradución completa das *Melodías hebreas* (1815), a obra máis unitaria entre as líricas do poeta inglés, en tradución, con prólogo e notas, de Carlos Izquierdo. Sinala que foron escritos para ser musicados polo pai da música australiana, o xudeu Isaac Nathan. O termo "hebreas" quer dicir "bíblicas", mais so o corenta por cento dos poemas responden ao termo e, aínda así, dan o ton e a unidade á obra. Serán unha grande influencia na poesía europea que chega mesmo a Gustavo Adolfo Bécquer nas súas *Rimas*, mais tamén antes a Espronceda, como sinalaron Church e Es-teban Pujals. Nestas *Melodías hebreas* están as mellores poesías líricas de Byron como a famosa "Sol dos insomnes"

*Sol dos insomnes, melancólica estrela
no que brilla unha bágoa
que treme na distancia...*

A calidade da súa lírica resiste case calquera tradución e tiña razón Goethe: se un poema resiste a perda de contexto, de artificios, é gran poesía. A edición inclúe tamén, por vez primeira dende 1824, unha das partituras de Natham.

Non quero deixar de anotar a aparición neste ano doutra tradución inédita en castelán: *Julián y Máddalo. Una conversación*, de P. B. Shelley, na editorial valenciana Pre-Textos, en tradución de Luis Castellví Laukam e cun prólogo de Prue Shaw. Por que cito esta tradución? Porque é o testemuño dunha amizade entre Shelley e Byron, que recrea un encontro destes dous poetas en Venecia en 1818. A obra apareceu póstuma en 1824, dous anos despois de falecer o autor. O poema amosa a amizade entre ambos os dous, mais tamén as reservas de Julián (Shelley) fronte a Máddalo. As personalidades están camufladas, mais son ben recoñecibles. A cuestión fundamental nesta obra non é a poesía, senón se homes excepcionais poden cambiar a historia e os interlocutores abordan temas como a condición humana ou o papel individual na sociedade. Pero a obra contén unha sorpresa: a aparición dun terceiro personaxe, o demente interno nun manicomio veneciano ao que os dous amigos visitan, e o relato do tolo servirá de contrapunto ao dos dous protagonistas. Será un relato sen acabar de todo, cheo de angustia, ás veces inconexo, mais as súas reflexións poderían ser universais. Poema de métrica maxistral, Shelley resolve o poema en "heroic couplets", isto é, en dísticos heroicos, pareados rimados.

Remato esta viaxe, incompleta polas edicións traducidas de Byron coa súa prosa. Algúns críticos enxeñosos, para desmerecer a súa poesía, afirman que o mellor da súa obra e o máis perdurable é a súa obra en prosa. Sen ser certo, a obra en prosa de Byron merece aprecio, sobre todo a súa correspondencia, moi rica e que nos permite comprender a súa vida e a súa obra en profundidade, malia a perda das súas *Memorias*.

Agora, neste centenario, dispomos en castelán das *Obras en prosa*, editadas en Sevilla por Renacimiento, en edición e tradución de Lorenzo Luengo. É raro que esta compilación non inclúa o *Diario alpino*. A obra contén as recensións literarias, os discursos na Cámara dos Lores, os textos narrativos, sen *O vampiro*, claro é, que circulou a nome de Byron mais que non é seu, as polémicas e os recordos de Madame de Stäel, e cousas tan raras como o "Prefacio a la gramática armenia". En total 28 textos, que mostran outras das ben coñecidas calidades do autor: sátira, ironía, axilidade, enxeño. Auden afirmaba que antes de ler a súa poesía, un estudante debería ler a súa prosa, sempre sincera e distinta á de todos os demais. É William Clemonts quen se atreve a dicir que é posible que a prosa byroniana sexa a súa obra máis válida. O tradutor encabeza a súa introdución cun paratexto tirado de *Beppo*, onde Byron nos di que "parte de mí se inclina por la prosa, pero escribiré en verso, que está algo más de moda". Clemont sostiña que a prosa de Byron soa "contemporánea", mais o editor prefere "intemporal". Foi a admirada por Walter Scott e Gifford polo seu estilo orixinal e "feliz". Abraia, iso si, o ben dotado que estaba como narrador, tamén evidente na súa poesía narrativa. Mágoa que se perdesa a súa narración máis extensa. O tradutor foi tamén o que editou os seus *Diarios* en 2008 e 2018.

Resístome a rematar sen falar da poesía máis comprometida de Byron nesta breve coda. É ben sabida a admiración de Byron por Napoleón, que logo rematou en decepción polo emperador e o seu imperialismo. Non daba atopado unha edición do seu poema napoleónico, pero as bibliotecas, mesmo a propia, sempre dan sorpresa. Remexendo, remexendo, din cun libriño, *Estela literaria de Napoleón*, de Pedro Beltrán de Heredia, editado por Atlas en 1944. Aí estaba o poema, a decepción, do que dou só o comezo da tradución castelá:

*Todo acabó. Un rey ayer aún eras,
con otros reyes en tenaz porfía,
y, ahora, ¡cosa sin nombre!, nada esperas,
aunque conserves vida todavía.
De reinos y de tronos dispusiste,
y una alfombra de huesos extendiste
a tus plantas; mas desde que tu guía
el matinal lucero se distrajo,
ninguno como tú cayó tan bajo.*

V.

Quen queira coñecer polo miúdo a vida Byron conta, no mercado actual, coa monumental obra de Fiona Maccarshy *Byron. Vida y leyenda*, editada por Debate neste 2024. Mais é aínda digna de ser lida a biografía de Byron escrita por André Maurois, un dos grandes biógrafos do século XX, aínda presente en bibliotecas, sobre todo na edición de Aguilar, que eu manexo na edición de 1957.

Para un retrato máis lixeiro, moi ben escrito, pode achegarse a *Byron in Love*, de Edna O'Brien, editada por Cabaret Voltaire neste ano. A autora considera o poeta un arquetipo, maxistral, do poeta rebelde, que tivo dende moi mozo un gran dominio da lingua inglesa.

Non agocha a súa libertinaxe nin as relacións homoeróticas, mais comprende moi ben a súa rebeldía, a súa subversión, o sentido de culpa irreparable do poeta. Capaz de ser xeneroso é, asemade, cruel e inxusto, a súa desmoralización contrasta a miúdo co seu desenfreno. Ao morrer, o 19 de abril de 1824, descuartízano ao facerlle a autopsia. O'Brien fai un retrato vívido e plausible da personalidade de Byron.

Moitos contemporáneos do poeta inglés escribiron sobre el, mais son moi famosos, cando menos, dous libros, o diario de viaxe de John Polidori (1795-1821) e as memorias de E. J. Trelawny (1792-1881), amigo devoto de Shelley, xunto con quen está soterrado en Roma, pero que fai un retrato bastante negativo de Byron. As memorias apareceron por vez primeira en 1858 e logo aumentounas en 1878, e hoxe contamos con tradución castelá de Catalina Martínez Muñoz para a editorial Alba (2020), con introdución de J. E. Morpurgo, se ben en España xa fora traducida antes da Guerra Civil por Cansinos-Assens.

Trelawny, mariño, de personalidade byroniana, viviu os derradeiros días de Shelley e Byron, e foi quen incinerou o cadáver do primeiro en Massa e que velou o de Byron en Missolonghi, ocasión que aproveitou para contemplar de preto a coxeira byroniana. Nunca se sentiu decepcionado por Shelley, mais si por Byron, o que desmitifica e do que dá unha etopea negativa. É libro digno de ler, que mestura as viaxes coa biografía e a autobiografía.

O caso de Polidori é ben curioso, pois pasou á posteridade pola novela *O vampiro*, atribuída durante moitos anos a Byron, mais este só escribira a primeira páxina na famosa noite suíza da que xurdiu tamén o *Frankenstein* de Mary Shelley. Médico, acompañou a Byron



A peregrinación de Child Harold. Canto IV

na viaxe por Europa e deixou testemuño diso no seu *Viaje por Europa con lord Byron*, agora en castelán dende 2017, en tradución de Carlos Vendrell para Erasmus. O título orixinal non citaba a Byron e foi editado e anotado por William Michael Rossetti, seu sobriño, pois Polidori era tío de Dange Gabriel Rosseti, o pintor prerrafaelita da súa irmá Christina Georgina, poeta. O libro serve para coñecer en detalle a viaxe byroniana e aínda o carácter clasista e ás veces inxusto do poeta inglés.

O vampiro, obra anterior ao *Drácula* de Stoker, e superior a esta para algúns críticos, é unha obra que creou escola, na literatura e

no cine. É verdade que o vampirismo é tamén tema de Byron, presente xa en *O infiel* (1813). A obra apareceu na revista *New Monthly Magazine* a nome de Byron. Os antecedentes da obra están en Goethe, Maturin, Nodier, Merimée e Lérmontov, mais tamén na novela de lady Caroline Lamb *Glenarión* (1816). Foi tamén popular no século XIX, e mesmo editada en castelán, en Galicia.

VI.

Byron foi retratado varias veces por H. Raeburn; por G. Sanders, quen fai a imaxe máis

reproducida do poeta, rematada en 1810; Westall para *As peregrinacións de Childe Harold*; Thomas Phillips, que o retratou disfrazado de albanés en 1813; William West; esculpido por Bartolini en 1822 e pintado no seu leito de morte en 1826 por Joseph Denis Odevaere. Tamén os seus poemas apareceron ilustrados en incontables ocasións e son famosas as realizadas por Lumb Stocks, por Jettmar en 1920, de moita calidade, para *Caín*, as de Juliusz Kossak en 1859 para *Manfred*, obra que tamén ilustran George Henry e Henry-Fantin Latour.

Visito en Ribeira, Artes, o Museo do Gravado, e descubro na súa Biblioteca Ilustrada unha edición das obras de Byron, impresa en New York en 1849, que leva un longo título: *The Byron Gallery of Highly Finished engravings, illustrating Lord Byron's works. With selected beauties from his poems*.¹ A obra, ademais da portada, contén 50 gravados de autores como R. Soper, que estampa o retrato feito por T. Lawrence²; Sanders³, Newton, R. Martin, Purser, Robinson, e moitos outros. Non se ilustran só escenas dos poemas e os seus personaxes senón tamén os lugares nos que se desenvolven, ou sitios relacionados con Byron, como o gravado de Newstead Abbey realizado por R. Martin. A obra está anotada por Robert B. M^c Gregor, do que tamén se ofrece o retrato. Mais o que nos interesa é, sobre todo, unha composición de seis retratos de Byron⁴, gravados de obras pictóricas e escultóricas, das que dúas son moi poucas veces reproducidas: o Byron neno de 1795, en retrato de Kay, e o gravado da escultura de Thorwaldsen de 1816.

¹ *The Byron Gallery of Highly Finished engravings, illustrating Lord Byron's works. With selected beauties from his poems*, New York, Published by R. Martin, 1849

² Retrato de Byron por T. Lawrence, gravado por R. Soper

³ Retrato de Byron por G. Sanders de 1807 gravado por R. Soper

⁴ Seis retratos de Byron de Kay, Westall, Harlowe, Saunders, Phillips e Thorwaldsen, gravados por F. Halpin

Os outros retratos son os de Westall de 1814, Harlowe de 1817, Sanders de 1807 e Philipps de 1814. O gravador foi F. Halpin. Mais no corpo da obra figuran outros retratos de Byron. O poeta como cazador, gravado por Rice e Buttre⁵, o Byron en 1807 gravado por R. Soper. Estes retratos ilustran este traballo, así como os gravados para algunha obra byroniana como *Mazeppa*, realizados por H. Vernet e J. Bannister.

*Mazeppa*⁶, de 1819, narra en verso o enfrontamento entre o tsar e o rei de Suecia, Carlos, que tras a derrota foxe a cabalo, mais o animal rebenta no bosque e o rei soporta a dor con maxestade, dono de si mesmo. *Mazeppa*, *hetman* moi valoroso de Ucraína, cóntalle a súa historia, o seu amor pola condesa Tareixa, mais son descubertos e atan a *Mazeppa* a un cabalo salvaxe e esporean o animal. A historia está contada en prolepse, pois o protagonista ten xa setenta anos. O cabalo⁷ acaba por morrer esgotado e *Mazeppa* é coidado polos cosacos que o fan rei.

VII.

Nos plans de estudos de ensino medio existía ata agora unha materia de "Literatura Universal", que comezou impartíndose en primeiro de bacharelato, logo pasou a segundo e regresou de novo a primeiro. Impartina durante máis de vinte anos e, como é lóxico, consulte e manexei varios manuais, a maioría en lingua castelá, mais en galego houbo tamén algúns manuais bos e útiles. Cando naceu a materia abranguíu só dende a Ilustración ao século XX e para iso a editorial Baía publicou

⁵ Byron retratado como cazador por Rice e Buttre

⁶ *Mazeppa* por H. Vernet e J. Bannister

⁷ *Mazeppa* por H. Vernet e J. Bannister

un manual en seis tomos, o primeiro dos cales leva o título de *O movemento romántico* (2003). O proxecto didáctico coordinouno Eduardo Álvarez González, quen contou coa colaboración doutros oito autores e autoras. É un bo manual para iniciar o alumnado na materia, descoñecida para eles, que inclúe traducións dos autores a autoras máis importantes. Non obstante, Lord Byron non sae demasiado ben parado, xa que nin sequera se traduce nin un texto seu, cousa que si se fai con Goethe, Blake, Wordsworth, Keats ou Jane Austen.

O texto sobre Byron comeza cunha breve biografía para logo caracterizalo como a encarnación dos "ideais románticos debido a que a súa biografía foi mitificada polos escritores europeos do século XIX". Acertan os autores cando afirman que é "o poeta menos romántico da súa xeración", non din a causa, pero é así na métrica, e cando sinalan que estaba dotado "de gran capacidade de observación: "foi sempre un poeta afeccionado, e a miúdo presumía diso. Víase a si mesmo como un cabaleiro dotado de certos dons naturais para a poesía, pero non como un traballador sistemático e, de feito, escribía ás presas e sen coidar a técnica". Non é que Byron se vise a si mesmo como un cabaleiro, é que era algo máis do que en Inglaterra se considera un cabaleiro, era conde e pertencía á Cámara dos Loes. Sobre a súa técnica xa temos anotado a súa gran pericia, mais é certo que tiña unha gran facilidade para versificar e que coñecía moi ben a tradición inglesa en poesía. Un "afeccionado" como Byron non tería unhas obras completas en dezasete volumes, sen contar as obras perdidas. Iso si, os autores valoran a súa capacidade satírica e cren que para o lector "moderno" o mellor é o *Don Xoán* pola súa retranscrición e a súa "crítica" á "sociedade inglesa da época.

Cando á materia de Literatura Universal pasou a impartirse en segundo de bacharelato, Edicións Xerais de Galicia tirou do prelo un manual para ese nivel en 2009, escrito por Xosé Abilleira Sanmartín e Eloi Gestido de la Torre, que foi o que eu empreguei durante anos como referencia. O Romanticismo estúdase na unidade nove, e Byron é o primeiro dos poetas estudados na poesía romántica inglesa, prestando atención preferente a varias obras: *A peregrinación de Childe Harold* (1812-1818)⁸, *Don Xoán* (1819-1824)⁹, "a súa obra máis impactante" e con "enorme influencia a todos os niveis e en diversos países". As outras obras citadas con algo de detalle son *O corsario* (1814), *Lara* (1814) e *Cain* (1821). Sinala a admiración que sentiron por Byron Marx, Hugo ou Poe, e mesmo o influxo en Hispano América, como foi o caso no arxentino José Mármol. No apartado da escolma de textos, os autores traducen "*Lémbrete de min*":

*Chora en silencio a miña alma solitaria,
excepto cando está o meu corazón
unido ao teu en celestial alianza
de mutuo suspirar e mutuo amor.
É a chama da miña alma cal lumieira
que brilla no recinto sepulcral:
case extinta, invisible, pero eterna...
nin a morte a pode aniquilar.
¡Lémbrete de min!... Preto do meu nicho
non pases, non; sen darme unha oración;
para a miña alma non haberá maior tortura
que o saber que esqueciches a miña dor.
Oe a miña derradeira voz. Non é un delito
pregar polos que foron. Eu xamais
che pedín nada: ao expirar esíxoche
que veñas á miña tumba a saloucar.*

⁸ *A peregrinación de Child Harold*. Canto IV.

⁹ Don Xoán e Haidee por H. Vernet e J. Bannister



Lord Byron and Harriet

THEY WERE SEEN TOGETHER FOR THE FIRST TIME
ON THE 10TH OF JULY 1816, AT THE HOUSE OF
THEIR FRIEND, MISS WOOD, IN THE VILLAGE OF
BELLINGHAM, NEAR THE TOWN OF BOSTON, MASS.

FROM A DRAWING BY

J. M. W. TURNER, R.S.A.

A peregrinacion de Child Harold. Canto IV

O tema clásico do amor máis aló da morte é o tema do poema que, cren moitos críticos, estaba dedicado á súa media irmá Augusta.

Traducen tamén os autores un pequeno fragmento do *Don Xoán* no que se fai evidente o carácter do heroe:

*Quero un heroe: unha necesidade inusual,
cando cada ano me envían un novo
ataque, despois de faltar as gacetas con
[hipocrísia,
a época descobre que non é o verda-
deiro.*

Remato este percorrido pola obra de Byron e a súa repercusión nos autores galegos, deixando sen revisar a súa presenza en Emilia Pardo Bazán, Savador de Madariaga, Otero Pedrayo, Ánxel Fole ou Álvaro Cunqueiro. Outra mellor ocasión virá.

BIBLIOGRAFÍA

A) Edicións citadas de Lord Byron

The Byron Gallery of Highly Finished engravings, illustrating Lord Byron's works. With selected beauties from his poems, New York, R. Martin, 1849.

“Oda a Napoleón Bonaparte”, en BELTRÁN DE HEREDIA, Pablo: *Estela literaria da Napoleón*, Madrid, Atlas, Cisneros, 1944.

El corsario. Lara. El sitio de Corinto. Mazeppa, Buenos Aires, Espasa-Calpe, Austral, 1944, 3ª ed.

Don Juan, Madrid, Mediterráneo, 1966. Trad. de Antonio Espina.

Don Juan, Madrid, Cátedra, 1994. Trad. de Pedro Ugalde.

Poemas elegidos Madrid, Visor, 2ª ed., 1997. Trad. de José Mª Martín Triana.

Poemas satánicos. Manfred e Caín, Madrid, Akal, 2021. Ed. de Joan Curbet Soler.

Don Juan, Barcelona, Penguin Random House, 2024. Trad. e introdución de Andreu Jaume.

El cielo y la tierra. Poesía, Madrid, Visor, 2024. Trad. e prólogo de Rafael Lobarte Fontecha.

Melodías hebreas, Valencia, Pre-Textos, La cruz del sur, 2024, Trad. e prólogo de Carlos Izquierdo.

Obras en prosa, Sevilla, Renacimiento, 2024. Trad. e edición de Lorenzo Luengo.

B) Bibliografías, memorias, diarios

MACCARTHY, Fiona: *Byron. Vida y leyenda*, Madrid, Debate, 2024.

MAUROIS, André: *Lord Byron*, Madrid, Augilar, 6ª Ed., 1957. Trad. de Jorge Arnal.

O'BRIEN, Edna: *Byron in love*, Madrid, Cabaret Voltaire, 2024. Trad. de Amado Diéguez.

POLIDORI, John: *Viaje por Europa con Lord Byron*, Vilafranca del Penedès, Erasmus, 2017. Trad. de Carlos Vendrell.

TRELAWNY, E. J.: *Memorias de los últimos días de Byron y Shelley*, Barcelona, Alba, 2020. Trad. de Catalina Martínez Muñoz. Introducción de J. E. Morpurgo.

C) Galicia

AGUIRRE, Aurelio: “Al Liceo de la Juventud Inspiración”, en *Recuerdos de agosto. Obra poética, 1850-1858*, Santiago, Alvarellos, 2013. Edición de Oliva Rodríguez González.

CABANILLAS, Ramón: “N-un álbum”, en *Versos de alleas terras e de tempos idos*, Santiago, Bibliófilos Gallegos, 1955.

CASTRO, Rosalía de: *Obras Completa. Obras en prosa*, Madrid, Aguilar, 1977. Edición de V. García Martí e A. del Hoyo.

FARALDO, Antolín: *Querida Liberdade. Vida e obra dun precursor do Rexurdimento*, Santiago, Alvarellos, 2022. Edición e estudo de Xurxo Martínez González.

MURADO, Miguel-Anxo: “Las cenizas de Lord Byron”, *La Voz de Galicia*, ‘Vuelta de hoja’, 14/04/2024, p. 56.

PEÑA Y CAGIGAO, Manuel de la: Recensión en *Galicia. Revista Universal de este Reino*, tomo 5, (1865).

REQUEIXO, Armando: “Mito e príncipe do Romanticismo”, *Faro de Vigo*, ‘Faro da Cultura’, número 917, 29/02/2024, p. VII.

REY SOTO, Antonio: “A máis funesta saeta”, *Poemas galegos*, 1979.

D) Outras obras

CARBALLO CALERO, Ricardo: *Historia da literatura galega contemporánea*, Vigo, Galaxia, 3ª ed., 1981.

GAZIEL: *Pláticas literarias*, Madrid, Fundación Banco Santander, 2024. Edición de Francisco Fuster.

PAZ, Mario: *La carne, la muerte y el diablo en la literatura romántica*, Barcelona, Acontillado, 1999. Trad. de Rubén Mettini.

PUJALS, Esteban: *Espronceda y lord Byron*, Madrid, 2ª ed., CSIC, 1972.

RUIZ CASANOVA, José F.: *Ensayo de una historia de la traducción en España*, Madrid, Cátedra, 2018.

FLITTER, Derek: *Teoría y crítica del romanticismo español*, Cambridge University Press, 1995.

GÓMEZ GARCÍA, Manuel: *Diccionario Akal de Teatro*, Madrid, Akal, 1997.

SHELLEY, Percy Bysshe: *Julián y Máddalo. Una conversación*, Valencia, Pre-Textos, La cruz del sur, 2024. Trad. de Luis Castellví Laukamp.

E) Ensino Medio

ÁLVAREZ GONZÁLEZ, Eduardo (coord.): *O movemento romántico*, A Coruña, Baía, 2003.

ABILLEIRA SANMARTÍN, Xosé e Eloi GESTIDO DE LA TORRE: *Literatura Universal Bacharelato 2*, Vigo, Xerais de Galicia, 2009.



*O*s camiños do mar

María Xesús Blanco

A MODO DE INTRODUCCIÓN

O concello de Santa Uxía de Ribeira abranque varias parroquias: Aguiño, Castiñeiras, Carreira, Artes, Olveira, Corrubedo, Oleiros, Olveira, Palmeira e Ribeira. Nel habitan máis de vinte e cinco mil persoas. E pola súa cidade, mariñeira e industrial, flúen os camiños do mar. De feito, as ondas chegaban hai tempo a espazos nos que agora reina a pedra e o asfalto.

Neste *roteiro*, e da man de dez pinturas de Manuel Ayaso, procuramos algúns tesouros literarios que abrollan nos vieiros da cidade, porque, como escribe a poeta Eva Veiga, “A arte é outro modo de desvelar a luz”.

Salientar que enlazamos obras pictóricas do artista ribeirense e espazos urbanos, mais sempre dun xeito figurado, para falarmos de literatura e da nosa pequena urbe dunha maneira amena e ilustrativa.

Sabemos que o pintor é autor dunha obra artística moi extensa. A maioría dela realizada en pequeno formato con punta de prata, e combinando diferentes técnicas ou materiais como “pinceladas de acuarela”, lapis de cores, tinta, colaxes, óleo... No concello de Ribeira, o Museo do Gravado de Artes alberga máis de dúas mil obras pictóricas e cincocentos gravados, segundo nos conta o seu director, Xoán Pastor Rodríguez Santamaría, nunha conversa.

As obras fotografadas para esta andaina pertencen ao catálogo dunha exposición do artista, cunha colección de 41 óleos pintados na última etapa da súa vida (período 2018-2020) nas que sorprende a luminosidade e a intensidade da cor.

“Lenzo, papel e técnica mixta, con predominancia do pequeno formato. Do expresionismo ao surrealismo pasando polo románico. Fondo e forma desbordantes nunha enxurrada

de cores e tons sobrecargados de ironía e contraste”, escribe o ensaísta Manuel Cartea, na introdución do catálogo que presenta a colección da obra.

“Un estilo único que logra amalgamar expresionismo, primitivismo e surrealismo sen que estean ausentes a mirada e a lembranza da pintura metafísica, a literatura e a maxia” comenta tamén o director do Museo do Gravado, Xoán Pastor Rodríguez.

E temos a sorte de que nos acompañe neste *paseo literario*, aberto á participación, o que foi presidente da A. C. Barbantia nos últimos anos, o catedrático de Filoloxía Francesa, tradutor e ensaísta Manuel Cartea, coñecedor do artista e da súa traxectoria, amais de autor de *Media biografía* (Artistas do Barbanza, Biblioteca Barbantia, 2020).

Ilústranos durante uns minutos sobre a súa vida e a súa obra. Escoitamos o que ten a ben contarnos sobre a relación de Ayaso coa cidade e a súa contorna. Do seu nacemento en Aguiño o primeiro día de xaneiro de 1934,



5 Artistas do Barbanza. Manuel Ayaso: *Media biografía*



Escultura a Manuel Ayaso. Praza do Concello

e do seu recente falecemento, hai uns meses, o pasado mes de maio.

Por iso decidimos facerlle unha pequena homenaxe e iniciar o paseo ao abeiro da súa escultura en bronce, situada na Praza do Concello. Unha obra artística realizada polo pintor e escultor Jontxu Argibay (Aguirio, 1976). Á súa beira podemos ler os versos dunha canción de berce que Manuel Ayaso lle dedicou á súa dona, Lucía Rivas.

Cartea fálanos sobre o nacemento do artista “na casa terreña da súa avoa paterna construída a dúas augas nun alto con vistas ao mar e ao porto”. Dunha longa enfermidade na súa infancia, dos pesadelos e dos delirios, das febres, das crenzas e das supersticións da terra, da opresión, da situación política, das penurias na posguerra, da emigración de Ayaso á EUA coa súa nai cando tiña só trece anos, onde os esperaba o seu pai, emigrado xa desde moi novo nese país. E, como consecuencia, da notábel influencia que todo o acontecido na súa infancia tivo ao longo da súa vida e na súa traxectoria artística, así como na súa formación e creación.

Un periplo que o levou a estudar en “The New Jersey School of Fine and Industrial Arts” (1953-56), en Newark, e a obter a nacionalidade

americana despois de facer o servizo militar nos EUA.

No entanto regresou a España durante un tempo no 1959. Ese ano visitaría o museo do Prado en Madrid quedando moi impresionado coas pinturas de Goya.

Cartea nomea tamén o traballo de Manuel Ayaso coa prestixiosa galería de arte Cober Gallery en New York ou a Forum Gallery, entre outras, e algúns dos numerosos premios que recibiu ao longo da súa traxectoria.

O artista, virtuoso do lapis e do pincel, foi recoñecido como un pintor galego nos anos noventa. Nese tempo regresou a Galicia coa súa muller, Lucía Rivas, e os seus fillos. Emporiso fixo a súa primeira exposición no país no ano 1997, na casa da Parra en Santiago de Compostela.

Na actualidade hai varias obras pictóricas do artista espalladas por museos do mundo enteiro.

Imposible contar todo o que nos gustaría pero satisfeitos de lembrarmos o artista e a súa extraordinaria obra na voz de Manuel Cartea, pola relación que tiña coa cidade e pola intensidade e a beleza da súa linguaxe plástica que zumega mar e poesía nas súas pinturas.

O mar é moi importante na obra de Ayaso. “Foi a súa primeira paixón da nenez como despena e aprendizaxe, como experiencia de dor, por vivencias relacionadas con naufraxios e desaparicións. Tamén como lecer. A visión dos afogados tendidos na praia, os velorios, as longas esperas cos rosarios nas mans. “Todo iso permanecerá no seu inconsciente en lembranzas de trágica plasticidade.”

Cita Cartea o poeta grego Simónides de Ceos (s. VI a. C.) no libro *Artistas do Barbanza*. “A poesía é pintura que fala e a pintura poesía muda, de onde Horacio tira a locución latina

M. Ayaso, *Viaxeiros*, 2018

e tópico literario: *ut pictura poesis*. Como a pintura así é a poesía, utilizada na teoría da arte e a literatura. Segundo isto, Manuel Ayaso si sería un poeta, amais dun pintor de vocación temperá". E "esta parte recuada e atlántica" ofreceulle "o afán e as materias primas precisas".

Dicir que as obras do artista inspiraron textos literarios en escritores e escritoras como Eva Veiga, Patricia Torrado Queiruga, Carlos Pereira Martínez ou Antonio Piñeiro.

Para quen queira saber máis sobre o artista ribeirense, as obras de referencia son *Media biografía*, de Eme Cartea, citada anteriormente, e *Manuel Ayaso* (Colección GRANDES PINTORES, Deputación de A Coruña, 2012)

1. VIAXEIROS

Nesta andaina comezamos ollando a fotografía da obra pictórica titulada *VIAXEIROS*. As nosas retinas quedan enfeitizadas na paleta cromática de cores en movemento, ocres e abisais que presaxian alfaías fluíndo silenciosas polos camiños da cidade.

Acompáñanos o escritor, artista plástico e editor ribeirense Antonio Piñeiro. El sabe ben da simbiose artística e literaria. Dende o ano 2004, é impulsor dunha iniciativa editorial moi fermosa, propia e independente, que leva o nome de *Bourel*. Un proxecto singular que desenvolve na cidade de Ribeira.

Os libros, con escritos e ilustracións orixinais, son elaborados de forma manual e artesanal. Son pregados, ás veces cosidos, "montados, engomados, cubertos e rematados á man", converténdose a encadernación nunha xoia por dentro e por fóra. A súa edición é limitada e os exemplares están firmados e numerados polos autores e autoras. Cada exemplar ten algo único que o fai distinto nesta época na que o dixital e o mercado tentan anegalo todo.

Coa colección *Bourel*, Antonio Piñeiro aposta pola creación artística directa sobre o papel e pola revalorización do libro impreso. E procura tamén unha colaboración entre creadores e creadoras, dende gravadores, calígrafos, poetas, escritores, artistas plásticos e ata músicos "porque é unha das simbioses máis fermosas da nosa sociedade, un claro referente humanista". (La Voz de Galicia, 19 de xaneiro, 2005).

O libro como un obxecto artístico. A impresión faise ao xeito das primeiras imprentas con tiraxes curtas. Unha proposta única no eido cultural do país." (blog culturagalega.gal, 31 de marzo, 2008).

E van xa varios títulos nesta colección. Citamos algúns deles como:

- *37 poemas por man propia* (2006), un claro exemplo desta simbiose.

- *Tránsitos*, con poemas de Antonio Piñeiro e do poeta ribeirense Xabier L. Marqués, ilustrado por Pilar Axeitos e Xerardo Crusat.



Caderno de ponza, Xabier L. Marqués

-*Tres contos de guerra* (2007), tres relatos do escritor ribeirense ilustrados por Xulio Catalán.

-*Caderno de Ponza* (2010), un poemario de Xabier L. Marqués.

-*Chans imperfectos* (2014), un libro no que Antonio é editor e escritor. Sobre esta obra escribe o escritor, tradutor e crítico literario Ramón Nicolás no seu blog de literatura galega:

O manuscrito é a maqueta en bruto que serviu para construír o poemario. Foise elaborando e foi mudando sobre a marcha mentres se estampaba cada peza. Polo tanto respira tanto desazón directa mecánica como da súa concepción literaria e lírica. (Caderno da crítica, 5 de marzo, 2015)

No 2022 comeza unha nova etapa coa publicación dos poemarios:

-*serendos obsolimos*, do escritor Pepe Cáccamo.

-*Mansío*, no 2023, unha alfaia literaria e artística con poemas da poeta Eva Veiga e ilustracións do propio Piñeiro. Como curiosidade, dicir que el mesmo imprime á man cada poema, cunha máquina de escribir Olympia Traveller.



mansío. Eva Veiga e Antonio Piñeiro

Neste senso “Os camiños do mar” prenden engaiolados nesta faceta do autor, como editor que amosa ser un artista plástico cun estilo de seu, que sorprende cun ritmo propio e acompasado, neste xogo figurativo coa gran poesía de Eva Veiga, que prolonga o “embeleco” da palabra na cor da auga salgada, na negrura do naufraxio que semella estar aí, ameazante.

“O libro trata sobre varios conceptos relacionados co mar, dende as súas faenas ao sentimento de comunidade”. “A aventura do mar, o camiño en comunidade, a beleza da diversidade”, relata Piñeiro.

É na expresión creativa do estampado e da colaxe, do trazo mínimo que contén a mancha de tinta, fronte ás liñas que se espallan polo papel onde agroman a iconografía do mar e elementos mitolóxicos coma o *ictiocentauro*. O simbolismo das formas mariñas, o peixe vivaz que salta, o ronsel das naves que permanece, o barco de papel intacto. A creación artística, a



mansío, simbiose literaria e artística

plasticidade vangardista, ao servizo dun verso: "entrar na auga, acceder ao escuro"

Hai en *mansío*, nesta alfaia na forma e no fondo, unha simbiose literaria e artística, un xogo sensual de linguaxes que se inmortaliza na palabra poética de Eva Veiga e na creación plástica de Antonio Piñeiro.

- *Convalecencia*, de Baldo Ramos. Editorial Bourel. 2024.

- *Ardora Branca*, de Xabier Seoane. Editorial Bourel. 2024.

- *Inzo*, de Antonio Piñeiro, ilustrado por Veiras Manteiga. Ed. Bourel. 2024.



M. Ayaso, Carrusel, 2018

2. CARRUSEL

As cores e as figuras de *CARRUSEL* invítanos a pensar nun lugar de xogos e algarabía, como é na actualidade o parque García Bayón. O olor a salitre e a peixe é forte xa que a poucos metros está a lonxa e unha das entradas máis transitadas do porto. Lembramos neste lugar o mestre e xornalista Carlos García Bayón.

O escritor Xoán Pastor Rodríguez Santamaría, nado en Porto do Son, licenciado



Diccionario de escritores ribeirenses, Pastor Rodríguez

en Filoloxía Galego-Portuguesa e Filoloxía Hispánica, director do Museo do Gravado de Artes, relata varios aspectos da súa biografía nos seus libros *Diccionario de escritores ribei-*



Parque García Bayón

renses (Deputación de A Coruña, 2001), e na *Guía Persoeiros da Cultura. Mancomunidade Arousa Norte*. (Deputación de A Coruña, A. C. Barbantia, 2013)

Comentamos o seu nacemento en Caldas de Reis no 1914, e a súa chegada a Palmeira no ano 1937 onde exerceu como mestre. Sabemos que ao pouco tempo, no 1938, casou con Pilar Vigo, que faleceu no 1945. E que tiveron un fillo, Carlos García Vigo.

No 1946 fundou un colexio que levaba o seu nome e que estaba situado inicialmente neste parque. Despois asentárase noutro lugar da cidade. Unha das participantes no *roteiro* recorda unha parte deste espazo como a zona do recreo.

O mestre iniciase no xornalismo nos anos 50. Hai milleiros de publicacións súas en varios diarios, como *La Vanguardia*, *ABC*, *El Correo Gallego* ou *La Voz de Galicia*.

Maiormente no xornal *La Voz de Galicia* saíu a maioría dos seus artigos. Algúns deles sobre persoeiros ilustres da comarca, como Valle-Inclán, Francisco Añón, Rafael Dieste, García Martí, entre outros. Así mesmo escribiu sobre a riqueza paisaxística, etnográfica e patrimonial do Barbanza.

No eido do xornalismo recibiu varios premios, entre eles o Ramón Godó, o Fernández Latorre, o Julio Camba, ou a medalla Castelao no 1999 pola súa traxectoria.

Nomeamos nesta andaina algúns dos seus libros máis coñecidos:

-*Viajes Galaicos*, no 1989, con fotos de Xurxo Lobato.

-*Piedras ilustres de la Barbanza Muros y Xallas* (1997), con ilustracións do autor. Un volume que recollía os artigos que saíran con anterioridade no xornal *La Voz de Galicia*.

-*Riveira. Guía urgente pero apasionada* (1998).

-*Nueva galería de piedras ilustres de la Barbanza Muros y Xallas* (2000).

En lingua galega publicou algúns artigos, nos anos oitenta, en diferentes números de *Encrucillada*, revista que dirixía o teólogo e académico, nado en Aguiño, Andrés Torres Queiruga. Entre eles podemos citar "Sobre a nicotina e a brea", "Os sataneses", "A casualidade", "As mazanciñas do río Bermaña", "Encrucilladas", "Mentres a chuvia cae", "Que doce é o tempo das cereixas", "Ortega nas nosas leiras", "Os meus sataneses", "O capitán do Salier", "Os santiños da miña aldea", "A casualidade"...

No 2005 publicanse varios deles no *Cartafol da Memoria* Caderno 3, *Historia de Porto do Son. Cartas desde a Costa da Morte*, con debuxos do propio autor.

"Sirva este terceiro volume para que os lectores coñezan a serie de artigos en galego aparecidos na revista *Encrucillada*, pois quizais son menos coñecidos ca outras páxinas deste excepcional xornalista", escribe no Limiar Xoán Pastor Rodríguez Santamaría, concelleiro de cultura naquel tempo na vila, destacando o seu labor como "divulgador da riqueza humana e patrimonial".



Cartas desde a Costa da Morte, C. G. Bayón

Todos saben que o mestre e xornalista residiu durante moitos anos na parroquia de Santa María de Xuño, coa súa muller Dolores Ares Prego (*Doña Lola*) e a súa filla Ana García Ares.

Fillo adoptivo da cidade de Ribeira, foi o seu cronista oficial den de o ano 1986 ata o seu falecemento, no 2003.

O poeta e artista Manuel Teira escribiu sobre Carlos García Bayón, con motivo do seu pasamento, catalogándoo coma “un referente esencial no Barbanza tanto pola súa intensa actividade intelectual como pola súa dimensión humana” (*La Voz de Galicia*, 10 de setembro do 2003)

A prosa deste mestre e xornalista revive no ano 2019 a través da compilación de textos inéditos que el escribiu sobre unha figura intelectual que admiraba moito, Victoriano García Martí. Da man do profesor e erudito Suso Laíño, ex presidente da Asociación Cultural Barbantia, recóllense os seus escritos nun libro titulado *Paseos por don Victoriano García Martí*, como se García Bayón estivese conversando con el mentres camiñaban xuntos. (*La Voz de Galicia*, 18 de outubro, 2019)

3. CABEZA DE SEREA FLOTANDO


Ollando os azuis desta obra pictórica mergullámonos nun mar intenso, que nos leva dun xeito imaxinario a dous espazos ben



M. Ayaso, Cabeza de serea flotando, 2018

distintos e, ao mesmo tempo, conectados. A poucos metros do parque temos a Praza das Heroínas de Sálvora. E ao outro lado da rúa, en paralelo, a entrada principal á lonxa do peixe e ao embarcadoiro, de intensa actividade pesqueira.

Situámonos na Praza, e o escritor Antonio Piñeiro sinala co brazo estendido onde estaban os redeiros cando el era novo. Nese lugar está inspirado o seu relato curto “Áncora”, co que agasalla a cada un dos participantes do *roteiro*. Máis adiante volveremos falar del, xa que a ambientación do inicio da historia está inspirada noutro espazo da cidade.



Áncora. Antonio Piñeiro, 2020

Mais nese lugar que mira o mar está o gro-
mo do relato. Un espazo que é eixe artellador
da actividade pesqueira e industrial de Ribeira,
e que mudou moito nos últimos tempos:

*O rebordo da folla escintilou. O lustre
do mando era como de acibeche. O
inconfundible debuxo incrustado nel
foi coma o salvoconduto que me per-
mitira pasar de neno a home.*

*Daquela, veña. E fixo un aceno co
queixelo, indicándome que me unise
á cuadrilla dos redeiros que, a carón
das friameiras, se dispuñan a comezar
a xeira.*

Situámonos na Praza das Heroínas e face-
mos unha pequena referencia á orixe do nome
da illa, pertencente á parroquia de Aguiño
desde os anos 50. Sobre a palabra “Sálvora”
cóntanos Isabel Santos, vicepresidenta da A.
C. Barbantia e licenciada en Filoloxía Clásica,
nun dos seus escritos sobre toponimia no
suplemento cultural *A Voz de Barbantia*:

*O nome lévanos a pensar no verbo
latino “salvere” de significado transpa-
rente “ter boa saúde, estar san”. Quizais
podería facer referencia á salvia ou
outra especie vexetal hoxe desapare-*



Praza das Heroínas de Sálvora

*cida. Ramón Cabanillas convérteas nun
lugar máxico onde Roldán, sobriño
de Carlomagno, emparellado cunha
fermosa serea, dá orixe á estirpe dos
Mariño. O escudo de Ribeira, que era
o de Sálvora, alude a esta orixe mítica.*

Falamos neste lugar das obras que relatan,
ou se inspiran, nos trágicos acontecementos
do naufraxio do barco correo Santa Isabel na
illa de Sálvora. E na valentía e heroicidade
dos homes e das mulleres que asistiron os
viaxeiros, entre elas as heroínas da illa, Ci-
priana Crujeiras, Josefa Parada, Cipriana Oujo
Maneiro e María Fernández Oujo, a quen está
dedicado este espazo da cidade.

O barco, con destino a Cádiz, levaba máis
de dúascentas cincuenta persoas, entre pa-
saxeiros e tripulantes. Saíra de A Coruña á 1
do mediodía do 1 de xaneiro de 1921 e faría
escala en Vilagarcía para recoller tres ducias
de pasaxeiros arousáns.

Mais, por mor da néboa tépeda e dun for-
te temporal, na madrugada do 2 de xaneiro
empoleirou a popa nunhas rochas, que se
chaman de *pegar*, e afundiou o barco.

Nomeamos en primeiro lugar o libro *Sál-
vora. Memoria dun naufraxio. A traxedia do
Santa Isabel* (1998) e o seu autor, Xosé María
Fernández Pazos (Ribeira, 1956), xornalista
cunha longa e laureada traxectoria en dife-
rentes medios, como a radio e a televisión,
historiador e cronista oficial de Santa Uxía de
Ribeira dende o ano 2003. El é un gran coñe-
cedor da historia da cidade e podemos dicir
que é o primeiro que investiga con fondura
sobre o trágico afundimento do vapor correo
na ría de Arousa.

Traballou moito tempo na procura e com-
pilación de datos e espertou o silencio da tra-
xedia que permanecera no anonimato durante
setenta e sete anos. Cóntanos o periodista,



As catro heroínas das nosas xeracións de Sálvora. De esquerda a dereita coleccionando guaiteiros: Cipriana González, Avela, Rosada, Cipriana Riego Meléndez e María Fernández (1910).

As Heroínas de Sálvora

nunha conversa, que aos veciños de Ribeira custáballes moito falar da traxedia malia que o que acontecera quedara ben gardado na memoria colectiva.

Os cimentos da obra serían unha serie de artigos que o autor publicara no ano 1998 na prensa, onde saían, por vez primeira, imaxes sobre a construción do barco e o seu interior. Unhas fotografías inéditas que fixera o neto do enxeñeiro que o deseñara.

Aos poucos meses, en agosto dese mesmo ano, saíría do prelo a obra nunha tirada de luxo cun papel de arte a cinco tintas, en formato A4. Dous mil exemplares que se esgotaran decontado. Todos sabemos que as súas páxinas amosan un minucioso traballo de investigación con textos e fotografías.

O ribeirense Xosé Ramón Barreiro Fernández, catedrático de Historia da Universidade de Santiago e Presidente da Real Academia Galega (2001-2009), escribe no Limiar: "... o libro é unha espléndida reportaxe, elaborado coa paixón do periodista, pero tamén coa precisión do xeógrafo e do historiador".


Na primeira parte o autor fai unha pormenorizada descrición da illa de Sálvora. A

segunda está dedicada a Ribeira, "casa socorro, hospital, fogar e camposanto dos que morreron ou sobreviviron do Santa Isabel", e ás orixes e a historia da cidade e do concello.

Na terceira parte cóntase con detalle a traxedia do Santa Isabel, a catástrofe, o salvamento, a afouteza e a solidariedade dos homes e mulleres da aldea de Sálvora, a valentía dos mariñeiros ribeirenses, a humanidade dos veciños da cidade de Ribeira coas vítimas do naufraxio, e a boa praxe do segundo oficial do barco, Luís Cebreiro, mariño galego, a quen lle deberán a vida a maioría dos sobreviventes.

O autor recolle tódalas versións posibles, as testemuñas escritas e orais, os oficios, e parte das autoridades". "O relato ás veces é como unha fervenza, noutras vaise demorando, e mesmo o lector poderá atopar visións distintas e contradicións que proceden dos relatos tan heteroxéneos que o autor quixo conservar precisamente para darlle ao libro o sabor de autenticidade nas fontes. (Limiar, páx. 10)

Esta obra foi reeditada en xaneiro do 2011 coincidindo co noventa aniversario da traxedia. Salientar a extensa exposición fotográfica e documental que amosa o libro.



Sálvora. Memoria dun naufraxio. A traxedia do Santa Isabel

Con posterioridade, o xornalista e historiador Xosé María Fernández Pazos asesorou o equipo de *A illa das mentiras* (2020), a única película sobre o naufraxio, dirixida pola directora de cine Paula Cons.

No mes de febreiro do 2002 publicase un fermoso libro do escritor Antón Riveiro Coello (Xinzo de Lima, 1964) co título *Cartafol do Barbanza. Viaxe polo cuadrante das sereas* (A Nosa Terra, 2002). Inclúe un relatoño, titulado “O mastro dos soños”, inspirado nos acontecementos daquela noite. Esta pequena historia é a base da novela curta, *A canción de Sálvora* (A Nosa Terra, 2003), con ilustracións de Pepe Carreiro.

O personaxe principal desta obra literaria é Xoán, “O orfo de Sálvora”, un mozo que enferma “a mesma noite do naufraxio daquel vapor Santa Isabel que, con máis de douscentos mortos, se convertera na maior catástrofe marítima das Rías Baixas”. (Páx. 12)

No relato aparecen varias referencias históricas á situación da illa nese intre:

Xoán nacera en Sálvora a primeiros do século vinte, cando na illa case vivían cincuenta persoas, amoreadas en oito casas. Máis propias do gando que de



A canción de Sálvora. Riveiro Coello. Ilustra Pepe Carreiro

humanos, que alternaban a pesca coa colleita da terra e o coidado das vacas.

O seu nacemento coincidira coa incautación da illa por parte do estado, e os habitantes pasaron a ser colonos nun réxime moito mellor que o da parceria doutros séculos, que os obrigaba a dar un bocado importante dos beneficios ao dono da illa por lles ter cedidos os terreos para a súa explotación. (Páx. 13)

Xoán non acudiu á escola, mais aprendeu a ler co señor Tomás, o fareiro, e fíxoo cunha rapidez abraiante, e axiña se decatou de que gustaba da xeografía e daqueles libros que deixaban que a súa aventura acontecesse no mar. (Páx. 15)

Comentamos estas alusións á illa, e a lugares do concello, como Carreira, de onde é a nai de Xoán, ou Castiñeiras, onde vive un vello mariñeiro, amigo do protagonista. Tamén á cidade de Ribeira, como a tasca da Rúa Venecia, agora chamada rúa de Galicia, ou ao cine Moraña:

Baixaba ás veces por trebellos para a pesca ou simplemente para acudir ao cine Moraña, onde exhibían as películas mudas de Buster Keaton ou Chaplin.

A canción de Sálvora relata unha historia de amor enfiada pola tristeza dramática dun naufraxio histórico. Xoán soña co accidente do barco sen ser consciente de que acontecera de verdade.

O barco viña de se partir en dous e a xente chimpábase a un mar teso e rizado. (Páx. 26)

O ritmo da narración outórgalle un gran protagonismo á música, amais do rumor encrespado das ondas e o asubío do vento, cos acordes harmoniosos dunha guitarra no

salón do barco e a voz sedosa dunha mociña de dezasete anos, Nereida Fersen, da que Xoán namora no seu soño cunha “perdición náufraga”.

A mesma noite do accidente, o mozo enferma de insomnio e perde o sono para sempre. Mais non deixan de xurdir no seu pensamento recordos nos que se mesturan o real e o onírico, o fantástico e o tanxible.

Cando o primeiro golpe da quilla bateu contra os baixos rochosos, aínda ficaba no aire o son harmonioso da guitarra e o ton doce dunha voz que engaiolara a pasaxe coas súas cancións melancólicas. (Páx. 20)

Riveiro Coello, a partir dun feito histórico trágico, consegue crear unha trama envolvente que mergulla o lector nunha atmosfera misteriosa e onírica. E non esquezamos que este é un libro ilustrado. As espectaculares ilustracións de Pepe Carreiro potencian esa ambientación. As cores semellan estar dotadas de alma propia “suxestivamente difusas para penetrar nas consciencias, dos vivos e dos mortos”, escribe Ramón Loureiro en “A difusa alma do mar”. (La Voz de Galicia, 17 de xaneiro, 2004)



Viaxe polo cuadrante das sereas, *A canción de Sálvora* e *Acordes Náufragos*, A. Riveiro Coello

Esta obra narrativa está incluída no libro *Acordes náufragos* (Galaxia, 2013), con outros relatos nos que o naufraxio e o tema amoroso son o fío condutor. “En todos eles condensación, estilo áxil e lírico, seguridade narrativa”, escribe Román Arén no Suplemento cultural *A Voz de Barbantia*. “Visión imaxinativa duns seres especiais a miúdo solitarios, envoltos na música do estilo” (25 de outubro do 2013, La Voz de Galicia)

O escritor Antonio Piñeiro le na Praza das Heroínas un fragmento de *A canción de Sálvora*, que fai referencia ao dramático acontecemento e á afouteza das mulleres da illa:

Esperto para sempre, co rastro das caricias fuxidías na memoria e a sospeita física dunha respiración suave na caluga, xa non foi quen de pegar no sono porque o señor Tomás , o fareiro, berraba como se o esfolasen na procura de auxilios, e Xoán, canda as poucas mulleres e vellos que ficaran esa noite na illa —era dous de xaneiro e os veciños de Sálvora estaban a celebrar o Nadal coas súas familias en terra—houbo de ir ao outro cabo da illa para asistir aquelas persoas que ourizaban as maos nunha desesperación derradeira. A noite, cruel, esmorecía, perdíase na serra diante dun amencer trágico, e o vento asubiaba con forza, bambeaba as dúas únicas dornas gobernadas por Pepa de Pedro, Cipriana e María da Xorda. Mulleres afoutas que arrastraban a superviventes cos ollos desorbitados, estremecidos polo frío e pola angustiosa perda de familiares que o mar esmagara contra as rochas, como sacos de fariña ao pairo (páxs. 30 e 31)

Por todos os participantes é coñecida a ampla e premiada traxectoria literaria de Antón Riveiro Coello, que foi ademais o primeiro

presidente e socio fundador da A. C. Barbantia. Citamos a novela *Hotel Carioca* acabada de publicar hai uns meses pola editorial Galaxia, (Premio Álvaro Cunqueiro, 2023). E outras, como a laureada *Laura no deserto* (Galaxia, 2011), Premio da Crítica Española no 2011 e Premio de Narrativa da AELG no 2012, que inclúe algunha referencia nas súas páxinas á vila de Palmeira. “Unha novela complexa e ambiciosa que pon ante nós as miserias do tempo que nos pariu e, a pesar de todo, é quen de deixarnos un pouso de optimismo, a capacidade de confiarmos en nós mesmos, no futuro”, escribe a poeta Marta Dacosta no xornal Nós Diario (21 xullo, 2012)

Asemade queremos facer unha sinxela mención á cativadora obra *A esfínxe de Amaranto* (Galaxia, 2003), pola súa ambientación na contorna de Ribeira. Unha narración chea de segredos e intrigas, protagonizada por unha saga familiar, na que destacan as personaxes femininas, e que comeza a carón das dunas

de Olveira, na engaiolante paisaxe da praia do Vilar. Moi recomendábel a lectura da recensión da escritora Marga do Val sobre esta novela, amosada no perfil do escritor, na web da AELG.

A obra literaria *Noite de temporal* (Santillana, 2018), do escritor lucense Manuel Núñez Singala (1963) é unha novela de obrigada mención neste lugar da cidade. O libro *Sálvora. Memoria dun naufraxio. A traxedia do Santa Isabel*, do ribeirense Xosé María Fernández Pazos, é tamén unha das fontes nas que se apoia a narración, como o mesmo autor destaca ao final da obra, nos “recoñecementos”, xa que “recolle de maneira exhaustiva practicamente todo o relacionado con este feito nun volume ilustrado con profusión” (*Noite de temporal*, páx. 121)

Algúns de nós lembramos con claridade a presentación deste libro no Centro Cultural Lustres Rivas, unha tarde de xaneiro do 2018, á que asistira moita xente de Ribeira. Manuel Núñez Singala, nunha animada conversa



A esfínxe de Amaranto, A. Riveiro Coello



Noite de temporal. Manuel Núñez Singala

co escritor Antón Riveiro Coello, relatara o proceso creativo deste libro inspirado na catástrofe do correo vapor, que como escribira a xornalista María Xosé Blanco “é a primeira versión novelada do tráxico suceso ocorrido preto de Sálvora” (La Voz de Galicia, 17 de xaneiro de 2018)

Nesta obra, un narrador omnisciente vai relatando os acontecementos daquela noite, as reaccións “da tripulación e da pasaxe” e a solidariedade e valentía das xentes de Sálvora e de Ribeira.

O escritor desenvolve a trama “con datos reais, como os nomes das persoas involucradas no naufraxio e outras referencias biográficas” (“O Titanic de Sálvora”, Mario Regueira, Sermos Galiza).

Cada capítulo leva o nome dalgún dos protagonistas da traxedia:

Luis Cebreiro “o segundo oficial do vapor Santa Isabel” encabeza o relato levando o protagonismo principal da narración. Despois, *Esteban García*, “o capitán”; *Ángel Lozano*, o radiotelegrafista, ao que “todos lle chaman *Chispas*”; *Miguel Calvente*, “o primeiro maquinista”; *Carlos Verdier*, “o agredado” de dezaseis anos; *Tomás Pagá*, “o torreiro de garda de Sálvora”; *Juan Parada*, home residente na aldea da illa que, xunto a *Juan Fernández*, “arribarán a Aguiño” e avisarán na Axudantía da Mariña de Ribeira; *Juana Bustos*, unha das pasaxeiros sobreviventes, xunto ao seu marido, *Pedro Paz*; *Manuel Caneda*, mariñeiro de Sálvora que xunto a *José Parada* e *Francisco Oujo*, vogan sen descanso para salvar os naufragos; *María Fernández*, a máis nova das heroínas; *Gabriel Basterrechea*, alférez de fragata con destino de axudante

de Mariña en Santa Uxía de Ribeira; *Josefa Parada*, a máis vella das tres heroínas que, con *María* e *Cipriana*, farán varias viaxes “recollendo aterra-dos sobreviventes ata que, por volta das dez e media da mañá, ven como un pesqueiro procedente de Ribeira se achega á zona do naufraxio”; *Antonio Callón Sampedro*, mariñeiro do pesqueiro “*Rosiña*”.

O escritor fai referencia, tamén, no “Epílogo” do libro, “aos emigrantes que enchían o sollado do navío”, o grupo de vítimas máis numeroso da traxedia:

Os emigrantes do Santa Isabel son un grupo compacto que a prensa de comezos de século trata cun certo desdén clasista, e do que non destaca singularidades nin individuos. (Páx. 124)

Sobre o peso na novela dos diferentes personaxes, e sobre o protagonismo colectivo, escribenos o autor por correo electrónico:

Antes de comezar a escribir algo extenso, como unha novela, procuro ter un plan mínimo, saber cal vai ser a voz narrativa, o punto de vista. No caso de Noite de temporal tiña claro dende o comezo que debía ser unha novela coral, con múltiples protagonistas. O feito de que uns teñan máis peso ca outros vén determinado en moi gran medida polo feito de que a información real, tirada da prensa da época, era moi desigual sobre unha ou outras persoas.

En resumo, un libro moi ben documentado, que amosa algunhas fotografías e “que supera a condición de crónica sustentándose na configuración emocional e vital dos diversos personaxes, a través dos seus comportamentos e actitudes, que son resultado do traballo de

ficción", escribe o ensaísta e crítico literario Ramón Nicolás no seu blog Caderno da crítica (14 de marzo do 2018)

Proposta de lectura deste parágrafo da novela no roteiro:

Daquela achégase unha muller que quita o pano da cabeza e, con delicadeza, envólvelle unha das extremidades no suave tecido que conserva aínda a momeza da pel humana. Axiña outra, e outras máis aínda, fan o mesmo e Luís Cebreiro sente vergoña de ter pensado por un momento que estas persoas que lle acaban de salvar a vida, e lle vendan agora os pés con tanta entrega, puidesen ser saqueadores que desexasen aproveitarse da súa indefensión. Dálles as grazas, faino con sentimento e sinceridade, pero sabe xa moi ben que nunca vivirá tempo abondo como para lles agradecer como merecen o que acaban de facer por el. (Páx. 94)

O escritor Manuel Núñez Singala (Lugo, 1963) cultiva diferentes xéneros (teatro, narrativa, ensaio) e é autor de varias obras literarias. Nesta andaina citamos algunhas delas como *Mar de fondo* (Galaxia, 1997), e *Camiños na auga* (Galaxia, 2017), unha narración de aventuras pola que nos leva o seu protagonista, Szymo, alguén que naceu nun lugar mergullado na pobreza e no conflito e polo que tamén flúen os camiños do mar.

4. RÍO DESBORDANDO

Escrebe Xoán Pastor Rodríguez, no catálogo que recolle as pinturas desta compilación, que son moi escasas as paisaxes na obra pictórica do artista. Escollemos esta, para o paseo literario e artístico, pola súa cor e pola súa conexión visual co espazo no que nos atopamos. O Rueiro.



M. Ayaso, *Río desbordando*, 2018

E neste camiño de pedra sobre auga salgada situámonos a novela *Olladas* (Sotelo Blanco Edicións, 2012), da escritora orixinaria de Palmeira, Adelaida Vidal.

Citamos un fragmento que fai referencia ao mar e a Nena, a protagonista da novela:

O son do mar case eterno: existiu antes de que ela fose un proxecto de vida e seguirá soando despois de que a súa filla teña fillos e estes teñan máis fillos aínda e as novas xeracións descoñezan que unha noite como esta Nena vivía e xa oía o mar. (Páx. 188)

Desta obra literaria poderíase falar en calquera espazo da cidade. O argumento é moi acaído nesta andaina porque a visión artística envolve todo o relato. Unha narración que flúe coma o "río desbordado de Ayaso" na que as vidas dos personaxes principais están relacionadas coa arte. Unha pintora, un xornalista e escritor, unha directora de vídeo clips que acaba mergullándose no mundo da industria cinematográfica, un rapaz que necesita o amor baixo a forma do tacto. Nena, Joyce, Sarah e X. Todos eles pousan a súa ollada nos demais na procura de ser mirados ofrecendo ao lector as súas vivencias, os seus pensamentos máis íntimos e as súas inseguridades. Personaxes

que amosan unha personalidade radicalizada, que non sempre teñen o equilibrio como algo a ter en conta, e que ofrecen un abano de reflexións sobre a vida, a arte e o xeito de ollar.

Nena vive pendente das olladas que non están. Créase a si mesma en relación ao que considera que compracería as persoas ás que admira pero que non poden vela. (Páx. 90)

A escritora desvelara na presentación do libro no Náutico de Ribeira, en abril do 2013, que primeiro creara os personaxes, “facilidade que atribuíu aos seus estudos de arte dramático”, desenvolvendo as súas vidas ata que se decatara de que era unha novela. Neste acto, a súa editora Ánxela Gracián, de Sotelo Blanco, fixera referencia á “posmodernidade” da narración. Así o conta o xornalista Moncho Ares nun artigo publicado o 25 de abril do 2012 no xornal La Voz de Galicia.



Olladas, Adelaida Vidal

Esta obra foi premiada na duodécima edición do certame Vicente Risco de creación literaria no ano 2011.

O xurado destacou que é “unha novela na que cómpre salientar un relato minimalista cheo de realismo e frescura narrativa. Con personaxes moi contemporáneos que apostan polos sonhos. A trama está sostida por un narrador omnisciente que todo o sabe e, no entanto, non emite xuízos de valor, deixando que os personaxes teñan autonomía e identidade propias” (La Voz de Galicia, 27 novembro, 2011)

Gustaríanos comentar que Adelaida Vidal gañou no 2023 o “TV Premio Fina Casalderrey de Literatura Infantil pola Igualdade” cunha obra titulada *E que vai ser*, unha historia moi amena contada en verso “que facilita o diálogo entre a familia e as crianzas nas primeiras idades”, facendo reflexionar sobre os estereotipos de xénero, e como nos enfrontamos a eles, antes mesmo de nacer.

E aínda seguimos parados no Rueiro. Cón-tanos o escritor Antonio Piñeiro que as ondas do mar chegaban ata este espazo hai tempo. As dedas dos pés escoitan o bulicio da auga salgada debaixo das lousas, ao abeiro dunha fonte da que a veciñanza di que é navegábel xa que, curiosamente, leva transitado varias prazas.



O Rueiro

Flúe ben a conversa e agroman historias que achegan algúns asistentes. Menciónase o libro *Memorias de Ribeira*. E con acerto, xa que esta obra publicada no ano 2007 pola Asociación Cultural Altofalante acolle varias colaboracións vinculadas ás xentes da cidade e da contorna. Como a que escribe Manuel Anxo Fernández Baz sobre o xogador de balonmán e sindicalista Xan Cadaval "O Carreirán", irmán do actor e escritor Quico Cadaval, fillos os dous da dona da pensión d'A *Carreirana*.

Neste lugar "xantaban acotío obreiros e viaxantes, mestres e feirantes, de quen escoitaban historias", escribe a profesora, Licenciada en Historia e vicepresidenta da A. C. Barbantia, Encarna Pego, nunha entrevista co "monstro do teatro", Quico Cadaval, para o suplemento cultural A Voz de Barbantia (La Voz de Galicia, venres 27 de marzo, 2015)

Varios participantes comentan o coñecido que é este lugar do Rueiro, no que aboian historias que medran e inspiran outras, algunhas delas relatadas nas súas actuacións por unha das voces máis recoñecidas da narración oral, e que acabamos de citar, o dramaturgo e director teatral Quico Cadaval.

Cóntanos, en conversación telefónica, Luís Teira, mestre e primeiro presidente da Asociación Altofalante, coordinador deste libro xunto ao filólogo Nel Vidal Barral, que a pretensión desta obra colectiva en formato divulgativo "era difundir a existencia de personaxes, acontecementos, curiosidades, situacións pertencentes á historia local de Ribeira" a través de escritos ou crónicas dentro dun fío de publicacións, que contribúisen a fomentar e dinamizar a nosa lingua.

Algunhas fan referencia a persoeiros históricos ou relevantes, como a titulada "Manuel Acuña y Malvar. Un clérigo liberal e extravagante que quixo vivir e morrer en Ribeira", escrita polo que foi presidente da Real



Memorias de Ribeira, A. C. Altofalante

Academia Galega, o ribeirense Xosé Ramón Barreiro Fernández. Ou a contada polo artista Xerardo Crusat, que fala do caricaturista que debuxou a cidade dunha época, o barbeiro Pepe Núñez.

Santiago Páramo Aller, presidente da Confraría da Dorna nos anos oitenta, escribe sobre o cambio de rumbo e a popularización desta festa en "O secreto de Andrés. Unha historia da festa da dorna". Rubén Aramburu Molet lembra un gran párroco en "Francisco Lorenzo Mariño. Don Francisco. Paco de Aguiño". José Manuel Pazó Argibay escribe sobre "José López Martínez. Pepe de Noia". Salientar "*In memoriam*, por un galego que sempre defendeu e creu na súa nación: Mariano Vidal", onde o profesor e escritor de Palmeira, Xosé Plácido Betanzos fala do mestre e libreiro de Ribeira, ben coñecido, amante dos libros e da literatura.

Outras achéganse a lugares, anécdotas ou situacións que deben permanecer no imaxinario colectivo como as que se relatan en

"O cine Colón" por Ramón Martínez Becerra, en "Días de fútbol" por Lois Bello Fernández Sanmamed, ou en "A escola do reino", por Xosé Antonio Vázquez Cobas. Amais da que conta a orixe dunha festa a partir dun premio nunha tómbola, polo xornalista Antón Díaz Axeitos. Ou tamén "Memoria da paisaxe", por Xosé Luís Groveiro.

Da música rock da contorna fálase en "Música feita en Carreira", por Manuel Cruxeiras Sampedro. Nomear "O pósito de pescadores de Carreira" por Francisco Xabier Cruxeiras Sampedro, "A praza de Compostela", do dinamizador do Ateneo Valle-Inclán, Antonio Lijó González, e "As buscadoras de cunchas da praia de Coroso", por María Graña Santos.

Coméntanos Luís Teira que algúns escritos relatan acontecementos "relacionados coa memoria histórica", como "Dez días de xullo", do profesor José Antonio Pérez Fernández, "A lagoa de Vixán axudou a matar a fame. Un pouco de historia", de Ánxeles González Crujeiras. Ou "A visita de Franco a Ribeira", de Francisco José Fernández Fernández.

E non podemos deixar de citar "Xurelo: O barco ecoloxista que cambiou os mares do mundo", escrita por Luis Teira, onde se lembra a aventura do barco pesqueiro ribeirense que acabou cos vertidos radioactivos na foxa atlántica.

Dende a cuberta do Xurelo podíase ver perfectamente como se tiraban os bidóns radioactivos ao mar axudados por unhas grandes grúas. Os bidóns eran normais, non tiñan ningún tipo de protección especial e arriábanse ao mar de catro en catro. (Páx. 189)

Grazas a este barco de Ribeira iniciouse unha forte campaña de concienciación e denuncia que levou a quen ano

1983 se prohibise o vertido de residuos radioactivos en todos os océanos do mundo" (páx.191)

5. ESPAÑA, 1936

Baixamos pola rúa Concepción Arenal, dende O Rueiro, e mentres imos camiñando observamos esta pintura fotografada. Manuel Ayaso pinta este óleo sobre lenzo no ano 2018. É moi frecuente, na súa obra pictórica, o feito traumático da guerra e da posguerra, o fanatismo e a opresión exercida pola clerecía "ao servizo dun réxime ditatorial, no que o medo supuña control e sometemento" (*Media biografía*, Erme Cartea)

Miramos esta imaxe e todos sabemos que imos lembrar o xornalista e escritor Manuel Lustres Rivas.

Facemos unha parada no lugar onde estaba situada a casa familiar, na encrucillada da Rúa



M. Ayaso, España 1936, 2018

Venecia, agora chamada Rúa de Galicia, e da rúa que leva o seu nome. Ollamos, uns metros máis adiante, a entrada ao Centro Cultural da cidade, na prolongación da mesma, co nome do intelectual ribeirense. E lembramos a traxectoria vital e profesional de Manuel Lustres Rivas.

Nomeamos algúns libros de referencia como o *Dicionario de escritores ribeirenses* (*Deputación de A Coruña, 2001*), do escritor e investigador Xoán Pastor Rodríguez Santamaría (Porto do Son, 1973). E *Manuel Lustres Rivas. Xornalista e galeguista*, de Luís Teira, editado en outubro do 2006 por dita asociación.

E engadimos nesta memoria as notas dun artigo do historiador e cronista oficial de Ribeira, Xosé María Fernández Pazos, que saen

na colección *Apuntes para coñecer o concello*. Unha publicación cun claro fin didáctico, que se editou pola concellería de educación nos anos oitenta, cando era alcalde da cidade Ventoso Mariño.

Lembramos a súa vida con palabras pesadas polo que lle tocou vivir. Falamos do seu nacemento nunha casa preto do porto, no ano 1888, e da súa nenez na rúa, entón, Venecia, nunha vivenda hoxe desaparecida.

No seu lugar hai agora un edificio cunha tenda de alfombras e toallas. Imaxinamos a casa onde viviu a súa infancia co seu pai José, piloto da mariña mercante, a súa nai María e o seu irmán Augusto, quen anos despois sería capitán do pailebote "Constantino Candeira", no que estivo enrolado o poeta rianxeiro Manoel Antonio.

Máis tarde, o mociño Manuel estudaría Bacharelato en Santiago de Compostela, e nesta cidade comezaría a carreira de Medicina. Nela coñeceu a Castelao a quen o uniría unha grande amizade, e relacionouse con artistas



Apuntes para coñecer o concello, Concello de Ribeira



Rúa Venecia



Luís Teira. *Manuel Lustres Rivas. Xornalista e galeguista*

e intelectuais galeguistas da época, ao redor do Café Colón.

Axiña amosou interese pola escrita. No 1906 publicaría en *El Miño* de Ourense, e posteriormente en Galicia Moza, nos que tamén colaborou Castelao. Emporiso, deixou os estudos de Medicina e encamiñou a súa vida cara ao mundo do xornalismo.

No 1913 Lustres Rivas dirixiu o *Heraldo Gallego*, voceiro do agrarismo e das reivindicacións do campesiñado. Participou en foros que reivindicaban melloras sociais, implicándose nos problemas do seu tempo.

Cóntanos nunha conversa o xornalista e historiador ribeirense Xosé María Fernández Pazos que este xornal desaparece no 1914 por mor das constantes denuncias e causas xudiciais e porque “o seu radicalismo dá lugar ao peche”. Lustres Rivas colaborou na fundación das Irmandades da Fala, onde alcanzou gran notoriedade.

No 1915 volveu a Madrid e publicou en *España Nueva*, *España Libre* e *El Liberal*. E no 1917 saíu en Vilagarcía *Pandemonium*, unha interesante compilación de artigos do xornalista ribeirense. No 1918 regresaría de Madrid a Galiza.

De 1918 a 1922 colaborou con *Vida Gallega*, publicación na que se recolleu a primeira loanza da figura de Castelao feita por Lustres nun artigo titulado “Los que triunfan” (número 1, xaneiro, 1909). Así o recolle Xosé María Fernández Pazos en “Apuntes para coñece-lo concello”.

Como escritor publicou unha narración por entregas titulada “La Fraticida”, no xornal *La correspondencia*. E en 1923 estreou en Vigo, xunto con Ramiro del Valle e Fernández Mato, a obra de teatro *La hora grande*. Máis tarde presentaría unha comedia titulada *Peregrino de la ilusión*.

Participou na polémica sobre o teatro galego amosando sensibilidade por diferentes maneiras de expresión literaria.

Escribiu artigos na nosa lingua no diario *A Nosa Terra*. En 1923 fundou o xornal, Galicia. *Diario de Vigo*, xunto con Valentín Paz Andrade. Emigrou un tempo á Arxentina e colaborou con *El Correo de Galicia*, *La Razón* e *Céltiga*.

En 1929 organizouse unha homenaxe en Madrid para celebrar os 25 anos do ribeirense no xornalismo, acto ao que se sumou o Concello de Ribeira. Manuel Lustres Rivas levaba moito tempo sendo considerado un xornalista de gran prestixio.

Neses anos participou con frecuencia en tertulias con Dieste, Maside, García Sabell, Otero Espasandín, Cuevillas e Bouza Brey. Nestes encontros coincidiu e fixo amizade co xornalista e pintor ,nado na mesma cidade, Enrique Fernández Sendón, coñecido como L. Fersen. Moi recomendábel a lectura dun artigo escrito polo psiquiatra e ensaísta ribeirense Fidel Vidal no xornal *La Voz de Galicia* do 26 de novembro de 2022, titulado “Don Enrique Sendón ou L. Fersen”, que fai referencia a esta amizade. E no que relata, principalmente, o inxusto esquecemento en Ribeira dun intelectual tan relevante como Fersen.

Escribe Luís Teira que “en marzo de 1936 realizouse en Santiago a primeira asemblea para constituír a Asociación de escritores de Galiza”. Entre os asistentes atópanse, entre outros, Blanco Torres, Filgueira Valverde, Paz Andrade, Fernández del Riego e Manuel Lustres Rivas.

Cando comezou a Guerra Civil o xornalista estaba traballando no xornal *Faro de Vigo*. A súa relación con este xornal era intensa. Estivo de 1909 a 1912 e de 1925 a 1936, segundo cita Ceferino de Blas no artigo “De García Lorca a Lustres Rivas”, publicado o 25 de agosto de




Páxina onde se recolle o recoñecemento necesario e merecido do xornalista na súa cidade, no libro *Manuel Lustres Rivas. Xornalista e galeguista*. E o poema do escritor Xosé María Álvarez Cáccamo escrito no ano 1998, "Crónica do espanto. Galiza 1936", no que fai unha loanza aos mártires da guerra

2016, por mor do oitenta aniversario dos dous escritores.

En agosto do 36, Lustres Rivas foi detido na súa casa de Vigo. No entanto, díxolle á súa muller, Emilia Fernández, que quedase tranquila, que axiña estaría de volta. Pero pechárono na cadea modelo e no frontón, que logo sería o Cine Niza. Ao pouco tempo foi trasladado á illa de San Simón. E o "día 10 de novembro de 1936 apareceu "paseado" na devesa da Concheira, en Redondela", relata o profesor Luís Teira.

No ano 1986, despois de décadas de silencio, o xornalista foi nomeado fillo predilecto de Ribeira, nun pleno presidido polo alcalde José Antonio Ventoso Mariño e ao que asistiu a súa filla Carmen Lustres González, que "descubriu a placa da rúa que leva o nome do seu pai".

O periodista Ciprián Rivas define a Lustres Rivas como "un xornalista áxil de reflexos, comprometido coa verdade, columnista de fina visión e estilista da linguaxe", un mestre na súa profesión "traballando nas cabeceiras máis prestixiosas do país e exercendo como correspondente para o sur de Galicia da axencia Internacional United Press", nun artigo titulado "Quen matou a Lustres Rivas?" (La



Pandemonium. M. Lustres Rivas. Facsimilar, 2017, Concello de Ribeira

Voz de Galicia, 3 de marzo, 2017). No mesmo recolle a nova edición de *Pandemonium*, con motivo do centenario da súa publicación, que volveu situar o escritor e xornalista na actualidade despois de cen anos da súa primeira publicación.

Ribeira reivindicou desta maneira o seu legado xornalístico e literario coa reedición facsimilar desta compilación de ensaios, e na que foron partícipes, entre outros, o alcalde da cidade, Manuel Ruíz Rivas, e o historiador ribeirense, Xosé María Fernández Pazos:

Foi un ribeirense destacado e a el débese a grande reportaxe do afundimento do Santa Isabel publicada na revista Vida Gallega, valéndose da súa profesión, para que moitos familiares puidesen reclamar os restos dos aogados dese naufragio no litoral de Sálvora".

Ciprián Rivas sinala neste artigo a importancia dun premio xornalístico que levase o seu nome para que "o esquecemento non tape a obra e vida dun home que tiña a Ribeira no seu corazón"

M. Ayaso, *Ofrenda*, 2018

6. OFRENDA

O Dicionario da Real Academia da Lingua define a palabra “ofrenda” como doazón.

Que pode facer unha cidade polos veciños e veciñas que foron vítimas da represión e da ditadura? Polo menos, dedicarlles o seu tempo e a súa memoria para lembralas cada abrente, para homenaxealas sempre. Non esquecelas nunca.

Paramos no lugar do “Malecón”, preto do punto de información turística, onde está a obra escultórica homenaxe aos “represaliados e represaliadas”, ás vítimas ribeirenses do franquismo.

A autoría da obra é da artista e escultora noíesa Soledad Penalta, que dende o ano 2018 é académica numeraria da Real Academia Galega de Belas Artes, na sección de escultura.

A súa inauguración acaba de ser o 10 de novembro deste ano, coincidindo co aniversario do fusilamento de Manuel Lustres Rivas.




Escultura de Soledad Penalta

E as nosas miradas senten a dor fonda que transmiten as *siluetas amplificadas en movemento, esculpidas en aceiro corten*. Quedan prendidas na parede con furados, que a escultora define, nunha conversa telefónica, como “unha metáfora” de tanto sufrimento inxusto e agochado.

Neste espazo lembramos varios textos literarios publicados en *Voces na Guerra* (Barrantia, 2006) ilustrados polo artista boirense Francisco Blanco Alcaide.

Proxectamos ler diferentes parágrafos dalgúns relatos escritos por autores ribeirenses:

Pepa, do moi prezado profesor e escritor de Palmeira, Xosé Plácido Betanzos García: Usaban o terror das familias para debilitaren a resistencia no monte xa que, malia a desigualdade na loita, os guerrilleiros conseguiran manter a serra como territorio liberado. Ringleiras de pantasmas, máis que de persoas, atormentadas por todas as dores e por todas as angustias



Voces na guerra, Biblioteca Barbantia

Rapáronlle a cabeza mentres escoitaba os risos daqueles homes e, ao rematar, levárona a onde a tiñan presa.

Gurugú, do escritor e poeta ribeirense Xabier L. Marqués: *Preguntáchesme un día filla, se aquí houbera en realidade guerra civil.... se houbera paseos... se alguén tivera que fuxir cara ao exilio. Querías saber todo o que acontecera, e eu non cheouben contestar, non sei se foi por medo (polo mesmo medo que me impediu levarte de aquí cando quedamos sós), ou se foi por ese hábito tan noxento que temos os desta raza de desviar cara ao limbo calquera feito que nos poida comprometer, calquera responsabilidade persoal. Non sei o porqué, pero certo é que me limitei a che dicir:*

—Din que si.

Made in England, do escritor ribeirense Antonio Piñeiro:

Correu, envolto nunha mirada perdida. Non puido ir máis aló das escotaduras

da vila, con aquelas alzas demasiado novas, cargadas de emocións, de brillos desbocados, demasiado recias aínda para uns camiños cheos de malezas e croios. Pero empezou a oír aclararse o aceno dos seus pasos, máis alá, sobre os tellados murmurios. Empezou a oír abrirse outras ventás, outras rúas. Apertou os cinchos. Tremeu nervioso. Meteu a camisa e comezou a camiñar sen aquel son de óxidos e vencillas.

O pesadelo, do etnógrafo, xornalista e escritor Francisco Antonio Vidal Blanco:

Aí vén outra vez o pesadelo, ese traidor nocturno que o ergue da cama para non deixalo acougar en toda a noite, esa pantasma sen rostro, esa sombra teimuda e silenciosa, obrigándoo a abrir os ollos na escuridade, a procurar unha luz que espante o medo, obrigándoo a saltar ao chan a calquera hora da madrugada. A despertar bramando para que se esvaeza.

Comentamos neste lugar, preto do peirao, que este escritor de Palmeira ten unha extensa e premiada traxectoria literaria e xornalística. Nomeamos, entre outras, a novela titulada *O Cuarto dos Ausentes* (Espiral Maior, 1999), Premio Narrativa do Concello de Vilalba, que afonda na vida dun pobo mariñeiro ao longo do século XX. E que vén de publicar *Principios de exclusión* (Émbora, 2022), galardoada no Certame Vilar Ponte de novela, e *As cartas do desarraigo* (Baía, 2023), dúas pezas narrativas ambientadas na contorna do mar.

Arestora, ao abeiro das cinco siluetas en aceiro corten, non podemos esquecer o destacado xornalista Enrique Fernández Sendón ou L. Fersen, e as palabras do psiquiatra e escritor Fidel Vidal sobre este intelectual ribeirense, que “segue desaparecido da memoria da cidade”,

nun artigo citado con anterioridade, “Don Enrique Sendón ou L. Fersen”, publicado no xornal *La Voz de Galicia* (26 de novembro, 2022)


Enrique Fernández Sendón, desterrado ou “transterrado”, no seu propio pobo en Ribeira, ao que regresou esquelético en 1940 dun campo de concentración onde estivo internado. Mesmo chegou a publicarse “o seu asasinato no cemiterio de Boisaca” polacriminal represión fascista. “Antes, en 1937, fusilaran o seu irmán maior, Manolo. Perdida a identidade e trastornada a súa personalidade, do Enrique ermaneceu en Ribeira até o seu falecemento en 1954 para se converter nun esquecido.

Coido que sería de xustiza non esquecer un home tan inxustamente tratado, e propoño que o pobo de Ribeira, a modo de reparación, recupere o seu nome nunha rúa, nunha praza ou nun centro cultural. É de xustiza para honra da propia cidade de Ribeira”.

O escritor ribeirense Fidel Vidal fai referencia, nesta achega, ao libro *Enrique Fernández Sendón L. Fersen- Memorias e antoloxía dun republicano galego*, publicado por Edicións do Castro (1996), escrito por Xosé Luís Axeitos e Uxío Bobillo.

Rematamos lembrando *Contos de guerra* (Ed. Bourel, 2005), unha triloxía de relatos sobre a guerra do escritor Antonio Piñeiro, con ilustracións do artista Xulio Catalán.

A primeira historia *Made in England*, publicada tamén en *Voces na guerra*, está situada no mar de Arousa, aínda que o punto de partida é unha explosión por mor dunha granada na cidade de Bilbao, aquel terrible ano do 36. O protagonista é Suco, unha vítima



Contos de guerra, A. Piñeiro. Ilustra Xulio Catalán

inocente da contenda, na procura dun alento para superar a dor e a súa eiva física.

A segunda titúlase *Entre cascallos*. Relata a increíble capacidade do ser humano para resistir nunha cidade asediada pola barbarie, como foi Berlín.

Conto anónimo é a terceira. Ambientada nunha cidade xaponesa, narra instantes da vida dunha parella de namorados, Kamato e Ogichi, ata que “un vento de lume arrasou canto había en pé”.

Piñeiro artella neste libro ambientes absorbentes, que envolven o lector, cunha medida e tensa graduación do ritmo narrativo e unha linguaxe rica e poderosa.

“Tres relatos precisos e contundentes, tres espazos xeográficos diferentes e un cortante estilo narrativo constitúen a cerna deste libro vinculado na súa temática argumental coas guerras que acosan, coma un xinete da apocalipse, os seres humanos. Tres relatos medidos e opresivos que deixan no corazón unha restra de desacougantes sensacións, moi no fío da estética ascética que emprega o autor de Ribeira para mergullarnos no mundo dos seus personaxes anónimos e as súas paisaxes urbanas”, escribe o historiador e escritor noiés Xerardo Agrafoxo no Limiar.

E tres son tamén as ilustracións do artista Xulio Catalán nas que destaca o manexo do claroscuro e a síntese na resolución do debuxo. Están feitas en papel francés Lana Dessin de 200 gramos, coa *estampación* de tinta procedente do lino gravado.



M. Ayaso, *Contemplando o Atlántico*, 2018

7. CONTEMPLANDO O ATLÁNTICO

Ollando a imaxe desteacrílico fotografado, veunos ao pensamento a obra narrativa de Uxía Casal, *O faro de Arealonga* (Xerais, 2001), unha novela ambientada nunha vila costeira, que ben podería ser Ribeira. Mais a luz do día mingou de tal xeito que neste intre só poderíamos contemplar a negrura do océano dende o miradoiro da Insua. O que albiscamos é o escintileo do pequeno faro alumeando a chegada dos barcos que entran no porto.

Esta obra literaria ofrécenos unha historia cunha liña argumental áxil e moi ben



Miradoiro da Insua

estruturada. Rosalía, a protagonista, é unha muller nova, xornalista, que só mide cento trece centímetros. Arealonga é a súa vila natal e o seu refuxio. Un lugar ao que volve para despexar os miolos, visitar os amigos e disfrutar da compañía da familia. Mais agárdana feitos misteriosos, como a desaparición duns cons, e uns estraños movementos do mar preto dunha praia que ela coñece ben, onde está a Cova do Mouro. Amais dunha morea de acontecementos nos que o pasado dun prezado amigo, Néstor, fareiro e antigo científico, e a presenza na vila mariñeira duns traxados xaponeses, levarán a xornalista a investigar a existencia do proxecto APRETA, dirixido á creación dun aparello redutor de tamaño, e do proxecto TRAMA, un transportador de materia.

Unha narración que se achega á ficción científica máis actual, cunha boa dose de suspense e de intriga. “Ten acción, misterio. Tamén reflexión”, cóntalle a autora a Encarna Pego, vicepresidenta da A. C. Barbantia, no suplemento cultural “A Voz de Barbantia” (La Voz de Galicia, 28 de marzo, 2014).

Unha historia de superación persoal que amosa as dificultades visibles e non visibles dunha muller moi pequena de estatura na súa vida cotiá. “No invisible están certas miradiñas, certos sorrisiños malintencionados moita condescendencia, e un prexuízo minusvalorador moi maliño de levar”. “Rosalía Pardal permitíume facer ver o inxusto que resulta que te xulguen polas aparencias e, por riba, desde o machismo”, conta Uxía Casal nunha entrevista en Praza. gal. (18 de setembro de 2018).

Sobre o proceso de creación, a escritora cóntanos que traballou na novela uns catro anos, e que a idea desta historia roldoulle durante moito tempo antes de escribila. “Mais iso é o meu xeito de meterme nun tema”, recalca.

“Tiñamos no instituto unha alumna “case” anana. De feito operáronlle as pernas para

estirarllas. Un compañeiro “comentárame a morea de problemas que tiña na vida cotiá: desde non chegarles aos botóns do ascensor ou do timbre dunha casa e ter que levar un pau para alcanzalos, ao tamaño do mobiliario que adoita haber en todos os lados, cadeiras, sobre todo, ata as miudezas que poidas imaxinar e que nós non temos en conta porque as cousas están feitas á nosa medida. Total, que por unha serie de circunstancias que coincidiron cando me puxen a escribir, coma o meu interese na *nanotecnoloxía*, nos clons, nos aceleradores de partículas etc., concibín unha historia non só de superación persoal, senón tamén cunha trama algo revirada, por aquilo de desmontar as aparencias: un fareiro científico, nada menos, nunha perdida vila costeira, inspirada en moitas das que visitabamos no verán cando viviamos en Ourense: Ribeira, Muros, Fisterra, Corcubión, Malpica...”.

“Deixei voar a imaxinación asesorada por varios físicos, unha bióloga e unha médica, no relacionado coa ciencia. O proceso foi moi enriquecedor e divertido”, segue relatando a escritora.

“En certo modo, tamén pretendín deixar atrás o costumismo excesivo que se asocia ao mar e ao rural, e amosar a adaptación desas contornas á vida moderna. Nunha vila na que domina o sector pesqueiro hai ademais outras

profesións e estilos de vida e poden pasar milleiros de cousas case exóticas”.

No seu perfil, na web AELG, Uxía Casal defínese coma unha escritora “que goza xogando coas palabras e imaxinando situacións que se desenvolven paseniñamente. Intento coa miña escrita que o lector se entreteña e perciba a música de fondo que pretendo imprimir ás miñas obras”, engade.

Lemos en voz alta un pequeno fragmento da novela, e gozamos do seu ritmo acompañando.

Tras observar o conxunto, centreime na torre octogonal alumeada polo lene sol da tarde que poñía faíscas alaranxadas nos vidros das ventás. É o Faro da Sorte un orgullo para os habitantes de Arealonga e debe o seu nome ao cabo onde se ergue sólido, arrogante e seguro coma un xigante benévolo. Moi poucos barcos guiados por el naufragaron na nosa costa.

Desde onde estabamos abranguíase unha vista imponente do océano, atraente e temible a partes iguais, e permanecemos en silencio bastante tempo antes de emprender o regreso. (O Faro de Arealonga, páxina 23)

Rematamos facendo algunhas referencias á traxectoria literaria e persoal da escritora. Uxía Casal (Santiago de Compostela, 1957) leva dende o ano 2006 residindo en Ribeira. Licenciouse en Filoloxía Hispánica e en Xeografía e Historia, especializándose en Historia da Arte Moderna e Contemporánea. En 1984 marchou para Ourense onde impartiu clases de Lingua e Literatura Galegas durante dezaoito anos.

A autora ten publicados varios libros, algúns deles para a cativada como *As ás de*



O faro de Arealonga, Uxía Casal

Xenoveva (Galaxia, 2005). Así e todo, son maiormente de relatos, como *Saturno tamén é deus* (Galaxia, 1997), con catorce historias de medo, que foron reeditada posteriormente, no 2018, pola editorial Urco. Moi recomendábel a lectura da recensión do crítico literario Armando Requeixo sobre esta obra literaria, publicada no seu blog de literatura, *Criticalia* (*O toque Casal*, 31 de xullo 2018). Citamos tamén *Vidas exemplares* (Xerais, 2006), con vinte e un relatos maxistrais nos que os personaxes están ao abeiro dun precipicio, entre o explicable e o incompreensible. Con anterioridade, no 2005, publicárase a súa novela *Sede en Ourense*, da man da editorial Galaxia.

No 2021 Uxía Casal foi a escritora homenaxeada no VIII Día das Galegas nas Letras pola plataforma de crítica literaria feminista A Segá.

8. MENCER

Dende a beirarrúa do paseo paralelo ao Parque de Pedra Pateira intúese unha lixeira néboa no horizonte. Ao outro lado está



M. Ayaso, *Mencer*, 2018

o cruceiro de Bandourrí e o edificio dunha conserveira. No seu capitel está sentada a Virxe. Semella estar protexendo coa súa ollada os que percorren os camiños do mar día e noite. Se estivese saíndo o sol, a cruz de pedra evocaría outra cruz, a desta alegoría pictórica de Manuel Ayaso.

Arestora, na anoitecida, a tonalidade cromática é apagada. Case non se percibe a brétema caendo na superficie do océano.

E é neste percorrido ata as casas de Bandourrí onde lle preguntamos a Antonio Piñeiro pola súa novela *A través do fume* (Galaxia, 2017). Por esa obra literaria na que o argumento está pousado dalgún xeito no peitoril da cidade de Ribeira. Cóntanos o escritor que a vila, da que fala a protagonista, pode ser a da súa infancia, aínda que as personaxes son ficticias, e que na historia agroman algúns matices vivenciais persoais aínda que moi xerais "xa que o verdadeiro protagonismo na novela cae no acontecer dun tempo".

*o tempo pasa inelutable e imaxinámolos
véndoo tododende aí arriba, véndonos
a nós, o mundo, como nunha postal,
dende eses vinte centímetros que sepa-
ran os ollos do papel, o mundo quieto
da postal, onde quedaron detidas as
siluetas, as sombras, o can da terroeira
ou auto que circula pola Portaelsplein
ou pola rúa do noso peirao. (A través
do fume, páx. 23)*

A personaxe principal desta novela é Nina. Cun ton intimista vaise tecendo o fío nun monólogo interior mentres ela está esperando un avión, no aeroporto flamengo de Zaventem, que a levará a outro aeroporto, e despois á casa. Coa súa voz evoca as lembranzas, as vivencias e os devezos dunha época, mentres o lector escoita os altafalantes do aeroporto.



A través do fume. A. Piñeiro. Galaxia 2017

... os aeroportos teñen un frío de madrugada, todos van cos ollos avoltos, uns pasan a carón doutros, non se coñecen, non saberán un do outro, malia que pisen o mesmo metro cadrado, por un instante, aí, debaixo do cartel de información (Páx. 33)

...mira, filla, a ver se es quen de me enliñar esta agulla, que xa hai pouca luz, deixa, filla, deixa, que iso o faga eu, o mantel de encaixe, un branco moi fermoso, que se perdeu xa, sobre o dos días correntes, o de huel coas cereixas e cadros vermellos, coma sempre, en todos os pisos do barrio había movementos, rúas ateigadas, mariñeiros, deixaba de arrefriar a choiva, a choiva dos sábados un gurgullar constante de choiva nos regachos que corrían paralelos á beirarrúa do colexio, había que dar un pequeno chouto para cruzar a rúa, sempre sarabiando, agora estráñanse eses sons, non cres?, a choiva,

o rego da beirarrúa ou a pinga da billa estragada no piso de arriba (páx. 36)

O narrador vai artellando un relato, cunha linguaxe intensa e vivaz, nun “auténtico *tour de force estilístico*”, escribe o escritor e crítico literario Xosé Manuel Eyré (Ferradura en Tránsito II, 7 de febreiro, 2019). E no que conflúe unha morea de sensacións, co pano de fondo da emigración galega á Europa dos anos sesenta.

Sensacións que están asociadas a unha época e a unhas vivencias. As que desprenderon o feito do distanciamento migratorio, a condición do amor nesas circunstancias, a presenza total da figura da nai, a apertura ao mundo dende a infancia, relata Piñeiro.

Un vieiro emocional no que se mesturan a reflexión, o recordo, a reivindicación das raíces, a nostalgia, as perdas, e todos os matices sentimentais que conforman a etapa da vida á que Nina fai referencia. Amais do misterio dunha historia de amor condicionada polo distanciamento nesas circunstancias, continúa relatando o autor.

A pegada visual, sonora, cromática, lúdica, social, costumista desa época quedou fonda e moi literaria nunha xeración moi numerosa.

“Estoume referindo á memorística e á oralidade. Este é o sentido no que emprego a calidade literaria. Nese feixe de sensacións xorde a novela”. De feito é neste ámbito “onde se desenvolve unha trama argumental múltiple e perceptíbel na lectura, que procura facer de soporte ou envoltorio narrativo a esas sensacións”, conclúe Antonio Piñeiro.

A través do fume (Galaxia, 2017) foi premiada co Torrente Ballester no ano 2017, na segunda edición da modalidade de galego, convocado pola Deputación de A Coruña. O xurado destacou desta obra no seu día que



Bandourrio, anos 60

"era un relato cunha gran habilidade narrativa que arrisca e funciona como mecano en que a persoa lectora ten que implicarse para construír un crebacabezas até a última páxina" e cun "enfoque calidoscópico que recrea maxistralmente a memoria a través do tratamento exquisito da lingua e os obxectos simbólicos do cotián, como os selos e as cartas" (Nós Diario, 7 novembro 2017)

Mergullámonos polas calellas de Bandourrio, pasamos o cruceiro e, antes de chegarmos á Praza Teruel, pousamos os ollos no antigo auditorio de Ribeira.

"Aquí era o mercado dos sábados cando eu era meniño. Ás veces os rapaces axudabamos a recoller e a empacquetar", relátanos o escritor ribeirense.

E volvemos o fermoso relato: *Áncora*. Ao seu inicio, inspirado neste lugar da cidade, nos anos setenta, e na infancia do escritor. Citamos un fragmento que amosa as circunstancias e o xeito de vivir dun tempo non tan afastado:

Moreas de tecido tirado de calquera xeito. Para iso estabamos alí. Ben, para iso estaban eles. Eu tiña a miña propia idea. A única idea. Poder mercar a miña navalla de áncora.

Un peso para cada un. Por dúas horas escasas da mañá do sábado. Dobrar

as pezas, metelas nas caixas e meter estas, á súa vez, nas caixas grandes de cartón. Precisaba gañar aqueles corenta pesos. Era o que custaba. Non era moito. Corenta sábados e un soño cumprido. Non deixara de pregar antes de coller o sono aquela noite, porque o señor Manuel me collese.

Escoitaba as súas palabras resoar dentro do meu caletre, mentres ollaba para os outros rapaces, cos seus corpos de aramio, devecidos pola poeira dos sábados, o muro incansable e as pernas espidas, fracas de sol e apostela, de as rañar seguido contra o perpiaño inmóbil da espera.

O escritor Antonio Piñeiro (Ribeira, 1962) é un "renacentista" do século XXI. Traballa como profesor de Historia en Ribeira. É colaborador da A. C. Barbantia dende os seus inicios. Editor, artista plástico e escritor, cunha ampla e laureada traxectoria, é autor dunha morea de obras literarias. Citamos algunhas delas, amais das que xa falamos con anterioridade:

-*As fiandeiras* (Galaxia 2011). Premio García Barros 2021. A voz dunha nena relata



Áncora. Antonio Piñeiro

as emocións e as condicións dun grupo de mulleres traballadoras na segunda metade do século XIX.

-*A identidade fascinada* (Galaxia 2015). Unha narración que recende a orballo e a noite, a fotocopia e a luces de neon nun espazo urbano e literario, ben coñecido polo escritor, no que o atentado contra a discoteca Clangor irrompe nunha década, a dos oitenta, para esboroar a frescura e as vivencias dun tempo irrepetíbel na cidade de Santiago de Compostela.

-*Celada* (Xerais 2020). Premio Cidade Centenaria de Ribeira 2019. Unha novela poética, narrada por unha voz anónima que transita polos convulsos anos sesenta, ambientada nun territorio urbano frecuente na obra literaria de Piñeiro, a cidade estudantil de Santiago de Compostela.

-*Esca* (Émbora, 2021). Premio Neira Vilas de novela curta 2019. “Un relato que evoluciona en espiral creando unha atmosfera e un clima de tensión narrativa, cunha grande ambición estética, prosa lírica e riqueza léxica xunto á creación de personaxes poderosos e ben caracterizados”, destacou o xurado do certame (La Voz de Galicia, 25 de outubro, 2019)

-*Os aciagos tardegos* (2021) Accésit na Semana do Libro de Compostela 2021. A esencia do argumento está ligada ao mundo dos códices no século XVI. Unha trama cunha boa dose de intriga na que aspectos filosóficos e históricos, moi presentes no Camiño de Santiago, son tratados na obra.

-*Trávelin* (Xerais, 2021) Premio Novela Curta Manuel Lueiro Rey 2020. Unha entretida historia de intriga ambientada na movida nocturna dos anos oitenta na cidade de Santiago de Compostela na que



M. Ayaso, *Modelos de medianoite*, 2018


o achado dun vehículo abandonado na periferia fai entrar en xogo o inspector Alain.

9. MODELOS DE MEDIANOITE

Escoitamos risas e un rumor de burbullas na terraza da Praza Teruel. Alguén fala do último concerto ao que asistiu no luscofusco, neste espazo da cidade. Polas lousas avelladas deste lugar aberto borbóriñan a música e a creación artística.

Proxectamos a lectura do poema *Polos mares das améndoas* (Galinova, 2000) do poeta ribeirense Xabier L. Marqués, mais a escuridade da noite enriba de nós non o permite neste lugar. Deixamos nesta memoria a imaxe dos fermosos versos e da ilustración feita polo artista Xerardo Crusat.

Xabier L. Marqués é autor de varios poemarios entre eles *A lúa nun ichó* (2007), *Arró* (2019), *Murmurios (de) ausentes* (2022) e o *Os luídos do manancial*, acabado de publicar



Polos mares das améndoas, Xabier L. Marqués. ilustra X. Crusat

no 2023. Escribe o que foi presidente da A. C. Barbantia, o profesor e erudito Suso Laiño, con motivo da presentación do último poemario, nunha recensión titulada “Confín, fronteira, esgazadura” (La Voz de Galicia, 29 de maio do 2023): “Vinte anos de busca dun poeta que comezou navegando *Polos mares das améndoas* ata chegar ás obras da madurez con “Arró”, e este poemario dun mundo dos recordos que “rillan na memoria” ata un “aquele de cheiro a eternidade insoportábel, á disolución da subxectividade”.

Así mesmo, nomeamos o libro número un da Biblioteca Barbantia *Voces na materia*, publicado no 2006, e que plasma o primeiro encontro de poetas e artistas do Barbanza. Un proxecto coordinado polo primeiro presidente e socio fundador da A. C. Barbantia, o escritor Antón Riveiro Coello. Nesta obra participan trinta autoras e autores cuxas creacións poéticas son ilustradas por cadanseu artista, e algúns deles están vinculados ao concello de Ribeira, como Xoán Fernández, Xerardo Crusat, Pilar Ageitos, Fidel Vidal, Xabier L. Marqués, e o creador e dinamizador cultural Unai González, moi vinculado á Asociación Francisco Lorenzo Mariño. Amais do escritor que nos acompaña na andaina, Antonio Piñeiro. As fotografías das obras pictóricas foron realizadas pola fotógrafa Carmela Queijeiro.

Escribe o escritor pobrense Carlos Mosteiro no Limiar:

Escritores e artistas plásticos encontráronse, recoñecéronse, evidenciando o que xa é ben coñecido: a universalidade da linguaxe artística.

Neste encontro participa o ribeirense Fidel Vidal Pérez cunha obra pictórica e cun poema titulado “Quizais”.

O psiquiatra, pintor e escritor naceu á beira do mar (1942), no barrio do Castelo, en Ribeira, onde está situado o mercado do peixe.

Mais preferimos falar da súa obra neste espazo de lousas agretadas e esvaradías peñeiradas polas ondas. Como artista múltiple expuxo as súas pinturas, amais de en Galiza, en varias cidades do mundo como Madrid, Barcelona, Oslo ou Milán.

Como escritor publicou o volume *Anatomía da emoción poética* (O Castro, 1999) que reúne varios traballos sobre poesía galega contemporánea, dous dos cales están dedicados a Avilés de Taramancos e Manuel Antonio. Uns anos despois saíra do prelo *Arte na esquizofrenia e outros excesos* (Laiovento, 2008), unha fonda reflexión sobre temas relacionados coa arte. Sobre este ensaio escribiu o filósofo e escritor Xosé Ricardo Losada na prensa. “Componse de sete ensaios fronteirizos unificados por un mesmo afán. Mostras eses fósiles en diferentes ámbitos da vida cotiá. A



Voces na materia, Biblioteca Barbantia

enfermidade mental. A sedución. Internet. A cultura de masas. A mirada. O poder. A arte" ("Os fósiles da mente", La Voz de Galicia, 19 de decembro, 2008)

No 2010 publicaría *A figura do pai* na obra de Manuel Antonio (Espiral Maior). E é autor do poemario *A camelia oxidada* (Deputación de A Coruña, 2006), da novela *Un asasino felizmente casado* (2015), dos libros *A sombra da cinza* (Medulia Editorial, 2019) e *A culpa*

do pai (Medulia Editorial, 2020), entre outras publicacións.

Lembramos tamén o escritor e poeta ribeirense Carlos Callón, nado nos Areeiros de Castiñeiras, que acaba de ser Premio Barbantia da Cultura 2023. Comezamos falando da súa traxectoria vital e literaria nomeando o seu libro *Atravesar o fantasma* (Xerais, 2014). E lemos un fermoso poema inspirado no lugar que o viu nacer:

*Deses soños chamados Areeiros
non fica nin o camiño até o inferno
que buscamos loucamente nun serán
nin aquel fin de ano campío
de muíños esquecidos polo tempo
se zafará do lobo que constrúe casas
e derruba soños.
A árbore que era nosa (dos Areeiros esquencidos)
xa é súa.
Os soños que eran nosos
xa non existen.
Só aquel piñeiro está medrando
desde a xanela que tamén fun esquencendo
mentres miña nai cosía os soños dun futuro.*

Carlos Callón é Doutor en Filoloxía Galega e Portuguesa. Comentamos o seu traballo como profesor de Xeografía e Historia no *Instituto Espanhol de Lisboa*. Todos sabemos que foi presidente da Mesa pola Normalización Lingüística durante varios anos e que dirixiu unha morea de campañas a favor da nosa lingua no país. Ten publicadas varias obras de sociolingüística e estudos literarios. Citamos algúns dos seus libros:

-Como defenderes os teus dereitos lingüísticos (Xerais, 2011)

-Como falar e escribir en galego con corrección e fluidez (Xerais, 2012)

-Inscripcións Galaxia. Dombate Poesía (2019)

-A abertura da boca, (Galaxia, 2021)

-O libro negro da lingua galega (Xerais, 2022)

E falamos dalgúns dos seus premios, como o Premio Careón á traxectoria literaria e o Premio Vicente Risco de Ensaio polo seu libro *Amigos e sodomitas* (2011). Moi recomendábel a lectura da recensión do investigador e crítico literario Armando Requeixo sobre esta obra, amosada no perfil do escritor, na páxina web da AELG, ("Homoerótica medieval", Faro de Vigo, 14 de xullo do 2011).

Rematamos lendo uns versos do seu libro de poemas *A abertura da boca*, agora que nos estamos achegando ao final desta andaina.

"O PARAÍSO é certa praia á tardiña
Píllaras ceibes só as miñas pálpebras"



A abertura da boca, Galaxia, 2021, C. Callón

Sobre este poemario cóntanos o seu autor, Carlos Callón, no xornal Nós Diario (28 de decembro de 2021):

Reparei en que con estes versos o que procuraba eu, metaforicamente, era abrir a boca e xustamente coincidía co feito de que abrir a boca é falar, escribir... Vin que iso era o elemento que unificaba todos os textos que levaba escritos.



M. Ayaso, Visión na baía, 2018

10. VISIÓN NA BAÍA

Cruzamos a Praza Compostela e Piñeiro volve falarnos da súa infancia. A casa onde naceu está situada neste lugar.

Miramos con calma a fotografía da obra pictórica *VISIÓN NA BAÍA*. E comentamos a desolación que transmite. E, ao mesmo tempo, a tonalidade de azuis e marróns zumega vida, comenta unha participante do roteiro.

Manuel Cartea relátanos que o artista viviu no Aguiño da súa infancia entre viúvas e orfos, entre pais e avós desolados. Cóntanos que Ayaso lembraba ben o afundimento do “Crusat” no 1945, e do “Cartagena”, con varios mortos, un curmán del entre eles. “O noso pintor había saber, moito tempo despois, que nese fatídico ano tamén afogaran noutro naufraxio o pai e un tío da propia Lucía, que logo sería a súa muller”

No seu imaxinario “o mar como o mellor amigo; e o mar como o peor inimigo. Longas velacións, a busca e a espera angustiada e estéril ao luar con candeas. E, con demasiada frecuencia, corpos tendidos na area, impotencia agoniada, oceánica dor. O Atlántico dos seus amores e dos seus temores”.



Praza Compostela



Museo Municipal de Ribeira

Entramos no Museo Municipal de Ribeira e subimos ao primeiro andar. Un espazo amplo que acolleu no 2021 unha grande exposición do Santa Isabel con motivo do centenario do naufraxio. E que segue ofrecendo aos seus visitantes algúns detalles da mesma, como as anotacións que fixera naqueles días o escritor Ramón María del Valle-Inclán sobre a traxedia, ou un artigo do xornalista ribeirense Manuel Lustres Rivas, que citamos con anterioridade.

Comentamos outra vez algunhas das obras literarias que abrollaron nas rúas da cidade



ao longo deste *roteiro* con recendo a mar. E conversamos á caloriña, con calma, protexidos do frío de decembro. Non queremos irnos. Mais chegamos ao final deste percorrido literario e artístico.

Antes de despedirmonos queremos volver á espléndida novela de Antonio Piñeiro, *A través do fume*, que tanto nos gustou, e que nos semella axeitado lembrala neste lugar onde tamén hai exposto un libro cun rexistro de emigrantes ribeirenses. Lemos un fermoso fragmento en voz alta e pausada:

...primeiro foron os barcos, iso non me parecía verdadeiramente unha separación, era máis ben unha cousa de paxaros, coma os birrios da vella fábrica de salgadura, aqueles nomes envoltos en fantasías e tintas decimónicas, como me gustaban escribilos nos sobres, Ural, Pacific Star, Koninguin Juliana, Monte Naranco, amodo, filla, amodo, emulando unha entoación de colexio, mentres terminaba de dobrar as follas, e con boa letra, e aos nomes dos barcos íanselle unindo aqueloutros dos rituais das cartas, quinqué, papel de barba, prego dobre, remite, franqueo, que me repetía como se me axudase a poñer un primeiro pé no exterior, no mundo, polas cartas, as fotos e os relatos (A través do fume, páx. 37)

Rematamos con fermosos textos poéticos, inspirados na figura e na obra artística de Manuel Ayaso, escritos polas poetas Eva Veiga (Pontedeume, 1961) e Patricia Torrado Queiruga (Porto do Son, 1987)

Poema da escritora e poeta Eva Veiga publicado no “libro catálogo” *MANUEL AYASO* (Concello de Ribeira, 2021) desta colección artística.

PARA MANUEL AYASO

*a arte é outro modo de desvelar a luz
anéganos o seu rebordo
e vogamos infindos entre o argazo
dunha memoria que se entretece
coas imaxes vivas do que se extingue
semellaba que sabiamos algo
mais súbito todo se fai estraño
cada cousa fala nun idioma mesturado
polo lonxincuo tránsito
de todas as encrucilladas
ningunha forma se abonda a si mesma
por necesidade e azar se erixe un corpo
como un fervedoiro de seres conxugándose
as súas glándulas ancestrais
as órbitas dun ollo que entra e sae da noite
o compás do corazón a trazar o círculo
no embigo a promesa da flor
e o seu inexorable cataclismo
e algo que se volve invisible
como alimaria devorándonos devorándose
e algo aínda máis sutil
velaí a tenrura co seu halo
a penas a escintilar un instante
a nos abrir unha rota na pel da mente
que han de invadir as ortigas e os disfraces
a verdadeira arte non engana
e está aquí desangrándose
coma un río a soñar contra o esquezo*

Texto poético enviado pola escritora Patricia Torrado Queiruga para o roteiro literario *Os camiños do mar*:

*Mergullar naquela mirada azul preñada de mar e de naufraxios,
xesto franco e ilusionado.
Das febres da infancia naceron os esqueletos que outros
soñaran antes,
Goya, o Bosco,
a surrealidade rubiu polas paredes dende ben cedo,
a necesidade colleuno sempre traballando, viaxando, facendo camiño,
malia que quen gozamos da súa obra, da súa sinxeleza,
non sabiamos ou nunca saberemos que naquel corpo había un x gigante,
que co seu talento innato fixera nacer Ribeira e Aguiño en tantas outras fronteiras,*

en tantas outras nacións.

Soñar puntas de prata en cor, riscar nos papeis,
nas pranchas acidificadas, no medo, na esperanza.

Sendo no paso lene, maino, un carácter forte, picassiano,
Que, dende o alén e o recordo, segue a ser gromo decisivo e imponente
nesta cidade,
berce e berro dun mesmo home

OS CAMIÑOS DO MAR. LIBROS E OBRAS LITERARIAS PROTAGONISTAS NO ROTEIRO

Artistas do Barbanza. Biblioteca Barbantia (2020)

Áncora, de Antonio Piñeiro (2020)

A través do fume (Galaxia, 2017), de Antonio Piñeiro

Chans Imperfectos (Bourel, 2014), de Antonio Piñeiro

mansío (Bourel, 2023), de Eva Veiga e Antonio Piñeiro

Contos de guerra (Bourel, 2005), de Antonio Piñeiro

Cartafol da Memoria Caderno 3. *Historia de Porto do Son. Cartas desde a Costa da Morte* (Concello de Porto do Son, 2005), de Carlos García Bayón

Sálvora. Memoria dun naufragio. A traxedia do Santa Isabel (1998), de Xosé María Fernández Pazos

A canción de Sálvora (A Nosa Terra, 2003), de Antón Riveiro Coello

A esfinxe de Amaranto (Galaxia, 2003), de Antón Riveiro Coello

Noite de temporal (Santillana, 2018), de Manuel Núñez Singala

Olladas (Sotelo Blanco Edicións, 2012) de Adelaida Vidal

Pandemonium, de Manuel Lustres Rivas (Edición facsimilar, Concello de Ribeira, 2017)

Voces na Guerra (Barbantia Narrativa, 2006)

O faro de Arealonga (Xerais, 2001), de Uxía Casal

Polos mares das améndoas (Galinova, 2000) de Xabier L. Marqués

Voces na materia (Barbantia Poesía, 2006)

A abertura da boca (Galaxia, 2021) de Carlos Callón

LIBROS E LECTURAS QUE ACOMPAÑARON A AUTORA NA PREPARACIÓN DO ROTEIRO LITERARIO OS CAMIÑOS DO MAR

Xerardo Agrafoxo. *Limiar. Contos de guerra* (Bourel, 2005).

Román Arén. *Acordes Náufragos*. A Voz de Barbantia. *La Voz de Galicia*, 25 de outubro, 2013.

Román Arén. *Confín, fronteira, esgazadura*. A Voz de Barbantia. *La Voz de Galicia*, 29 de maio do 2023.

Moncho Ares. *Altofalante reivindica a figura do xornalista ribeirense Lustres Rivas*. *La Voz de Galicia*, 12 de novembro, 2006.

Moncho Ares. *Adelaida Vidal ocupa un espazo de privilexio na literatura galega*. *La Voz de Galicia*, 25 de abril, 2013.

Moncho Ares. *La prosa de García Bayón revive a través de García Martí*. *La Voz de Galicia*, 18 de outubro, 2019.

Xosé Luis Axeitos e Uxío Bobillo. *Enrique Fernández Sendón-L Fersen-Memorias e antoloxía dun republicano galego*. Edicións do Castro, 1996.

Manuel Ayaso. Colección GRANDES PINTORES. Deputación de A Coruña, 2012.

MANUEL AYASO (Concello de Ribeira, 2021).

Luces na cidade. Barbantia, 2006.

María Xosé Blanco Giráldez. *Manuel Núñez: O naufraxio do Santa Isabel sería un guión espectacular para un filme*. La Voz de Galicia, 17 de xaneiro, 2018.

Ceferino de Blas. *De García Lorca a Lustres Rivas*. Faro de Vigo, 25 de agosto, 2016.

Daniel Bravo Cores. *Historia de Riveira, 1200-1975* (2001).

Carlos Callón. *Atravesar o fantasma*. Xerais, 2014.

Carlos Callón. *Como falar e escribir en galego con corrección e fluidez*. Xerais, 2012.

Carlos Callón. <https://www.aelg.gal/>

Carlos Callón. *Artigos en Nós Diario*.

Eme Cartea, “Media biografía”. *Artistas do Barbanza*. Biblioteca Barbantia, 2020.

Uxía Casal. <https://www.aelg.gal/>

Andrés Castro. *O “Titanic galego” e as tres heroínas de Sálvora*. Nós Diario, 14 de decembro, 2020.

Marta Dacosta. *O deserto de Laura, o noso deserto*. Nós Diario, 21 de xullo, 2012.

Montse Dopico. *Uxía Casal*. Praza. gal. 14 de setembro, 2018.

Xosé Manuel Eyré. *Blog de crítica literaria*, <https://ferradura.blog/>

A colección Bourel mantén o testemuño do libro artesán na era de Internet. Blog culturagalega. gal, 31 de marzo, 2008.

Xosé María Fernández Pazos. *Apuntes para coñecer o concello*. Concello de Ribeira.

Carlos García Bayón. *Cartafol da Memoria* Caderno 3. *Historia de Porto do Son. Cartas desde a Costa da Morte*. Concello de Porto do Son. 2005.

Carlos García Bayón. *Artigos*, La Voz de Galicia.

Carlos García Bayón PASEOS POR DON VICTORIANO GARCÍA MARTÍ. Barbantia, 2017.

Cechu López. *Antonio Piñeiro impulsa una edición artesanal de libros de poemas*. La Voz de Galicia, 19 de xaneiro, 2005.

Xosé Ricardo Losada. *Os fósiles da mente*. La Voz de Galicia, 19 de decembro, 2008.

Ramón Loureiro. *A difusa alma do mar*. La Voz de Galicia, 17 de xaneiro, 2004.

Manuel Lustres Rivas. *Pandemonium. Edición facsimilar*. Concello de Ribeira, 2017.

Manu-Ramón Nicolás. *Chans imperfectos*. Caderno da crítica, 5 de marzo, 2015.

Ramón Nicolás. *Noite de temporal. Manuel Núñez Singala*. Caderno da crítica, 14 de marzo, 2018.

Manuel Núñez Singala. *Web singala*. Eu.

Encarna Pego. *Uxía Casal, escritora*. A Voz de Barbantia, La Voz de Galicia, 28 de marzo, 2014.

Encarna Pego. *Quico Cadaval. Un monstro do teatro*. A Voz de Barbantia. La Voz de Galicia, 27 de marzo, 2015.

Xosé Ramón Pena. *Historia da Literatura Galega IV*. Xerais, 2013.

Antonio Piñeiro gaña o Torrente Ballester en galego con “A través do fume”. Nós Diario, 7 novembro 2017.

Teresa Queixas e Anxo Gómez. *Historia xeral da Literatura Galega*. A Nosa Terra, 2001.

Mario Regueira. *O Titanic de Sálvora*. Sermos Galiza.

Armando Requeixo. *Homoerótica medieval*. Faro de Vigo, 14 de xullo, 2011.

Armando Requeixo *O toque Casal*. Criticalia, 31 de xullo, 2018.

Armando Requeixo. *O firmamento da memoria*. Criticalia, 21 de febreiro, 2019.

Ciprián Rivas. *Quen matou a Lustres Rivas?* La Voz de Galicia, 3 de marzo, 2017.

Antón Riveiro Coello. *Cartafol do Barbanza. Vía polo cuadrante das sereas*. A Nosa Terra, 2002.

Antón Riveiro Coello. *Acordes náufragos*. Galaxia, 2013.

Antón Riveiro Coello. <https://www.aelg.gal/>

Xoán Pastor Rodríguez Santamaría. *Diccionario de escritores ribeirenses*. Deputación de A Coruña, 2001.

Xoán Pastor Rodríguez Santamaría. *Guía Persoeiros da Cultura. Mancomunidade Arousa Norte*. Deputación de A Coruña, A. C. Barbantia, 2013.

Isabel Santos. *Sálvora*. A Voz de Barbantia. La Voz de Galicia.

Luís Teira. *Manuel Lustres Rivas. Xornalista e galeguista*. Asociación Cultural Altofalante. 2006.

Memorias de Ribeira. Asociación Cultural Altofalante. 2007.

Manuel Teira. *Carlos García Bayón*, La Voz de Galicia, 10 de setembro do 2003.

Marga do Val. *A esfinxe de Amaranto*. Perfil do escritor Antón Riveiro Coello. Web AELG.

Francisco Antonio Vidal Blanco. *Artigos, La Voz de Galicia*.

Francisco Antonio Vidal Blanco. <https://www.aelg.gal/>

Fidel Vidal. *Don Enrique Sendón ou L. Fersen*. La Voz de Galicia, 26 novembro, 2022.

Fidel Vidal. <https://www.aelg.gal/>

Fidel Vidal. *Arte na esquizofrenia e outros excesos*. Laiovento, 2008.

Dolores Vilavedra. *A narrativa galega na fin de século*. Galaxia, 2010.



Fábulas Garcianas

Emilio García Portosín

DÚAS AVES DE GRAN PORTE

Na árbore máis alta de Galicia,
dúas aves de alto porte e gran pico,
respirando un aire do máis rico,
parolaban felices, con ledicia.

"Eu tiven que emigrar,
colega de ás e grande amigo;
dende a gorxa ao embigo,
sentía eu malestar...,
non se pode respirar!"

"Que me vas dicir a min,
que caín esmorecido;
coidei que estaba perdido,
e cando un ollo abrín...,
vin cara a aquí decidido!"

"Temos que admirar
do ser humano a resistencia,
amén da estoica paciencia,
e o seu forte respirar...,
non queren abandonar!"

"Son de raza superior,
astutos, traballadores,
en arte son precursores,
teñen palabra de honor...,
sen dúbida, os mellores!"

1

"Viven con moita ilusión,
e nunca xamais claudican,
e como amais edifican,
con maña e moita paixón...
fan niños de alta admiración!"

"Grandeza ten o seu ser,
tan só lles falta voar;
ese día está a chegar,
nós poderémolo ver...,
escolta lles imos dar!"

"Pido con grande alegría
que o humano sexa inmortal,
porque así é ideal,
e ten ben sabedoría...,
é rei do universo cada día!"

*Dúas aves con fonda admiración,
parolaban así da humanidade,
abofé que falaban con razón,
dándolle ao ser humano o brasón...
que merece pola súa humildade!*

2

UNHA HARPÍA, UNHA HIENA E UN BURRO

A historia é clara neste punto:
xuntouse unha harpía cunha hiena,
fixeron enorme faena
do gordo e extenso asunto:
poñer ceo e terra ben xuntos!

Arranxar a vida terreal,
que de man dura falta tiña,
canto máis presto e axiña,
dun xeito ademais real...
pór lei severa ao reino animal!

A hiena brincou dentes fóra,
a harpía voou rentes do chan,
xa era daquela verán,
chegada era a hora...
era precisa unha mellora!

Pero entre elas nin consenso,
nin luz nas claras da aurora;
ningunha outra mellora
no debate ben intenso...,
que devía de vez máis tenso!

Entre elas veu o insulto,
a harpía chamoulle lagarta;
a hiena chamoulle farta,
chamoulle encima vulto...,
filla de Satán no tumulto!

3

"Es a peor hiena mundial,
a candonga, pendanga máis fea,
e devoras sen máis a prea,
o mesmísimo animal...
e rabuñas todo comensal!"

"O teu nome, harpía, dio todo,
es filla das malas deidades,
traes as calamidades,
expulsas a destro lodo...
buscas no inferno acomodo!"

Ata que un burro, ao escoitar,
ergueu a pata, expulsou ventos;
sen máis distintos inventos,
púxose a ornear...
e a todos fixo calar!

*Na nosa vida, por ventura,
non é preciso insultar,
nin menos menosprezar;
a nosa propia cultura...
aposta é firme e segura!*

4

DOUS RATOS DE FÓRA

Dous ratos viñan de fóra,
buscando a mellor maneira
de facer unha gran feira
en terra prometedor.

"Barbanza é ideal,
hai fartura neste mato,
aquí faremos burato...,
a salvo de todo mal."

"Aquí non saben roer,
o froito cae de maduro;
estou, compadre, seguro...
que as botas imos poñer!"

"Aquí non hai ousadía,
os meus bigotes dan fe
que poñendo aquí o pé...
renden todos preitesía!"

"É tanta a túa razón
coma o noso gran saber,
compadre, imos facer...
os tobos con ilusión!"

Pero escavaron e viron
toda a terra sementada
de letras, na madrugada...
e moita rabia sentiron!

5

E seguiron escavando,
e víronse toupas cegas,
porque as palabras galegas...
seguían remocicando!

O Barbanza é un verxel,
onde a cultura é arte,
a palabra estandarte...
xoga o mellor papel!

Emprenderon a fuxida,
comprobando que a cultura
é a mellor agricultura...
para gañar a partida!

*Os versos que botan flores,
no monte e na beiramar,
son a luz para expulsar...
estes ratos invasores!*

6

A ROSA E O CARAVEL

Unha rosa certo día
xuntouse cun caravel,
poñendo confianza nel,
falando con alegría...
da lingua que florecía.

Polo Edén paseaban,
amigos de confianza,
con unha luz na lembranza
pola lingua que amaban...
e pola que suspiraban!

Un dúo marabilloso,
entre palabras e versos
dos cores máis diversos,
nados nun xardín noso...
nun idioma vitorioso!

Cremos que os dous son idos,
no Edén viven por nós;
entre os mellores son bos,
foron tempo preferidos...
son lembrados e queridos!

*A rosa era de Padrón,
de Rianxo o caravel,
dúas flores que ao papel
sumábanlle galardón...
dannos hoxe unha lección!*

7

A PAREDE

Ata a ría por un río,
chegou mensaxe imponente:
"non subades o torrente,
está cortado o desvío...
por unha man prepotente".

Mil peixes que isto captaron,
ao punto palideceron,
impotentes se tiveron,
as galadas axitaron...
e as aletas bateron.

Eran o barbo e a troita,
o reo mais o salmón,
peixes de tal condición,
galadas e forza moita...
que perdían a ilusión.

Non podían desovar
onde un día naceron,
onde os seus pais lles deron
a vida para nadar...
e o xene mantiveron.

Toda unha saga crebada,
toda unha historia perdida,
polos homes asumida,
dunha medida avanzada...
para outros desmedida!

8

Para outros seres viventes,
puros e singulares,
peixes que dende os mares,
subían impenitentes...,
a desovar aos seus lares.

*É xusto o que fai o home?
Pensa o home ou, sen pensar,
vai pola vida a argallar
algo que xa non ten nome.
É para desesperar!*

9

OS TRES GATOS

Eran, en Texas, tres gatos,
querendo meter un gol;
un era gato español...
os tres tiñan moi bos tratos.

Miaba o americano,
rabuñaba o inglés;
facía o número tres...
o español veterano.

Querían cazar un rato,
que tiña fama de lobo,
moi ben metido nun tobo...
para que pagase o pato.

E fixeron unha guerra,
case unha loita mundial,
porque era moi animal
tal rato na súa terra.

Que facía mil estragos,
que aos seus propios mallaba,
que ao rebelde asasinaba...
E agora viñan os magos!

Mil mentiras argallaron,
falaron a peito aberto
da Tormenta do Deserto...
En Texas tamén brindaron!

10

Custoulles, pero cazaron,
de xeito moi prepotente,
o que era un rato "inocente"...
A todo mundo enganaron!

*Por fortuna o ser humano
non é un ser animal;
ten honra, é moi cabal,
e leva a vida enteira...
a honradez por bandeira.*

11

DOUS CORVOS E A MATANZA

Dende o bico dun piñeiro,
dous corvos vían a historia
da matanza nun rueiro;
un porco ía prá gloria...,
acoitelado primeiro!

"Hai que ser ben retorcido
pra facer tal canallada;
e os sete en manada,
e a coitelo tendido...
este mundo está perdido!"

"Quítanlle todo o sangue,
métenlle logo lume,
ábrenlo todo en canle,
chuspen en pleno fume!"

"Beben con alegría,
brindan licor da terra;
xa o porquiño non berra,
xa a carne arrefría...
cheira a queimado na ría!"

"Bótanlle a copíña,
de anís e mais de caña,
beben todos ben axiña,
con arte e moita maña!"

"Non nos podemos fiar
de quen chega a este extremo,
onde incluso ao demo
lle custou moito chegar...
pa eles coser e cantar!"

12

"E inda din que pecamos
de crueis e indecentes,
e que os corvos picamos
ollos tan inocentes!"

"Sonvos seres fachendosos,
de sombras e hipocrisía,
a loitaren cada día
igualiño ca raposos...
son malvados e insidiosos!"

"E comen e inda beben
cando mellor lles convén;
e fanvos o que non deben...
e todo lles está ben!

*O home é a perfección;
por moito que os corvos digan...,
sempre obran con razón!*

13

OS DOUS BURROS

Eran dous burros un día,
fartos de oír a seus amos,
que se vimos, que se vamos,
se na quente, se na fría...

E dixo o burro máis gordo,
todo cheo de razón:
"Hai que ver que burros son,
que non se poñen de acordo".

O outro, con poucos dentes
e con moitas cataratas:
"Se andan a dúas patas,
non son moi intelixentes".

"Moito falan por falar,
entre que van e que veñen;
xa ves, nin orellas teñen...,
e non saben ornear!"

"Nin saben limpar co rabo
a pel como nós limpamos,
os mosquitos que matamos...
que burros son, manda nabo!"

"E perden a orientación
entre rochas e piñeiros;
teñen que facer vieiros...
é certo, que burros son!"

14

"E teñen que comer quente,
xa ves ti que cativeza;
e a min danme tristeza...
ao mellor son boa xente!

*Que xamais o ser humano
faga caso a un animal,
pois o burro máis normal
pensa que ten a razón...
mais o home non é, non!*

15

O GATO SEBASTIÁN

Un gato de longas uñas,
moitos anos de experiencia,
moi escaso de conciencia,
feroz apertando as cuñas...
e gran burlador da ciencia.

Certo día confesou
que o mundo lle era pequeno,
que lle ía botar veneno
a quen bondade creou...,
facendo un pauto co demo!

Chamábanlle Sebastián,
bautizado con honor,
rabuñaba sen rubor
canto lle chegaba á man,
causando inmenso dolor.

Todo gato o temía,
incluso o can engruñaba,
todo rato se esfumaba
cando el se relambía...
e o reloxo paraba!

*Despois de que sabes ler,
gozas moito do relato,
pois que ninguén vai crer...
que estou a falar dun gato!*

16

O GOBERNO DO CURRAL

Eran aves moi variadas,
no mesmo curral vivindo;
eran aves mal levadas,
mal falando, maldicindo.

Tiñan as ideas claras
por unha aposta segura;
había que proceder
á moción dunha censura.

Galo novo, boa crista,
ansioso por facer feira,
dixo que a súa carreira
era longa e progresista.

No fondo do corredor
habíaos doutra pelaxe,
que se cambiaban de traxe
nos aires do vencedor.

Botáronse ao que mandaba,
que era sabio e listo,
e fixeron del un cristo...
na hora máis axeitada.

O Goberno do curral
quedou así ben composto,
cada animal no seu posto...
e o vencido no areal!

17

Pero houbo desventura;
así como ían indo,
o líder caeu dun guindo...
e matouse con soltura!

*Por ventura entre persoas,
hai enerxía vital,
o Goberno é leal,
e non fan falcatrudas...
son almiñas ben levadas!*

18

A SARDIÑA

Na doce auga mariña,
certo día unha sardiña,
en horrible mal estado,
nadando mal, pola beira,
dixo a unha compañeira:
"co home xa dei topado!"

A compañeira, de anos,
e con moitos desenganos,
con pena e con ironía,
dixo á ferida pequena,
navegando pola ría:
"o home é digno de pena!"

A diminuta sardiña,
de mil seres comidiña,
tremelicou de repente,
pensou na vida e na morte,
e dixo para si, forte:
"que estúpida é a xente!"

"Que se matan alevíns,
sen razón, con malos fins,
inxusta e moi cruel matanza,
que poden logo acadar,
sen a mínima esperanza...
será un deserto o mar!"

19

"Verá o home algún día
no meu mal a a agonía?
Necesita unha lección,
de forma escrita e oral
no medio dun temporal...,
perdida toda razón?"

*O home é intelixente,
ten corazón e ten mente,
posúe sabedoría,
non agardará a morte
do seu mar, triste sería...
triste e trágica sorte!*

20

UN CAN E UN ASNO

Os dous deitados no chan,
certamente adurmiñados,
famentos os malpocados,
ao claro sol do verán...,
e con orneos variados.

"Amigo, cóntame algo,
por exemplo, un conto *chino*",
dixo o can, e o asniño,
fillo de burro fidalgo,
falou fiando finíño:

"A todo o mais que eu chego,
perdoa a miña ignorancia,
que é miña dende a infancia,
é a contar un galego...,
que fala da abundancia.

Escoita que aí vai:

Din que un home marchou
cara á terra de ultramar,
ansioso de prosperar,
e ao claro sol se tombou...
a ver o ouro chegar!"

*Un conto galego é
o que poucas letras ten...
e unha lección contén!*

21

UN CARBALLO E UN PIÑEIRO

Un carballo e un piñeiro
falaban de mañanciña,
vendo que chegaba axiña
aquele serrón tronzador...
que cortaba con furor!

"A min cáusame dolor
ver este mundo deixar,
e téñome que queixar,
pois non podo comprender...
o que pretenden facer!"

"Tes a razón sabia e xusta
de quen albisca o futuro;
será un trago moi duro
deixar este mundo san...
e ollar deserto neste chan!"

"Somos seres prisioneiros,
somos obxectos pasivos,
da nosa raíz cativos;
o noso é apandar...
co que o home ha argallar!"

"Somos gardas do planeta,
e ninguén o quere ver;
que pretenderán facer
sen a masa forestal?
Será un mundo ideal?"

*O home é sabio, para súa ventura,
incapaz de cavar a súa sepultura!*

22

O TOXO VERDE

"É certo, son toxo verde,
e teño duras espiñas,
ámoas porque son miñas
e sei con elas amar...
son capaz de acariciar!

Sei que teño mala fama,
que falan de min moi mal;
non son a planta ideal
para poñer nun xardín...
rosas peores hai ca min!

Que ninguén se pique, non,
que pode perder a vista;
sei que hai xente moi lista,
din que a maldade é allea...
e nos toxos se recrea!

O toxo é ser con vida,
necesario e saudable;
nunca pode ser culpable
de saberse defender...
do que o quere ofender!"

*Os guichos do toxo verde
son as puntas de estrelas,
pero hai linguas peores...
e ninguén fala mal delas!*

23

O COELLO E O REI

Disque un coello contaba
(simpático animal),
que era de sangue real,
porque no pazo habitaba...
dun gran rei que gobernaba.

E que era acariciado
polo rei, pola raíña;
que o mellor da cociña
era pra el cociñado...,
por orde do soberano.

E sabía historias mil
do país, da súa xente,
pois sempre estaba presente
cando se contaban glorias...,
do país e as memorias.

Sabía o conto calado
de amor e desamor;
era o animal mellor,
e o mellor informado...
do presente e do pasado.

*Máis razón non lle cabía,
pois tiña fermoso pelo,
e o rei con moito celo
nel con categoría...,
limpaba as mans se comía!*

24

A ANDORIÑA E A LAVANDEIRA

Unha andoriña choraba
un día de primavera,
unha andoriña buscaba
a terra onde nacera.

Buscaba a identidade
que nos seus xenes sentía,
buscaba esa claridade
que albiscar non podía.

Todo era escuridade,
ela non estaba cega,
todo era nebulosa...
na súa mente galega!

Sabía que estaba preto,
por un recendo ancestral,
e voaba moi baixiño,
buscando ese ideal.

A identidade perdida,
a identidade soñada,
o recendo á súa nai...,
no balcón que foi xerada!

Ata que unha lavandeira
lle deu un bico no ar,
máxica e feiticeira...,
e lle dixo ao pasar!:

*"Se ves a dorna velear,
se un carro oes cantar,
se ves na xente bondade...,
é a nosa identidade!"*

25

DOUS BURROS LAIÁNDOSE

Dous animais moi queridos,
que moito nos axudaron;
sufridores e sufridos,
que foron no noso lar...
forte e seguro piar!

"Se hai que cantar, cantamos,
pero nada é igual;
xa poucos burros quedamos
nesta Galicia rural...
na cidade está o mal".

"Tanta escola superior,
tanta universidade;
imos de mal en peor,
dígocho con claridade...
xa non hai natalidade!"

"Onde van aquelas cargas,
corredoiras costaneiras;
logo viñan as descargas,
por detrás e polas beiras...
moitas veces as malleiras!"

"Se hai que ornear, orneamos,
pero con moita ironía;
se hai que cantar, cantamos,
pero con pouca alegría...
faise noite en pleno día!"

26

"E chove na nosa alma,
queiramos, amigo, ou non,
inda que teñamos calma,
isto é a nosa extinción...
o máis burro ten razón!"

*O home evoluciona,
estuda e avanza fiel,
loable no seu papel;
sen burros queda Galicia...
pra todos é gran ledicia!*

27

LIRAS A UNHA TOUPEIRA

Era un gran animal
que cambiou ollos polo rabo.
Que vos manda moito nabo!
Sabe que o fixo mal...
e perdeu o elemental!

Tíñavos moito fulgor,
e pretendía remexer
nas furnas do gran poder,
infrinxir moita dolor...
e chapodar todo favor!

Hoxe está amargado,
Pois buscaba unha utopía;
naquel tempo non sabía
que o ser moi arrichado...
sofre males decontado!

*É unha lenda galega,
mais podía ser mundial,
o meu pobre animal,
que non tiña apenas pega...
é agora toupa cega!*

28

ALEVÍNS

Viñavos unha pescada
nesta mañá ben fresquiña;
e tras ela encantada,
nadaba presta a sardiña.

Porén outras compañeiras
da pinta suave e dourada,
nadábanvos moi felices
ao espertar da madrugada.

Entraban listas na ría
desde Muros ata Noia,
porque nesta parte o plancto
évos a tal que unha xoia.

É a linda primavera,
unha estación moi vital
para estes nosos peixiños
de fama más ca mundial.

Nadaban todos felices,
acaneando o seu rabo,
pretiño do monte Louro,
xa superando o cabo.

Alí unha funesta rede,
de malla ben asasina,
cortou de vez estas vidas...
e era malla moi fina!

*Nunca o feliz é inmortal,
mais tería sentidiño,
deixarlle á vida o camiño...
antes do esforzo total.*

29

NAS CORTES ESPAÑOLAS

O ar faise irrespirable,
polos intensos fedores,
brúan vacas, brúan bois...,
sobre o batume sen flores.

É triste ver a manada,
feita con mil sacrificios,
que non chega a un consenso...
e tira bos beneficios!

Nin sequera a alegría
dignifica este lugar,
isto non é poesía
que poida emocionar!

Non hai recendo a flores,
nin limpeza intelectual,
perdéronse os valores...
no noso reino animal!

Tanto ten vacas ou bois,
cochos, galiñas ou galos,
o desgoberno é total...
entre peores e malos!

*Menos mal que ao ser humano,
tan digno e tan altivo,
inda acumula motivo
e lugar para a esperanza...
do gando, sen máis tardanza!*

30

O INSULTO

Mirando a nosa cultura,
vemos que hai seres cultos;
home, soltan uns insultos...,
pero sempre están á altura!

O importante é que fan,
pola lingua un sacrificio,
homes que saben o oficio,
que pisan forte no chan!

Que falan en castelán
e blasfeman en galego;
aí vése o apego
que se toman pola man.

Algo hai na lingua nosa,
que levamos nas entrañas;
falamos linguas estrañas...
a galega é máis xeitosa!

Remocica cos labregos,
cos mariñeiros e curas;
sae das furnas escuras,
chouta por rochas e regos.

Xa se falou na fiada,
lanzando un aturuxo;
isto un fito supuxo...
agora está anovada!

31

Enxalcemos esta fala,
a que latexa con nós;
lingua de pais e avós...
que non ten palabra mala!

*O insulto é unha flor
suave e olorosa;
unha palabra xeitosa,
e non podemos negar...
que vive con nós no lar!*

32

UN RATO E UNHA RATA

Un rato e unha rata,
xuntáronse por pracer;
el tiña moi mala pata,
ela tiña mal querer.

El era moi miudiño,
ela un día sen pan,
onde nin gato nin can
lle tusía no muíño.

Despois de comer o queixo,
ela mirouno, famenta,
e alí, sombra dun breixo,
fixo algo que non lamenta.

Trincouno coa súa pata
ela, e prepotente,
chantoulle a el o dente,
coa furia da peor rata.

El chiou, botando o fel,
ela, con risa "ratuna",
cantou a súa fortuna...,
lambendo todo aquel mel!

*E dixo: "É lei de vida,
hai que comer e gozar;
son da fortuna elixida...
cando podo merendar!"*

33

A MESMA RATA E UN GATO

Un gato gordo e ousado,
saíu un día de caza;
era el moi arriscado...
e tiña moi mala traza.

Albiscou rata papuda,
deitada á sombra dun breixo,
lustrosa e repoluda...
"Esta presa non a deixo".

Botouse a ela dun xeito
que a deixou ben trabada,
trincoulle gorxa e peito,
ela chiou... jacabada!

O sangue ía pró río,
pero lambeuno o gato;
cun último calafrió...,
ela pagou ben o pato!

*Aquel que canta vitoria,
por unha boa merenda,
fai lle honor a esta historia...
inda que non o comprenda!*

34

UN SER HUMANO

Un home rico cantaba,
rindo a súa gran sorte,
pensando que a mesma morte...
a riqueza respectaba.

Non era moi previsor,
cego por fortuna tanta,
dixo que o ouro espanta
todo signo de dolor.

Un home rico pisaba
o seu fiel traballador.

Este home transformaba
o ouro en vicio, e bebía
con soberbia cada día
o que a fortuna lle daba.

Todo nel era esplendor,
ironía e fachenda;
para que ben se me entenda,
era un deus en color!

Este home humillaba
os anxos co seu furor.

Un día viu a gadaña,
sutilmente afiada,
ergueita, enarborada,
por unha Parca con maña!

35

E de ouro tan cargado,
berrou e chorou de espanto,
oíndo un réquiem, un canto...,
no seu pantalón mollado!

Xa non era un home rico,
jera un home acabado!

*O ser humano é grandioso,
pero xamais soubo ver
que naceu para morrer;
e se é rico e poderoso...
¡máis covarde tende a ser!*



*A*rredor de Luísa Villalta,
cun significativo limiar

Esperanza L. Mariño Davila

I. BREVE BIOGRAFÍA

A prolífica obra da escritora Luísa Villalta Gómez (1957-2004) foi escolleita para protagonizar o Día das Letras Galegas do ano en curso pois, con certeza, ela logrou dignificar e enriquecer a literatura galega, converténdose nun dos nomes significativos e, tanto agora coma no futuro, imprescindibles.

Nacera un quince de xullo de 1957 no hospital maternoinfantil Teresa Herrera da Coruña. Descendía dunha familia de clase

media, “cascarilleira” na súa maior parte. O núcleo familiar estaba conformado pola nai, unha ama de casa e o pai, bancario; ambos os dous, afeccionados á música. Logo naceu unha irmá menor. A Luísa influenciouna sobre todo a familia paterna; en particular, dous tíos, un deles gran lector e o outro, fotógrafo. A maior parte da vida habitou no baixo dunha casa dun barrio popular da cidade natal, urbanizado de xeito algo caótico a mediados dos anos cincuenta e pertencente á actual rúa Vila de Laxe, antes chamada do Gurugú ou da Falperra.

Veño de aquí
unha historia de palabras
nas casas da cabeza e nos chanzos do corazón
palabras que son xente a murmurar de lonxe
desde Santa Lucía
épicas antigas de bailes no Gurugú
insultos pelexas e disparos
[...]

(Mariño 2024: 9-10)



A autora, na adolescencia

Estudou a Educación Primaria nun colexio de monxas –as servas de S. Xosé ou madres xosefinas–, e o Bacharelato no instituto Eusebio da Guarda, decantándose pola opción de Letras, coas materias optativas de latín e grego, que rematou con brillantes cualificacións. Este pouso clásico nunca o abandonou. Logo, comezou a carreira de Filoloxía Hispánica na Coruña, rematando aquela xunto con Filoloxía Galego-Portuguesa en Santiago de Compostela aínda que, debido aos seus múltiples intereses, tivo que repetir un curso. Fortemente atraída polos idiomas, estudou inglés, francés, portugués e alemán.

Así mesmo, estudou violín no Conservatorio de Música da Coruña, logrando a titulación media. A notoria pegada da música destaca no ritmo da súa poesía; por outra banda, a primeira faceta profesional constituíuna a de



Un ensaio da violinista na aula de música do IES Isaac Díaz Pardo de Sada. (Cortesía de Marisa Naveiro)

violinista en diversas orquestras, para, a posteriori, tocar só como afeccionada, postergando a música a prol do ensino, pois o funcionariado proporcionaba maior estabilidade. Casou aos vinte anos –daquela, aínda menor– cun compañeiro que, andando o tempo, sería tamén profesor, músico e escritor, Paulino Martínez Pereiro (1957), do que se divorciou de mutuo acordo vinte anos despois. Tras esta, desenvolveu outra sólida relación sentimental de case unha década; non tivo fillos.

Varios detalles denotan tanto carácter como disciplina, así como fortes conviccións, corroboradas pola coherencia na súa práctica. O primeiro é que, con só dezaseis anos, aínda estudante no instituto, tomara a decisión de abandonar o fogar familiar na procura dunha maior liberdade e independencia. Máis tarde, con dezaoito anos, no segundo curso

académico no Colexio Universitario da Coruña (1975-1976), mesmo en plena ditadura franquista, solicitou a exención na materia de relixión e, no curso seguinte, a exención en relixión e en educación política.

Aprobada a oposición de lingua e literatura galega no Ensino Secundario, traballou no ensino público durante case quince anos. Primeiro no IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas de Oleiros, logo no IES de Canido (Ferrol) e, por último, no IES Isaac Díaz Pardo de Sada; na súa faceta pedagóxica, elaborou diversos materiais didácticos de xeito conxunto con outros colegas. Como ensinante, estivo afiliada ao sindicato Confederación Intersindical Galega (CIG). Destacada activista política e social, militou no Bloque Nacionalista Galego desde 1992 –con carné do partido–, por considerar que este defendía mellor os intereses de Galiza;

pertenceu á corrente Esquerda Nacionalista, capitaneada por Xosé Manuel Beiras (1936),

do que foi grande amiga e ao que lle dedicou un poema:

Di-se pan e é linguaxe irada
ou ben dozura de desfacermos entre os beizos.
Dirás que non e virán por baixo
os cabalos da dignidade a petar na miña porta.
[...]

(Mariño 2024: 25)

Luísa Villalta morreu na cidade natal en marzo de 2004, con só corenta e seis anos, tronzada por unha meninxite fulminante; feito este que daquela conmocionou o mundo cultural galego, previamente convulsionado pola morte prematura –poucos meses antes– da poeta Xela Arias (1962-2003); na actualidade,

aquela repousa no cemiterio de Santo Amaro. Axiña se sucederon as homenaxes, e A Coruña e Carballo dedicáronlle cadansúa rúa. A inmortalidade á que aspiraba consumouse tras quedar, para sempre, consagrada no canon da literatura galega.

II. OBRA



A escritora, coa cidade da Coruña ao fondo

A etapa en Santiago de Compostela supuxo o comezo da frutífera carreira literaria de Luísa Villalta, pois alí gañou o I Certame Literario da Facultade de Filoloxía en 1990 e publicou os primeiros poemas no xornal local *El Correo Gallego*; trátase dos *Sete haikus* (1985), composicións pioneiras na literatura galega da época, pois ela foi a súa introdutora en Galiza. A estima pola cidade quedou patente nun poema dedicado á súa outra familia, a dos Pillado Vega:

Andei por Santiago
pisando estrelas
na noite
que as ruas devolveron
con luces e clamores
secrets
na noite.
[...]

(Mariño 2024: 17)

A pesar da súa curta vida, a inmensa capacidade de traballo permitiulle desenvolver

todos os xéneros literarios, fronte á xeneralización de ter sido poeta, simplemente, debido

isto ao seu inicio na escrita, xunto cunha maior visibilización polos premios literarios obtidos. Porén, cómpre insistir noutras facetas salientables, así como no carácter polifacético da prolífica obra dunha muller que, alén de profesora e violinista, foi poeta, narradora, dramaturga, ensaísta e tradutora, ademais de editora e articulista.

En poesía publicou *Música reservada* (1991), *Ruído* (1995) e mais o esotérico *Rota ao interior do ollo* (1995), moi interesante por tratar sobre o enigma da existencia. Outro poemario destacado é *En concreto* (2004), que obtivo un sobranceiro premio, o da Editorial Espiral Maior e, infelizmente, póstumo, no que a poeta se identifica coa cidade natal por lle outorgar a súa identidade como galega, recreando lugares como a Torre de Hércules, as praias de Riazor e Orzán, o parque de Santa Margarida ou personaxes populares coma o Andareiro ou o Perchas. De talante diferente é *Papagaio* (2006), antano barrio coruñés reduto da prostitución, denunciada como unha aldraxe herdanza patriarcal, e asemade memoria dun espazo que sucumbiu á especulación urbanística. *As palabras ingravidas* (2020) constitúe o derradeiro poemario publicado,

que permanece inconcluso. Cómpre salientar a existencia dalgún outro aínda inédito.

Con respecto á narración, os títulos respectivos constitúenos o libro de relatos *Silencio, ensaiamos* (1991), xunto coas novelas *Teoría de xogos* (1997) e *As chaves do tempo* (2001). Esta terceira debe ser destacada por se enchoupar na tradición galega, iniciada por Vicente Risco no seo da Xeración Nós con *A trabe de ouro e outros contos*, continuada logo por un dos referentes literarios da autora, como Álvaro Cunqueiro con *Merlín e familia* e, posteriormente, Xosé Luís Méndez Ferrín co seu primeiro libro, *Percival e outras historias*. Na novela, a tradición literaria da materia de Bretaña agroma na maxia do mago Merlín, mesturada coa realidade, que retoma de Cunqueiro, así como a importancia da palabra e da toponimia, herdada de Ferrín. Débese salientar a visión feminista que caracteriza toda a obra de Luísa Villalta en xeral, e esta en particular, pois está protagonizada por unha narradora medieval anónima, non por acaso nomeada “Silencio”, pero que teima en preservar unha misión sagrada, a da memoria como herdanza para a posteridade.



Como dramaturga, publicou *Concerto para un home só* (1989), *O representante* (1990) e *O paseo das esfínxes* (1991). Nesta notable peza critica unha sociedade na que nada muda xamais. A protagonista é Lisis, unha muller carente de medo á vida, que se arrisca a vivir e, aínda que fracase nalgún proxecto, nunca se arrepite das decisións tomadas posto que implicaron coraxe e liberdade. A relevante *As certezas de Ofelia* (1999), constitúe o contrapunto ao dubitativo Hamlet, onde a súa namorada opta por romper a tradicional pasividade e tomar as rendas da propia vida, converténdose no prototipo da muller apoderada. Por último, publicáronse *Os doces anos da guerra* (2001) e *Os pasos contados* (2024).

No ensaio deixou dous notables estudos, como foron *O Don Hamlet de Cunqueiro: unha ecuación teatral* (1992) e *O outro lado da música, a poesía* (1999). Como editora –efémera–, fíxose responsable da edición, xunto con Carlos P. Martínez Pereiro, d’ *O Doido e a Morte* (1987) de Raul Brandão, un dos clásicos da literatura lusófona, nunha farsa na que se confronta o vulgar co sublime.

No eido da tradución, verteu ao galego en solitario o *Manifesto por un novo teatro* (1994)



de Pier Paolo Pasolini e, xunto co seu grande amigo Francisco Pillado, traduciu desde o italiano a soberbia peza *A mandrágora* (1998) de Nicolás Maquiavelo, unha reivindicación do xenio literario e político do autor, mal interpretado pola posteridade, á vez que se reproduce unha sátira chea de humor a un poder corrupto, exercido na Italia do século XVI por estadistas e papas que, en consecuencia, manifesta un aberto anticlericalismo.

O remate literario constitúe o póstumo *Libro das columnas* (2005, 2024), que recolle os artigos publicados durante un bienio no extinto xornal *A Nosa Terra*, recompilados, onde se trataban asuntos importantes como a educación –coa firme defensa do ensino público–, a lingua galega (e o galego estremeiro), a literatura, a cuestión da escrita en Galiza, o activismo social, o compromiso político etc.

III. UN LIMIAR

Un dos textos que non logrou verdadeira difusión mesmo neste 2024 foi un limiar. O poeta nicrariense Xosé Manuel López Gómez (1944-2007), máis coñecido polo pseudónimo literario de Ardeiro, que coñecía a escritora por teren partillado inquietudes literarias, solicitoulle un limiar para o seu antepenúltimo poemario, *Un xardín no tempo* (2001). Como sempre que se comprometía nalgunha misión, traballou en serio, cumpridora até o final. Secasí, a mesma Luísa preferiu entregarlle persoalmente o texto ao poeta en Negreira; a xuntanza tivo lugar no café O Cotón e foi tripla, contando coa presenza do historiador local Amancio Liñares Giraut (1961)¹. Logo, ela acudiu á presentación do poemario na Casa da Cultura da devandita vila (14/9/2001)

¹ Agradezo a Amancio os artigos de prensa, así como a información relativa ao finado Ardeiro.

e, a posteriori, a unha segunda presentación na librería Couceiro da Coruña (25/10/2001).

O limiar, coma todos os textos da escritora, incita a unha nada superficial reflexión. Unha das máis contundentes frases extraídas do texto é a de "Para ser poeta abonda con viver", retomada parcialmente para un dos títulos que, sobre a súa biografía, se publicou neste ano. O contido permite deducir unha concepción da poesía como un mester arriscado, tal como o propio –e incerto– percurso vital, onde o redescubrimento da palabra metamorfoseada en poesía constitúe un acto creador, un acto construtor nun lugar e cronoloxía determinados; e neste punto resulta pertinente non esquecer que, segundo a etimoloxía grega, poeta significaba precisamente facedor, produtor. Aínda máis; continuando coa tradición occidental, herdeira tamén da hebraica, esta baséase nun deus creador que, non por azar,

foi igualmente autor das primeiras escrituras consideradas sacras. Secasí, debe salientarse a necesidade e importancia da creación para a vida da autora que, alén do anterior, soubo (re)crear un país para perpetuarse no espazo e no tempo, como profeticamente deixou anunciado neste limiar: "paisaxes resumidas dun país cultivado na concentración do poeta que o cría para poder sobrevivir á súa propia condición humana".

LIMIAR

Ser poeta é construír. Non construír na solidez, nos materiais pesantes que resguardan a debilidade da condición humana: iso é acumular e gorecerse na acumulación. Construír, no avoengo significativo da poesía, é, polo contrario, elevar o edificio da desacumulación e desexar que atinxa a forza verbal que outrora outorgaban os deuses, para poñerse a andar



Xardín de poesía

Di Luisa Villalta que Un xardín no tempo, o último poemario de Xosé M. López Ardeiro "ofrece unha mostra de vida vivida poeticamente, isto é, en construción: construción do espazo e construción do tempo para fundir estas dúas dimensións na testemuña de que é posíbel habitar un pouco máis alá, no edificio tan asequíbel como arriscado da poesía". López Ardeiro naceu, vive e traballa en Negreira; gañou premios poéticos como o Cidade de Ourense, o Celso Emilio Ferreiro e o Eusebio Lorenzo Baleirón. Publica este último poemario en tresCres. ♦



Noticias sobre a presentación do volume na prensa da época

por si só, ás voltas da propia existencia, no avance imprevisto do camiño que a cada paso se elixe como destino. Para ser poeta abonda con vivir.

Mais vivir significa vivir de certa maneira. Efectivamente prodúcese un nacemento, o movemento súbito de acudir á “chamada esquecendo o principio da palabra” para poder descubrila tal como se necesita para a poesía. A partir de entón só cabe a pregunta que fai inútil calquer contestación: “era acaso o retorno a un lugar que os seus ollos por vez primeira contemplaban?” A partir de entón a palabra é lugar.

Por edén entenderon as primeiras escrituras un xardín ideado pola mente dun único deus, criador, xeneroso, intemporal. O amor era a inecesaria palabra que tomaba a forma de todos os seres nos seus sucesivos estados de perenidade. O río esgotábase en si mesmo como unha fonte detida na decoración da luz. Tal vez a memoria tomase de alí o aroma da súa raíz aérea. Mais o criador á súa vez das primeiras escrituras e do edén imaxinado foi un ser, o máis humano dos humanos, que só se coñecía a si mesmo pronunciando a súa propia vida no río irrepitíbel do tempo e a quen só ficaba aprender a trasplantar as cepas da lembranza para construír un xardín na propia mente.

E aí frutifican as distancias, os camiños por varios continentes, montes e cerros estreameiros do máis asombroso, cidades aniñadas noutros mapas, a reconstrución dos instantes máis inocentes do amor, a aventura que

oferece a mera contemplación do entorno natural, os amigos que povoan a tenrura e as despedidas aos pais mortos, paisaxes resumidas dun país cultivado na concentración do poeta que o cría para poder sobrevivir á súa propia condición humana.


Un xardín no tempo ofrece unha mostra de vida vivida poeticamente, isto é, en construción: construción do espazo e construción do tempo para fundir estas dúas dimensións na testemuña de que é posíbel habitar un pouco máis alá, no edificio tan asequíbel como arriscado da poesía.

Para finalizar, reproducése un significativo texto sen título que manifesta unha extrema sensibilidade nun intre crítico. Pertencente ao poemario *Ruído* e de contido fortemente subxectivo, trátase dunha reflexión sobre o padecemento polo conflito amoroso que a atravesa e perturba, expresado baixo unha reiterada e anovadora metáfora como é a da espuma, que neste caso pasa a significar a palabra, –noutros versos simbolizaba a letra–, representando tanto a dor coma o orgullo ferido por unha traizón. A personificación das veas dos versos pon de relevo a íntima relación entre pensamento –e sentimento– e escrita, entre a dor e o intento de sublimación mediante o texto, ou sexa, a extrema importancia concedida á literatura na propia vida. En suma, a notable mestura consciente de amor, linguaxe e literatura ofrécese metamorfoseada baixo a transparencia da letra, balsámica, para a vulnerable e sufridora condición humana da artista.

Sen embargo sei que digo rosa
e nada florece baixo o nome
Como tampouco se pronúncian
as chagas dos teus dedos.
Con todo doen. Doen-me só porque me chaman
con arrecendo de carne dando froito,

co eco do sonido dos teus pasos
perdendo o seu camiño polos ares.
Digo e respiro escumas retorcidas
de dor, de orgullo, de todo o xesto
que leve o mudo acento de algo humano.
A orixe fluvial do axitamento
dá pulso ás veas destes versos
e non é literatura o que sinalo.

(Villalta 2023: 239)

A black and white photograph of a handwritten signature in dark ink on a light background. The signature is written in a cursive, flowing style and reads 'Luísa Villalta'. The signature is underlined with a single horizontal stroke.

Sinatura de Luísa Villalta

BIBLIOGRAFÍA

BRANDÃO, Raul (1987): *O doido e a morte en Cadernos da Escola Dramática Galega*, nº 64. A Coruña. (Ed. de Luísa Villalta e Carlos Paulo Martínez Pereiro).

DOPICO, Montse (2024): *Abonda con vivir. Luísa Villalta*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

LÓPEZ ARDEIRO, Xosé-M. (2001): *Un xardín no tempo*. Santa Comba: tresCtres Editores.

MACHIARELLI, Niccolò (1998): *A mandrágora*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento. (Trad. de Francisco Pillado e Luísa Villalta).

MARIÑO DAVILA, Esperanza L. (2024): *As escumas da letra. Biobibliografía de Luísa Villalta*. A Coruña: Baía Edicións.

PASOLINI, Pier Paolo (1994): *Manifesto por un novo teatro en Cadernos da Escola Dramática Galega*, nº 105. A Coruña. (Trad. de Luísa Villalta).

VILLALTA, Luísa (2023): *Pensar é escuro. Poesía reunida (1991-2004)*. Vigo: Editorial Galaxia. (Ed. de Armando Requeixo).

VILLALTA, Luísa (2024): *Libro das columnas*. Vigo: Editorial Galaxia. (Ed. de Xosé Enrique Acuña).

VILLALTA, Luísa (2024): *Narrativa reunida 1991-2001*. Vigo: Editorial Galaxia.

VILLALTA, Luísa (2024): *O Don Hamlet de Cunqueiro: unha ecuación teatral*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento.

VILLALTA, Luísa (2024): *O outro lado da música, a poesía*. Vigo: Editorial Galaxia.

VILLALTA, Luísa (2024): *Teatro completo. Luísa Villalta*. Vigo: Editorial Galaxia.



No centenario da morte de Kafka
Os galegos e o autor da Metamorfose

Pastor Rodríguez

I. UN HOME E UNHA CIDADE

O 3 de xuño de 1924 falecía, na clínica Kierling, o escritor checo, pero alemán de lingua, Franz Kafka. O 11 de xuño foi soterrado no cemiterio de Praga-Strasnice, cun acompañamento dun cento de persoas. Os xornais en checo e alemán ofreceron nas súas páxinas as necrolóxicas en alemán e checo, nomeándoo como doutor, que o era en Dereito.

Quizais a mellor maneira de comezar con Kafka sexa comprender como era a Praga na que naceu e viviu a maioría da súa vida. Unha cidade, a capital checa, na que se cultivaba, e se falaba, en checo, alemán e xidish. O hebreo era para a sinagoga e o latín para rezar os católicos. Unha cidade, xa que logo, trilingüe, cosmopolita, na que os xudeus xa abandonaran o gueto na segunda metade do século XIX. Son moitos os libros sobre Praga e

tamén varios que poñen a mirada na cidade en tempos de Kafka. O máis recente, ben escrito e ameno, é o publicado por Alberto Gil neste 2024, *Un paseo por la Praga de Kafka*, que non só amosa os lugares e monumentos que seguen en pé, senón tamén moitas imaxes de lugares kafkianos xa desaparecidos. Un grato paseo pola memoria dunha cidade e pola vida do seu máis famoso autor, con permiso de Rilke.

A vida e a obra de Kafka son tan plurais e ambiguas que non é doado facer unha síntese, que está condicionada por estereotipos e por visións críticas non incompatibles: Kafka político, Kafka existencialista, Kafka humorista, Kafka como exemplo perfecto para a análise psicanalítica. Pero Kafka foi máis que angustia, melancolía ou sátira. Foi un ser humano complexo, con zonas escuras, que tamén ría e ía aos prostíbulos, que era bo remeiro, que gustaba do teatro xidish...

Contamos cunha biografía monumental do autor checo, da autoría de Reiner Stach, publicada en Barcelona por Acantilado en 2016. Pero quen queira algo máis lixeiro, de doada lectura e cheo de curiosidades, pode ler *¿Éste es Kafka? 99 hallazgos*, do mesmo autor e editorial, publicado en 2021. O estereotipo do Kafka neurótico, torturado e acomplezado verá novas perspectivas e máis colorido: o Kafka debuxante, o poeta, os seus inimigos, o seu testamento, a amizade co poeta Oskar Baum (1833-1941), o borrador da primeira carta que escribiu en hebreo. Case todos os datos, en capítulos breves, son produto dunha investigación polo miúdo da vida de Kafka e dos que o rodearon. Abráianos un Kafka antivacinas, un Kafka burócrata e empresario... A lectura desta obra pode levar como complemento o volume *Cuando Kafka vino hacia mí...*, de Hans Gerd Koch (ed), de 2009, onde recolle a visión do autor polos seus contemporáneos.



Un paseo por la Praga de Kafka, de Alberto Gil, 2024



Manuel Ayaso: *Kafka*, 2020

Milena Jesenská, a súa primeira tradutora ao checo xa en 1920, publicou á súa morte unha necrolóxica na que tenta sintetizar a personalidade de Kafka: ... *escritor alemán que vivía en Praga. Poucos aquí o coñecían, porque era un ermitán, un sabio que temía a vida. Durante anos sufriu unha enfermidade dos pulmóns e, aínda que recibiu tratamento, tamén a alimentou a conciencia e a nutriu espiritualmente... Era tímido, angustiado, sereno e bo, mais escribiu libros terribles e dolorosos.*

Cómpre tamén rachar coa visión de Kafka só como narrador ou autor de cartas, porque foi tamén o escritor do seu *Diario*, editado en castelán en 2006 e, sobre todo, un magnífico autor de aforismos, un xénero de longa tradición alemá que, se queremos velo como elo dunha cadea, dispoñemos da escolma de Fruela Fernández, *De Lichtenberg a Kafka*, editada en 2023, que abrangue un período temporal que vai da segunda metade do século XVIII con Georg Friedrich Lichtenberg (1742-1799) ata o autor checo. Non está de máis lembrar que no xénero, ademais de Goethe, destacaron autoras e autores xudeus: Rahel Varnhagen, Ludwig Börne, Heinrich Heine, Emanuel Wertheimer, Peter Altenberg, Arthur Schnitzler, Oscar Levy ou Karl Kraus. En castelán podemos acceder aos aforismos de Kafka en Acantilado coas glosas de Reiner Stach e en tradución de Moreno Claros (2024): *Hai unha*

meta, mais ningún camiño; o que chamamos camiño é vacilación. O volume titúlase *Tú eres la tarea. Aforismos*, que recolle 109 dos papeliños numerados que Kafka escribiu en Zürau, Bohemia. Poderosas imaxes, a loita da verdade e a mentira, o ben e o mal, o mundo das ideas e o mundo sensible. Stach fai o que pode para glosar o Kafka máis hermético e logra explicacións probables á maioría dos textos.

Como epistológrafo podemos acceder a gran parte da súa correspondencia, xa dende hai anos en castelán: *Cartas a Felice* (2013), *Cartas 1900-1914* (2018), *Cartas a Milena* (1974, 2016), agora reeditadas en 2023 en tradución de Carmen Gauger, que inclúe ademais as cartas de Milena a Max Brod. Contamos cunha nova edición de *Carta al padre* (2024) en edición de Sergio Guillén, ademais da edición de Alianza en 1999. Está aínda en circulación o volume *Cartas a Max Brod (1904-1924)*, en edición de Malcom Pasley e tradución de Pablo Diener-Ojeda, e tamén as *Cartas a los padres de los años 1922-1924*, en tradución de Andrés Sánchez Pascual (1992), inda que esta edición é xa de máis difícil acceso. Tamén as cartas a Kurt Wolf, o seu editor, foron traducidas para Acantilado en 2010 por Isabel García Adánez.

Unha edición de moito interese é a que realiza Juan José del Solar en *Los hijos*, onde reúne *La condena*, *El fogonero*, ambas as dúas de 1913, e *La transformación*, de 1915, pois Kafka quixo reunir nun volume esas obras, pero non o logrou. Será en 1989 cando saia do prelo o conxunto en alemán. A unidade da obra reside no rexeitamento de Kafka de todas as figuras autoritarias e dominantes, que provocan angustia. Outra proposta editorial interesante é a novela gráfica *Franz Kafka. El hombre que trascendió su tiempo*, de Radek Malý e Renáta Fučíková, escrita en checo, e que agora podemos ler en castelán na tradución

de Núria Mirabel i Cucala para Zorro Rojo, publicada en 2019. Un Kafka e unha Praga expresionistas nunha biografía amena, que incide nas súas raíces lingüísticas e relixiosas, na súa familia e nas mulleres que o marcaron. Renáta Fučíková, a debuxante, só con tinta negra logra unha atmosfera angustiosa, quizais demasiado próxima ao estereotipo do autor, mais con gran calidade artística.

Xa para rematar este apartado, lembrar o gran éxito de Kafka en Hispanoamérica, con varias traducións de Alejo Carpentier, Eduardo Mallea, Francisco Ayala e outras, deixando á parte a atribuída a Borges, autor polo demais, dun interesante ensaio, *Kafka y sus precursores*, contido no volume *Otras inquisiciones* (1970). Pero é mester facer unha primeira aclaración: a día de hoxe a primeira noticia kafkiana en España é a tradución *Un fraticidi* que apareceu na revista *La Mâ Trencada*. Non será ata 1925 que apareza a tradución de *A metamorfose* na *Revista de Occidente*, sen nome do tradutor e que logo se atribúe a Borges, mais que agora se cre obra dun galego, Ramón M^a Tenreiro. A tradución catalá de 1924 é obra dun gran poeta, Carles Riba. E como falabamos de América e da sona de Kafka na Arxentina, non podemos deixar de citar o galego Luís Seoane (1910-1979), exiliado da Guerra Civil. Non foi o tradutor mais si o ilustrador da edición de dous contos de Kafka: *El buitre* (1968) e *La confesión cotidiana* (1969), ambas as dúas para a editorial de Bos Aires Esquema XX.

Quen desexe en castelán un Kafka lixeiro dispón dunha fermosa edición de *Un artista del hambre*, traducida para Nórdica por Isabel Hernández, con moi boas ilustracións de Federico Delicado. O conto apareceu en alemán en 1922. A editorial Acantilado editou nun breve volume *La condena e El Fogonero* (2018), en tradución de Luis Fernando Moreno Claros,



Manuel Ayaso: *Kafka*, 2020

que inclúe un moi interesante epílogo do tradutor. Jesús Marchamalo é o autor do relato *Kafka con sombrero* para Nórdica (2024), con boas ilustracións de Antonio Santos. Tamén a editorial Akal reedita este ano a súa edición de *El proceso*, en tradución de Emilio J. González García. Unha obra, a de Kafka, xa libre de dereitos de autor, que segue moi editada, moi viva, moi presente mesmo nos que nunca o leron mercé ao adxectivo *kafkiano*.

II. A PRIMEIRA TRADUCIÓN AO CASTELÁN

Durante máis de sesenta anos circulou como de Borges a primeira tradución de Kafka na *Revista de Occidente* en 1925, o mesmo cós contos editados no mesmo medio en 1927 e 1932. Mais sempre houbo dúbidas e nunca faltou quen llas atribuíse á nai do autor de *El Aleph*, Leonor Acevedo. Na polémica foron xurdindo diferentes nomes de posibles tradutores: Julio Gómez de la Serna, Margarita Nelken, o impresor Galo Sáez, e algún outro. Que non é de Borges é xa seguro dende que en 1974 o autor arxentino recoñece que o seu coñecemento do alemán non chegaba a tanto, e isto nunha entrevista de Fernando Sorrentino, e aínda hoxe varios críticos seguen a atribuírlle a Borges esas traducións.

Un ensaio do galego José María Paz Gago puxo orde nestas atribucións e apúxolle o mérito a outro galego, Ramón M^a Tenreiro, baseándose en riscos estilísticos e no amplo labor do galego como tradutor de autores en alemán: Emil Ludwig, Stefan Zweig, Wilhelm Hauff, Goethe, Friedrich Hebbel H. G. von Keyserling e Bernhard Kellman. Con todo, *Ensayo de una historia de la traducción en España* (2018), de Ruiz Casanova, ignora o nome de Tenreiro cando recensionas as traducións de Kafka, mais tamén o ignora cando estuda as versións de Goethe, o que é máis grave, pois Tenreiro traduciu, cando menos, para o castelán *Clavijo* (1920), *Egmont* (1929), *Los años de aprendizaje de Guillermo Meister* (1931) e *Las afinidades electivas* (1934). Aínda en 1940, morto xa o tradutor, aparece a tradución *Castalión contra Calvino*, de Zweig, quizais a derradeira versión de Tenreiro.

Pero, quen foi Ramón M^a Tenreiro? Membro da *Institución Libre de Enseñanza*, crítico moitos anos de *La Lectura*, foino tamén de *El Sol*, *La Pluma* e *Revista de Occidente*. Moi amigo de Azaña e Ortega y Gasset. Non era, pois, un descoñecido no sistema literario español da Idade de Prata (1902-1936). Nado na Coruña en 1879, membro da Xeración do 14, Tenreiro non foi só un crítico importante, aspecto no que merecería un estudo monográfico como os que lograron Cansinos-Assens ou Gómez de Baquero, tivo tamén prestixio como narrador, traducido a varias linguas europeas, autor de contos (*Lunes antes del alba*), novelas curtas como *Dama pobreza*, e novelas longas como *La esclava del Señor*, traducida ao alemán, ao checo, ao inglés e ao italiano; *El loco amor*, traducida en 1927 ao portugués por Fidelino de Figueiredo. Tamén traduciu outros autores ademais citados: Joergensen e Fogazzaro. Debería ocupar tamén un lugar na historia da literatura infantil española de preguerra polas súas adaptacións para mozos de clásicos

como Don Juan Manuel ou Calderón de la Barca. Morreu antes de rematar a Guerra Civil en Berna, Suíza, onde era agregado cultural da República.

A tese de Paz Gago apareceu na revista *Svêt Literaturny* en 2023 co título “Kafka en España. Ramón María Tenreiro, autor de la primera traducción de La metamorfosis a una lengua extranjera”. Unha nova versión deste traballo aparece en xuño do 2024 no número 517 da *Revista de Occidente* cun novo título: “Primera traducción de un texto de Kafka a una lengua extranjera: La metamorfosis de Revista de Occidente”. A tese de Paz Gago é convincente e hai que atribuír a Tenreiro as tres traducións de Kafka publicadas na revista de Ortega y Gasset, malia as supercherías borgianas. Aínda así, críticos como Fló e López Campillo rexeitan a atribución a Tenreiro, pois Borges é moito Borges. Esgrimen que Tenreiro recensionou con pouca empatía varias obras de Kafka e, con razón, Paz Gago aduce que as traducións soen ser encargos editoriais e non decisións libres do tradutor. Polo demais, as críticas de Tenreiro son, máis que negativas, pouco favorables, reticentes. Respecto aos dous artigos de Paz Gago, nada hai que obxectar ao título do de 2023, mais si o de 2024. *A metamorfose* é a primeira tradución ao castelán, tres anos anterior á versión francesa, e que tanto influiría nos intelectuais galos como Henri Michaux, que coñecía o castelán. Porén, a tradución de Tenreiro non é a primeira tradución de Kafka a unha lingua estranxeira, pois Milena Jesenská xa traducira un conto ao checo en 1920, e Carles Riba traduciu outro ao catalán en 1924, e aínda debe citarse a tradución ao húngaro de Sandor Marai anterior á de Tenreiro, iso si, nunha edición pirata.



III. KAFKA NA REVISTA GRIAL

Nos días derradeiros de 1963 apareceu o número 1 da revista *Grial*, a máis importante da cultura galega, despois de *Nós*, no século XX, cando menos dende a súa creación a 1980. Dende 1964 manifestou un gran interese por Kafka, quizais debido a Francisco Fernández del Riego, quen asinará co pseudónimo *Salvador Lorenzana* o ensaio "Leendo a Kafka" no número 33 de 1971. Cita as obras de Walser e Wagembach e conclúe con interesantes notas críticas: *Sitúase e afúndese no seus temas, como un animal na súa toveira, apoñéndolle un mundo sen comunicación e Kafka voltou atopar o segredo que tiñan perdido os aficionados aos enigmas: que a presentación dun enigma debe ser ela mesma enigmática, ambigua*. Xa en 2004 publica en *La Voz de Galicia* o artigo "O castelo kafkiano", resumo do seu traballo de 1971, mais que dá outra interesante nota crítica, Kafka ten a *necesidade de traducir a termos artísticos certos medos e enigmas fundamentais da condición humana*. Pero xa antes do traballo de Salvador Lorenzana, aparece no número 3 da revista o artigo "En procura de todo Kafka", que comenta a edición francesa ao coidado de Marthe Robert. Ademais, coas iniciais A. L., isto é Álvaro Labrada, é dicir, Álvaro Cunqueiro, ofrécese o *Final do Castelo*, que supomos traducido dende a versión francesa.

No número 4 de *Grial* e con sinatura X. C. aparece en 1964 unha nota breve: *Freud, Kafka e Marthe Robert*, comentando a versión francesa da correspondencia do autor checo. En 1972, sen sinatura, aparece unha nova nota kafkiana na revista, *Tres perspectivas kafkianas*, na sección "O rego da cultura". As perspectivas son as de Rodolfo E. Modern. En 1977 outra nota no número 57 volve sobre Kafka co título *Cómo hai que leer a Kafka*, un comentario ao libro de Gilles Deleuze e Félix

Guattari *Kafka: por una literatura menor*. Os autores insisten no aspecto cómico e político e consideran *A metamorfose* unha liña de fuga cara a un mundo *asignificante* e a Kafka como un autor político que arrinca a lingua ao poder e que considera a literatura como pousada da *revolución que vai vir*. Outra nota anónima aparece no número 75 de 1982: *Os relatos breves do escritor checo Franz Kafka*, inserida na sección "O rego da cultura": *Figura enigmática a deste xoven esmirriado de ollada fermosa, que quere mostrar o silencio de Deus, a opresión e a culpa, mais tamén a rebelión contra a burguesía que provoca a soedade e a impotencia do ser humano, como un profeta da crueldade gratuíta, do automatismo, do alleamento, da incoherencia, do exterminio, das dilacións infindas da burocracia, e de cantos estigmas abraian ao home de hoxe. Un universo ilusorio de parábolas e mitos*.

En 1977 e no número 58 aparecen fragmentos de *Conversas con Franz Kafka*, de Gustav Janouch, biógrafo de Kafka que publicou esa obra en 1971, mais que hoxe son rexeitadas pola maioría dos críticos como fonte fiable para a biografía de Kafka. Acompaña á nota un debuxo *Kafka por Kafka*. En 1966, e no número 12, *Grial* publica unha nota de Xosé Abaira, "Os manuscritos póstumos de Kafka", con comentarios sobre a exposición da Academia de Artes de Berlín dedicada ao autor checo. Unha nota anónima de 1969 co título *Kafka ilustrado por Seoane* comenta as edicións arxentinas dos contos kafkianos da Editorial Esquema XX e anota que os gravados insisten na realidade do mundo do autor. En 1983 aparece outra nova nota anónima, *Centenario do nacemento do escritor checo Franz Kafka*, quen empregaba a literatura como un *meio para se pór en tea de xuicio*.



Kafka: *Metamorphose*, 1986. Ilustracións de José Hernández

IV. KAFKA EN GALEGO

Non é escasa a tradución en galego da obra de Kafka, aínda que é certo que con pouco éxito e que non se reeditou, que saibamos, neste ano do centenario. En 1991 aparece *A metamorphose seguido de A sentencia*, en tradución de Xosé María García Álvarez, quen en 2005 edita con La Voz de Galicia *A metamorphose*: “Unha mañá, ao espertar dun soño desacougante, Gregor Samsa achouse no seu leito transformado nun insecto monstruoso”. En 2003 a editorial Sotelo Blanco, na súa colección Medusa, edita *O proceso*, en tradución de Luís Fernández Rodríguez, tradución que segue a edición alemá de 1990 a cargo de Malcolm Pasley, fronte ao que foi común ata 2021, a edición de Max Brod. O tradutor sinala a simplicidade léxica do alemán de Kafka, moi influído polo checo falado, unha lingua moi limitada. Na sintaxe e na ambigüidade reside

a peculiaridade do estilo de Kafka. *O proceso* é unha obra de lóxica onírica, desenfocada, convertida en enigma. Non hai causas, nin explicacións nin sentido global.

Luís Fernández Rodríguez é tamén o tradutor do maior esforzo editorial en galego para pór Kafka na nosa lingua, pois foi o responsable da edición en Galaxia das *Narracións completas* do autor checo, aparecidas en dous volumes: *Un médico de aldea* (2004) e *Un artista da fame* (2005).

V. KAFKA NO MUSEO DO GRAVADO DE ARTES (RIBEIRA)

Conserva a Biblioteca Ilustrada do Museo do Gravado de Artes tres obras ilustradas de Kafka. A primeira é *La metamorfosis*, na edición de 1986, en tradución atribuída a Borges. As ilustracións son obra de José Hernández.

O artista identificase co malestar de Kafka e logra amosar a realidade como unha incógnita, a arte como algo sacro que nos pon en comunicacións con outros mundos posibles. O ilustrador foi medalla de bronce en 1987 do Gremio de Libreiros de Leipzig. Kafka non gustaba de que se amosase na gráfica o insecto no que se transforma Samsa, mais cómpre recoñecer no figurativismo de Hernández un aire onírico, moi kafkiano nas súas catorce ilustracións.

Tamén o Museo custodia unha edición en alemán do *Tagebücher*, editada por Manus Presse, en Sttugar en 1988. Este *Diario* de Kafka está ilustrado polo artista español Antonio Saura con 69 litografías orixinais. Arte figurativa mais xa ao límite da abstracción. Expresionismo gráfico, liñas poderosas en

tinta negra para dar imaxe de angustia, de expresividade atormentada.

O artista ribeirán Manuel Ayaso fixo un libro de artista co título *Kafka*, en 2020, editado polo propio Museo do Gravado de Artes, contido nun estoxo de madeira do artesán José Ángel Otero, e acompañado de textos de Felipe Senén López Gómez, Xabier L. Marqués, Manuel Ruíz Rivas, Eva Veiga e Pastor Rodríguez, responsable da edición. As 110 serigrafías de Manuel Ayaso tiveron unha tirada de 26 exemplares. Expresividade, onirismo surrealizante, mundo telúrico galego, unha arte dos soños que se adapta ben ao mundo de Kafka sen abandonar as características persoais do artista de Aguiño. Ayaso dialoga non só con Kafka, senón tamén con Dalí e Solana, con Goya e O Bosco, con Bacon e con Chagall. Remato cuns versos de Eva Veiga.

a túa arte:

*rastrexar en obsesión compulsiva esa pegada
en cada tránsito en cada intersticio en ca-
lda paradoxo
en cada xogo en cada des-aparación.*



Kafka: Tagebücher, 1988. Ilustración de A. Saura

VI. UNHA HOMENAXE POÉTICA

Non é estraño na poesía galega que un escritor sexa o tema dun poema, e abonda con pensar en Rosalía de Castro, Curros ou Castelao, tema central de moitos poemas. E non falamos de alusións ou paratextos e citas, senón do motivo central, da homenaxe. Máis esquivo é que sexa un escritor noutra lingua o tema do poema, aínda que non faltan casos: Antonio Machado, K. Kavafis, Alceo, Víctor Balaguer, W. Blake, C. Mc Cullers, Catulo, Cervantes, Emily Dickinson, Lord Dunsany, Paul Éluard, Pierre Emmanuel, García Lorca, Heine, Hölderlin, Kerouac, J. Margarit, Neruda, Petöfi, Ezra Pound... Moitos destes poemas están escritos por poetas moi importantes

da nosa literatura: Pondal, Iglesia Alvariño, Álvaro Cunqueiro, Xohana Torres, Bernardino Graña ou Xavier Seoane. A Kafka non é doado atopalo como motivo poético na nosa lírica, mais en 2024, no centenario da morte do autor checo, Miguel Ángel Martínez Quintanar, nado en 1968, publicou un interesante poemario titulado *Episodio con figuras* onde inclúe dous textos con notas dedicados ao autor de O castelo. O primeiro leva por título "Kafka ten un pesadelo despois de visitar as galerías comerciais Hoffmann de Praga en 1920":

*Todo é luz, prodixio,
transparencia sen ventás,
no gran centro comercial.
A estupenda colección,
esta oferta de papel,
un espello sen vellez.
Unha empregada murmura:
"... ven, ven, ven..."
Acelero as miñas mans,
que portan ese libro
que aínda debo ler.
Entre bágoas e tateos
un rumor logro entender:
"... aparencia, baleiro é".
Entre as mans,
quedo, roto ao escoitar:
"non hai luz entre esta luz...
fica aquí na escuridade...
na moqueta desterrado..."
Aterrado, á intemperie,
na quietude máis cruel,
miro as caras nos seus ollos,
non sei que podo ver.
Tanta luz, tanta luz acristalada,
e non sei chegar á casa.*

O seguinte poema, mellor na miña opinión, leva por título "Kafka intenta saír da casa no mes de xaneiro de 1924":

*Ao meu carón respira
o animal que non existe.*

*Calor que abafa as noites
con caras parapléxicas,
anunciadas e rabiosas,
que replican a clausura
do que aínda non estaba.
Confusa transcendencia
que oxida o pasador
con imaxes prorrogadas
que rubrican o descarte
do que non podía entrar.*

Os poemas deste filósofo e poeta inspíranse nos *Cadernos en oitavo* do propio Kafka, e inclúe unha interesante cita do autor home-naxeado: *Non é necesario que saias da casa. Quédate xunto a túa mesa e escoita atentamente. Non escoites tampouco, só agarda. Non agardes tampouco, quédate totalmente en silencio e so. O mundo ofreceráseche para que lle quites a máscara, non terá máis remedio, extático, retorcerase ante ti.*



Manuel Ayaso: *Kafka*, 2020

VII. ECOS DO CENTENARIO NA PRENSA GALEGA

Como pode supoñerse no centenario dun escritor universal como Kafka, e no centenario da súa morte, a prensa galega deu noticias e fixo crónicas e reportaxes sobre o autor. De entre estes traballos xornalísticos fixemos unha selección. Aínda que a maioría están en castelán, o suplemento *Faro da Cultura*, número 930, do 30 de maio de 2024, concedeu a súa primeira páxina ao autor checo, cun artigo de Joaquim Venrura, “100 anos despois de Kafka. Nas teimas humanas do século XX”; artigo acompañado dun retrato do autor praguense da autoría de C. Montellier, datado en 2011. Para o citado crítico, Kafka soubo anunciar a fragilidade da persoa fronte aos poderes públicos, sociais e económicos, de maneira semellante a como o fixeron outros escritores coetáneos seus (velaí Robert Musil e *O home sen atributos*), que esteticamente callou no expresionismo, unha maneira fea de reconstruír a realidade. Un Kafka, pois, expresionista e comprometido. Enfermidade e rigorismo xudeu familiar condicionan a obra kafkiana.

En *Nós Diario*, do 26 de xuño deste 2024, a doutora en Dereito Belén Bermejo vai escribir *Á sombra de Kafka: a cultura ante a lei*:

A sensación de soidade e estranxeza nun mundo de burócratas bastante hostil é por veces insoportable. Neste senso, a literatura de Kafka proporciona símbolos e imaxes que nos aproximan á cerna de situacións que a miúdo vivimos, para nos confrontar con elas a través do relato do que nos acontece como habitantes dun medio inhóspito, que escapa ao noso entendemento e,



Kafka: Tagerbücher, 1988. Ilustracións de A. Saura

sobre todo, control. Un relato no que todo sucede porque si, sen moita explicación, onde se tecen unhas intrincadas aceptar unha dependencia sen condicións. Impotencia fronte á autoridade e fronte a nós mesmas, responsables únicas do que nos acontece.

En castelán, un artigo pioneiro é do de X. F. (Xesús Fraga) en *La Voz de Galicia*, do 24 de decembro de 2023, titulado “Tenreiro, primer traductor de Kafka”, dando noticia da tese de Paz Gago sobre a tradución de 1925 da *Revista de Occidente*, que atribúe a Ramón María Tenreiro. Engade unha semblanza do autor coruñés: *Culto y políglota, Tenreiro representa una España de vocación progresista que se truncó con la Guerra Civil*. O 24 de febreiro deste ano, e no *Faro de Vigo*, aparece un artigo de opinión de Jorge Fauró, “Ayer, hoy y siempre”, con curiosas opinións: “... no tengo previsto asomarme a corto plazo a las novelas del checo, cabecera de tantas adolescencias atormentadas, lectura que marca esa época en la que uno anhela transmutarse en Pessoa caminando bajo la lluvia por el Bairro Alto, e engade: Como en los libros de Kafka, llegar más pronto o más tarde puede ser todo un descubrimiento o convertirse en una expe-



Kafka: Tagerbücher, 1988. Ilustración de A. Saura

riencia indigerible. O artigo ilústrase cunha boa caricatura de Kafka por Pablo García.

O 1 de marzo aparece en *La Voz de Galicia* unha entrevista de Milena Méndez á escritora Monika Zgustova sobre a obra *Soy Milena de Praga*, na que esta afirma que en Milena está a clave de *O Castelo*, que é unha novela sobre un triángulo amoroso, que es lo que vivió con Milena y su primer marido. El señor del castillo se llama Klan, que es engaño en checo. Las novelas de Kafka, que parecen tan alejadas de la realidad, son realidad pura, él le daba una visión universal.

Héctor J. Porto publica no mesmo xornal coruñés, o 22 de abril, un comentario, *Todo Kafka en el tramo corto*, á edición por *Páginas de Espuma* dos contos kafkianos en tradución de Alberto Gordo, con prólogo de Andrés Neuman.

Juan L. Blanco Valdés, tamén en *La Voz de Galicia*, o 29 de abril de 2024, escribe na súa columna "Bágoas de crocodilo", co sinxelo título "K": ... era un espíritu sensible, si, pero dotado dun chispeante e fino sentido do humor e un carácter expansivo e accesible que xeraba inmediatos afectos, para engadir unha interesante nota gráfica: A letra K, inicial do

protagonista de *O castelo*, é o motivo gráfico dun dos mellores deseños de cuberta da edición española: o de Daniel Gil para Alianza, en 1971.

Xa o 2 de xuño, o citado xornal coruñés publica o artigo de Miguel-Anxo Murado "Otro final para Kafka", na súa sección *Vuelta de hoja*. Fala do insecto de *A metamorfose*, cal era, unha cascuda un escaravello? Kafka non quería explicalo: ... le preocupaba la idea de que los editores pusieran un bicho concreto en portada (lo han hecho muchas veces) porque la idea era que representase la fobia de cada lector. O insecto era o mesmo Kafka: illado, incomprendido, incapaz. Kafka, infeliz, non sabía por que o era e os seus *Diarios* son o intento de descubri-lo. As historias kafkianas son fábulas como las de Esopo a las que se ha privado de su conclusión lógica, y eso es lo que los hace terribles. Murado fantasea con outro final para o escritor checo: Kafka visita o seu tío Alfred en Madrid, e alí namorariase, non publicaría nunca nada, no habría sido escritor; pero habría sido feliz, que es mucho mejor.

O 3 de xuño, Héctor J. Porto publica en *La Voz de Galicia* o artigo "¿Y si Kafka no es tan kafkiano?". En realidade é unha glosa dos *Relatos cronológicos* traducidos por Carmen Gauger e Adan Kovacsics: *El idioma de Goethe le abriría las puertas del comercio y la movilidad social, también las del Parnaso*. As súas narracións non son tan proféticas como se pensó en el inicio de su popularidad; pois sólo era un hombre brillante observador que, además, sufría íntima y a veces trágicamente la realidad que lo rodeaba... Comenta tamén a edición non autorizada de *A transformación* ao húngaro, da man de Sandor Márai. Conclúe Porto cualificando a Kafka como uno de los

maestros del humor judío del siglo XX, polo seu xogo entre a irracionalidade e a razón. O traballo de Porto vai acompañado dun *Para saber más*, onde cita sete traducións do checo ao castelán, mais ningunha en galego, nin sequera a editada por *La Voz de Galicia* en 2005.

VIII. BIBLIOGRAFÍA

Á.[lvaro] L.[abrada] (Cunqueiro): “Final do Castelo”, *Grial*, número 3, (1964).

ABRAIRA, Xosé: “Os manuscritos póstumos de Kafka”, *Grial*, número 12, (1966).

ANOUGH, Gustav: “Conversas con Franz Kafka”, *Grial*, número 3, (1964).

BERMEJO, Belén: “A sombra de Kafka: a cultura ante a lei”, *Nós Diario*, 26/06/2024, p. 28.

BLANCO VALDÉS, Juan L.: “K”, *La Voz de Galicia*, “Bágoas de crocodilo”, 29/04/2024, p. 27.

ECHEVARRÍA, Ignacio: “Retales sobre Kafka 1”, *El Cultural*, 18/01/2024, p. 24.

ECHEVARRÍA, Ignacio: “Retales sobre Kafka 2”, *El Cultural*, 15/03/2024, p. 32.

ECHEVARRÍA, Ignacio: “Laboratorio de resistencias”, *El Cultural*, 10/07/2024, p. 28.

FAURÓ, Jorge: “Ayer, hoy o siempre”, *Faro de Vigo*, 24/02/2024, p. 24.

FERNÁNDEZ, Fruela (ed.): *De Lichtenberg a Kafka. Aforismos y apuntes alemanes*, Madrid, Akal, 2023.

FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F.: “O castelo kafkiano”, *La Voz de Galicia*, 04/09/2004.

GIL, Alberto: *Un paseo por la Praga de Kafka*, Madrid, Reino de Cordelia, 2024.

KAFKA, Franz: *El buitre*. Buenos Aires, Esquema XX, 1968. Ilustracións de Luís Seoane.

KAFKA, Franz: *La confesión cotidiana*, Buenos Aires, Esquema XX, 1969. Ilustracións de Luís Seoane.

KAFKA, Franz: *La metamorfosis*, Barcelona, Círculo de Lectores, 1986. Tradución J. L. Borges.

KAFKA, Franz: *A metamorfose seguido de A sentencia*, Santiago, Sotelo Blanco, 1991. Tradución de Xosé María García Álvarez.

KAFKA, Franz: *O proceso*, Santiago, Sotelo Blanco, 2003. Tradución de Luís Fernández Rodríguez.

KAFKA, Franz: *Un médico de aldea. Narracións completas*, Vigo, Galaxia, 2004. Tradución de Luís Fernández.

KAFKA, Franz: *A metamorfose*, A Coruña, La Voz de Galicia, 2005. Tradución de Xosé María García Álvarez.

KAFKA, Franz: *Un artista da fame. Narracións completas II*, Vigo, Galaxia, 2005. Tradución de Luís Fernández.

KAFKA, Franz: *La condena e El fogonero*, Barcelona, Acantilado, 2018, Tradución e epílogo de Luis Fernando Moreno Claros.

KAFKA, Franz: *El desaparecido [América]*, Madrid, Cátedra 3ª ed., 2023. Edición, tradución e introdución de Luis Acosta.

KAFKA, Franz: *Cartas a Milena*, Madrid, Alianza, 2023. Tradución e introdución de Carmen Gauger.

KAFKA, Franz: *El castillo*, Madrid, Alianza, 2024. Tradución de Miguel Sáenz.

KAFKA, Franz: *El desaparecido [América]. El proceso*, Madrid, Alianza, 2024. Tradución de Miguel Sáenz.

KAFKA, Franz: *Tú eres la tarea. Aforismos*, Barcelona, Acantilado, 2024, Edición e prólogo de R. Stach. Tradución de L. F. Moreno Claros.

KAFKA, Franz: *El proceso*, Madrid, Akal, 2ª ed., 2024, Tradución de Emilio J. González García.

KAFKA, Franz: *Los hijos*, Madrid, Nocturna, 2024. Tradución e introdución de Juan Soler del Solar.

KOCH, Hans-Gerd: *Cuando Kafka vino hacia mí...*, Barcelona, Acantilado, 2009. Tradución de Berta Vías Mahou.

LORENZANA, S.: “Leendo a Kafka”, *Grial*, número 33, (1971), pp. 264-272.

MALÝ, Radek: / FUČÍKOVÁ, Renata: *Franz Kafka. El hombre que trascendió el tiempo*, Barcelona, Libros del Zorro Rojo, 2019. Tradución de Núria Mirabet i Cucala.

MARCHAMALO, Jesús: *Kafka con sombrero*, Madrid, Nórdica, 2024.

MARTÍNEZ QUINTANAR, Miguel Ángel: *Episodios con figuras*, A Coruña, Espiral Maior, 2024.

MARTÍNEZ SALAZAR, Elisa P.: *La recepción de la obra de Franz Kafka en España 1925-1965*, Zaragoza, 2019.

MÉNDEZ, Mila: “Mónica Zgustova. Escritora y traductora”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 01/03/2024, p. 31.

MURADO, Miguel Anxo: “Outro final para Kafka”, *La Voz de Galicia*, “Vuelta de hoja”, 02/06/2024, p. 56.

PAZ GAGO, José María: “Primera traducción de un texto de Kafka a una lengua extranjera: La metamorfosis de Revista de Occidente”, *Revista de Occidente*, número 517, xuño de 2024, pp. 59-68.

PORTO, Héctor J.: “Todo Kafka en el tramo corto”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 22/04/2024, p. 28.

PORTO, Héctor J.: “¿Y si Kafka no es tan kafkiano?”, *La Voz de Galicia*, “

Cultura, 03/06/2024, p. 27.

RUIZ CASANOVA, José F.: *Ensayo de una historia de la traducción en España*, Madrid, Cátedra, 2018.

S. S.: “Tenreiro, Ramón María”, *Enciclopedia Espasa*, tomo 60, pp. 659-660.

S. S.: “Tenreiro, Ramón María”, *Gran Enciclopedia Gallega*, tomo 29, pp. 72-73.

S. S.: “En procura de todo Kafka”, *Grial*, número 3, (1964).

S. S.: “Cómo hai que leer a Kafka”, *Grial*, número 57, (1977), pp. 371-372.

S. S.: “Os relatos breves do escritor checo Franz Kafka”, *Grial*, número 75, (1982), pp. 123-124.

S. S.: “Centenario do nacemento do escritor Franz Kafka”, *Grial*, número 79, (1983), pp. 123-124.

STACH, Reiner: *¿Éste es Kafka? 99 hallazgos*, Barcelona, Acantilado, 2021. Tradución de L. F. Moreno Claros.

TORRENTE BALLESTER, Gonzalo: “El tema de la semana: Franz Kafka”, *Arriba*, Madrid, 31/06/1964.

VARELA, José Luís: “Kafka y Sancho”, *La palabra y la pluma*, Madrid, Prensa Española, 1963.

VARELA, José Luís: “Franz Kafka”, *Forjadores del mundo contemporáneo*, IV, Barcelona, 1967.

VARELA JÁCOME, Benito: “Asedio al misterio de Kafka”, *Renovación de la novela española en el siglo XX*, Barcelona, Destino, 1967.

VENTURA, Joaquim: “100 anos despois de Kafka. Nas teimas humanas do século XX”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, número 930, 30/05/2024, P. I.

VV. AA.: “Kafka. Todas las heridas del escritor en su centenario”, *El Cultural*, 17-23 maio (2024), pp. 6-13.

WOLFF, Kurt: *Autores, libros y aventuras*, Barcelona, Acantilado, 2010. Tradución de I. García Adán.

X. C.: “Freud, Kafka e Marthe Robert”, *Grial*, número 4, (1964).

X. F.(raga): “Tenreiro, primer traductor de Kafka”, *La Voz de Galicia*, 24/12/2023, p. 43.



*Do LIXG (Libro Infantil e Xuvenil
Galego) na comarca do Barbanza*

Pilar Sampedro

Gústame falar da comarca como facía Tolkien referíndose ao *hobbits*, ese lugar no que nos coñecemos e recoñecemos todas as persoas que temos que ver cun ámbito determinado.

Por iso lle puxen este título ao artigo, porque quería falar de autores e autoras de libro infantil e xuvenil entre nós. Ía poñer literatura pero acordeime de Xulio Gutiérrez e esa marabillosa achega ao libro informativo de ciencias, así que imos comezar por el e polas ciencias. Seguiremos saltando dun noutra sen un criterio moi definido (unhas veces por ámbito, outras pola vila que os une, outras polo número de obras publicadas).

XULIO GUTIÉRREZ E OS SEUS LIBROS DE COÑECEMENTO AO REDOR DA ZOOLOXÍA

Xulio reside en Boiro. El pode traballar buscando libros deste campo para que sexan traducidos ao galego, escribíndoos individualmente cun debuxante ou formando parte dun grupo de traballo (*Tándem Seceda* formado por Isabel Pelayo, Pilar Martínez, Chema Heras e el mesmo) como sucede na colección *Quen son? Crías de animais*. *Europa, Quen son? Crías de animais*. *África, Quen son? Crías de animais*. *Oceanía, Quen son? Crías de animais*. *América, Quen son? Crías de animais*. *Terras polares*. Un apartado especial é o da súa obra persoal coa colaboración do extraordinario ilustrador, Nicolás Fernández, na colección "Animais extraordinarios" cos títulos: *Viaxeiros*, *Ocultos*, *Bocas*, *Nacer*, *Construtores*. Autor tamén da colección "Pequechos" cos títulos: *Pequechos da selva*, *Pequechos das montañas*, *Pequechos das pradarias e das sabanas*, *Pequechos dos desertos*, *Pequechos das terras polares* e *Pequechos dos ríos e dos lagos*. A escolla das crías de animais é sempre moi acertada. Quen non sente ternura polos pequenos de calquera especie?



Quen son?

Xulio é codirector do departamento de Naturais da editorial Kalandraka, polo tanto pode considerarse director de coleccións e títulos como *Inventario ilustrado*, *Cor animal*, *Plasticus maritimus...*

Ademais, tamén ten escrito obras dirixidas ao profesorado e a outros formadores de educación ambiental realizando propostas e reflexións neste campo, traballos sobre competencia científica, programas de autoavaliación do campo das ciencias, itinerarios ambientais polo Barbanza, ou os múltiples artigos que aparecen no blog que leva como título o seu nome.

Pois ben, Xulio ademais desta tarefa de autor de libros de ciencias, non debemos esquecer que forma parte do grupo *Os Menestreis*, un colectivo de música medieval que rescatou as cantigas que soaban hai oito séculos interpretándoas e publicando o *Cancioneiro medieval galego-portugués*, no que se recollen 145 composicións previas a Alfonso X. Unha faceta máis, a de músico e investigador musical a engadir á de naturalista, mestre e escritor.

AGUSTÍN AGRA, CIENCIAS E NARRATIVA

Agustín tamén é licenciado en Bioloxía. Conta cun libro informativo, *Cor animal*, publicado en Kalandraka, coas ilustracións de Maya Hanisch, e que se presenta desta maneira: “As habilidades, costumes e curiosidades dunha trintena de animais terrestres, acuáticos e voadores, representados coa técnica da colaxe, e cun chamativo tratamento cromático”.

O resto dos seus libros dirixidos á infancia e xuventude son de narrativa. Co primeiro deles, *O tesouro da Lagoa de Reid’Is*, conseguiu o premio Merlín en 2006. Daquela, o xurado sinalou como os seus elementos máis salientables a fermosa recreación de lendas tradicionais galegas sobre un fondo de materia artúrica, a recuperación da oralidade, a creación toponímica sobre estruturas

galegas, o emprego dun léxico rico inzado de referencias literarias e mitolóxicas, ou a reinvención de personaxes.

Cazaría salvaxe (2008) é unha novela xuvenil publicada na colección Fóra de xogo, de Xerais. Terror e misterio, bruxería, medo porque o Señor do Inframundo anda de caza cos seus cadelos diabólicos e só lle vai poder facer fronte un rapazolo. Velaí o reto!

A treboada de C (2009) é un libro que consta de vinte e catro relatos de temática ambiental atravesada polo cambio climático. Está publicado na sección de novelas da biblioteca colección de *Contos Climáticos* e está accesible directamente na rede. Nel vanse presentando problemas e vendo a súa relación co cambio climático.

En 2012 publica *Trampa de luz*, para lectorado mozo. De novo, atopamos o mundo das ciencias (a protagonista documéntase na biblioteca do pai, especializada en natureza, ten unhas afeccións acordes con ese ámbito como fotografar avelaíñas ás que atrae grazas a unha trampa de luz –de aí o título da obra–) e tamén o impenetrable, próximo a Lovecraft, cando o misterio se fai presente cun tanxedor de campás que fai aparecer unha especie descoñecida de aves que provoca unha estraña reacción por parte dos outros animais. O oculto, enigmático e tenebroso forman parte da obra.

Ademais, Agustín conta con obras para adultos como *Silencio* (relatos ao redor da ciencia) e con premios coma o Modesto R. Figueiredo de narracións curtas, en dúas ocasións (2004 e 2005).

BLANCA ANA ROIG RECHOU E O ESTUDO DO LIXG DENDE A UNIVERSIDADE

Blanca Ana Roig Rechou exerceu como profesora da USC, investigadora e crítica lite-




O tesouro da lagoa de Reid’Is

ria. A súa tese de doutoramento titulouse *A Literatura infantil e xuvenil galega. Perspectiva diacrónica e análise da actualidade*.

Traballou no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, entre outros proxectos a coordinar os *Informes de Literatura* nos que aparece incluída a literatura infantil e xuvenil, así como as súas traducións. Dirixe unha Rede temática de investigación sobre as literaturas infantís e xuvenís do Marco Ibérico e Iberoamericano e a formación lectora no marco ibérico (LIJMI). Colaborou en múltiples publicacións (libros colectivos e revistas) sobre literatura infanto-xuvenil, así como a tradución ao galego de diversas obras de creación de autores infantís como *Cipi*, de Mario Lodi, e *Aquela Xulia Redfern*, de Eleanor Cameron.

Podemos considerala unha pioneira neste campo de estudo da LIXG, dende a academia, e na creación de grupos de traballo ao redor destas temáticas nas diferentes universidades.

Entre as súas obras destacamos *A poesía infantil e xuvenil en Galicia*, do 2000, *A literatura infantil e xuvenil galega no século XXI: seis chaves para entendela mellor de 2008* (á que se pode acceder dixitalmente na Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes) ou o Caderno do CDG sobre *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*. Libros colectivos, moitos deles nos que é coordinadora, como *A memoria das guerras na literatura infantil e xuvenil en lingua galega: antoloxía*, *Han Christian Andersen*, *Jules Verne* e *El Quijote na literatura infantil e xuvenil do marco ibérico*, *Para entenderte mellor. As literaturas infantís e xuvenís do marco ibérico*, *Multiculturalismo e identidades permeábeis na literatura infantil e xuvenil*, *Teatro infantil. Do texto á representación*, *A Guerra Civil Española na narrativa infantil e xuvenil*, *A poesía infantil no século XXI (2000-2008)*, *A Santiago. Relatos de Camiño infanto-xuvenís*, *Itinerario de lecturas*.



Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega

Ademais, as obras *De camiño a Compostela pola Literatura Infantil e Xuvenil*, *Reescrituras do conto popular (2000-2009)*, *O Álbum na Literatura Infantil e Xuvenil (2000-2010)*, *A narrativa xuvenil a debate (2000-2011)*, *Premios Literarios e de ilustración na LIX*, *Inmigración/Emigración na LIX*, *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega* (coa que conseguiu os premios Fervenzas literarias ao mellor libro de ensaio e investigación e o Premio da Crítica Galicia de Investigación en 2015), *Reflexións das dúas guerras mundiais na LIX*, *As mulleres como axentes literarios na LIX do século XXI*, ou como participante en *Grandes autores para pequenos lectores*, *Maré de libros* (Portugal)...

A entrada da nosa LIXG na Universidade é un fito fundamental que se agradece a esta estudosa de Portosín, tal como sempre aparece sinalado na súa biografía.

De Boiro a Noia e Portosín, dous creadores e unha investigadora, dende o mundo das ciencias ao estudo da literatura infantil. Saltando dunha xeración e un lugar a outro iremos facendo este camiño que agora nos leva a tempos afastados e a situarnos en Noia, unha vila onde as artes florecen dende sempre.


UN PIONEIRO EN PLENA REPÚBLICA. ÁLVARO DE LAS CASAS

Todo comezara cando os homes da Xeración Nós se puxeron á tarefa de crear unha literatura para a rapazada. Estaban convencidos de que había que comezar polo principio, impregnando as mentes co ideario da Terra e a Fala, dende as primeiras idades.

Por iso, Álvaro de las Casas, que imparte clases no instituto de Noia (xunto ao pintor Carlos Maside), escribe *Teatro dos nenos* (un conxunto de monólogos) en 1936. Certamente, ademais desta obra infantil publicou teatro para adultos (unha destas obras, *Pancho de Rábade*, formou parte do repertorio do teatro Candea de Noia dirixido por Xosé Agrelo. E tamén ten traballado outros xéneros, como a poesía, a prosa e o ensaio. A raíz do golpe de Estado de 1936 ten que exiliarse en Arxentina onde crea, con Mariano Medina del Río, o proxecto Emecé Editores que en 2002 foi integrado no Grupo Planeta.

AVILÉS DE TARAMANCOS NA CORUÑA E NOIA, RELATO E TEATRO

Tivo que pasar a longa noite de pedra para volver a escribir en galego. Décadas máis tarde Avilés de Taramancos escribe *O cabalo de vidro*, un conto –perdido no baúl dunha amiga da etapa coruñesa– que se publica en 2009, grazas ao empeño de Aurora Marco, a cuxas mans chega uns anos antes grazas a unha informante. O mundo máxico dos



Tres capitáns de tempos idos

encantamentos nos que habita o cabalo de vidro, as mazás de ouro e as fontes cantareiras existen nos tempos nos que Brétema (Galicia) está dividida en sete reinos.

O feito de que na parte superior das follas apareza a inscrición “Biblioteca dos meniños” faínos pensar no seu interese en realizar varios relatos para a infancia, que non sabemos se chegaron a ser escritos.

Á volta de Colombia, nos primeiros oitenta, volve Avilés a escribir para a rapazada. A obra de teatro *Tres capitáns de tempos idos* resulta dunha conversa con quen escribe este artigo, e estará dedicada “Aos rapaces da escola da Serra de Outes” porque ían ser eles quen a representarían nas primeiras Xornadas de teatro na escola, organizadas pola Asociación Cultural Catavento. Unha peza que debía servir para tratar a historia da literatura galega dándolle

moita importancia ao precursor do Rexurdimento, Francisco Añón, o poeta de Outes, onde eu traballaba. O paso polo esplendor das cantigas medievais, o tempo dos séculos escuros nos que o galego fora silenciado como lingua literaria, o precursor Añón que anuncia o Rexurdimento abrindo o camiño a moitos outros ata que chegou a longa noite de pedra, os días da represión na ditadura. Todo moi sintetizado en tres actos. Tres personaxes, tres cores para iluminar unha fiestra, e a idea de transmitir os avatares dunha lingua á que nunca lle fora doado resistir. Escrita na primavera de 1983, foi representada no mes de xuño do mesmo ano, pero permanecerá inédita ata o ano 2003 cando se lle dedica a este autor o Día das Letras Galegas. Daquela, aparece coa reprodución dos figurinos orixinais debuxados polo autor.

Outra obra: *Nova crónica das Indias* nace grazas á demanda de Helena Villar para publicar na colección infantil Nabarquela (que dirixe esta autora) en Ir Indo. Avilés era un gran contador de historias; na Tasca Típica xuntábase a xente para escoitalo cando se producía algo de calma, no medio do traballo de taberneiro. Todos e todas estabamos convencidos de que esas historias debían ser escritas. Foi Helena quen o retou a facelo, e el creou un conxunto de relatos que se publicaron para lectorado infanto-xuvenil mentres non se lle buscou acomodo nunha colección de adultos en 2003. Definida como “unha revisión da *Crónica das Indias* escrita desde unha voz lírica e telúrica; é un canto ao indixenismo a través da memoria, da terra, da experiencia e da saudade; unha viaxe, suxestiva e mítica, que percorre as terras americanas da man dun gran narrador que nos ofrece aquí a súa única incursión na prosa”. Un libro para xoves adultos ou adultos a secas, que apareceu por primeira vez nunha colección infantil.

PEPE AGRELO, TEATRO E MOITO MÁIS

Santa Cristina de Barro, Noia, Esteiro e Muños, foron lugares onde foi deixando pegada, Agrelo, ese mestre imprescindible.

Pepe Agrelo era un dinamizador cultural que puxo en pé mil e unha actividade e publicacións coma o seminario *Barbanza* ou *A motora dos Canedos*, escribindo en varios medios e dirixindo a editorial Toxosoutos. Entre todas as iniciativas que mantivo ao longo do tempo destacaría as compañías de teatro afeccionado de adultos *Talía* e *Candea* en Noia ou *Xestruxo* e *O Xeito* en Esteiro. Para público infantil mantivo o grupo *Agrocovo* en Esteiro. Un home de teatro: dramaturgo, director e actor.

En literatura infantil ten publicado *O espantapaxaros*, que resultou ser 1º premio do Concurso Nacional de Contos Infantís O Facho



O espantapaxaros

en 1971, o terceiro autor en conseguilo despois de telo ganado Carlos Casares e Bernardino Graña. Esta obra foi publicada por Galaxia en 1972 con ilustracións de Mima e dela escribiu unha recensión na revista Grial Valentín Arias. O certame, O Facho, convocado pola asociación cultural do mesmo nome (dirixida ao longo de moitos anos por Manolo Caamaño, outro noiés ao que se lle debe honra) foi fundamental nos primeiros anos do libro infantil galego posterior a 1936. *O espantapaxaros* foi reeditada por Toxosoutos con ilustracións de Pepe Carreiro hai uns anos.

Outras obras de LIX foron *Rumbo ao Maluco*, que obtivo o Premio do Certame literario de relato de aventuras Antón Avilés de Taramancos, a banda deseñada *Noia, porto de Compostela* (2002) realizada con Veiras Manteiga, e que foi traducida ao castelán.

Agrelo foi un mestre innovador; na obra destinada ao profesorado sobre o teatro para a infancia *O xogo dramático (de, con, por, para nenos)* de 1990 recolle un par de obras dramáticas dirixidas á infancia. Tamén atopamos outra obra, neste caso en aberto, na Biblioteca Virtual Galega, de título *O cartafol de Ruperto*. O poder das palabras é o tema central desta obra, coa que quixeramos poder contar en edición impresa, en papel e cunhas boas ilustracións.

Conta o dramaturgo con varias obras de teatro para adultos: *O mestre*, *Metá e metá* e *Noite de lobos*, así como novelas (*Os sete coitelos*) e ensaios ou pequenas investigación. Unha obra póstuma foi *Cantiga da costureira poeta*. María Mariño, cunhas ilustracións magníficas de Alfoso Costa. Entre as obras colectivas podemos citar *Efemérides noiesas* (con Manuel Hermida), *A freguesía de Santa María de Esteiro* (con Francisco Abeijón) ou *Aproximación didáctica a Avilés de Taramancos*. *A palabra amiga* (con Pilar Sampedro).

DAVID PÉREZ IGLESIAS, NARRADOR RESIDENTE EN NOIA

En 1987 escribe *O pergameo de Elir*. Nel, Sabela e Roi realizan unha viaxe, na compañía dun can e un merlo, atravesando mundos habitados por estraños seres; mundos nos que os animais falan, as voces dos humanos dominan as feras ou traen ledicia, nenas que entenden a lingua das árbores, aldeas voadoras e cidades submarinas... Un sen fin de imaxinación ao servizo dunha historia que bebe na ficción mais absoluta.

En 2016 acada o premio Merlín con *Todo o tempo do mundo*. Dedicado á súa filla, a historia –protagonizada por unha nena– lembra os vinte días nos que estivo na aldea ao coidado do avó mentres os pais preparaban todo para trasladarse a un novo traballo. Dunha emigración a outra emigración, un pequeno



Todo o tempo do mundo

tempo no lugar dos antepasados, para tomar a medida das raíces, aprender o nome das árbores e os sons da natureza, tocar un mundo que desaparece para sentirse xunguida a el por sempre.

Unha obra de difícil clasificación é *Cando veña a noite* que foi premio Antón Avilés de Taramancos de novela de aventuras 2005. Situada no final das guerras carlistas, o señor Mauro de Povadura vai acabar esa noite cos que considera traidores, ao tempo que busca o propio final. Un relato durísimo que pode lembrarnos a atmosfera de *Los Pazos de Ulloa*, extremada pola guerra que todo o permite. Ilustrada por Baldo Ramos.

Para adultos, escribe *Estación Término*. Algúns dos seus relatos forman parte de obras colectivas como "Samago, Fascismo", de *Tecendo Panos* (2000), Premio Manuel Murguía de narracións breves; "Mares do Sur", de *Paisaxes e palabras* (2001) e "Vidros", de *A garza insomne* (2016). Del é tamén o guión cinematográfico *Retornos*.

RAMÓN CARREDANO COBAS, UN NARRADOR QUE FAI TEATRO

As súas obras son maioritariamente de temática histórica. Publicou as novelas *Frei Samuel* coa que resultou ganador do I Certame literario de relatos de aventuras Antón Avilés de Taramancos en 2002. Situada nos tempos medievais de enfrontamento entre Alonso Suárez de Deza (que representa os burgueses de Santiago) e Berenguel de Landoira (arcebispo nomeado polo papa Xoán XXII, representación da mitra). Este último busca a colaboración de Rui Soga de Lobeira (home forte de Noia), ofrecéndolle a exención de impostos (co que poderán construír a muralla e a igrexa de Santa María a Nova). Enredo protagonizado polo frade de Toxosoutos.

Ilustrada por Alfonso Costa e publicada por Toxosoutos na colección Nume.

A unlla da aguiá resultou ganadora do III Certame literario de relato de aventuras Antón Avilés de Taramancos en 2004. Situado na guerra de Independencia, narra a viaxe duns mariñeiros dende Vigo a Noia para conseguir información sobre a situación da francesada de cara a organizar a defensa. Está ilustrada por Nacho C. Beiro e publicada por Toxosoutos.

Unha branca de cobre para Martiño obtén o premio Merlín en 2005. Unha novela histórica, dirixida a lectores de once anos en diante, desenvolta en dous momentos históricos: na actualidade e nos tempos da descuberta e conquista de América. Os membros do xurado do Premio Merlín de Novela definírona como unha novela clásica de aventuras, rigorosamente documentada, "redonda" e de "lectura fascinante". Unha moeda (esa branca de cobre) lévaos dunha a outra época nunha especie de viaxe no tempo.

En 2008 publica *Veleno tinto*, na colección Fora de Xogo, de Xerais. Nela volve aparecer o personaxe do monxe pícaro, larpeiro e mullereiro, Frei Samuel, o sandador do mosteiro de Toxosoutos. Nesta entrega viaxa a Noia a entrevistarse con Rui Soga de Lobeira e o bispo Berenguel de Landoire; vese abocado a investigar un asasinato por envelenamento. Unha apaixonante novela de intriga, tecida sobre unha coidadosa reconstrución histórica da vida e das intrigas políticas da Galicia do século XIV.

Ao lectorado infanto-xuvenil está dirixido o relato "O ceo sobre as follas das árbores" publicado na obra colectiva *Salvados por un sorriso*, con ilustracións de Pepe Carreiro e publicado pola Xunta en 2009. Unha historia ao redor dun estraño libro que salva a vida dun neno.



Veleno tinto


En literatura para adultos publicou *Gwerty* en 2022, Premio Vilar Ponte de Novela de Viveiro. Un título que é o nome dunha das protagonistas e responde ás seis primeiras teclas do ordenador. De novo, unha viaxe no tempo na que interveñen personaxes históricos. Participa, tamén este autor, no libro colectivo *Voces na guerra*, da biblioteca Barbantia, co relato “Un bo republicano”.

AMADEO COBAS, UN NOIÉS EN ZARAGOZA

Residente en Aragón, onde escribe en suplementos de crítica literaria de varios xornais. É membro fundador da Asociación Cultural *Catropatacos* e colabora no Centro Galego.

Para lectorado mozo publicou en 2016 *A cacería*, na colección Fóra de xogo de Xerais. Esta obra obtivo o V premio de novela curta “Cidade Centenaria de Ribeira”. Unha novela de iniciación, na que seguimos a Zairo, que participa no rito de iniciación (a Gran Cacería), e cando volven á aldea atópana destruída. Teñen que impedir a extinción da súa raza e, para iso, terán que enfrontarse aos inimigos: un externo e outro dentro das propias filas. Unha narración épica de aventuras, localizada nun tempo e espazo míticos, onde un pobo loita pola súa supervivencia.

As pantasmas sodes do que non hai, publicouse en 2008 na colección DocexVintedous da editorial Sotelo Blanco. Conta a historia



A cacería

dun nugallán, bebedor e xogador de cartas ao que se lle dá unha segunda oportunidade despois da morte. Con sentido do humor, o autor conduce o seu protagonista a través dun percorrido pola Galicia máxica e tradicional.

En galego tamén ten publicado *Contos de viaxe*, ilustrado por Carlos Soler, na colección Nume de Toxosoutos, destinado a un lector indeterminado. Na BVG preséntase así: “Un conxunto de vinte relatos curtos escritos en galego sobre diversos lugares de España. É unha guía de viaxe para os sentidos, para a imaxinación e o entretemento. A través do libro dáse unha volta pola Península, por aqueles sitios nos que o autor decidiu pararse un momentíño a facerlle a súa pequena homenaxe.” Algúns destes lugares están situados en Galicia (Malpica, Santiago, Baroña, Noia, Combarro...).

Participa no libro colectivo *Alma de beira-mar*, da AELG - Promocións Culturais Galegas de 2003.

SEBASTIÁN PAZ, COMPOSITOR E ESCRITOR

No medio de tanto narrador, temos que introducir un poeta. De familia de músicos, neto do compositor e organista da catedral de Santiago Felipe Paz Carvajal, e fillo de Sebastián Paz Ortiz, organista e director de orquestras. Despois de ter exercido como mestre nos arredores de Noia, trasládase a Madrid, onde reside dende hai décadas.

Unha poesía sinxela con temática infantil e un ritmo moi acertado fálanos da súa faceta musical, como compositor, e da proximidade ao mundo da infancia. Cando comezou a escribir e pediu o consello de Avilés de Taramancos, este recomendoulle que se centrara nesta produción: un acerto co que coincidimos pasado o tempo.

Publicou en 2003 *Versos para ler na escola*, con ilustracións da rapazada do CEIP da Serra de Outes. *Remuíños. Poesía para nenos*, publicado na mesma colección (Nume, bautizada por Pepe Agrelo cando dirixía a editorial Toxosoutos) en 2018, con ilustracións de Óscar Cañero. O autor preséntaa da seguinte maneira: “Trato de inculcarlles aos nenos unha educación en valores e que saquen destas poesías os seus sentimentos, emocións e sensibilidade”.

En 2005, con *Contos de encantamentos* preséntanos a súa primeira obra narrativa. Con posterioridade, sae á luz, en bilingüe *Aloumiños. Arrumacos e Contos de encantamento. Cuentos Maravillosos*. Algún dos seus libros, ademais destas edicións bilingües, contan con edición en castelán, e un deles bilingüe en castelán e árabe.

ANA ROMANÍ E UN PEQUEÑO RELATO PARA ESTE LECTORADO

En 1997, Caixa Galicia aínda era galega e a Biblioteca Nova 33 da Fundación Caixa Galicia coa colaboración da Xunta e RENFE publicaba unha Colección co seu nome. O número 18 contiña os relatos *O habanero*, de Xabier Docampo e *Marmelada de amoras*, de Ana Romaní, ambas ilustradas por Sergio Casas. Esa foi, neste campo, a única incursión da xornalista (con múltiples premios ata acadar o Nacional de Periodismo Cultural), poeta laureada e membro de número da RAG.

A voz narradora de *Marmelada de amoras* cóntanos algo relacionado coa súa infancia cando, seguindo unha cadela, que a visita cada día, atopa a Amalia, unha muller cega que vive nun vagón de tren porque foi maquinista ata que perdeu a vista por salvar a cadela de ser atropelada. Os encontros das tres, compartindo tempo e marmelada de amoras, espertan na

protagonista o pracer da lectura, porque se ve abocada a lerlles os libros (en branco) coa axuda da súa imaxinación. Por iso rematará afirmando: “todos os libros están en min”, moitos anos despois, convertida nunha escritora.

XESÚS SANTOS SUÁREZ: DE AIRIÑOS Á POESÍA E Á INVESTIGACIÓN

Xesús Santos foi mestre, director do grupo de teatro Airiños. Lembramos que este grupo de teatro naceu en Asados - Rianxo en 1933 da man dos curmáns de Castelao. Un grupo de referencia: o máis antigo de Galicia e sempre a representar en galego.

A fraga (des)animada, unha obra teatral en tres actos publicada na colección Nabarquela de Ir Indo en 1993 con ilustracións de Xosé

Comoxo. Discorre a peza nunha fraga onde conviven árbores foráneas e autóctonas. O carballo, o piñeiro ou o castiñeiro discuten co eucalipto porque ten sede de máis. Cando chega dende Portugal a Sobreira, as protestas volverán aparecer. Pero o peor tronso para os habitantes da fraga vai ser a chegada do ser humano.

Os amigos de Martiño de 1999, tamén publicada en Ir Indo, neste caso na colección O Elefante Contacontos, con ilustracións de Jorge Álvarez Fernández. Martiño (un neno de nove anos) e o seu avó reúnen cos seus amigos da terra, do aire e do mar. Como vive nunha vila preto do mar, o barco e o tractor forman parte da súa vida, e aproveita a sabedoría do avó que lle vai abrindo os ollos ao camiño da ciencia. Os amigos xogan con el, compartindo traballos e máis diversión; así podemos ver gatos e ratos, cachourizos, raposos e sapos; grilos, formigas e vagalumes; sardiñas, mexillóns e arroaces.

Para outras idades escribe *Balada do vento na ría* (poesía) e *O viquingo converso* (farsa histórica) sobre as orixes do desembarco de Catoira.

Acostuma publicar ensaio histórico con Xosé Comoxo e Xesús Costa Rodil, centrándose especialmente na represión franquista, e tamén é coautor de *Airiños: 90 anos de teatro do pobo*.

“Rescatador do pasado da súa terra” en palabras de M. X. Blanco en relación aos estudos históricos; e el confesa: “Escribín un par de obras para escolares a comezos dos 80 porque non había practicamente nada en galego”.

CARLOS MOSTEIRO, UN NARRADOR QUE VÉN DE LONXE

Chegou de Xeve, a terra da pintor Mercedes Ruibal e da escritora e académica



A fraga (des)animada

Fina Casalderrey. Residiu na Pobra ata o final dos seus días, que chegaron cedo de máis. Confesaba que tiña catro fillos froito da aventura extra conxugal cunha señora estupenda que se chama literatura. Mestre e narrador.

En 1994 obtivera o Premio "O Facho de contos para nenos", polo relato "A segunda hora da tarde", publicado na revista *CLIJ* (*Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*) en maio de 2001.

O día que Miguel Induráin pasou por Gonderande é un conxunto de relatos. O primeiro dos seis divertidos contos recibe o nome que lle dá título ao volume. Porque era agosto e a volta ciclista ía pasar por diante da casa de Xío que, xunto coa súa amiga Carlota, prepara un plan para conseguir un autógrafo de Induráin, o campión. Publicouse en Galaxia en 1999.

No ano 2001 gañou o Premio Abril de narrativa, que se convoca nas diferentes linguas do estado español e en portugués. Fixoo coa novela *Manual de instruccións para querer a Irene*, publicada por Galaxia en galego e noutras linguas (castelán, catalán, éuscaro, asturiano, aragonés...) en Editores Asociados. Amor e desamor na adolescencia, cando os sentimentos son máis fortes. Tristeza e confusión pero tamén ilusión e entusiasmo porque quen máis sofre máis goza e este é un bo momento para relativizar a duración dos sentimentos.

Ese unicornio rosa foi publicada en 2005 por Tambre Edelvives, ilustrado por Jesús Gabán e traducida ao castelán. Nela o narrador adopta a voz infantil do protagonista enchendo de humor e tenrura todo o relato.

Foi en 2006 cando conseguiu o décimo noveno galardón Barco de Vapor de S. M. por *Unha bruxa ben rara*. O xurado valorou a



Ese unicornio rosa

axilidade da obra e o feito de que racha moitos tópicos coma o da personalidade da súa protagonista: unha bruxa boa da que abusan os nenos. Ela vive na fraga de Bentraces, unha bruxa particular e herdeira dunha maldición familiar que a fai fermosa e amable. Por mor de ter caído de nena nun filtro de namorar, perdeu os seus poderes. As Valedoras dos Bos Costumes Meigos, non contentas con tela desterrado, queren acabar con ela. Pero a rapazada de Bentraces non o permitirá e, coa axuda do detective Cadavide, do dragón Cachifredo e dun *troll* noruegués, vivirán unha emocionante aventura para salvar a Raruxa.

Un camiño que percorre o mundo infantil e xuvenil en tres novelas e un libro de relatos, sempre buscando o lectorado, facéndolle saltar prexuízos e internándoo na inocencia e nas

inseguridades que senten os máis pequenos, pero tamén na descuberta do amor, ese golpe feliz e violento que estremece o peito.

ANTÓN RIVEIRO, O NARRADOR, POETA E ENSAÍSTA QUE FIXO UNHA PARADA NA LIX

Riveiro Coello é un gran escritor ao que lle sobra oficio e arte na literatura para adultos na que traballa de continuo. Fai dúas incursións na LIX. A primeira, *A voz do lago*, que se publicou en 2007 da man de Galaxia, xusto o ano no que as Letras se lle dedicaron a María Mariño. Trátase dunha obra que quere complementar outras que analizaron a biografía desta autora. Presentábase así: “No mes de setembro de 1927 María Mariño e mais a súa familia deixan a rúa

Cega de Noia para se mudaren ao lugar de Escarabote (Boiro), preto do pazo de Goiáns, onde traballa de cociñeira unha parenta súa, herdeira da fortaleza próxima ao Lago do Mar. Irene, unha nena de dez anos, coñece os novos veciños e repara na elegancia de María, quen, amais dos vestidos, cose versos e apaña bolboretas no vento. As dúas fan boas migas e María Mariño decide compartir con Irene un segredo: o misterio dun libro que provoca un murmurio no lago. A partir deste feito da biografía da poeta, esta novela tece historia, lenda e imaxinación”.

O outro libro que aparece na súa bibliografía como infantil é *O paso do esquecemento*, con ilustracións de Pilar Sevillano, e publicado polo Centro de Cultura Popular do Limia en 2011. Del dise en *Trafegando ronseis*: “O libro conta a lenda do río Limia, esa que outorga poderes máxicos ás súas augas facendo perder toda lembranza a quen ouse cruzalo. Unha lenda que é contada polo profesor na aula e que o noso protagonista non tardará en facer súa, soñándoa e facéndose protagonista da mesma. Coa prosa engaiolante de Riveiro Coello, imos evocando unha memoria común da zona e imos acariñando a sedución dunha historia que non coñeciamos e que ao mesmo tempo procuramos próxima como ben colectivo protexido do esquecemento do noso ou de noso, que é algo demasiado real na nosa sociedade”.

Autor de éxitos como *As rulas de Bakunin*, *Casas baratas*, *Laura no deserto*, *Os elefantes de Sokúrov* ou *Hotel carioca*, algún deles traducido ao castelán. Conta con múltiples galardóns que o recoñecen coma un dos autores máis premiados na literatura galega: O Torrente Ballester, Álvaro Cunqueiro, García Barros, Casino de Santiago ou, este mesmo ano, o San Clemente... mostra estas dúas obras



A voz do lago

como LIX, inda que puideramos ter dúbidas acerca dalgunha outra.

DENDE RIANXO: HELENA VILLAR JANEIRO, PIONEIRA E GRAN DAMA DA INFANTO-XUVENIL

As mulleres estiveron máis ao pé do lume, prendendo a chama e mantendo as ascuas. Gardando a casa que era da nai e facendo que a rapazada puidese ler na lingua de cada día, na que falaban os avós e a aldea enteira.

Helena Villar foi das que fixeron ese traballo pioneiro. Ela, que ía para costureira, acabou cosendo páxina a páxina, letra a letra, verso a verso, esta literatura imprescindible como a auga que quitaba a sede.

Escribiu sen parar para dar de ler e foron sucedéndose os títulos. Pararémonos nalgún deles, porque sería imposible facelo en todos.

O día que choveu de noite, en 1985 con Galaxia, na colección A chalupa. *Viaxe a Illa Redonda*, que foi Premio Barco de Vapor en 1986 e se publico nesa colección de S.M., e máis tarde por Galaxia, presentábase así: "A novela comeza un 21 de xuño, o día en que remata o curso e se abre para Dores, a protagonista, o tempo cheo de ilusións das vacacións do verán. A vitoria nunha divertida e orixinal competición "deportiva" –unha carreira de caracois– vaille dar a oportunidade de emprender unha viaxe a Illa Redonda, un lugar fermoso e máxico onde as fantasías poden converterse en sorpresivas realidades." *Vermiño*, publicado con ilustracións de Josefina Pereira, na colección A Chalupa de Galaxia en 1988, foi traducido ao castelán, catalán, éuscaro e aranés. *A cidade de Aldara*, con ilustracións de Maife Quesada, publicouse en Casals, na colección Trolebus en 1989. *Ero e o capitán Creonte*, aparece na colección Barco de Vapor de S.M. en 1989, ilustrado

por Xan López Domínguez. *Patapau*, está publicado en 1989 na colección Nabarquela de Ir Indo. *A canción do rei*, publicada por Galaxia en 1992. *Don Merlo con chaqueta*, que sae á luz na colección Merlín, de Xerais, en 1993, e consta de quince breves contos cos animais como protagonistas, especialmente os que corresponden á fauna propia do bosque galego: lobos, raposos, curuxas, paspallás, merlos, coellos...; o que lle dá título ao libro é un conto que serve de pórtico aos que veñen despois; na mellor tradición dos relatos de animais, os personaxes teñen un comportamento humanizado, o que lle serve á autora para pousar unha ollada tenra e irónica sobre moitos comportamentos da vida cotiá. *Contos do paxaro azul*, ilustrado por Francisco Bueno, publicado por Sotelo Blanco en 1994. *A voda do papá*, con ilustracións de Xoán Cidrás Robles, publicada en Obradoiro no ano 1994. *A campá da lúa*, con ilustracións de Ánxeles Ferrer, publicouse na colección Merlín de Xerais no ano 1999: trátase dun poemario para nenos e nenas de sete anos en diante que xoga con elementos senlleiros do mundo infantil e que foi musicado polo grupo de cámara da USC. *O avó de Pipa*, publicouse en Bruño no 2000, e traducido ao castelán. O libro de poesía *Belidadona*, aparece ilustrado por Enjamio en 2003 na colección Ala Delta de Edelvives. *Na praia dos lagartos* acadou o Premio Arume de Poesía para a Infancia, que convoca a Fundación Neira Vilas, e que se publicou con ilustracións de Vizoso en Edicións do Castro en 2004. *Raúl*, a historia dun neno que non sabe dicir que non, foi publicada por Galaxia en 2005. *Rosalía*, unha pequena biografía da poeta para a infancia, foi publicado pola Fundación Rosalía de Castro en 2006. *O souto do anano* fálanos dun espazo natural habitado pola natureza e os seus habitantes, pero tamén polos seres máxicos, conta con ilustracións de Marta Álvarez e foi publicado en

Obradoiro-Santillana en 2007. *Un rato na casa*, vai dese ratiño que vén en busca dos dentes que lle caen á rapazada e que decide quedar a vivir na casa deste neno, con ilustracións de Maife Quesada, está publicado por Galaxia en 2008. *O caderno de Edua*, con ilustracións de Carmen Queralt, publicado en 2010 por Xestión Literaria Galega, foi reeditado por Sushi Books en 2015 e traducido ao éuscaro. *As señoras cousas*, un libro de poemas que protagonizan esas cousas coas que a rapazada pode falar e xogar, con ilustracións de Maife Quesada, publicado por Galaxia en 2014. *Contos do Sol e da Lúa* conta con sete historias solidarias que reivindicán un mundo máis amigable, ilustrado por Ana Costas, e publicado por Alvarellos en 2017. *Fina a pirata* é un álbum ilustrado que trata sobre unha nena que xoga a ser pirata (o problema nunha das pernas pode

lembrar unha pata de pau), está ilustrado por Abi Castillo e publicado por Galaxia en 2019. *A fuga de Guillermo* trata sobre un neno que sae do libro e comeza a vivir fóra porque hai personaxes así de vivos, está ilustrado por Luz Beloso, e foi incluído na Lista de Honra, e publicado por Galaxia en 2021. *Alba* é un novo álbum, ilustrado por Abi Castillo, e publicado por Galaxia en 2021.

Os seus libros de literatura infantil están incluídos no Catálogo White Ravens do Internationale Jugendbibliothek de München, (1990 e 1994) e na lista de honra do IBBY (International Board on Books for Young People en 2002 e 2004). Para a mocidade publicou *Amor por catro. Catro amores primeiros*.

Múltiples obras de poesía, narrativa, tradución e ensaio tamén para persoas adultas. Pertenceu ao colectivo Cravo Fondo, membro fundadora do Pen Club Galicia, do que foi secretaria, cofundadora e vicepresidenta de GALIX, presidiu a Fundación Rosalía de Castro, e formou parte do Plenario do Consello da Cultura Galega. É socia de Honra de Gáliz (2015) e da AELG, de quen recibiu o E de escritora (2016), e académica correspondente da Real Academia Galega desde 2017. Nos últimos tempos tense centrado tamén na fotografía e na combinación desta cos haikus.

DENDE RIANXO: XESÚS RÁBADE COMPARTE A ESCRITA DE LIXG

Xesús Rábade só escribe LIX cando o fai con Helena Villar, a súa dona. Ela comezou sendo mestra e nai, el profesor de secundaria e pai. De aí lles veu a necesidade de poñerse a escribir para pequenos e pequenas. *Cantan os nenos. O libro de María. Cancións para nenos* foi escrito para a súa primoxénita, María do Cebreiro, e publicado en 1984 pola Xunta de Galicia.



A campá da lúa



Cantan os nenos

Anterior a este libro publicaron *Lección conmemorativa sobre Rosalía de Castro para nenos* en 1980, da man da Fundación Rosalía de Castro. E tamén *Contos de nós e da xente*, que publicaron en 1983 en S. M. En 2004 saíu do prelo de Galaxia *Dona e Don*.

Escribir para os fillos e escribir para o alumnado foi a causa principal dos pioneiros da literatura infantil galega de finais dos setenta e principios dos oitenta. Escribiren baixo o mandato dun compromiso profesional e ético coa lingua e o país. Niso estaban Rábade e Villar construíndo lectorado na lingua da Terra.

Poeta, narrador, tradutor e ensaísta, a súa obra para adultos é moi numerosa, variada, e ten conseguido múltiples premios coma o Álvaro Cunqueiro, Blanco Amor, González Garcés, Manuel Antonio, Lueiro Rey ou Gala do Libro.

ABEL TOMÉ DENDE OUTES

Dúas noveliñas infantís, a primeira delas finalista do premio Merlín 2022: *Liliam Strawerry e o paxaro da morte*. Unha historia para bo

lectorado que gusta de ver acompañadas as boas historias de ilustracións, pero que contan cunha boa competencia lectora e gustan de novidades na maneira de contar, como esta de introducir despois de cada capítulo un titulado “O que debes saber”, no que se achegan diferentes datos sobre os protagonistas, os lugares, a historia da comunidade...

O autor non só crea unha historia senón tamén unha certa civilización, un ambiente que nos afasta do noso presente e doutros pasados coñecidos. Nenas que volven da morte, nenos traumatizados polo que lles pasou cando se perderon varios días... Tres personaxes, cada un deles máis estraño, os compañeiros que queren acosar e levan nos dentes porque Liliam é como a nena do exorcista, alguén empeñado en erguer os vellos mortos... e os pais, uns personaxes entrañables



Milú e o edificio das persoas extraordinarias

de tan vulnerables. Nenas valentes e nenos que non o son tanto, que poden mexarse ou quedar coa boca aberta, pero a este trío non lles importa, eles quérense e están dispostos a todo por non separarse.


En 2024 gana o Merlín con *Milú e o edificio das persoas extraordinarias*. Unha historia contada por un neno, Milú, que nos vai presentando o resto dos habitantes do edificio *Les Marginaux*. Nenos e nenas que teñen unha facultade que os distingue (un é poeta e emociona falando, outro constrúe soños, outra enténdese cos insectos ou coa vexetación, e outra realiza pinturas que cobran vida), unha historia (veñen de fóra a fuxir de circunstancias moi duras e chegan ao país de maneiras peculiares) que os conduciu a este edificio escanastrado de onde os queren desafiuzar. Como en *La vida es bella*, todo o que nos conta Milú ten esa marca de optimismo bondadoso ao converter as situación máis tráxicas en algo case humorístico grazas á imaxinación. Será a rapazada quen se enfronte ao problema do edificio contando con todas as persoas que viven nel, tamén co científico tolo, co ex forzado de circo en cadeira de rodas, e coa condutora de ralis traumatizada. A presentación editorial fala de “Unha luminosa fábula social sobre o poder da imaxinación infantil para soñar un mundo mellor. O optimismo e a fantasía propios da infancia convértese nesta historia nun antídoto contra a intolerancia e o odio, e fan posible o milagre de transformar en tenrura, audacia, amor, humor e esperanza a trágica realidade que padecen a diario multitude de persoas, vítimas das grandes do mundo”. Un creador de mundos propios!

ADRIÁN GÓMEZ RAMOS DE RIANXO

Acadou o primeiro premio na modalidade de Novela Curta do certame Xuventude Crea

2020 coa novela *Cando sangren os lobos*. Unha obra na que o realismo (a investigación dun asasinato por parte da policía) se mestura coa ficción (haberá homes lobo? mulleres lobas? meigas que se agachan detrás dunha tenda pseudo esotérica? gévaudans, acaso?). Na cidade de Compostela andan soltos seres que poden facer moito mal e outros que tentan evitalo. Unha loita entre o ben e o mal. Unha novela policiaca, un relato negro, uns novos licántropos soltos pola nosa xeografía...

A novela convértese en serie cando no 2024 aparece *Aqueles corpos nosos* que lle dá continuidade ás aventuras dos irmáns Fernán e Xandre Malvís, os Garrido, Breogán coa súa nai meiga e a comisaria Ana. Seguimos cun



Cando sangren os lobos

lobishome bo que quere controlarse e acabar cos malos, cunha compañeira que non o comprende e non quere vivir nun mundo no que o misterioso se faga dono da realidade, dous rapaces namorados, o sacaúntos aparecendo dende a mitoloxía galega do medo, uns paramilitares que asumen como misión acabar con todos os que non sexan humanos convencionais, e o mal... sempre o mal tratando de xogárnola.

Novelas de terror situadas na Compostela actual.

Comezando a súa carreira na LIX, cun libro, chegan a nós:

PATRICIA TORRADO DE PORTO DO SON

Conta cunha novela destinada a lectora infantil: *Don Carlos e o misterio dos lucecús*, publicada en 2021 na editorial Baía, con ilustracións de Xan Carlos Domínguez. Préséntase así: "Na vila comezan a xurdir sucesos inexplicables e, por se fose pouco, na casa contáronlles que o seu profesor, o único que os podería axudar a buscar unha explicación a tanto misterio, padece unha enfermidade que lle fai esquecer as cousas. Xiana, Maca, Román, Sofía e Afonso convidante a desentrañar cada misterio coa axuda de don Carlos. Unhas pescudas que vos levarán a valorar o lugar no que vivides, o medio ambiente, as tradicións, o amor e os prexuízos cos que podemos atoparnos todos os días. Acompáñanos?"

Xornalista, museóloga, ten traballado como editora en Toxosoutos. En 2020 gañou o Certame Manuel Murguía de narracións breves co relato *Silencios náufragos*. En decembro de 2020 obtivo o primeiro premio no III Certame de Poesía Torre de Caldaloba coa obra *Herdar a fala*, e ten publicado tamén o poemario *Ouveos fractais*. Participa no libro colectivo *Historias de Barbantia* co conto "A coxa de Terranova",

que acaba de publicarse na editorial Galaxia, e dela hai relatos no Suplemento cultural A Voz de Barbantia, e ensaios no Anuario de Estudos do Barbanza.

MARÍA XESÚS BLANCO DENDE RIBEIRA CON BARBANTIA NO HORIZONTE

O caderno de Rosalía é a súa primeira obra para a infancia, está publicada por Galaxia en 2020, na colección Árbore para lectorado a partir de dez anos. As magníficas ilustracións de Kristina Sabaite, coas bolboretas omnipresentes, fannos pensar na relación deses insectos coa historia.

A autora conta que o argumento xira ao redor dunha nena que vai plasmando no



O caderno de Rosalía

seu caderno todo aquilo que lle acontece e tamén o día a día da xente que a rodea. Trátase dunha época difícil: a nai morreu e ela debe acostumarase a esa perda, á nova compañeira do pai, ao medio irmán que está a piques de chegar... Non está soa, os afectos da familia e as amizades sérvenlle de apoio, pero a tristeza anda polo aire e percorre as páxinas do libro. Nesta historia ambientada na zona, son moitas as referencias, non só aos lugares senón tamén á literatura infantil e á escola cos traballos creativos e innovadores, a unha docente comprometida coa infancia. O interese que a nena protagonista, Rosalía, sente polas palabras lévanos ao mundo da escrita, pero non só iso, *O principião* está presente na historia coa emoción, o apego e toda a súa simboloxía na mirada de adultos e rapazada, especialmente nestes momentos nos que non se sente comprendida. O tempo cura e a ilusión reconforta, igual que este relato que busca transmitirle á cativada forza, entusiasmo e espírito de superación.

É docente e, actualmente, presidenta de Barbantia. Ten publicado relatos e poesía no suplemento *A Voz de Barbantia* de *La Voz de Galicia* e no blog *Café Barbantia*. Un relato seu, titulado *Naia*, foi premiado no VIII concurso de contos Liceo de Noia, e o poema *Sempre é noite en Bagdad* no VII Certame Literario do Concello de Ames. O seu roteiro literario *Os camiños do mar*, de Rbeira, foi publicado na web da AELG, este mesmo ano 2024. E participa no libro colectivo *Historias de Barbantia* co conto "A bicicleta", que se vén de editar na editorial Galaxia.

ANA RIAL MANEIRO DENDE PALMEIRA

Carmen e a serea Mariña é unha pequena novela publicada por Cuadranta. Unha grande ameaza pon en perigo o medio ambiente e a vida no planeta. Unha rapaza (Carme) e a

serea Mariña desexan un plan para evitalo; a amizade, o entendemento as personiñas humanas e os seres máxicos fai posible, unha vez máis, a solución a un gran problema. Terra e mar unidos, xunto cos valores do coidado da natureza, o poder da comunidade e o gusto pola lectura. A alarma ante os novos perigos que ameazan os océanos, como as illas de plástico, están presentes neste relato que busca concienciar a rapazada.

Ambientada en Palmeira, a autora (xornalista) tivo interese en que as ilustracións, realizadas en Valencia, respondesen a esta realidade.

Este artigo, a modo de inventario, seguramente non estará completo porque non conto con todos os datos, pero tamén porque día a día están nacemento novas obras que enriquecen o acervo da literatura infantil galega. Nestes tempos de declive para a lingua agradecemos que se continúe coa implicación daqueles que comezaron a escribir para a infancia dende os tempos da Xeracións Nós, e despois da longa noite de pedra para que, ao volver o galego á cultura e á escola, contasen con alimento de proximidade... Oxalá non teñamos que falar nunca de ningunha rata que abandone o barco!

*Aires
de fóra*



Uma *achega*
aos versos de Horácio

Margot Fernández

PREFACIO

1944. Aquilino Iglesia Alvariño (Abadín, 1909-Santiago de Compostela, 1961) licenciábase en Filosofía e Letras pola universidade xacobeá. Poucos anos despois obtén a cátedra de Grego no ensino secundario. O fito transforma a súa vocación polo universo grecorromano nun medio de vida. Eis o mellor activo dun mestre, xa que a afección polas materias impartidas trasládase ao alumnado, abofé.

Tal circunstancia redundou na elección dos textos que imos presentar. Virxilio, Horacio e Ovidio, os vates máis repenicados en Roma (malia procederen de provincias os tres, curiosamente) exerceron unha influencia poderosa nos artistas posteriores. Existen versións na lingua do país de obras enteiras de Virxilio e de Ovidio. Horacio non foi tan afortunado ao respecto, pois só contamos coa tradución galega das *Sátiras*. Remontámonos ao labor do docente chairego como transmisor de composicións de Teócrito, Tibulo, ou o propio Horacio, á nosa lingua, pero guiado polas preferencias, non polo afán de recrear un *corpus* sistemático.

O estudoso verteu ao galego parte da produción horaciana pertencente ao xénero lírico. Convén matizar este aserto, porque o adxectivo *lírico* posúe actualmente un significado distinto do que na Antigüidade clásica observaba. O vocábulo procede do grego *lyrikós*: "susceptíbel de ser interpretado ao compás da lira"; a mensaxe concíbese como a letra da referida melodía. Daquela, o eido grecorromano consideraba poesía lírica a que se axustaba a un esquema métrico determinado, independentemente do argumento. Pola contra, hoxe entendemos por poesía lírica a que se expresa cun ton intimista e nomeadamente subxectivo, á marxe da versificación. Cómpre apreciar o desprazamento semántico que experimentou o termo que nos ocupa.

O confusionismo entrambas acepcións, a clásica e a contemporánea, perdura case ata os nosos días. Resulta frecuente atopar nos libros de texto, baixo a etiqueta de poesía lírica latina, xéneros e cultivadores que non responden á premisa explicada. Aquilino Iglesia Alvariño zafábase desta inercia. Na súa persoa os coñecementos do humanista combinan co enxeño do creador, perfil acaído ao tradutor do *Horatius maior*.

Quinto Horacio Flaco (Venusia, 65-Roma 8 a.n.e.) é fillo dun liberto. Aínda que o pai xa acadara tal condición ao nacer o neno, na familia sempre se lembrou o episodio como un alicerce para medrar persoal e profesionalmente. O proxenitor comprendeu o valor da cultura como instrumento de prosperidade, e inculcoulle ao rapaz tal convicción. Así, Horacio viaxou a Roma e a Grecia co gallo de se formar academicamente antes de se instalar de vez na Urbe, onde se converteu nun escribidor cortesán.

Axiña integrou o círculo de Mecenas, patrocinador das artes, e mantívose próximo a Augusto, protector das letras, como divulgadoras da doutrina política. Os versos horacianos reflecten a arela augusta de retomar as tradicións e a moral de antano, xacando piares do esplendor. A redacción do venusino afástase, non obstante, da vulgaridade do panfleto. Horacio figuraba entre os afectos ao *princeps*, de cuxos postulados se erixiu en pertinaz seareiro. Entre os acólitos do César atopábase Virxilio, quen tece na *Eneida* o pasado mítico da dinastía Xulio-Clodia. Porén, parece que as desavinzas entre Ovidio e o mandatario motivaron o desterro do máis novo dos tres poetas canónicos.

O estudo da literatura camiña parello ao devir histórico. A conxuntura social explica o cambio de opinión sobre a transcendencia das obras literarias. Téndese a agrupar o

corpus do noso autor en dous bloques ben diferenciados: *Horatius maior*, que inclúe *Odas*, *Carmen Saeculare*, ou sexa, a produción lírica, e *Épodos*; e *Horatius minor*, que reúne as *Sátiras* e as *Epístolas*. Catulo e Horacio son os máis reputados representantes da poesía lírica en latín, inspirada na escrita de Alceo, Anacreonte e, singularmente, Safo; folga xustificarse a importancia das *Odas*. Nos últimos anos, non obstante, estanse a valorizar as *Sátiras*, froito do adestramento no sarcasmo

dos *Épodos* e testemuño do único xénero literario xenuinamente romano.

Deseguido propónse a tradución ao galego das primeiras manifestacións líricas que Horacio nos lega. Velaí a proba incontestábel dunha versificación que, malia afundir as raíces naquela Grecia que conquistou os feros conquistadores, débelle a Roma a súa idiosincrasia. Velaí o noso humilde tributo á sapiencia de Aquilino Iglesia Alvariño.

ODAS

I

1

Sinopse. - Horacio dedica esta composición a Mecenas, valedor das artes e amigo dilecto. Os versos amosan un firme defensor do proxecto de rexeneración social e política de Roma, pero sen que o compromiso incorra na ordinarieiz do pasquín.

Estirpe soberana, meu báculo e honor
 agarimosos, Mecenas!
 A estes agrádalles tisnarse
 de olímpico po na carreira, e a meta,
 sen que a roce o lume das rodas, e mais a prestixiosa palma 5
 transpórtanos ata ás deidades, donas do mundo.
 Estoutro alédase cando a morea de volúbeis Quirites
 compite para conducilo ante as tres dignidades.
 Aquel entupiu na súa eira
 canto varremos das de Libia. 10
 Nunca convencerás o que é feliz ao cavar
 coa legoña as paternas leiras,
 aínda que o subornos cos bens de Atalo,
 de que fenda, mariñeiro temeroso, o mar mirtoo¹
 en cípica barcaza. Mentres o Áfrico 15
 coas icarias ondas se bate, o negociante, amedrentado,
 gaba o ocio e os campíos familiares. Porén, axiña repara
 a quilla ferida, incapaz de soportar a miseria.
 Algún non rexeita desfrutar durante todo o día
 de vasos dun Másico² madurado á sombra 20

1 O vocábulo *mirtoo* é o xentilicio de Mirtos, porción do mar Mediterráneo veciña do mar Exeo.

2 O *viño Másico* estimábase, *mutatis mutandis*, unha denominación de orixe, polo que o reproducimos en maiúscula.

Q. HORATI FLACCI CARMINVM LIBER PRIMVS

1

Maecenas atavis edite regibus,
o et praesidium et dulce decus meum,
sunt quos curriculo pulverem Olympicum
collegisse iuvat metaque fervidis
evitata rotis palmaque nobilis 5
terrarum dominos evehit ad deos;
hunc, si mobilium turba Quiritium
certat tergeminis tollere honoribus;
illum, si proprio condidit horreo
quicquid de Libycis verritur areis. 10
Gaudentem patrios findere sarculo
agros Attalicis condicionibus
numquam demoveas, ut trabe Cypria
Myrtoum pavidus nauta secet mare.
Luctantem Icaris fluctibus Africum 15
mercator metuens otium et oppidi
laudat rura sui; mox reficit rates
quassas, indocilis pauperiem pati.
Est qui nec veteris pocula Massici
nec partem solido demere de die 20

das verdes follas dunha árbore, ou ao carón
da sosegada corrente dun manancial sagrado.
A moitos comprácenlles o campamento,
trompas e claríns que os seus sons confunden,
e a lide, coas nais anoxada. Sen se lembrar 25
da súa muller cariñosa fica á intemperie o cazador,
cando a leal manda bisbou a cerva
ou o xabaril marso³ rachou a fina rede
As hedras, adorno das fronteiras douradas, igualánnas
coas deidades; o frescor do bosque, 30
os coros de áxiles sátiros e ninfas
afástanme do común, sempre que Euterpe
non silencie as frautas nin Polimnia
se resista a obsequiarme coa lira de Lesbos.
Porque se ti, Mecenas, entre os líricos me inclúes, 35
elevarei a cabeza ata alcanzar as estrelas.

2

Sinopse.- No poema explícase de que maneira Xúpiter aterorizou os pobos con chuvias torrenciais. O episodio constitúe un precedente do diluvio universal que se relata na Biblia; velaí un exemplo de como a mitoloxía grecorromana se adaptou ao contexto cristián.

O Pai enviou á terra neve e rabioso pedrazo
e, ao profanar os sagrados cumios
coa destra encarnada de ira,
aterorizou a Urbe,
aterorizou a xente, non fose retornar o empedernido século 5
de Pirra, quen lamentou prodixios insólitos,
cando Proteo guiou o rabaño completo
cara ás elevadas montañas,
e a raza dos peixes chantou dos chopos na copa,
onde as pombas facían niño, 10
e os gansos asustados aboiaron
nas augas que os cubrían.
Observamos como o Tíber roxo, afastando
impetuosamente da costa etrusca os meandros,
se precipitaba contra os monumentos rexios 15
e os templos de Vesta.
Ante os queixumes de Ilia, o río,
en conxugal función, eríxese en vingador e,

3 O adxectivo **marso** aplicase aos habitantes do Abruzzo, rexión situada no centro de Italia.

spernit, nunc viridi membra sub arbuto
 stratus, nunc ad aquae lene caput sacrae.
 Multos castra iuvant et lituo tubae
 permixtus sonitus bellaque matribus
 detestata. Manet sub Iove frigido 25
 venator tenerae coniugis inmemor,
 seu visa est catulis cerva fidelibus,
 seu rupit teretis Marsus aper plagas.
 Me doctarum hederæ præmia frontium
 dis miscent superis, me gelidum nemus 30
 Nympharumque leves cum Satyris chori
 secernunt populo, si neque tibiae
 Euterpe cohibet nec Polyhymnia
 Lesboum refugit tendere barbiton.
 Quod si me lyricis vatibus inseres, 35
 sublimi feriam sidera vertice.

II

Iam satis terris nivis atque dirae
 grandinis misit Pater et rubente
 dextera sacras iaculatus arces
 terruit Urbem,
 terruit gentis, grave ne rediret 5
 saeculum Pyrrhae nova monstra questae,
 omne cum Proteus pecus egit altos
 visere montis,
 piscium et summa genus haesit ulmo,
 nota quae sedes fuerat columbis, 10
 et superiecto pavidæ natarunt
 aequore dammae.
 Vidimus flavom Tiberim retortis
 litore Etrusco violenter undis
 ire deiectum monumenta regis 15
 templaque Vestae,
 Iliæ dum se nimium querenti
 iactat ultorem, vagus et sinistra

malia desaconsellalo Xúpiter, desbórdase
 pola beira da esquerda. 20
 Decátase de que na cidade afiouse o ferro
 (tanto mellor empregalo contra Persia),
 decátase das liortas e mais da mocidade minorada
 pola culpa dos proxenitores.
 Por que deidade clamará o pobo para socorrer 25
 un goberno que esmorece? Suplícoche que lle acudas,
 Apolo vaticinador, cos rutilantes ombreiros
 entre as espesas nubes a erguerse.
 Ou se o prefires ti, Ericina risoña, ao redor da que
 brincan Xogo e mais Desexo; ou ti, prosapia nosa, 30
 se te viras cara á esquecida caste
 dos teus descendentes,
 farta de brincadeiras que duraron moito,
 que gustas do rebumbio, dos metálicos helmets,
 do ollar salvaxe dirixido polo mauro⁴ loitador 35
 ao inimigo ensanguentado.
 O ti, divindade alada, muda de aspecto
 e adopta na Terra, fillo da Maia, bondadosa,
 o dun mozo a soportar que o consideren
 de César o vingador. 40
 Ogallá te demores en retornar ao ceo
 e durante moito tempo habites feliz no Quirinal;
 que a brisa non te arrapañe decontado,
 anoxado polas nosas faltas!
 Ogallá optes por gozar dos triunfos á nosa beira, 45
 por que te denominen "Pai" e "Príncipe",
 e por non tolerar que os medos cabalguen impunemente
 mentres o noso líder sexas ti, César!

3

Sinopse.- O poeta Virxilio parte a Grecia con favorábeis augurios do seu homólogo Horacio. Na Antigüidade clásica a navegación era interpretada como un camiño sementado de riscos que entrañaban perigo para a propia vida.

Que a deusa señora de Chipre;
 que os irmáns de Helena, estrelas refulxentes;
 que o pai dos ventos, tras encadealos todos

4 O mauro pobo a as terras do Norte de África, próximas a Numidia. Evitamos o xentilicio *mauritano*, quizais anacrónico.

labitur ripa Iove non probante
 uxorius amnis. 20
 Audiet civis acuisse ferrum,
 quo graves Persae melius perirent,
 audiet pugnas vitio parentum
 rara iuventus.
 Quem vocet divum populus ruentis 25
 imperi rebus? Prece qua fatigent
 virgines sanctae minus audientem
 carmina Vestam?
 Cui dabit partis scelus expiandi
 Iuppiter? Tandem venias precamur, 30
 nube candentis umeros amictus,
 augur Apollo,
 sive tu mavis, Erycina ridens,
 quam Iocus circumvolat et Cupido,
 sive neglectum genus et nepotes 35
 respicis, auctor,
 heu nimis longo satiate ludo,
 quem iuvat clamor galeaeque leves,
 acer et Mauri peditis cruentum
 voltus in hostem, 40
 sive mutata iuvenem figura
 ales in terris imitaris, almae
 filius Maiae, patiens vocari
 Caesaris ultor.
 Serus in caelum redeas diuque 45
 laetus intersis populo Quirini,
 neve te nostris vitiis iniquum
 ocior aura
 tollat; hic magnos potius triumphos,
 hic ames dici pater atque princeps, 50
 neu sinas Medos equitare inultos
 te duce, Caesar.

III

Sic te diva potens Cypri,
 sic fratres Helenae, lucida sidera,
 ventorumque regat pater

agás Iápix⁵ te governe!
 Nave que nos debes a Virxilio, pois en ti 5
 confiou, suplicoche que o restituás indemne
 aos áticos confíns, e preserves
 da miña alma a metade. Tres capas
 de carballo e bronce envolvíanlle o peito
 ao primeiro en depositar no salvaxe océano 10
 unha quilla inestábel, sen temer as acometidas
 entre o África e o Aquilón;
 nin as fúnebres Híadas nin a ira do Noto,
 ao que ninguén lle disputa o Hadrias⁶ 15
 cando o mar medra ou escacha.
 Fuxiu da morte quen contemplou
 sen romper a chorar os monstros a aboiaren,
 as ondas a bruaren, e os baixíos de Acroceraunia
 os gritos a afogaren? En balde 20
 unha divindade cauta afastou as terras
 mediante o océano,
 se sacrílegas quillas violan,
 cando as sucán, as augas prohibidas.
 Ousando perpetrar calquera crime, a raza humana 25
 precipítase por sendeiros que os deuses vedaron.
 Ousado, o descendente de Iapeto⁷ proporcionou o lume
 aos homes por mor dunha artimaña.
 Após roubar da eterna morada o lume,
 unha cohorte de insólitas febres e a consunción 30
 chantaron na Terra, e a morte, inexorábel,
 apresurou o paso, antes lento.
 Dédalo, tentando voar por un ceo
 que non o sostiña con ás
 para os humanos prohibidas, 35
 tarefa hercúlea a atravesar o Aqueronte⁸.
 Non existe ningunha fazaña aos mortais vedada;
 por mor da ignorancia atrevémonos a alcanzar mesmo
 o firmamento, e soportamos que, debido á nosa sevicia,
 Xúpiter non depoña o lume⁹ da súa carraxe. 40

5 Iápix, nome propio de orixe grega que comeza por *iota*. A nota desambigua a letra l

6 O Hadriático.

7 Prometeo.

8 O mundo subterráneo ata o que descendían os mortos. O cristianismo identifica esta imaxe coa do inferno, situado debaixo da Terra.

9 Xogo de palabras dificilmente traducibel en galego. O vocábulo *fulmina* alude ao raio, atributo característico do deus entre deuses, e ao lume, símbolo da rabia, da ira, da carraxe.

obstrictis aliis praeter Iapyga,
 navis, quae tibi creditum 5
 debes Vergilium; finibus Atticis
 reddas incolumem precor
 et serves animae dimidium meae.
 Illi robur et aes triplex
 circa pectus erat, qui fragilem truci 10
 commisit pelago ratem
 primus, nec timuit praecipitem Africum
 decertantem Aquilonibus
 nec tristis Hyadas nec rabiem Noti,
 quo non arbiter Hadriae 15
 maior, tollere seu ponere volt freta.
 Quem mortis timuit gradum
 qui siccis oculis monstra natantia,
 qui vidit mare turbidum et
 infamis scopulos Acroceraunia? 20
 Nequicquam deus abscidit
 prudens Oceano dissociabili
 terras, si tamen impiae
 non tangenda rates transiliunt vada.
 Audax omnia perpeti 25
 gens humana ruit per vetitum nefas;
 audax Iapeti genus
 ignem fraude mala gentibus intulit;
 post ignem aetheria domo
 subductum macies et nova febrium 30
 terris incubuit cohors
 semotique prius tarda necessitas
 leti corripuit gradum.
 Expertus vacuum Daedalus aera
 pennis non homini datis; 35
 perrupit Acheronta Herculeus labor.
 Nil mortalibus ardui est;
 caelum ipsum petimus stultitia neque
 per nostrum patimur scelus
 iracunda Iovem ponere fulmina. 40

Sinopse.- A habitualmente coñecida como “Oda a Sestio” constitúe unha invitación ao desfrute dos praceres. Horacio desenvolve o tópico literario do *carpe diem*, que gozou de gran fortuna nas letras universais.

Derrétese o cru inverno canda a deliciosa chegada da primavera e do Favonio¹⁰,
e as máquinas arrastran os barcos que están en seco.
Xa non se consola o gando na corte nin o labrador onda o lume,
nin a herba encanece grazas á branca xeadá.
Xa Venus Citerea guía os coros ao aparecer a lúa, 5
e as Gracias pudibundas mesturadas coas Ninfas,
baten no chan quer cun pé, quer co outro.
En tanto, o severo Vulcano¹¹, a ferver, revisa os ciclópeos obradoiros.
Cómpre agora cinguir a brillante cabeleira
de verde mirto e de flores que medran ventureiras. 10
Cómpre agora sacrificar nos sombríos bosques ben honor a Fauno¹²
unha ovelliña, se procede, ou un cabrito, se é preferíbel.
A Morte, que nos fai esbrancuxar, penetra co mesmo paso
nas pallozas dos pobres que nas mansións dos ricos.
Ai, Sestio, afortunado! A vida, efémera, prohíbenos albergar esperanzas 15
a longo prazo. Axiña a Noite, os Manes¹³ tradicionais
e a casa de Plutón, desterrada, turrarán de ti.
Aló non has botar as sortes¹⁴ previas á enchente,
nin has pasmar ante o tenro Lícidas, do que hoxe namoran os mozos
e mañá marabillará as mozas. 20

10 O **Favonio** é un vento que anuncia a primavera, estación consagrada a Venus, tamén recibe o nome de Céfiro.

11 **Vulcano**, fillo de Xúpiter e Xuno, casou con Venus. Vulcano traballaba nunha fragua sita nas faldas do volcán Etna. Todo no deus inspiraba fealdade; a un físico pouco agraciado habíalle que engadir a sucidade propia do oficio. Sempre andaba tisonado, e tiña os Ciclopes como operarios. Eran estes uns monstros grandes, provistos dun só ollo na metade da fronte. A voda de Vulcano e Venus representa, seguro, a versión máis antiga do par bela/besta na literatura occidental. Emporiso, o sintagma *Volcanus ardens* admite unha dobre lectura: a referencia ao traballo na forxa, e ao lume do amor que o consumía.

12 Nas vésperas da primavera ten lugar unha cerimonia en honor a **Fauno**, deus menor que vela pola fertilidade das colleitas e a fecundidade do gando.

13 Os **Manes**, divindades domésticas que representan as almas dos defuntos.

14 Antes de comezar un banquete, adoitábase xogar aos dados o sital de honra no mesmo.

IV

Soluitur acris hiems grata vice veris et Favoni
 trahuntque siccas machinae carinas,
 ac neque iam stabulis gaudet pecus aut arator igni
 nec prata canis albicant pruinis.
 Iam Cytherea choros ducit Venus imminente luna 5
 iunctaeque Nymphis Gratiae decentes
 alterno terram quatiunt pede, dum gravis Cyclopum
 Volcanus ardens visit officinas.
 Nunc decet aut viridi nitidum caput impedire myrto
 aut flore, terrae quem ferunt solutae; 10
 nunc et in umbrosis Fauno decet immolare lucis,
 seu poscat agna sive malit haedo.
 Pallida Mors aequo pulsat pede pauperum tabernas
 regumque turris. O beate Sesti, 15
 vitae summa brevis spem nos vetat inchoare longam.
 Iam te premet nox fabulaeque Manes
 et domus exilis Plutonia, quo simul mearis,
 nec regna vini sortiēre talis
 nec tenerum Lycidan mirabere, quo calet iuventus
 nunc omnis et mox virgines tepebunt. 20

POSFACIO

2024. Cúmprense 80 anos dende que Aquilino Iglesia Alvariño se licenciase en Filosofía e Letras pola Universidade de Santiago de Compostela. A casualidade quixo que este mesmo ano se celebren as vodas de ouro da Facultade de Filoloxía da USC. Propéndese á especialización dos contidos e á utilización de siglas e acrónimos. Non se interprete esta observación como unha crítica, senón como a certificación dos cambios.

O chairego a unha xeración de humanistas que entendía a filoloxía dende unha dimensión holística, e que lía os textos como o espello dunha existencia que bascula entre o soño e a realidade, entre a realidade e o desexo...

O presente traballo baséase en The Latin Library, buscador de textos latinos rigoroso e fidedigno. Ademais, o percorrido académico do *corpus* horaciano foi amplo e, en consecuencia, a transmisión fica consolidada. Este modesto exercicio é froito das reflexións dunha docente que asiste con impotencia á evolución do ensino das linguas clásicas. En que momento se desprestixiou a lectura, nai do pensamento crítico? A pegada que Grecia e Roma imprimiron na cultura occidental é indelével. Como amosou Aquilino Iglesia Alvariño, a tradución dos clásicos ao galego é indispensable para a dinamización da alfaia máis valiosa: a lingua, a nosa!

Barbantia®

anc XX



*B*arbantia[®]. Balance anual 2024
Un ano de cultura no vixésimo aniversario

Pastor Rodríguez



DECEMBRO 2023

Ficabamos en decembro de 2023, ás portas dunha das citas culturais máis importantes de Barbantia®: a entrega dos **XVII Premios Barbantia da Cultura**, que celebramos o **16 de Nadal** na Casa de Cultura de Lousame. Os galardoados foron nesta ocasión o pintor, e poeta, **Xosé Luís Veiras Manteiga**, quen lembrou na súa intervención como naceu a súa afección a debuxar empregando o xiz da súa nai costureira e a súa satisfacción por obter o Premio da Traxectoria Cultural do Barbanza. No apartado da Iniciativa Cultural no Barbanza foi premiado o **Centro Arqueolóxico do Barbanza**, de Boiro, e recolleu o premio o seu director, **Víctor Barbeito**, que destacou o labor de moitos anos deste centro a prol do coñecemento da prehistoria e da arqueoloxía da bisbarra. **Carlos Callón** recolleu o Premio

de ámbito galego. Poeta, lingüísta, pasou revista á súas orixes, ás persoas que o acompañaron na súa traxectoria de descubrimento da cultura galega e á importancia da nosa lingua. Mais nese acto presentouse asemade o volume 19 de *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, un número de 350 páxinas con colaboracións culturais moi variadas. Os premios entregados foron obra da escultora **Soledad Penalta**, premiada á súa vez en 2014. No acto interviron, ademais dos galardoados, **María Xesús Blanco**, **Encarna Pego**, **Pastor Rodríguez** e **Teresa Villaverde**, alcaldesa de Lousame. A gala foi amenizada polos membros da Banda de Música de Lousame, dirixidos por **Marcos Pereiro**. A lingua galega, lembraba Carlos Callón, aínda ten moito que dicir, ou, en palabras súas, “o futuro está por escribir”.



Veiras Manteiga, María Outeiral, Teresa Villaverde, Víctor Barbeito e Carlos Callón



Encarna Pego, Teresa Villaverde, María Xesús Blanco e a Banda de Música de Lousame



Encarna Pego entrega o sereao a Xosé Luís Veiras Manteiga



María Xesús Blanco con Víctor Barbeito e María Outeiral



Banda de Música de Lousame



A alcaldesa de Lousame, Teresa Villaverde, fai entrega do sereao a Carlos Callón



María Xesús Blanco



María Xesús Blanco, Teresa Villaverde e Encarna Pego



Pastor Rodríguez, Soledad Penalta, María Xesús Blanco, Xosé Luís Veiras Manteiga, María Outeiral, Teresa Villaverde, Víctor Barbeito, Carlos Callón e Encarna Pego



Pastor Rodríguez nun momento da súa intervención na XVII Gala dos Premios Barbantia da Cultura

O 21 de decembro de 2023 Barbantia® estivo en Ribeira, no Centro Cultural Lustres Rivas, para presentar o volume *Contos da illa de Man*, en tradución de **Milagros Torrado**, que estivo acompañada por **Encarna Pego** e a concelleira de Cultura ribeirá **Antía Alberte Maneiro**.

Ao día seguinte, o 22 de decembro, e tamén en Ribeira, a presidenta de Barbantia®, **María Xesús Blanco**, dirixiu un roteiro pola cidade, "Os camiños do mar", traballo que aparece completo neste número do Anuario.

O 29 de decembro de 2023, na Casa do Concello da Pobra do Caramiñal deuse a coñecer o **VI Premio de Literatura Infantil Carlos Mosteiro**, coa presenza da concelleira de Cultura, **Patricia Lojo**, da viúva do escritor, **Lourdes Briones**; da presidenta da asociación, **María Xesús Blanco**; do editor de Galaxia, **Marcos Calveiro** e da escritora **María Canosa**. O gañador do VI Premio de Literatura Infantil Carlos Mosteiro foi o gaditano **José Luis Baños de Cos**.



Lourdes Briones, María Canosa, Patricia Lojo, Marcos Calveiro e María Xesús Blanco

2024

XANEIRO

E entramos xa no ano 2024 onde Barbantia® viaxa a Boiro, ao Pazo de Goiáns, para presentar o libro *Fremosas*, do dúo Barahúnda, coa presenza dos músicos, de Aurora Marco, de Encarna Pego e de Luís Ruíz, o tentende de alcalde de Boiro.



Jose Lara Gruñeiro, Helena de Afonso (Barahúnda), Encarna Pego e Luís Ruíz



Público asistente á presentación de *Fremosas*, de Barahúnda no Pazo de Goiáns

E de Boiro a Rianxo, o **26 de xaneiro**, para participar un ano máis, no Centro Sociocultural e Auditorio, na presentación da obra *O libro secreto da filosofía*, de **José Carou Rey**, a quen acompañaron **Xosé Ricardo Losada**, **Margarita Fernández**, **Sara Valcárcel**, a ilustradora do libro; **Xesús Domínguez**, director de producións da Editorial Galaxia, e o alcalde de Rianxo **Julián Bustelo Abuín**. Durante a presentación o artista **Miguel Mosquera** realizou unha serigrafía dedicada a Castelao e á súa dona Virxinia Pereira. **Tano Domínguez** ao piano púxolle música ao acto.



José Carou Rey nun momento da súa intervención con Julián Bustelo, X. Ricardo Losada e Marga Fernández



Marga Fernández, X. Ricardo Losada, José Carou Rey, Sara Valcárcel e Xesús Domínguez



Marga Fernández, X. Ricardo Losada, José Carou Rey, Sara Valcárcel e Xesús Domínguez



Marga Fernández e X. Ricardo Losada



O artista Miguel Mosquera explicando o proceso da súa serigrafía sobre Castela e Virginia Pereira



Tano Domínguez ao piano



Miguel Mosquera coa súa serigrafía rematada



Che Tembra e Pilar Sampedro



Público asistente no Auditorio de Rianxo

FEBREIRO

O 23 de febreiro, de novo, Barbantia® regresou ao Pazo de Goiáns en Boiro, no Día de Rosalía, cunha lectura poética da obra da autora, e coa presentación de *Xa vemos as palmeiras*, de Ana Cabaleiro. A autora estivo acompañada pola presidenta de Barbantia® María Xesús Blanco, a concelleira de Cultura de Boiro, María Outeiral, e o socio e vogal Xesús Laíño. O libro naceu dunha viaxe da autora, quince anos atrás, ao deserto do Sahara. Obra de viaxe moi persal, de doada lectura.



Ana Cabaleiro e Xesús Laíño



Público atento no Pazo de Goiáns con *A Voz de Barbantia*



Rosa Tubío lendo un dos poemas de Rosalía de Castro



A Voz de Barbantia presente en todos os actos de Barbantia®



María Xesús Blanco, Ana Cabaleiro e Xesús Laiño co volume *Xa vemos as palmeiras*



María Outeiral, María Xesús Blanco, Ana Cabaleiro e Xesús Laiño no Pazo de Goiáns



Xerardo AgraFoxo, José Pérez, Xurxo Souto e Abraham Romo atentos ás palabras do docente do Conservatorio de Noia Adolfo Carreira

MARZO

O 22 de marzo achegámonos a Noia para presentar, na Casa de Cultura Avilés de Taramancos, o libro *Somos un pobo de artistas. O método Luísa Villalta*, de **Xurxo Souto**, acompañado por **Xerardo AgraFoxo**,

Abraham Romo –neto do fundador dos Tamara–, polo concelleiro de Cultura, **José Pérez**, e polo alcalde de Noia, **Santiago Freire**. Non foi un acto de todo convencional pois Xurxo Souto contou e cantou, e fixo que o público cantase, unha ducia de cancións dos Tamara.



Xurxo Souto puxo a cantar o público



Adolfo Carreira e Candela Senlle



Abraham Romo, Xurxo Souto e Xerardo AgraFoxo



Declamación de Xurxo Souto nun momento da presentación de *Somos un pobo de artistas*



Álex González e Candela Senlle



ABRIL

Os días **5 e 6 de abril** A Pobra do Caramiñal celebrou o **V Ciclo Victoriano García Martí**, no que o vogal de Barbantia **Xesús Laíño** ofreceu unha palestra en lingua galega sobre a novela curta *¡Una más!...*, do autor pobrense. Estivo acompañado por **Patricia Lojo**, concelleira de Cultura, e por **Antonio González Millán**, director do Museo Valle-Inclán.

O **12 de abril**, e de novo na vila da Pobra, presentouse o volume *Da caverna á acrópole. Un camiño cara á educación crítica*, de **Ciro**

Briones, a quen acompañaron a profesora da uninversidade de Vigo, **Ana Fernández Soneira**; a concelleira **Patricia Lojo**, e o socio de Barbantia® **Xesús Laíño**. Un libro para reflexionar con espírito crítico sobre a educación que se debe compartir.

O **18 de abril**, no auditorio de Rianxo, colaboramos na presentación do libro de **Diego Roel** *Los cuadernos perdidos de Robert Walser*, acompañado por **Xosé Ricardo Losada** e polo alcalde **Julián Bustelo Abuín**.



Antón Riveiro Coello

O 26 de abril, nun mes intenso para a asociación, e para celebrar os vinte anos de Barbantia®, presentamos un libro ben noso: *Historias de Barbantia*. O acto celebrouse no emblemático Pazo de Goiáns, en Boiro. Interviron o coordinador do volume, **Antón Riveiro Coello**, o corrector lingüístico e autor do Limiar, **Manuel Cartea**; a presidenta **María Xesús Blanco**, quen lembrou outros volumes colectivos editados pola asociación nos seus vinte anos de andaina. A obra foi editada por Galaxia, representada no acto por **Marcos Calveiro**. Interviron tamén a narradora de Boiro, **Natalia Carou**, e a concelleira de Cultura **María Outeiral**. A obra recolle relatos de 17 autores da bisbarra e a cuberta realizouna **Alfonso Costa**. Esta volume simboliza o que é Barbantia®, “un espazo aberto á cultura”, en palabras de Marcos Calveiro.



O Pazo de Goiáns repleto na presentación de *Historias de Barbantia*





O coordinador de Barbantia® levantado acta do acto



María Outeiral, Manuel Cartea e Marcos Calveiro



Foto de familia con parte dos autores e colaboradores do volume *Historias de Barbantia*



Natalia Carou e María Xesús Blanco



Deby Silva puxo a nota musical ao acto de presentación

MAIO

Maio comezou para Barbantia® o día 3 en Ribeira, no Ateneo Valle-Inclán, onde presentamos a obra *Coímbra*, de Xosé de Cea, acompañado por María Xesús Santos, Santos Oujo e Isabel Santos.



Isabel Santos, Xosé de Cea, Santos Oujo e María Xesús Blanco



Isabel Santos, Xosé de Cea, Santos Oujo e María Xesús Blanco



Momento do obradoiro de ouveireira na
XIII Romaría das Letras no Barbanza

E o 17 de maio, festa grande para Barban-
tia@: a **XIII Romaría das Letras no Barbanza**.
Danza, música, concertos, obradoiro de
artesanía, percorrido botánico... e libros, e
máis libros: presentamos a novela infantil
Carme e a serea Mariña, da autora de Palmeira
Ana Rial; a peza teatral *Iribarne* de **Esther F.**
Carrodeguas, e mais a obra *Ala de violino*,
sobre Luísa Villalta, escrita por **Beatriz Ma-**
ceda, **Eli Ríos** e **Laura Suárez**. O grupo teatral
Airiños escenificou parte da obra *Iribarne*.
Interviron nestas presentacións **María Xesús**
Blanco, **María Outeiral** e o alcalde de Boiro,
José Ramón Romero.



Momento para o xantar, momento de compartir



Isabel Santos e Esther F. Carrodegua



As Revolteir@s sempre na gran festa das Letras



Beatriz Maceda, Eli Ríos, Laura Silva, José Ramón Romero, Esther F. Carrodegua, Ana Rial e María Xesús Blanco



Stand da Asociación Cultural Barbantia® con Milagros Torrado



Beatriz Maceda, Eli Ríos, Laura Silva, José Ramón Romero e María Xesús Blanco



O grupo de Teatro Airiños na súa intervención



María Xesús Blanco, Ana Rial e María Outeiral



Artesanía no Pazo de Goiáns



Polbo e música na XIII Romaría das Letras



Óscar Reboiras, Julián Bustelo Abuín e X. Ricardo Losada

O 19 de maio viaxamos a Porto do Son para a presentación da obra *Ouveos fractais*, de **Patricia Torrado Queiruga**, a quen acompañou a profesora e secretaria da asociación, **Milagros Torrado**, e á harpa, **Clara Pino**.

O 25 de maio, de novo a Rianxo, reunímonos para a presentación do XXII Premio Avilés de Taramancos, titulado *Un inferno frío*, que logrou **Xosé Ricardo Losada**. Estivo acompañado polo escritor **Óscar Reboiras** e o alcalde de Rianxo **Julián Bustelo Abuín**. A actuación musical correu a cargo de **Manuel** e **Carme Tubío**.



Familiares de Faustino Rey Romero na presentación de *Un inferno frío*, de X. Ricardo Losada



X. Ricardo Losada



Julián Bustelo Abuín e Xosé Ricardo Losada



Marcos Calveiro, Patricia Lojo, José Luis Baños, José Carlos Vidal Suárez, Lourdes Briones e Encarna Pego

O **30 de maio**, na Pobra do Caramiñal, entregouse, na Casa de Cultura Raquel Soler, o **VI Premio de Literatura Infantil Carlos Mosteiro**, coa presenza do gañador, **José Luis Baños**, a concelleira de Cultura, **Patricia Lojo**; **Lourdes Briones** e o alcalde da Pobra, **José Carlos Vidal Suárez**.



Eva Veiga, Pilar Pallarés, María Xesús Blanco, Susana Villalta e Encarna Pego

O 31 de maio Barbantia® desprázase ao Liceo de Noia, para a presentación de *Así vou eu, formando parte*, escrito por **Eva Veiga** e **Pilar Pallarés**. Estiveron acompañadas polo alcalde de Noia, **Santiago Freire**; o presidente do Liceo, **Óscar Prego**; a nai de Luísa Villalta,

María Gómez; a irmá, **Susana Villalta**; e a presidenta de Barbantia® **María Xesús Blanco**. Un traballo serio, moi elaborado, que presenta con gran calidade a obra da autora homenaxeada no Día das Letras Galegas. A antoloxía é o estudo dunha poeta por outras dúas poetas.



Óscar Prego, María Gómez, Eva Veiga, Pilar Pallarés, María Xesús Blanco, Susana Villalta e Santiago Freire Abeijón



Pilar Pallarés ante a atenta mirada de María Gómez, Eva Veiga e María Xesús Blanco



Eva Veiga nun momento da súa intervención



Cipriano Pose, da Librería LER, sempre con Barbantia®



Susana Villalta e Santiago Freire



Xosé María Álvarez Cáccamo e Baldo Ramos

XUÑO

O 1 de xuño Barbantia® viaxou a Celanova da man de **Antonio Piñeiro**, onde, na Casa dos Poetas, presentou o poemario *Convalecencia* de **Baldo Ramos**. Estivo acompañado polo poeta Xosé María Álvarez Cáccamo.



Declamación de Xosé María Álvarez Cáccamo e Baldo Ramos baixo a atenta mirada do editor Antonio Piñeiro



Lois Agrelo, Lola Arxóns, Antonio Piñeiro, Baldo Ramos, Xosé María Álvarez Cáccamo e ...



Baldo Ramos asinando o seu libro



Na Casa dos Poetas, en Celanova presentado *Convalecencia*

O 7 de xuño, no Centro Cultural Lustres Rivas de Ribeira, nova presentación de *Historias de Barbantia*, coa presenza de **María Xesús**

Blanco, o alcalde de Ribeira, **Luís A. Pérez Barral**, e os narradors **Francisco A. Vidal Blanco**, **Antonio Piñeiro** e a narradora **Uxía Casal**.



Antón Piñeiro, na presentación de *Historias de Barbantia* en Ribeira

O 28 de xuño, en colaboración co Museo do Gravado de Artes en Ribeira, presentouse o volume *Bestiario en pedra. Animais fabulosos na arte medieval galega*, de Carlos L. Bernárdez e Xosé Ramón Mariño Ferro, coa presenza

de María Xesús Blanco, o director do Museo, Pastor Rodríguez, e o tenente de alcalde de Ribeira, Vicente Mariño de Bricio. Todos destacaron o valor da obra para comprendermos a arte da Idade Media.



Milagros Torrado recolle o volume *Bestiario en pedra* asinado por Xosé Ramón Mariño Ferro



Carlos L. Bernárdez asinando o seu libro



Carlos L. Bernárdez, María Xesús Blanco, Vicente Mariño de Bricio e Xosé Ramón Mariño Ferro



Nun momento do acto de presentación do libro *Bestiario en pedra. Animais fabulosos na arte medieval galega*



Aurora Marco, Patricia Torrado, Manuel Mariño del Río e Chis con *A Voz de Barbantia*

O 29 de xuño Barbantia® estivo en Boiro, na Casa da Cultura, para presentar *Das pioneiras ás primeiras federadas*, un percorrido polo fútbol feminino da vila, de Antón Rodríguez Gallardo, acompañado polo alcalde José Ramón Romero, a secretaria de Barbantia®, Milagros Torrado, o editor Clodio González e Vanessa Rial.



Antón Rodríguez Gallardo



Antón Rodríguez Gallardo acompañado na presentación de *Das pioneiras ás primeiras federadas*



Intervención musical de Sonia Lebedynski nun momento da presentación



Antón Rodríguez Gallardo asinando o seu libro



Clodio González, Antón Rodríguez Gallardo, José Ramón Romero, Vanessa Rial e Milagros Torrado



Sonia Lebedynski



Público asistente recollendo o seu exemplar



Juan Jesús Ares e demais familia nun momento do acto



A casa da cultura Ramón Martínez López de Boiro
acolleu a presentación de Antón Rodríguez Gallardo

XULLO

O 27 de xullo, na Feira do Libro de Rianxo, Marina Losada Vicente, Manuel Cartea, Óscar Reboiras e Xosé Ricardo Losada deron a coñecer ao público, neste evento, as *Historias de Barbantia*.

AGOSTO

E de Rianxo ao Centro Social de Abanqueiro, O 2 de agosto, para presentar *A parroquia de Abanqueiro nos seus Libros de Rexistro*, de Juan Nepomuceno Suárez Lijó, un traballo de historia local. Acompañaron o escritor, Pablo Nogueira, Carmen Silva e Milagros Torrado.

O 5 de agosto, Antonio Piñeiro presentou un novo poemario da súa colección *Bourel*, *Ardora branca*, de Xavier Seoane, na Feira do Libro da Coruña. E o 23 de agosto, no Museo Terra de Melide, presentouse *Historias de Barbantia*, a cargo de María Xesús Blanco, Fe Núñez, Antonio Piñeiro e Antón Riveiro Coello. Tamén, ese mesmo día, Barbantia@ acompañou a presentación do libro *Poldra*, de Ariadna G. García, con Yolanda Castaño e a concelleira de Cultura de Boiro María Outeiral, no Pazo de Goiáns.



Juan Nepomuceno Suárez Lijó

O 30 de agosto, no Centro Social de Boiro, estivemos presentes na presentación de *Alexandre Bóveda. Lume vivo, acesa chama*, de Henrique Rabuñal e Valentín García Bóveda. Na presentación interviron Xan Leira, María Outeiral, Pastor Rodríguez e Néstor Sieira, da Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Barbanza.



Antonio Piñeiro e Xavier Seoane

SETEMBRO

O 3 de setembro, na Biblioteca García Martí da Pobra, tivo lugar a presentación do VII Premio de Literatura Infantil Carlos Mosteiro, con Lourdes Briones, María Xesús Blanco, Patricia Lojo, Che Tembra e Marcos Calveiro.

O 20 de setembro, e de novo na Pobra, presentamos *Oídos de espeleóloga*, o poemario de **Ciro Briones**, que tivo lugar no novo

Auditorio-Biblioteca Victoriano García Martí. Acompañaron o autor, **Miguel Anxo Fernán Vello**, poeta e editor; a vicepresidenta de Barbantia®, **Isabel Santos Davila**; a profesora da Universidade de Vigo, **Ana Fernández Soneira**, e o alcalde da Pobra **Xosé Carlos Vidal Suárez**. Os oradores destacaron a calidade da obra, a súa profundidade e a escoita atenta do que non se ve, mais está aí.



Miguel Anxo Fernán Vello, José Carlos Vidal Suárez, **Ciro Briones**, Ana Fernández Soneira e Isabel Santos



Xerardo Agrafoxo nun momento da presentación

O 27 de setembro, en Boiro, no Centro Social, presentouse *Un café en Bogotá. Dúas tumbas en Medellín*, o libro de viaxes por Colombia do noiés **Xerardo AgraFoxo**, que estivo acompañado pola concelleira de Educación **Carmen Silva** e pola presidenta de Barbantia@ **María Xesús Blanco**. Amenidade, ton narrativo e axilidade para contar caracterizan este libro de viaxes.



O Centro Social de Boiro quedou pequeno na presentación de *Un café en Bogotá. Dúas tumbas en Medellín*



Xerardo AgraFoxo e Lourdes Briones



Carmen Silva e Maria Xesús Blanco



Carmen Silva, Xerardo AgraFoxo e Maria Xesús Blanco



Maria Xesús Blanco



Xerardo AgraFoxo asinando exemplares

OUTUBRO

O 11 de outubro celebrouse outra das grandes citas da asociación: a bienal **BarbantiaRte** e o **IX Encontro de Creadoras e Creadores no Barbanza**. Nesta novena convocatoria, coma sempre no Museo do Gravado de Artes, en Ribeira, expuxeron as obras 85 artistas de todas as disciplinas, coa edición dun fermoso catálogo e cunha mesa redonda celebrada o 12

de outubro que tratou sobre *Arte e intelixencia artificial*, con Soledad Penalta (escultora e académica), Carlos L. Bernárdez (historiador e crítico de arte), e Xulio Gil (fotógrafo e matemático). Éxito de público, pois quizais resultou ser unha das máis concorridas e participativas de todas as bienais.



Antía Alberte, Javier Expósito, Manuel Cartea, María Xesús Blanco e Pastor Rodríguez



BarbantiaRte. Un encontro para compartir



Pleno no Museo do Gravado no momento da inauguración da IX exposición BarbantiaRte



Manuel Cartea nun momento da súa intervención



Antonio Piñeiro, María Xesús Blanco, Antía Alberte e Xosé Luís Veiras Manteiga



Antonio Piñeiro saudando efusivamente a Cobas



Antonio Piñeiro, María Xesús Blanco, Antía Alberte e Xosé Luís Veiras

O 18 de outubro, no Club Náutico de Ribeira, Barbantia® acompañou a **Daniel Chapela** na presentación da súa obra *Biscoito de laranxa*. Co poeta estiveron o historiador e poeas **Carlos Lixó**, a vicepresidenta de Barbantia® **Encarna Pego** e mais a concelleira **María Sampedro**.

O 25 de outubro, outra vez en Ribeira, pero nesta ocasión no Liceo Marítimo, para presentar o poemario *Inzo*, de **Antonio Pi-**

ñeiro, na colección Bourel, de tirada limitada. Interviron o autor, o ilustrador **Xosé Luís Veiras Manteiga**; a presidenta de Barbantia® **María Xesús Blanco**, e a concelleira de Cultura de Ribeira **Antía Alberte**. Un libro de artista, do que se tiraron só 42 exemplares, editado de xeito artesán, e onde a venda de exemplares foi a beneficio da Sociedade Liceo Marítimo de Ribeira para sufragar as súas actividades culturais.



Posto de exemplares da Editorial Bourel



Sinatura de volumes de Antonio Piñeiro,
con Manuel Abalo e Xosé Luís Veiras



Veiras Manteiga na súa intervención



Vista parcial do salón de actos do Liceo de Ribeira

NOVEMBRO

O 8 de novembro, outro acto na Pobra do Caramiñal, neste caso no Teatro Cine Elma, para presentar o poemario *Cadernos da desmemoria*, de **Manuel Teira**. Un libro elexiaco, de lembranza do mundo da infancia, mais tamén unha obra testemuñal. Co autor estiveron **Manuel Cartea**, a vicepresidenta de Barbantia® **Isabel Santos** e o alcalde da Pobra **Xosé Carlos Vidal Suárez**, arroupados por un numeroso público que abarratou o local.



Manuel Teira



Isabel Santos, Manuel Cartea, Teira e José Carlos Vidal Suárez



O poeta Manuel Teira



A familia do poeta non quixo faltar ao evento



Manuel Cartea



A librería LER tivo á venda exemplares de *Cadernos da desmemoria*



Teira espallando caraveis ao público



20 Aniversario no Centro Social de Boiro con Antón Riveiro Coello, Xesús Laiño, Manuel Cartea e María Xesús Blanco.

O 12 de novembro a presidenta de Barbantia® **María Xesús Blanco**, na compañía dos tres expresidentes e de varias das socias e socios fundadores reuníronse no Centro Social de Boiro para conmemorar o **vixésimo aniversario** da asociación. Seguimos no camiño, a facer cultura, a ser un centro de ideas que sirva a toda a bisbarra do Barbanza.



Barahúnda na súa actuación na gran Festa da Poesía e a Música


Seguindo coas conmemoracións do vixésimo aniversario, Barbantia® celebrou o **16 de novembro**, na Pousada da Galiza Imaxinaria, a **Festa da Poesía e da Música**, cun recital a cargo de **Ciro Briones, Andy da Fonte, Esperanza Mariño, Manuel Rodríguez López, Ana Romani e Eva Veiga**; presentadxs pola poeta **María Lado**. A actuación musical correu a cargo do dúo **Barahúnda** e mais do grupo **Stormy Trucks**. Entreviú tamén a presidenta **María Xesús Blanco** e o xerente da sala de concertos, **Suso Santamaría**.



A Pousada da Galiza Imaxinaria acolleu as e os poetas na súa sé



Tempo de conversa, poesía e música



Eva Veiga e Ana Romani na gran Festa da Poesía e a Música



María Xesús Blanco e María Outeiral



Ciro Briones



No Vello Cárcere de Lugo con Bourel

○ 23 de novembro, Barbantia® acompañou a **Antonio Piñeiro** e **Baldo Ramos** que estiveron no Vello Cárcere de Lugo para presentar o poemario da colección Bourel *Un ferrado de terra*, de **Xerardo Quintiá**.



Baldo Ramos, Xerardo Quintiá e Antonio Piñeiro

O 29 de novembro, na Librería Espazo Nobel de Boiro, presentamos o poemario de Fe Núñez, *En sistole*, coa compañía de Rosa Tubío, María Xesús Blanco, Antón Riveiro Coello e o tenente de alcalde de Boiro, Luís Ruíz.



En sistole, de Fe Núñez



Luíz Ruíz, Rosa Tubío, María Xesús Blanco,
Fe Núñez e Antón Riveiro Coello



A librería Espazo Lector NOBEL de Boiro ao completo na presentación de *En sistole*



María Xesús Blanco, Fe Núñez e Antón Riveiro Coello



Aplausos para a poesía de Fe Núñez

E durante todos estes meses seguiu a saír o Suplemento cultural ***A Voz de Barbantia***, que neste mes de decembro de 2024 acada os 200 números. Aquí fica o noso repertorio, ás portas da presentación do vixésimo volume ***Anuario de Estudos do Barbanza*** e do ***VII Recompilatorio A Voz de Barbantia***, ademais da celebración, no Concello de Muros, da ***XVIII Gala dos Premios Barbantia da Cultura 2024***. Iso será logo que de que socias e socios teñan votado os galardoados deste ano. Pero esa é xa unha nova andaina para un próximo número. Grazas.

As fotografías de *La Voz de Galicia* son da autoría de Carmela Queijeiro, Marcos Creo, Dani Gestoso e Elena Fernández. Reciban o noso agradecemento máis sincero

RELACIÓN DE SOCIAS E SOCIOS,

1. M^a DORINDA ABUÍN CES, 2. ESTEFANÍA AGEITOS IGLESIAS, 3. ANTÍA ALBERTE MANEIRO, 4. AGUSTÍN AGRA BARREIRO, 5. XERARDO AGRAFOXO PÉREZ, 6. XOSÉ LOIS AGRELO HERMO, 7. JOSÉ MANUEL ALBORÉS MARIÑO, 8. ÓSCAR ALCALDE CAROU, 9. MARÍA EUGENIA ALCALDE VARELA, 10. MARÍA ELISA ALFONSO SAMPEDRO, 11. M^a CONCEPCIÓN ALLUT VIDAL, 12. FERNANDO ALONSO ROMERO, 13. XOSÉ ÁLVAREZ CASTRELO, 14. ANA AMADO REINO, 15. MARÍA CRISTINA ANDRADE GONZÁLEZ, 16. ANA E. ARCA CAMBA, 17. RAMÓN ARES NOAL, 18. MANUELA ARIAS ESTÉVEZ, 19. PURIFICACIÓN ARIAS VÁZQUEZ, 20. MARÍA XESÚS ARMADA CASTAÑO, 21. MARÍA DOLORES ARXÓNS ÁLVAREZ, 22. UXÍA BAAMONDE REIRIZ, 23. ASOCIACIÓN BALANDRO JOAQUÍN VIETA, 24. SIMÓN BALVÍS FREIRE, 25. VÍCTOR BARBEITO POSE, 26. CLARA BARGE ESTÉVEZ, 27. PABLO BARREIRO, 28. XOSÉ MANUEL BARREIRO INSUA, 29. MARÍA ISABEL BARROS PAZOS, 30. BIBLIOTECA FUNDACIÓN PENZOL, 31. BIBLIOTECA XERAL DA USC, 32. FRANCISCO BLANCO ALCAIDE, 33. JOSÉ MANUEL BLANCO CASTRO, 34. ANA BLANCO GÓMEZ, 35. FERNANDO BLANCO LADO, 36. MARÍA XESÚS BLANCO LÓPEZ, 37. RAMÓN RICARDO BOO PUENTE, 38. CARLOS BRANCO ANSOAR, 39. XOSÉ RAMÓN BREA REI, 40. M^a DOMINGA BRIÓN SANMIGUEL, 41. LOURDES BRIONES POUSO, 42. FRANCISCO XOSÉ BUGALLO OTERO, 43. C.E.I.P. SANTA MARÍA DO CASTRO, 44. ROSA MARÍA CAAMAÑO GONZÁLEZ, 45. MANUEL CAAMAÑO SUÁREZ, 46. FRANCISCO CADAVAL AYASO, 47. XOSÉ MANUEL CAIRO ANTELO, 48. CARLOS MANUEL CALLÓN TORRES, 49. DOLORES CALO GARCÍA, 50. JORGE J. CAMPAÑA DIESTE, 51. DOMINGO RAMÓN CAMPOS ALBORÉS, 52. JOSÉ MIGUEL CAMPOS FIGUEROA, 53. ANXO SANTIAGO CAMPOS PENA, 54. MARÍA XOSÉ CANITROT TRILLO, 55. RAMÓN CARREDANO COBAS, 56. ALBA CARREÑO LÓPEZ, 57. JUAN CARRIL MIGUÉNS, 58. MARÍA CARRODEGUAS COVELO, 59. MANUEL CARTEA GÓMEZ, 60. JOSÉ RAMÓN CASAIS ROMERO, 61. ROMÁN CASTAÑO GARCÍA, 62. EVA CASTAÑO TORRADO, 63. ANTONIA CASTELO LAMPÓN, 64. JESÚS MANUEL CASTRO FERNÁNDEZ, 65. EMILIO CASTRO FUSTES, 66. HERMINDA CASTRO LAGE, 67. XAVIER CASTRO RODRÍGUEZ, 68. GUILLERME CAXARAVILLE ARAÚXO, 69. CENTRO EMPRESARIAL DA CONSTRUCCIÓN DO BARBANZA, 70. CENTRO RAMÓN PIÑEIRO, 71. CENTRO RECREATIVO E CULTURAL DE ARTES, 72. CEP PILAR MAESTÚ SIERRA, 73. MANUEL CES CANLE, 74. SONIA CES GARCÍA, 75. CORNELIA CES MIRANDA, 76. ADELINA CES QUINTÁNS, 77. MAURICIA CES QUINTÁNS, 78. JAVIER JESÚS RAMÓN CHOUZA GESTOSO, 79. CARLOS CIMADEVILA ÁLVAREZ, 80. MARÍA JESÚS COBAS PAZ, 81. COLEXIO JAIME BALMES, 82. XOSÉ COMOXO RODRÍGUEZ, 83. CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL, 84. CONCELLO DE BOIRO, 85. CONCELLO DE LOUSAME, 86. CONCELLO DE NOIA, 87. CONCELLO DE OUTES, 88. CONCELLO DE PORTO DO SON, 89. CONCELLO DE RIANXO, 90. CONCELLO DE RIBEIRA, 91. JOAQUÍN CORTÉS LAÍÑO, 92. MIRIAM ELENA CORTÉS LÓPEZ, 93. ALFONSO COSTA BEIRO, 94. MARÍA JOSÉ COUCE CANEIRO, 95. JAIME DE LOS RÍOS HERNÁNDEZ, 96. XOSÉ DEIRA TRIÑANES, 97. FAUSTINA DIESTE SÁNCHEZ, 98. JUAN J. DOSIL MARTÍNEZ, 99. DANIEL ERMO SANCHES, 100. XAQUÍN ESPAÑA FERNÁNDEZ, 101. MARÍA TERESA ESPERANTE LENS, 102. MARINA ESPINAZO CALVO, 103. FRANCISCO JAVIER ESPINO DOMARCO, 104. EDUARDO XEROME ESTÉVEZ AGRAFOXO, 105. MANUEL FAJARDO PIÑEIRO, 106. XOÁN FERNÁNDEZ, 107. MARÍA ESTHER FERNÁNDEZ CARRODEGUAS, 108. CIPRIANO EMILIO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, 109. MANUEL FERNÁNDEZ MANEIRO, 110. MARÍA EUGENIA FERNÁNDEZ REBOLLIDO, 111. GRACIELA FERNÁNDEZ REBOLLIDO, 112. FRANCISCO FERNÁNDEZ REI, 113. NOELIA FERNÁNDEZ TOLEDANO, 114. MARISOL FERNÁNDEZ VALADO, 115. SERAFÍN FERNÁNDEZ VILLANUEVA, 116. LUÍS FERREIRÓS BLANCO, 117. GUILLERMINA

FERROL MARTÍNEZ, **118**. ROBERTO FIGUEIRA MARTÍNEZ, **119**. JOSÉ ALBERTO FIGUEIRO RESÚA, **120**. ESPERANZA MARA FILGUEIRA RAMA, **121**. MARÍA ISABEL FONTANO FERNÁNDEZ, **122**. FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO, **123**. GUSTAVO GARCÍA DIESTE, **124**. SILVIA GARCÍA MIRON, **125**. PAULA SUSANA GARCÍA PAZ, **126**. VICTORIA DE LOS ÁNGELES GARCÍA PEINÓ, **127**. EMILIO GARCÍA PÉREZ, **128**. SANTIAGO GARCÍA PÉREZ, **129**. GARCÍA RODIÑO, S. L., **130**. XOSÉ ANXO GARCÍA RODRÍGUEZ, **131**. ALBERTO GARCÍA SÁNCHEZ, **132**. NIEVES GARCÍA VIDAL, **133**. PEDRO GARCÍA VIDAL, **134**. ÍRIA GESTOSO RÍOS, **135**. XULIO GIL RODRÍGUEZ, **136**. XOSÉ ANXO GÓMEZ FIGUEIRA, **137**. EUGENIA GÓMEZ VIDAL, **138**. ALFONSO JOSÉ GONZÁLEZ ASENJO, **139**. MANUELA SOFÍA GONZÁLEZ LESTÓN, **140**. MANUEL GONZÁLEZ LORENZO, **141**. UNAI GONZÁLEZ SUÁREZ, **142**. FÉLIX GONZÁLEZ TÚÑEZ, **143**. GRÁFICAS GARABAL S. L., **144**. XOSÉ LUIS GROVEIRO GONZÁLEZ, **145**. MARÍA GUDE SAMPEDRO, **146**. XULIO GUTIÉRREZ ROGER, **147**. XAN HERMIDA BOUZA, **148**. JOSEFA HERMO INSUA, **149**. GENOVEVA HERMO SÁNCHEZ, **150**. ALBERTO HEVIA, **151**. IES COROSO, **152**. IES ESPÍNEIRA, **153**. IES Nº 1 DE RIBEIRA, **154**. IES PRAIA BARRAÑA, **155**. IES VIRXE DO MAR, **156**. LAGO MALLO, EZEQUIEL, **157**. CATHARINA SUSANA HELENA KUÝPER, **158**. JESÚS ROMÁN LAÍÑO BRIONES-ARÉN, **159**. JOSÉ LUIS LARA GRUÑEIRO, **160**. FERNANDO RAMÓN LAVANDEIRA SUÁREZ, **161**. XOÁN XOSÉ LEÓN MARTÍNEZ, **162**. XOÁN LEÓN VIDAL, **163**. MANUEL LESTÓN GONZÁLEZ, **164**. M^a AURORA LESTÓN MAYO, **165**. A LIBRERÍA DE ROSA, **166**. ANDRÉS LIJÓ VILLA, **167**. CARLOS LIXÓ GÓMEZ, **168**. XOSÉ MANUEL LOBATO MARTÍNEZ, **169**. CARLOS M^a LÓPEZ DEL RÍO, **170**. AMALIA LÓPEZ LOURO, **171**. MARÍA LUISA LÓPEZ OTERO, **172**. JUAN RAMÓN LÓPEZ OVIEDO, **173**. GLORIA LÓPEZ PAZ, **174**. MARÍA DOLORES LÓPEZ RODRÍGUEZ, **175**. CHARO LÓPEZ SÁNCHEZ, **176**. XOSÉ ANTONIO LÓPEZ SILVA, **177**. SEVERIANO LOROÑO VIAZCOECHEA, **178**. XOSÉ RICARDO LOSADA VICENTE, **179**. MARINA LOSADA VICENTE, **180**. MARÍA LOUREIRO PIÑEIRO, **181**. LIDIA MANEIRO LIJÓ, **182**. AURORA MARCO LÓPEZ, **183**. AURELIA MARÍÑO BLANCO, **184**. ESPERANZA MARÍÑO DAVILA, **185**. MANUEL MARÍÑO DEL RÍO, **186**. XOÁN MARÍÑO REINO, **187**. ANDRÉS MARTÍNEZ CAO, **188**. JOSEFA MARTÍNEZ DOMÍNGUEZ, **189**. LIDIA MARTÍNEZ FERNÁNDEZ, **190**. ROSA MARTÍNEZ FERREIRO, **191**. RITA MARTÍNEZ GUDE, **192**. JESÚS MARTÍNEZ MOLEDO, **193**. M^a CONSUELO MARTÍNEZ PÉREZ, **194**. DANIELA MARTÍNEZ SOMOZA, **195**. ÁNGELES MIGUÉNS CRISTOBO, **196**. FÁTIMA MIGUÉNS HORTA, **197**. MÓNICA PAULA MONTERO PARCERO, **198**. MARÍA DEL PILAR MORALES PÉREZ, **199**. SARA MOURE PRADO, **200**. JOSÉ LUIS MOURIÑO MIGUÉNS, **201**. ADOLFO MUIÑOS SÁNCHEZ, **202**. MARIANO MUÑIZ BLANCO, **203**. MUSEO DO GRAVADO DE ARTES, **204**. AVELINA NEIRO CUENCIO, **205**. XOSÉ MANUEL NÓVOA COLLAZO, **206**. MARI CARMEN ORDÓÑEZ REY, **207**. MANUEL OUBIÑA LOSADA, **208**. MARUSELA OUTEDA CANEDA, **209**. RAMIRO OUVIÑA OUVIÑA, **210**. MÓNICA OUVIÑA PAISAL, **211**. ALBERTE PAGÁN, **212**. MARÍA DO CARME PALLARES LEAL, **213**. ANTONIO PARADA MARÍÑO, **214**. SANTIAGO PÁRAMO ALLER, **215**. ALICIA PARDAL PAZOS, **216**. MARIAN PAREDES VILLARONGA, **217**. JUAN PATIÑO GONZÁLEZ, **218**. BENJAMÍN PAZ CASTRO, **219**. MARÍA XOSÉ PAZ FRANCO, **220**. JOSÉ FRANCISCO PAZ LIJÓ, **221**. RAMONA PAZ MUÑIZ, **222**. SANTIAGO PAZOS REY, **223**. MARÍA JESÚS PAZOS REY, **224**. ENCARNA PEGO PAZ, **225**. RAMONA PEGO PAZ, **226**. MARÍA ISABEL PELAYO BARBARÁN, **227**. SOLEDAD PENALTA LORENZO, **228**. XOÁN CARLOS PEREIRA MARTÍNEZ, **229**. PILAR PEREIRO SAAVEDRA, **230**. JOSÉ MANUEL PÉREZ ABALO, **231**. JESÚS PÉREZ BESADA, **232**. XOSÉ MANUEL PÉREZ FERNÁNDEZ, **233**. JOSÉ ANTONIO PÉREZ FERNÁNDEZ, **234**. DAVID PÉREZ IGLESIAS, **235**. SILVERIA PÉREZ MARTÍNEZ, **236**. M^a DOLORES PÉREZ MATO, **237**. MARÍA LUISA PÉREZ MUÑIZ, **238**. ANTONIO PÉREZ PÉREZ, **239**. MARÍA ASUNCIÓN PÉREZ PÉREZ, **240**. MARÍÑA PÉREZ REI, **241**. JOSÉ ANTONIO PÉREZ SÁNCHEZ, **242**. JOSÉ PÉREZ SUÁREZ, **243**. SEVERIANO PÉREZ SUÁREZ, **244**. JOSÉ ANTONIO PÉREZ TREUS, **245**. M^a JESÚS PICHER NÚÑEZ, **246**. MANUELA PIMENTEL NOVO, **247**. FÉLIX PIMENTEL TUBÍO, **248**. XOÁN ANTÓN PIÑEIRO DIOS, **249**. ANTONIO PIÑEIRO FERNÁNDEZ, **250**. PEDRO PIÑEIRO

HERMIDA, 251. GERARDO PIÑEIRO LORENZO, 252. XOANA PIÑEIRO LORENZO, 253. MANUEL PIÑEIRO PENA, 254. MANUELA PLACES FUNGUEIRIÑO, 255. JOSÉ MANUEL PONTE SANTIAGO, 256. CIPRIANO MANUEL POSE LORENZO, 257. CONCEPCIÓN PRADO BAÑA, 258. ASOCIACIÓN PRUDENCIO ROMO, 259. JOSÉ MANUEL QUEIRUGA CARBALLO, 260. RAMÓN QUINTÁNS VILA, 261. BEATRIZ QUINTELA RÚA, 262. MARÍA DOLORES RAMA PICO, 263. REAL ACADEMIA GALEGA, 264. ÓSCAR REBOIRAS LOUREIRO, 265. ANA REDONDO LOXO, 266. M^a DEL CARMEN REGO DOMÍNGUEZ, 267. XOSÉ XABIER REINO CASTRO, 268. MANUEL REIRIZ DIOS, 269. MARÍA CARMEN REY NÚÑEZ, 270. ESTER RINCÓN-BENZALÁ FERNÁNDEZ, 271. JUAN MANUEL RÍOS PÉREZ, 272. XOSÉ MANUEL RIVAS PÉREZ, 273. ANTÓN RIVEIRO COELLO, 274. SANTIAGO ROBADO GAUDEOSO, 275. INMACULADA ROBLADA CASTRO, 276. TERO RODRÍGUEZ CASTIÑEIRAS, 277. ANTÓN RODRÍGUEZ GALLARDO, 278. M^a TERESA RODRÍGUEZ IGLESIAS, 279. DANIEL RODRÍGUEZ LORENZO, 280. LUÍS CARLOS RODRÍGUEZ RÍO, 281. MATEO RODRÍGUEZ MARTÍNEZ, 282. XIMENA RODRÍGUEZ MARTÍNEZ, 283. JOSÉ M^a RODRÍGUEZ TUBÍO, 284. BLANCA-ANA ROIG RECHOU, 285. ENCARNA ROMAY OTERO, 286. REBECA ROMERO VITURRO, 287. MERCEDES ROZAS CAEIRO, 288. MANUEL RUÍZ RIVAS, 289. MIGUEL ÁNGEL SAA RAMOS, 290. CONCEPCIÓN SABUCEDO ÁLVAREZ, 291. MARÍA JOSÉ SAMPEDRO FERNÁNDEZ, 292. OLEGARIO SAMPEDRO LÓPEZ, 293. PILAR SAMPEDRO MARTÍNEZ, 294. RAMÓN SAMPEDRO MUÑIZ, 295. XAVIER SÁNCHEZ ALONSO, 296. MARCELINO SÁNCHEZ SOMOZA, 297. MARÍA ISABEL SANTOS DAVILA, 298. M^a CARME SANTOS RODRÍGUEZ, 299. XOHÁN SANTOS SUÁREZ, 300. XESÚS SANTOS SUÁREZ, 301. ÁNGELA MARÍA SEGADE OTERO, 302. GUILLERMO DE LA PAZ SERRA MARTÍNEZ, 303. REBECA SEVILLA MUÑIZ, 304. JUAN NÉSTOR SIERRA FERNÁNDEZ, 305. JOSÉ SILVA TRIÑANES, 306. BLAS RAMÓN SOBRIDO LAGO, 307. SOCIEDADE LICEO DE NOIA, 308. ANTONIA MARÍA SOMOZA MARTÍNEZ, 309. SANTIAGO SUÁREZ BLANCO, 310. JUAN NEPOMUCENO SUÁREZ LIJÓ, 311. CÉSAR R. TARELA PÉREZ, 312. ANDRÉS TEIRA AGEITOS, 313. MANUEL TEIRA LUACES, 314. LUÍS TEIRA PARADA, 315. JOSÉ TEMBRA REDONDO, 316. PILAR TESOURO FRANQUEIRA, 317. MARÍA DEL CARMEN TOBA TRILLO, 318. DORES TORRADO ARES, 319. MILAGROS TORRADO CESPÓN, 320. PATRICIA TORRADO QUEIRUGA, 321. MANUEL TORRES CUBEIRO, 322. GONZALO TRASBACH PAZ, 323. GERARDO TRIÑANES FERNÁNDEZ, 324. XURXO TRIÑANES HERMO, 325. XOSÉ MANUEL TRIÑANES NÚÑEZ, 326. MANUEL TUBÍO FACHADO, 327. JOSÉ TUBÍO FACHADO, 328. FELISA TUBÍO SAAVEDRA, 329. VICENTE VÁZQUEZ ARIAS, 330. MARÍA CONSUELO VÁZQUEZ CARRIL, 331. ÓSCAR VÁZQUEZ DIESTE, 332. CARMEN VÁZQUEZ DIESTE, 333. FRANCISCO XABIER VÁZQUEZ FERNÁNDEZ, 334. JUAN MANUEL VÁZQUEZ GARCÍA, 335. JOSÉ MANUEL VÁZQUEZ LIJÓ, 336. AMPARO VÁZQUEZ LORES, 337. EVA VEIGA TORRE, 338. XOSÉ LUÍS VEIRAS MANTEIGA, 339. MANUEL VELO VELO, 340. FRANCISCO VICENTE TELLEIRO, 341. FRANCISCO ANTONIO VIDAL BLANCO, 342. FIDEL VIDAL PÉREZ, 343. TERESA VIDAL POSE, 344. MARÍA MARGARITA VILAR MARTÍNEZ, 345. MANUEL VILAR REY, 346. RAMONA VILAR SAMPEDRO, 347. TERESA VILLALBA TORRES, 348. MARÍA DEL CARMEN VILLAR ALONSO, 349. M^a TERESA VILLAVERDE PAIS, 350. SEGISMUNDO ZÚNIGA TUBÍO

ESTE LIBRO REMATOU DE SE IMPRENTAR

○ 13 DE DECEMBRO DE 2024,

NO VIXÉSIMO ANIVERSARIO

DO NACEMENTO DE BARBANTIA[®]



biblioteca
barbantia



Deputación
DA CORUÑA

La Voz de Galicia



Concello de
MUROS

Asociación Cultural Barbantia®

Rúa Manuel María, s/n
Centro Social
15930 Boiro (A Coruña)
Tlfn: 981 842 635 Fax: 981 842 725

@barbantia Asociación Cultural Barbantia

Páxina web: www.barbantia.gal
www.barbantia.org
www.barbantia.es

Blog: www.cafebarbantia.barbantia.org
www.cafebarbantia.barbantia.es

Correo: barbantia@barbantia.es

N.º 20

BARBANTELA ANUÁRIO DE ESTUDOS DO BARBANZA

Ano 2024

